



ACTA DAS **II** XORNADAS DE LITERATURA ORAL

# O mito que fascina: do lobo ao lobishome



asociación de escritores  en lingua galega



Consello Directivo da AELG	Presidencia: Cesáreo Sánchez Iglesias Vicepresidencia: Antía Otero Secretaría Xeral: Mercedes Queixas Zas Tesouraría: Marta Dacosta Vogalía de Lugo: Isidro Novo Vogalía de Pontevedra: Elvira Riveiro Vogalía de Vigo: Francisco Castro Vogalía da Coruña: Francisco Souto Vogalía de Ourense: Xerardo Méndez Vogalía de Relacións coa Lusofonía: Carlos Quiroga Vogalía de Relacións Internacionais: Xavier Queipo Vogalía de Literatura de Tradición Oral: Antonio Reigosa
Coordinadores das II Xornadas de Literatura Oral	Isidro Novo Antonio Reigosa
Secretaría Económica e Técnica	Ana M. Carril Vázquez e Ernesto E. Calo
Gravación e Edición do DVD	Xosé Miguel Castro (Olo de vidro) A. C. Alexandre Bóveda
Tradución do éuscaro	Elena Martínez Louro
Tradución do español e revisión lingüística	Ernesto E. Calo
Deseño base da capa	Imago Mundi Deseño
Deseño e maquetación	Improset Gráficas
Imprime	Improset Gráficas
Edita	Asociación de Escritores en Lingua Galega (AELG) <a href="http://www.aelg.org">www.aelg.org</a> / <a href="mailto:oficina@aelg.org">oficina@aelg.org</a>
D. L.	VG-1293-2005
ISSN	<b>1989-7340</b>


Imaxes extraídas de diversas compilacións ilustradas das Fábulas de Esopo, catalogadas por Laura Gibbs en <http://mythfolklore.net/aesopica/>, e da compilación La vida y fábulas del Ysopo (Valencia, Imprenta de Juan Joffré, 1520), dispoñíbel en <http://parnaseo.uv.es/Lemir/Textos/Ysopo/indexpar.htm>.

# O MITO QUE FASCINA: DO LOBO AO LOBISHOME

II Xornadas de literatura de tradición oral







Por segundo ano consecutivo a Asociación de Escritores en Lingua Galega (AELG), organizou en Lugo e no outono as súas Xornadas de Literatura de Tradición Oral, esta vez arredor da atractiva, ao tempo que enigmática, misteriosa e fascinante figura do lobo.

Despois do éxito acadado o ano pasado coa xornada dedicada ao Demo na literatura de tradición oral, coa posterior publicación e distribución das actas en todos os centros escolares e bibliotecas da provincia, estas segundas xornadas pretenderon consolidar os logros da pasada e, na medida do posible, dar un paso adiante.

Igual que o ano pasado, desta volta tamén se programou unha exposición complementaria sobre o mesmo tema, aínda que desde un punto de vista diferente. A mostra “O lobo. Unha carreira pola supervivencia”, promovida pola Asociación para a Defensa Ecolóxica de Galiza (ADEGA) o Colectivo Ecoloxista ERVA e a Asociación de Amizade e das Artes Galego Portuguesa (AAAPG). A mostra, que se puido visitar na Sala de Exposicións do Pazo de San Marcos entre o 8 e o 25 de outubro, recibiu numerosas visitas e a de varios grupos escolares de distintos puntos da provincia que ademais colaboran coa xornada achegando textos recompilados da tradición oral e que logo se publicarán, xunto cos relatorios e transcripcións das mesas redondas.

A Área de Cultura da Deputación de Lugo aposta decididamente polo apoio a iniciativas como esta que promoven o estudo, que divulgan e prestixian o patrimonio inmaterial herdado na liña na que a UNESCO, na súa Convención para a Salvagarda do Patrimonio Inmaterial (outubro de 2003), acordou instando os estados membros a adoptaren as medidas necesarias para garantir a súa salvagarda, para identificar e definir os distintos elementos do patrimonio cultural inmaterial presentes no seu territorio, coa participación das comunidades, os grupos e as organizacións non gobernamentais pertinentes.

Estas xornadas constitúen un elo máis nese labor por salvagardar un patrimonio efémero e tan vulnerable, un patrimonio que hai que protexer, valorizar e difundir. Congratulámonos do éxito desta edición e avogamos polo seu futuro.

Xosé Antón Bao Abelleira  
*Vicepresidente primeiro da Deputación Provincial de Lugo*





## PRESENTACIÓN

Queridos Amigos e Amigas, Señor Vicepresidente,  
coa nosa felicitación á equipa da Sección de Literatura de Tradición Oral da Asociación de Escritores en Lingua Galega, da man dos escritores Antonio Reigosa e mais Isidro Novo, que organizaron estas xornadas que hoxe estramos a abrir, e o noso recoñecemento á Vicepresidencia Primeira da Deputación Provincial de Lugo, na persoa do Sr. D. Xosé Antón Bao Abelleira, iniciamos hoxe estas segundas II Xornadas de Literatura de Tradición Oral, “O mito que fascina: do lobo ao lobishome”.

E, pola miña banda, coa sensación de que todo aquilo que ten a ver co lobo é algo que me é especialmente propio, vencellado a sensacións e imaxes do íntimo, fundadoras do ser no tempo da miña infancia, a atravesar as terras humanizadas ou os bosques que o tempo sumiu no abandono.

Así para eu vir hoxe aquí a este acto de inauguración quixen buscar en min, buscar na memoria o que a miña xeración viviu destas lendas. O tempo dun rapaz que pasou a súa infancia nunha vila e mais nas aldeas e os seus lugares e partillou cos avós e os tíos e mais os veciños de porta, lendas e realidades sobre o lobo. Isto tamén, levoume a algunha conclusión.

Que vivín do lobo? De xeito permanente na igrexiña románica do cemiterio de Santo Tomé de Maside, onde está enterrada a miña estirpe materna e meus pais: hai un lobo a comer unha ovella no capitel do arco da súa entrada. É algo que forma a miña paisaxe humana de xeito imborrábel, como supoño o sería dos labregos do século XII para o integrar no seu imaxinario relixioso–pedagóxico como reflicte o románico do noso país.

E xa máis nos territorios do mítico–imaxinario, entre sons e sombras, o meu sentir nas noites de invernía o percorrido dos ladridos e ouveos dos cans que indicaban o percorrido do lobo a camiñar os arredores da Rúa Vella de Maside. E en consecuencia o meu pensar daquelas: que ben estou aquí acollido na quentura do fogar, a salvo dun mundo exterior hostil e cheo de sombras e sons neboentos, algo recoñecíbeis e máis imaxinábeis.

E lembro cando, aínda eu de pantalón curto, levaba o gando aos lameiros de Moleiras, percorridos por un rielo de augas clarísimas transparentes e un leito de areas beirado polo verde intenso das xuncas e algúns amieiros que delimitaba o comezo dun bosque inmenso de carballos e piñeiros; e cheguei a ver de xeito fugaz, máis que o lobo, os ollos do lobo,



unha sombra esluída como un recordo entre as carballizas, e tiven que pasar tempo e tempo a manter o gando xunto, que ficou co pelo arrepiado e asustado, non sei se tanto coma min, que estaba asombrado de ter asistido a algo metade realidade metade soño.

E finalmente, máis dunha vez, xa adolescente, fun disuadido pola miña avoa de ir ver as rapazas que coñecía nas festas de verao, a aldeas próximas, porque o lobo podía aparecer nos piñeirais. O argumento era que algún rapaz en anos anteriores fora atacado polo lobo, algo que posibelmente non era verdade.

Todo isto fai que eu teña o lobo como parte da miña biografía.

De todo o que vos acabo de falar reflexionei que, hoxe, calquera rapaz, mesmo porque fican poucos no rural, pode xa non ter as experiencias que eu tiven e cobra máis importancia aínda a transmisión da literatura oral.

E pregúntome se non debería formar parte nalgún grao do sistema educativo, ou se as polafías, estes obradoiros que a Sección de Literatura de Tradición Oral da AELG organiza, coas mesmas persoas que coordinaron este encontro, non debера formar parte dos programas social da administración autonómica de xeito estábel, das actividades de socialización das nosas xentes, nas máis diversas idades, nun mundo cada vez máis relacionado a través da Rede, no que as formas de comunicación son cada vez máis unipersoais.

Cesáreo Sánchez Iglesias  
*Presidente da Asociación de Escritores en Lingua Galega*





## LIMIAR

Pódese dicir que lobo é o cazador máis intelixente, e tamén o máis temido e odiado da natureza. A causa das batidas, legais e ilegais, é unha especie en risco de extinción, motivo de discusión xa vello entre gandeiros e ecoloxistas. Aínda que agora está en desuso, pódense ver espalladas por Galicia adiante moitas ruínas dunha arquitectura deseñada para a caza do lobo, os chamados *foxos dos lobos*.

Aos ollos da nosa tradición mítico-literaria popular o lobo é malvado e de costumes nocturnos, está endiañado e é capaz de provocar nas persoas efectos máxicos. Dise que é un depredador voraz, obsesionado con ter sempre a boca chea, por iso Deus o castigou a “vivir tres meses de carne, tres de terra, tres de aire e tres de folgazán”. Só come a metade esquerda das presas, que é a do Demo. Non é casualidade que o imaxinario relixioso apoña a algúns santos, os chamados santos lobeiros, un poder sobre o lobo: San Francisco amansa o lobo de Gubio e San Froilán, santo patrón de Lugo, dobrega un lobo facéndolle transportar a carga que antes carrexaba o burro devorado polo lobo.

O lobo só anda de noite, ve na escuridade, rexeita a luz do día, teme a música e o lume. Cando acometen persoas, sempre de noite, xúntanse varios lobos que primeiro “acompañan” a vítima en paralelo ao camiño, polo monte, para atacala cando se vai achegando a onde haxa xente. Se un lobo consegue matar unha presa en solitario tápaa con follas antes de comela e vai chamar por outros lobos. Se a vítima é capaz de defenderse ben del, o lobo procura cegala envorcallándose en lama e salferíndoo nos ollos.

Os efectos principais que causa o lobo nos seres humanos son o arrepío e o embazamento, o que provoca en nós unha sorte de fascinación que anula a nosa vontade. Os seus ollos parecen brasas no escuro, coa mirada detén as balas e obstrúe a pólvora das escopetas; é inútil dispararlle de fronte.

Cando o lobo nos ve antes de que nós o vexamos a el sentimos que se nos poñen os pelos de punta, que a roupa nos queda grande demais; é o que se chama arrepío, un medo pavoroso que nos provoca calafríos.

O efecto de embazamento, supostamente causado polo bafo, alento ou cheiro do lobo que sentimos cando o vemos, ou cando sen velo o sentimos próximo, pódenos toller a fala ata por oito días.

Estes e outros efectos maravillosos que o lobo provoca nos humanos é o que chamamos fascinación, un poder irresistible e irremediábel para nós.

Destes bosquexos sobre as mil e unha facianas do mito do lobo, do lobo real e do lobo imaxinario, tratouse nestas II Xornadas de Literatura Oral “O mito que fascina. Do lobo ao lobishome”. Falouse do lobo, como personaxe literario e de ficción, desde o lobo de Carrapuchiña e o dos contos populares ata o lobo dos contos de Ánxel Fole; o lobo como tótem na mitoloxía popular do País Vasco, o lobo como vítima atrapada nos foxos do lobo e o lobo que algúns humanos imaxinan que son cando se transforman en lobishomes, mito universal, recreado unha e mil veces na literatura e no cine.

Paralelamente e para non perder de vista o lobo, animal real, ADEGA, ERVA e AAAGP organizaron unha exposición baixo o título “O lobo, unha carreira pola supervivencia” na Sala de Exposicións da Deputación de Lugo desde o día 8 ata o 25 de outubro, con grande número de visitas, sobre todo de grupos escolares que contribúen tamén a estas actas coa achega de textos sobre o lobo tirados da tradición oral.

Ese era o noso obxectivo e, como poderedes comprobar coa lectura das actas que agora se publican, é mérito dos relatores que o acadásemos e mesmo que o superásemos.

Obrigados quedamos con José Luis Garrosa Gude, Alberte Reboreda, Antxon Gomez Lorente e Xabier P. DoCampo, coas asociacións ADEGA, ERVA e AAAGP, coas persoas que asistiron ás xornadas, cos compañeiros do Consello Directivo da AELG e cos responsábeis da Área de Cultura, Vicepresidencia primeira, da Deputación Provincial de Lugo.

A todos eles, polo seu traballo, apoio e entusiasmo, grazas.

Isidro Novo e Antonio Reigosa,  
*coordinadores das II Xornadas de Literatura Oral*





## PROGRAMA

*II Xornadas de Literatura Oral*  
***O mito que fascina: do lobo ao lobishome***  
Lugo, 16 e 17 de outubro de 2009

**Que vén o lobo!** (Conferencia)  
Xabier P. DoCampo

**O personaxe do lobo na tradición vasca. De animal totémico a animal maldito**  
(Conferencia)  
Antxon Gomez Lorente


**O lobo, o mito que fascina** (Mesa redonda)  
Xabier P. DoCampo e Antxon Gomez Lorente  
Moderador: Antonio Reigosa

**Espazos lupinos de Galicia. Os foxos do lobo** (Conferencia)  
Alberte Reboreda

**Unha inquietante presenza: lobos e lobishomes no imaxinario galego e universal**  
(Conferencia)  
José Luis Garrosa Gude

**Do lobo ao lobishome** (Mesa redonda)  
Alberte Reboreda e José Luis Garrosa Gude  
Moderador  
Isidro Novo





## QUE VÉN O LOBO!

Xabier P. Docampo

*Has herbas atque haec Ponto mihi lecta uenena  
ipse dedit Moeris (nascuntur plurima Ponto);  
his ego saepe lupum fieri et se condere silius  
Moerim, saepe animas imis excire sepulcris,  
atque satas alio uidi traducere messes.  
Virxilio, Égloga VIII<sup>1</sup>*

*“A literatura non naceu o día no que un rapacete chegou correndo do val de Neanderthal berrando “o lobo, lobo”, cun enorme lobo gris a lle pisar nos calcañares; a literatura nace o día no que un pícaro chegou a berrar “o lobo, o lobo”, sen que detrás del houbera lobo ningún. O que o pobre do rapaz acabara sendo devorado por un animal de verdade por ter mentido tantas veces, é un mero accidente. Entre o lobo da fraga e o lobo da historia increíble hai un lostregante termo medio. Ese termo medio, ese prisma é a literatura”.*

Así se manifesta Vladimir Nabokov na introdución ao seu libro *Curso de literatura europea*. Un pouco máis adiante, nesta mesma introdución que titula “Bos lectores e bos escritores”, di:

*“Volvendo un momento ao rapazolo cuberto con peles de año que berra “o lobo, o lobo”, podemos expoñer a cuestión do xeito seguinte: a maxia da arte estaba no espectro do lobo que el inventaba deliberadamente, no seu soño do lobo; máis adiante, a historia da súas bromas converteuse nun bo relato. Cando o lobo apareceu finalmente, a súa historia chegou a ser un relato didáctico, narrado polas noites arredor do lume. Pero el foi o pequeno mago. Foi o inventor”.*

1. Do mesmo Meris teño estas herbas,  
velenos escolleitos dos moitos  
que cria o Ponto. A Meris eu mil veces  
o vin agocharse convertido en lobo,  
vinlle tirar as almas dos sartegos,  
pabeas trocar dun mollo a outro.  
Virxilio, Égloga VIII



Convídanme hoxe a falar aquí do lobo dentro da literatura, que é tanto como reflexionar sobre do papel que lle còmpre á literatura na extensión e fixación dos mitos, en tanto estes coma recursos vitais creados á marxe da función da literatura como arte e acollidos nela ao abeiro do que nela hai de instrumento comunicativo.

Non quero poñerme a deambular polas múltiples definicións do mito, porque iso só nos leva a afastalo do seu lugar propio, que navega nas augas do sagrado, para metelo á forza no deserto areoso do profano. Nace o mito sempre da necesidade que ten a tribo de se fornecer de modelos e paradigmas. Con el, co mito, cada ser humano ponse en contacto cun sentido global da natureza, ao tempo que crea para si un vencello coa historia da tribo, coa tradición, coa cosmoloxía da que o grupo se dotou e na que as súas decisións atopan explicación. Por último contribúe de forma decisiva á cohesión do grupo e á orde social. Eu creo nisto e nada me atrae cualificalo de ficción, ilusión ou, mesmo, de mentira: non dou un patacón para desmontalo, porque sen mitos non somos nada.

Cousa moi distinta é considerar que o lobo real, ese animal que poboa os nosos montes, que baixa até perto das casas nos invernos duros, que nos asusta e paraliza, teña que ver co outro, co mitolóxico e imaxinario. Porque os que entenden diso saben que, no tocante ao ser humano, é máis medoñento que atrevido; porque non hai noticias certas de que comese xente e moito menos meniños nos últimos cen anos; porque non rolda as casas na espera da saída dalgunha persoa ou co ánimo de procurar unha fiestra aberta por descoído para entrar por ela; porque non se dedicaron os ecoloxistas a ceibalos no monte... O lobo nunca é máis grande en ningures do que o é na literatura, quer oral quer escrita.

Así as cousas, cando contemplamos o lobo literario sempre nos habemos mover nos terreos da metáfora, a fin de contas elemento esencial do discurso que se quere literario, que nos dá xeitos de definir o ser humano polas características que lle apoñemos ao lobo. Seguramente o caso máis coñecido e interesante, fóra da coñecida frase de Plauto "*Lupus est homo homini, non homo, quom qualis sit non novit*" [*"Lobo é o home para o home, non home, cando descoñece que é o outro"*] e que habería de ficar en *homo homini lupus* para Thomas Hobbes despois, no século XVII. Será n' *O lobo estepario* de Hermann Hesse onde este xogo metafórico acade altas cimas como elemento que atravesa a novela enteira. Nesta magnífica e angustiosa obra, o autor sempre nun xogo de autobiografía agachada aponlle ao protagonista, Harry Haller, as características que para el se dan no lobo da estepa: solitario. Faino para nos relatar a incapacidade de Haller de se relacionar co mundo exterior, da imposibilidade psicolóxica de vivir en, por inestábel e pequena que sexa, harmonía coas circunstancias que a súa existencia elaborou. Non sei moi ben cal é o comportamento do lobo da estepa centroeuropea que coñece Hermann Hesse, pero desde logo calquera de nós, por pouco que saibamos dos costumes do lobo de por aquí, sabemos que son esencialmente sociais, mesmo gregarios. Pois ben, aínda así, aceptemos, cando limos aquela novela nos últimos anos da nosa adolescencia, que a presenza literaria do lobo estepario como metáfora dese solipsismo angustiada, era moi ben acaída e, nalgúns casos, definía unha etapa da nosa vida. Porque aquí, coma en todos os casos que iremos vendo, a forza da literatura é moi superior á da realidade. Como para que



agora veña alguén a nos volver preguntar para que serve a literatura. A pregunta máis adecuada sería para que serve esa realidade que chamades obxectiva?

Pero deste tipo de presenza literaria do lobo non é da que eu quero falar hoxe aquí, prefiro contemplar algúns dos casos máis coñecidos de presenza do lobo como personaxe da historia. E de todos eles o máis recorrente, repetido e analizado é o lobishome, mito que atravesa culturas distantes e de intercomunicación dubidosa como o fai calquera símbolo do inconsciente colectivo para devir nun arquetipo. Non quero nin debo entrar a describir este personaxe como mito ou símbolo porque vos teño a todos por coñecedores del, das súas características, da súa xénese e dos seus costumes (e moito máis encontrándome, como me encontro, na contorna de Cuba, Reigosa e Miranda). A relación de intercambio de natureza entre home ou muller e lobo vén resoando literariamente xa en nas *Metamorfoses* de Ovidio onde encontramos o episodio de Licaón o rei de Arcadia que destaca pola súa crueldade. Zeus, coñecedor de tal situación desexándoa falsa, di Ovidio baixa á terra en forma humana para comprobar a veracidade. O que encontra faille dicir: “*menor era a propia infamia cá verdade*”. Chega ao palacio de Licaón entre lusco e fusco.

O pobo reconece aquel home coma un deus e Licaón decide comprobar se o é ou non. Mata un enviado da nación molosa que tiña como refén, “*a súa gorxa a punta tallou*”, desmembrao e coce unhas partes mentres asa outras para servirllas a Zeus, mais este desbarata tal propósito e Licaón foxe.

*“[...] acadando os silencios do campo ouvea e inutilmente falar intenta; de si mesmo recada a boca a rabia, e o desexo da súa acostumada matanza usa contra o gando, e agora tamén no sangue se goza. En pelellos viran as súas roupas, en patas os seus brazos: faise lobo e conserva as pegadas da súa vella forma. A canicie a mesma é, a mesma a violencia do seu rostro, os mesmos ollos locen, a mesma fereza a imaxe é”.*

Aí temos o primeiro licántropo literario, mesmo temos a orixe da palabra licantropía nese rei de Arcadia chamado Licaón, nome que deriva do grego que é lobo.

E témola tirada dun caso no que a conversión aparece como castigo, moito antes de térmola como fado ou como destino. Aínda que se trate dun castigo divino non deixa de ser a resposta do deus ao maior dos pecados que se poden cometer en calquera relixión habida ou por haber: tentar ao deus para facelo pecar, xa que o canibalismo era considerado na antiga Grecia un gravísimo pecado. Na *República* de Platón e con máis claridade na *Historia Natural* de Plinio encontramos que nos contan que no sacrificio anual no monte Liceo, quen no banquete do sacrificio a Zeus comía carne humana convertíase en lobo durante dez anos. E o mesmo Plinio tamén conta como o campión olímpico Demeño recobrou a súa forma humana, para participar nos Xogos, porque se privou de comer carne humana ou o referenciado no *Persiles* de Cervantes, no que o historiador romano conta o caso dos que pasan o lago na Arcadia, xúntanse con lobos, viven con eles nove anos e volven pasar o lago para recuperar a súa natureza humana se se abstiveron de comer carne humana nese tempo.





Outro caso literario de licantropía témolo narrado por Petronio, tamén no alborexar do século I como Ovidio ou Plinio, no capítulo LXX do seu *Satiricón*. Alí, no fragmento da Cea de Trimalción, encontramos este caso do home que vai ver a viúva Melisa coa intención de lle facer a corte. Non quere ir só e faise acompañar dun soldado forte coma un Urco. Ao atravesar un cemiterio o soldado cae preso dunha estraña fascinación pola luz da lúa chea. Íspese, deixa a roupa no chan e *subitus lupus factus est*. Comeza a ouvear e dar voltas a correr. O home pensa que o mellor é darlle ao zoco e marchar de alí. Cando pretende coller a roupa que o soldado deixou no chan, esta virara en pedra, así que o home pilla a espada do soldado, por se acaso, e lisca. Chega á casa de Melisa, a viúva do taberneiro Terencio, á que pretendía, aterrorizado. Ela dille que se viñese un pouco antes podería ter axudado a matar un lobo que apareceu disposto a comer as ovellas, o que fai pensar ao home que o soldado que agora é lobo anda alí. Melisa dille que o lobo fuxiu ferido no pescozo. O home, preso dun medo como non pillou nunca, decide ir para a súa casa. Cando pasa polo cemiterio ve que todo está cheo de sangue e ao chegar á casa do seu amo encontra o soldado sangrando polo pescozo coma un boi degolado.

Aquí temos un caso do que non coñecemos a causa da conversión do soldado en lobishome. Non hai falta coñecida do soldado que nos faga pensar nun castigo, temos logo que crer que a causa da licantropía dun soldado que se metamorfosea á vista da lúa chea, é un caso de fado ou de destino, o primeiro que apunta este camiño na literatura escrita. E que será, con moito, o que marcará a deriva preferente do personaxe na literatura. E, coma neste, na maioría dos casos non haberá ningún tipo de explicación nin análise das causas da licantropía, xa que ao se tratar dun mito que atravesa culturas, civilizacións e tempos, como lle sucede ao vampirismo, haberase de dar por suposto un coñecemento previo delas e non se cre necesario avisar de se foi caso de maldición paterna, sétimo ou noveno fillo varón, nacemento en data sagrada ou calquera outra das circunstancias nas que o fado ou o destino encamiñan unha vida cara á licantropía.

Non van faltar xa casos de tratamento literario desta particularidade nos tempos seguintes e aparecerán máis ou menos explícitos en Gerardo Cambrense (*Topografía Hibernica*), e en María de Francia (*Lai du Bisclavret*).

Seguramente non é perda de tempo contar este bonito conto que aparece tamén n'*A morte de Arturo* de Thomas Mallory.

Un barón da Bretaña desaparece tres días por semana sen que ninguén saiba onde anda. Cando a súa muller lle prega que lle confese o seu segredo, el conta que é un lobishome, e que agocha as súas roupas nunha rocha oca para poder volver á súa figura humana. Cando o barón volve irse, ela envía un seu cabaleiro namorado dela para que roube a roupa do seu home. Consecuentemente este non regresa porque non pode recobrar a figura humana, que, ao igual que no *Satiricón* de Petronio, está ligada á recuperación da roupa. Así que a muller casa co seu amante. Un ano despois, o rei, que era amigo do barón, encóntrao en forma de lobo durante unha cazaría. O barón, beixándolle os pés, pídelle clemencia ao rei. Cando recupera a forma humana, o rei fica abraiado polo fenómeno que acababa de contemplar. Tempo despois o amante da muller do barón visita o castelo do rei e o lobo atácao con grande ferocidade, e dado que, des que estaba no castelo do rei sempre tivera un comportamento pacífico, entenden todos que o cabaleiro outro tempo



Ile debeu causar algún mal ou ferilo dalgún xeito. Noutra ocasión, o rei e o barón encontran no bosque unha muller que resulta ser a esposa do barón e este arremete contra ela como fixera anteriormente co seu amante, pero neste caso fírea gravemente, porque lle arrinca o nariz dunha dentada. Aquel comportamento selectivamente agresivo deixa a todos sorprendidos por non lle encontrar explicación. Un sabio lembra daquela que esa é a muller do barón que desapareceu; despois de interrogala baixo tortura, ela confesa e vólvelle a roupa roubada. O lobo recupera a súa forma humana, o rei vólvelle as súas terras...

*“En canto á muller, expulsouna do país. Con ela partiu aquel que traizoara o seu señor. Tiveron moitos fillos ben parecidos pola súa aparencia e rostro: moitas mulleres desa liñaxe, é cousa certa, naceron sen nariz e viviron desnarigadas”.*

Cervantes no *Persiles* conta a historia de Rutilio e a loba. Trátase do capítulo oitavo onde Rutilio conta a súa vida.

Rutilio é un bailarín e saltimbanqui italiano que foxe a Roma coa filla dun rico cabaleiro á que seduce mentres lle dá clases de baile. Préndenos a ambos e condenan o bailarín a morte.

Cando está preso ven visitalo unha muller que dicían que “*estaba presa por fatucherie, que en castellano se llaman hechiceras*”, e que a alcaidesa deixa andar ceiba porque curou unha súa filla dunha rara enfermidade.

Rutilio accede a casar coa feiticeira se o libra da morte e o ceiba da cadea.

*“Esperé la noche, y en la mitad de su silencio llegó a mí, y me dijo que asiese de la punta de una caña que me puso en la mano, diciéndome la siguiese. Turbéme algún tanto; pero como el interés era tan grande, moví los pies para seguirla, y hallélos sin grillos y sin cadenas, y las puertas de toda la prisión de par en par abiertas, y los prisioneros y guardas en profundísimo sueño sepultados”.*

Xa fóra, a muller deitou o seu manto ao chan e mandoulle a Rutilio que se puxese nel. Como el dubidase dille que teña bo ánimo e que deixe devocións. Fai o home o que lle mandan e o manto érguese do chan e leva a Rutilio polo aire.

*“En resolución, cerré los ojos y dejéme llevar de los diablos, que no son otras las postas de las hechiceras, y, al parecer, cuatro horas o poco más había volado, cuando me hallé al crepúsculo del día en una tierra no conocida. Tocó el manto el suelo, y mi guiadora me dijo: “En parte estás, amigo Rutilio, que todo el género humano no podrá ofenderte”. Y, diciendo esto, comenzó a abrazarme no muy honestamente. Apartéla de mí con los brazos, y, como mejor pude, divisé que la que me abrazaba era una figura de lobo, cuya visión me heló el alma, me turbó los sentidos y dio con mi mucho ánimo al través. Pero, como suele acontecer que en los grandes peligros la poca esperanza de vencerlos saca del ánimo desesperadas fuerzas, las pocas mías me pusieron en la mano un cuchillo, que acaso en el seno traía, y con furia*



*y rabia se le hincó por el pecho a la que pensé ser loba, la cual, cayendo en el suelo, perdió aquella fea figura, y hallé muerta y corriendo sangre a la desventurada encantadora”.*

Aquí podemos ver un trazo moi característico dos relatos de licantrópía: o lobishome recibía as feridas por simpatía.

A partir de fins do século XVI, entre 1520 e 1630, a dicir de Baring–Gould, denúncianse máis de trinta mil casos, comeza a aparecer unha abundancia de literatura ensaística ou médica sobre da licantrópía: Prieur de Laval, en *Dialogue de la lycanthropie ou transformation d’hommes en loups* (1596), Beauvoys de Chauvincourt *Discours de la lycanthropie* (1599), Jean de Nynauld en *De la lycanthropie* (1615), onde a denomina *melancolía* ou *manía lupina* que é como lle chama tamén Cervantes no *Persiles*. É en 1865 cando se publica o máis interesante destes libros, *The Book of Were–Wolves. Being an Account of a Terrible Superstition [O libro do lobishomes. Información sobre dunha superstición terrible]* de Sabine Baring–Gould, onde encontraremos extensísima información sobre do fenómeno da licantrópía en Europa. Este clérigo inglés, teólogo, ensaísta e autor de contos de pantasmas, relata un gran número de casos así como as explicacións que os coñecementos científicos da época lle permiten dar.

A novela gótica do XVIII non trata o tema da licantrópía, seguramente porque centra os seus argumentos e tramas nos fenómenos preternaturais ou mesmo antinaturais, e a licantrópía tense por un feito, dalgún xeito, natural. Como algo que era coñecido, que os casos abundaban, por moito que as sucesivas cazas de bruxas os mantivesen afastados da conversa e do relato cotián. A novela gótica mantense de crear situación de medo polo camiño que moi ben explicaría Lovecraft moitos anos despois: “*A emoción máis antiga e máis intensa da humanidade é o medo, e o máis antigo e máis intenso dos medos é o medo ao descoñecido*”. Pero o caso dos lobishomes non se podía, *sensu stricto*, cualificar de descoñecido, á fin os lobishomes comportábanse en todo como dicían que o facían os lobos. Será por iso que nin Warpole nin Radfcliffe nin Lewis, os máis grandes do xénero se interesaron no fenómeno do lobishomes. Eran máis de castelos, mosteiros e portas que renxían que de espazos abertos como é o caso dos licántropos.

Chegamos ao XIX e, polas mesmas razóns antepostas, nin E. T. A. Hoffmann, nin Poe, nin Lovecraft tratan o asunto, pero si que aparecen autores que lle dan ao tema unha grande atención literaria. Comezando pola que seguramente é a obra que inicia o xénero, *Hughes the Wer–Wolf: A Kentish Legend of the Middle Ages* de Sutherland Menzies (1838) e seguindo por *Wagner the Wehr–Wolf* (1846) novela por entregas do novelista e xornalista inglés George W. M. Reynolds, autor dunha novela de moito máis renome e interese que foi *The mystery of London*. Na súa obra licantrópica cóntanos a historia dun labrego que se fai lobishome cada sete anos. Chega a isto mediante un pauto co demo, cousa que tamén está en *Capitán de lobos* (1857) de Alexandre Dumas.

É moito máis longo, desde logo o catálogo de obras sobre do tema nesta época, pero agora daremos un salto até nos situar na obra que funda a moderna literatura de tema licantrópico que é *Home lobo en París* (1933) de Guy Endore, novelista e guionista de



cinema neiorquino que escribe unha novela licantrópica absolutamente canónica, e de feito vai marcar toda a literatura posterior sobre do tema. Aquí vai aparecer, por primeira vez, a loita do individuo por controlar os seus instintos e reprimir a parte animal que nel habita.

Bertrand Caillet naceu a véspera do día de Nadal fillo dunha muller violada por un crego do que, polo seu apelido, sabemos que na súa familia houbo un lobishome. Bertrand vai medrando no medio de pesadelos nos que manifesta estraños desexos sexuais de características sádicas. Até que o seu tío Aymar Galliez descobre que os pesadelos son feitos reais ocorridos nas noites nas que se transforma en lobo. Bertrand foxe a París onde viola unha prostituta, ten un encontro incestuoso coa súa mai, comete un asasinato... Aymar intenta encontrar a Bertrand estudando os detalles dos crimes que suceden en París.

Por fin encóntrao, únirase á Garda Nacional durante a Guerra Franco–Prusiá e está namorado de Sophie, unha rapaza que traballa nunha cantina. Os dous namorados tratan de convivir coa situación licantrópica de Bertrand, para iso ela ofrecerá o seu corpo como alimento sanguento que reduza os impulsos do lobishome, característica frecuente na literatura vampírica, pero non na licantrópica.

Aymar encontra a Bertrand durante os episodios da Comuna, pero non intervén ao velo namorado e por medo a danar a Sophie. Pero, por fin, Bertrand é capturado cando está a atacar unha persoa. Condenado a ser queimado, é indultado e encerrado nun manicomio. Alí mantéñeno drogado, mais un día salta por unha fiestra abrazado a unha rapaza á que confunde, nos seus delirios, con Sophie, que tamén se suicidara en París incapaz de soportar a separación de Bertrand.

N’*O home lobo* en París encontramos que, por primeira vez, se trata o asunto baixo do prisma da dualidade, entra o tema dese rostro de *Jano* que é a alma humana. Que ten antecedentes en todas as relixións nadas do antagonismo deus–diabo, literaturizado centos de veces: Cástor e Polux, Caín e Abel... e elevado á excelencia literaria n’*O estraño caso do Dr. Jekyll e Mr. Hyde* de Stevenson.

O tema da licantrópica vai gañar presenza e non vai faltar en ningún autor que traballe no xénero de terror ou nas súas beiras. Anteriormente a Endore, en 1932 trátalo Rudyard Kipling n’*A máscara da besta*, pero tamén o encontraremos en Stephen King con *O ciclo do home-lobo* (1983) ou en Angela Carter, que no seu *The Bloody Chamber* (1979) inclúe tres relatos de temática lupina, *The Werewolf*, *Wolf–Alice* e *The Company of Wolves*, que dá lugar á película *En compañía de lobos* dirixida por Neil Jordan en 1984.

Encontrei ben máis de cen películas nas que aparecen referencias directas ao lobishome ou á lobismuller, desde 1913 que se fai a primeira titulada *The Werewolf*, até *The wolf man* de Joe Johnston que se estreará en febreiro do ano que vén, e é un *remake* do gran clásico de mesmo título de George Waggner e protagonizada polo xenial Lon Chaney.

O tema non é alleo á literatura xuvenil, empezando por un dos nomes máis respectados da literatura inglesa, C. S. Lewis que o inclúe na súa obra *Prince Caspian* (1951) pasando por até J. K. Rowling na terceira entrega de Harry Potter, titulada *Harry Potter e o prisioneiro de Azkaban* (1999) na que sabemos dun amigo do pai de Harry que era lobishome,



e chegando até o último fenómeno de vendas que é *New Moon (Lúa Nova)* (2006), *Eclipse* (2007) e *Breaking Dawn* (2008) (*Amencer*) de Stephenie Meyer, que aínda que o tema destas recargadas e repetitivas novelas que nos contan as aventuras de Isabella Marie Swan “Bella” e dos seus amigos, é vampírico, a partir da segunda obra da serie sabemos algo que non se nos dixo en *Twilight* (2005) (*Crepúsculo*): que Jacob é un lobishome.

Sen esquecer outra mediocridade da LIX que é a serie de R. L. Stine, *Pesadillas* na que hai algúns títulos que tratan de lobishomes, dos que eu só lin un, *Fear Street* (A rúa do medo).

E non podemos abandonar o tema do lobishome sen botar unha ollada ás obras que tratan o tema do lobishome bondadoso como é o caso da historia de Antonio do *Persiles* cervantino. E outro caso digno de ser tido en conta é o do lobo-home, do que quero destacar dúas obras que considero de recomendábel lectura. A primeira é a que precisamente se titula *O lobo-home* (*Le loup-garou*, 1945–1952), de Boris Vian. A historia dun lobo chamado Denis e convertido en home por mor da mordedela do Mago do Siam que si que era un lobishome. Un delicioso conto que xoga coa inversión para retratar con ironía, máis ben sarcasmo, a sociedade francesa daqueles días, como moi ben gustaba de facer o autor.

A outra obra na que se aborda a circunstancia do lobo roído por un lobishome e que se ve transformado en home-lobo é *Howling Mad* de guionista de cómic e novelista americano Peter David, o autor da novela que dá orixe á serie *Star Trek*. Tamén aquí imos ter unha visión feita polo lobo da especie e da vida humana.

Chega a hora de nos afastar do que, non se pode negar, é a presenza máis relevante do lobo na literatura, presente tamén na literatura galega, que conta con algunhas obras de incuestionábel calidade literaria, nomeadamente *Pel de lobo* (2002) de Xosé Miranda, una das mellores obras sobre o tema da literatura contemporánea galega. Tamén o encontramos en obras de Agustín Fernández Paz como é *O laboratorio do doutor Nogueira* (1998), no conto “Noites de lúa chea” de *Contos por palabras* (1991) ou en *Un caso de licantropía*, calquera deles feito coa mestría literaria do vilalbés. Pero tamén encontramos o tratamento do caso do bufariñeiro Manuel Blanco Romasanta, que inspira a obra de Alfredo Conde *Romasanta. Memorias incertas do home lobo* (2004), reescritura dun caso ocorrido nas terras de Allariz aló pola primeira metade do século XIX e que xa dera lugar á escrita de *El bosque de Ancines* (1957?), obra en castelán do galego Carlos Martínez Barbeito. Só por citar algúns dos varios que hai na nosa literatura.

Mais este afastamento non podemos facelo sen facer unha referencia ao lobo na obra de Ánxel Fole, onde a súa presenza non é como personaxe de ficción senón como elemento da natureza que se comporta de acordo cos seus instintos naturais e non altera o seu comportamento animal en caso ningún. Para min a presenza do lobo na obra de Ánxel Fole ten o seu cume no conto “¡Lobos te coman!”, incluído en *Historias que ninguén cre* (1981). Esa xoia que comeza coas palabras:

“Ben sei que sabedes que, en galego, o lobo, en singular, son os lobos. “Batín co lobo” quere dicir que lle saíron a un os lobos ó camiño. Mais eu sentín dicir e así as falas que tiduan esta historia nos montes do Caurel”.





Hai outra presenza do lobo que atravesa toda a literatura universal, aquela na que o lobo se fai paisaxe, decorado ao fondo cos seus ouveos ou coa súa presenza presentida, non vista e sempre misteriosa.

Na literatura de tradición oral o lobo compite co raposo como personaxe dos contos, mesmo se encontran ambos con frecuencia e rivalizan en astucia, case sempre con vantaxe para o golpe, que por algo o sinónimo máis frecuente para astuto é o de raposeiro. Mais ocorre que a tradición oral, no seu instinto de supervivencia, refúxiase na tradición que vimos chamando culta, aínda que seguramente só deberíamos dicir escrita.

É xa imposible encontrar hoxe unha persoa que recibise algúns dos contos máis coñecidos por vía oral directa. Carapuchiña vermella pelexa entre dúas versións cultas, a de Perrault de 1697 e a dos irmáns Grimm de 1812, pero xa ninguén narra as múltiples carapuchiñas medievais que atravesaron Europa en todos os sentidos. Isto converte determinados personaxes da literatura oral en personaxes da literatura escrita. No caso da presenza do lobo como personaxe eu gusto de destacar tres: *Carapuchiña vermella*, *Os sete cabritiños* e *Os tres porquiños*.

Case é imposible escoller dos tres o que poderíamos ter por máis estendido e universal; só en caso de non poder zafarme de tal compromiso optaría por *Carapuchiña*. Esta historia que viña resoando nos ouvidos de pequenos e grandes habitantes de Europa desde, polo menos, os inicios da Idade Media e que percorría o continente de Norte a Sur e de Leste a Oeste en moi diversas versións, acada a súa forma canónica n' *Os contos de Mamá Oca* de Jacques Perrault en 1697. Aparece aí na súa forma literaria (de cuxa autoría discutida entre pai e fillo de apelido Perrault seguimos a ter, alternativamente, resolucións definitivas) como aquela que até a versión dos Irmáns Grimm en 1812 se faga máis popular pola súa “corrección política”. Como todos sabemos na versión de Perrault o conto acaba cando o lobo come a Carapuchiña. Despois diso só temos a famosa moralexa que o autor escribiu para pechar este, como fai con cada conto do libro. É na versión dos Grimm onde encontramos o cazador que mata o lobo, ábrelle a barriga e libera da dixestión lupina a avoa e neta. Nada disto hai en ningunha das versións anteriores. Non é doado saber por que aparece o cazador; hoxe coñecemos que os Grimm coñecían a versión de Perrault e mesmo aquelas nas que o francés se inspirou, dado que sabemos que de moitos dos contos por eles incluídos no seu libro tiveron a posibilidade de escoitar versións populares en Francia, tanto de labios de Dorothea Viehmann como da esposa de Wilhemm, Dortchen Wild, ou unha veciña e amiga chamada Marie Hasenpflug, muller de gran cultura que procedía dunha familia de hugonotes franceses e que lles achegou contos procedentes da tradición francesa. Fose como for, o caso é que os irmáns botan man do final do conto d' *Os sete cabritiños* para remendar o de Carapuchiña que, din algúns, lles parecía moi cruel, digo eu lles parecía moi atrevido e sexualmente explícito.

Porque non só e a aparición do cazador a modificación que introducen os Grimm no conto da nena da carapucha vermella. Hai máis:

- A manteiga da cesta troca nunha botella de viño.



- A mai dálle a Carapuchiña unha serie de consellos sobre da disciplina e a obediencia que non había.
- O lobo viste as roupas da avoa despois de comela, no conto de Perrault está espido, e métese na cama. Mais Carapuchiña non chega a se meter na cama co lobo. No de Perrault a nena íspese e métese na cama co lobo. Só despois comeza o diálogo entre Carapuchiña e o animal.

E dese xeito o que era unha parábola sexual, pasa a ser unha historia familiar e edificante.

O lobo de Carapuchiña é astuto e arteiro. Envolve a nena até que lle di onde está a casa da súa avoa, “*alí, detrás daquel muiño*” e despois completa a súa crueldade comendo a vella e convidando a Carapuchiña a se meter na cama con el. O conto non lle adxudica ao lobo unha característica de violencia, senón de conquista mediante o engano, no conto só é metafórico o feito de que o lobo coma a Carapuchiña, é unha metáfora da posesión sexual. Perrault ben o declara na moralexa que remata o conto:

*On voit ici que de jeunes enfants,  
Surtout de jeunes filles  
Belles, bien faites, et gentilles,  
Font très mal d'écouter toute sorte de gens,  
Et que ce n'est tant que le Loup mange.  
Je dis le Loup, car tous les Loups  
Ne sont pas de la même sorte;  
Il en est d'une humeur accorte,  
Sans bruit, sans fiel e sans courroux,  
Qui privés, complaisants es doux,  
Suivement les jeunes Demoiselles  
Jusque dans les maisons, jusque dans les ruelles;  
Mais hélas! Qui ne saint que ces Loups doucereux,  
De tous les Loups sont le plus dangereux.<sup>2</sup>*

Desde logo non está advertindo ás nenas dos perigos de que un lobo as coma a bocados, cos dentes, senón de que produza sobre delas violencia sexual mediante enganos.

Temos, pois, aquí un lobo personaxe literario libidinoso, por moito que ao longo dos tempos estivésemos a ver este conto só, non digo que non o sexa, como unha historia creada para advertir á infancia sobre dos perigos da desobediencia, cousa que só sería eficaz no caso da versión de Perrault, porque no dos Grimm non habería un auténtico castigo, antes ben parece unha incitación, xa que se a min me sacan do interior dun lobo enteiro

2. MORALEXA. *Aquí vemos que na adolescencia, / en especial as señoritas, / ben feitas, amábeis e bonitas / no deben escoitar a calquera con compiacencia, / e non resulta cousa rara / ver que moitas son presa do lobo. / E digo o lobo, pois baixo da súa envoltura / non todos son da mesma calaña: / Hainos con non pouca maña, / silenciosos, sen odio nin amargura, / que en segredo, pacientes, con dozura / van detrás das raparigas / até as casas e nas ruelas; / mais sabemos ben que os landuxos, / entre todos os lobos, aí! son os máis feros.*



e verdadeiro, a viaxe paréceme moi atractiva: non é doado encontrar a posibilidade de ver un lobo por dentro con nulas consecuencias negativas. Dicía que non só era un conto sobre dos perigos da desobediencia en xeral, senón sobre dos perigos da violencia sexual sobre dos nenos e nenas, nada rara no medievo europeo.

Outro caso onde o lobo é personaxe fundamental do conto é no d' *Os sete cabritiños*. Chegounos este conto a través dos Grimm, mais é conto vello que se remonta ás fábulas de Fedro aló pólo século I, e vén resoando no *Romulus*, recompilación das fábulas feita no século V, ou na colección de Ademaro de Chabannes aló pólo século XI.

Todas estas son versións latinas (*Capella cum esset foeta et partum uellet custodire ignarum haedum ne aperiret hostium monuit...*) e será no século XIII cando María de Francia o traduca ao francés; no XV Gerhard von Minden fará a primeira ao alemán e xa no XVIII, en 1668, La Fontaine incluíra no seu libro a fábula "*Le loup, la chèvre et le chevreau*".

En 1812 Jacob e Wilhem Grimm publican a versión que coñecemos desta historia que, como xa dixemos enriba, moi ben lles puido chegar na súa versión francesa por Marie Hassenpflug.

Aquí temos un lobo que se ve burlado na súa astucia por varias veces, pero ao final triúnfalo e consegue enganar os inocentes cabritos, agás un, aquel tan pequeniño que cabía na caixa do reloxo. É a nai quen supera a astucia do lobo, vai tras del, pero non desesperada, senón resolta, sorpréndeo durmindo e escenifica, mira ti por onde, o final de Carapuchiña cortando e cosendo.

É o desexo de comer o que tamén converte o lobo en protagonista do terceiro conto, o d' *Os tres porquiños*. En ambos casos o lobo só pretende facer algo que a natureza lle tiña atribuído na cadea alimentaria: comer años e bacoriños. Pero a contística prefere dárnolos como exemplo de depredador de inocentes e indefensos.

O conto d' *Os tres porquiños* é unha competición de habelencia e astucia (a maiores dun manual de ética da construción, xa que aquelas casas que son construídas con materiais pouco apropiados, como ocorre coa maioría dos pisos que nos ataron, atan e atarán a leoninas hipotecas, acaban por se viren ao chan e bo é se non nos pillan embaixo).

Só o porquiño previsor e con estudos de arquitectura é quen de facer unha casa que resista a forza dos pulmóns do lobo. E isto é así na versión que a corrección política xerará para os ouvidos pudorosos, xa que nas versións orais que, aínda até non hai moito, a dicir de Antonio Rodríguez Almodóvar, circulaban por Europa, o lobo derrubaba as casas coa forza eólica dos seus peidos. E por máis que aínda teña gardada unha derradeira arteirada, esta haberá de conducilo ao merecido castigo de se ver escaldado ao caer, precisamente de cu, nun pote de auga fervendo.

Aquel lobo no que os homes viraban por mor dun castigo divino, vese agora castigado por seguir os seus instintos.

Son moitos máis os lobos que poboan a literatura, en especial a dirixida aos lectores máis novos: Fernando Alonso, *El secreto del lobo* (1986), Juan Farias, *El último lobo* (1989)..., e tantos e tantos outros. O gran número de historias que reivindicán un tratamento menos negativo para o animal e seguen a senda do "*lobito bueno*", empezando po-





los lobos sensíbeis e cariñosos, listos e pouco interesados en comer carne humana, chamados Papá Lobo, Ramma, e Raksha, que coidan de Mowgli e xogan con el n' *O libro da selva* de Ruddyard Kipling, o mesmo que unha boa presa de anos despois escribiría un relato de licantropía con maldición relixiosa polo medio que titulou “A máscara da besta”, sendo a besta o demo. Mais xa principian a seren maioría aqueles que seguindo *O chamado da selva*, como sucede co de Jack London, tenden a seguir o seu ser natural e a se comportar coma o que son: lobos.

Lugo, outubro 2009





## O LOBO NA TRADICIÓN VASCA.

### DE ANIMAL TOTÉMICO A ANIMAL MALDITO

Antxon Gomez Lorente

#### O LOBO MÍTICO E O MITO CAÍDO

A mitoloxía non é unicamente unha mera compilación de crenzas e historias populares que nos foron transmitidas. En Euskal Herria, como no resto dos lugares do mundo, as crenzas populares foron cambiando a través da historia, e o percorrido da cultura vasca foi, de certo, demasiado longo como para permanecer sen influencias do exterior e completamente illado. As crenzas antigas pasaron pola densa rede da fe oficial de cada momento, especialmente polo filtro do cristianismo, e xa antes diso a cultura celta e as relixións oficiais romanas tiveron tamén a súa influencia nelas.

Claude Lecouteux, investigador francés, cuxo punto de vista é de grande interese en moitos campos, convídanos a facer un exame do que hai por baixo da pel das narracións mitolóxicas europeas, e no que se refire a certos temas que teñen que ver directamente coa nosa época, como o das crenzas relacionadas coa presenza ou aparición dobre, tan unidas ao home-lobo, ou aquelas ao redor da “sombra do lobo”.


Non hai dúbida de que ao investigar estes temas en profundidade, daremos con crenzas xamánicas orixinais, que centos de anos de cambio cultural e relixioso nunca conseguiron sepultar de todo.

Con todo, este exercicio intelectual pode resultar bastante difícil para algúns. Non sempre é fácil aceptar que detrás do que chamamos “mitoloxía” ou “folclore” (cando non son consideradas “puras supersticións”), atópanse antigas crenzas culturais e relixiosas, mantidas de xeración en xeración polos nosos campesiños e pastores en contra das principais correntes culturais, e contrapostas a aquilo que se ten por “oficial” ou tamén “homologábel”.

Sobre isto quixera contar un historia familiar:

A nosa avoa de Elgoibar, —poboación industrializada pero con bastantes casaríos aínda—, ensinoume na infancia unha cousa bastante particular.

Cando no verán íamos en familia de excursión ao monte, adoitábamnos acender un lume para preparar o arroz e asar as chuletas. Ao terminar de comer, a avoa facíanos un “café de pucheiro” e, para asombro meu, metía nel un pedaciño de tizón sacado do lume. Como explicación adoitábanos dicir que así o café estaría máis “rico”. A verdade é que para min



non era lóxico botar cinza e carbón ao café. Pero que lle íamos facer...! Todas as fins de semana a avoa empeñábase en facer a súa pequena cerimonia co tizón. Polo visto era un costume aprendido da súa nai, a cal viñera da Rioxa alavesa a vivir a Elgoibar.

Anos despois souben que as crenzas sobre os Gaizkinak e os trasgos ou outros personaxes mitolóxicos estaban aínda moi enraizados en moitos lugares de Euskal Herria. Estes trasgos malvados metíanse, ao parecer, pola noite na auga recollida das fontes, ou ben no café e outras infusións. Así entraban no corpo das persoas, producindo enfermidades e outros males.

Con todo, o remedio contra estes trasgos malvados era fácil: introducir na bebida un tizón! Para iso era especialmente indicado utilizar un tizón recollido no propio fogar.

A miña avoa, que era vasca e católica, utilizaba, polo visto sen sabelo (aínda que sempre me quedará unha pequena dúbida ao redor disto), un conxuro xamánico para espantar os trasgos malvados vascos do noso café.

Olivier Marliav, investigador occitano do folclore pirenaico, aconsella o seguinte a quen queira achegarse desde fóra á mitoloxía vasca: non cegarse ante a suposta dificultade e hermetismo do éuscaro, nin tampouco cos arcaísmos dalgúns campos da cultura vasca.

Da mesma forma que o éuscaro foi influenciado polo celta e o latín, foino tamén a mitoloxía vasca. Olivier, en efecto, vincula moi estreitamente a mitoloxía pirenaica e a vasca, pois non hai dúbida ningunha sobre a extensión histórica do éuscaro nos Pireneos, é dicir en moitas zonas do actual Aragón, Cataluña e Occitania.

A través dos séculos, pasaron por Euskal Herria e os Pireneos infinitas culturas e pobos. Algúns non tiveron demasiada influencia, outros en cambio deixaron grandes achegas. Todo iso a pesar de terse conservado a través de miles de anos o núcleo da cultura vasca, o mesmo que a súa lingua. Por baixo de todas estas influencias permaneceu unha base orixinal e ancestral. Esta capa subterránea está unida ás crenzas xamánicas dos pobos preindoeuropeos de Europa, por exemplo, lapóns e livóns.

Relación que, como é sabido, ten por outra banda influencia en todos os campos da mitoloxía vasca, incluído o do noso personaxe: o lobo. O cal nos permite iluminar certos temas da nosa mitoloxía, baseándonos na dos pobos preindoeuropeos.

Hoxe en día o noso lobo totémico, xunto co resto de deuses e deusas do antigo panteón vasco, os espíritos do bosque e as crenzas xamánicas, caeu, tras centos de anos de catolicismo, do seu alto trono ao chan. Así, as antigas divindades e espíritos animistas, pasaron primeiro a converterse en “diaños” cristiáns, para non ser logo máis que “puras supersticións”.

Foi especialmente durante as primeiras décadas e até mediados do século pasado cando se recolleron os restos dispersos das antigas crenzas de Euskal Herria. Para entón, o conxunto das crenzas vascas estaba xa bastante desgastado como consecuencia das influencias externas. O “sistema mitolóxico vasco”, mencionado por W. Humboldt no século XIX atopábase, pois, para daquela, moi alterado.

En moitos casos tratábase de anacos narrativos inconexos, moi transformados de resto. Doutra parte, moitos famosos investigadores do folclore vasco que recompilaron estas crenzas, eran curas. De tal forma que o filtro católico tivo un dobre efecto no proceso de



recompilación das nosas vellas crenzas: o do adoutramento sufrido por labregos durante séculos, e o do propio posicionamento do investigador. Non parece moi apropiado o feito de que un investigador poña sistematicamente a etiqueta de “superstición” a todo o relatado polos seus informadores sobre as antigas relixións. Todo iso, por suposto, desde a ditadura da súa propia fe católica. Para redondear esta situación, o que non conseguiu destruír o cristianismo, conseguírono destruír finalmente, e en cousa de poucos anos, a posmodernidade e a televisión.

Os contos e vellas lendas contadas arredor do lume familiar non atraen as novas xeracións pero, quedan seica entre nós casaríos que de verdade merezan tal nome? Ou xa non hai senón grandes unidades de traballo para producir leite ou carne, habitadas por persoas que, a pesar de vivir no campo, teñen unha mentalidade completamente urbana?

Internet chega sen problemas até a chabola de pastor máis afastada, e o avó que di ver de novo voar a Mari sobre o seu carneiro conducindo a tormenta, cala avergonzado ante os seus netos, convencido de que se rirán del se conta semellantes cousas.

O mesmo lle ocorreu ao lobo. Perdeu toda connotación animista ou totémica, converténdose, no mellor dos casos, nun mero animal salvaxe que debe ser protexido debido á súa importancia ecolóxica, e no peor, nun eterno inimigo dos pastores que carece de desculpa ningunha.

Para as institucións vascas por outra banda, o lobo é un tema que aburre e anoxa, posto que estas vense atrapadas entre os gandeiros que esixen a súa total extinción e as iniciativas dos ecoloxistas por protexelo.

O mito do lobo, como outros tantos mitos, caeu. Pero que é o que a pesar de todo revolve o humus da nosa conciencia cando falamos del?

Talvez, pero só talvez, porque sen saber nada de todo iso, a carga de moitas xeracións que levaban enraizadas dentro as crenzas xamánicas, aínda está viva na nosa forma de pensar, máis viva do que estamos dispostos a recoñecer. Como ocorría no caso da nosa avoa de Elgoibar e a súa pequena cerimonia de introducir un tizón no café.

## **O LOBO TOTÉMICO DO PALEOLÍTICO E A ANTIGÜIDADE VASCONA**

O lobo non é animal que apareza tanto coma outros na arte rupestre franco-cantábrica, nin nas pinturas das covas. E isto a pesar de que na arte rupestre atópanse frecuentemente pinturas doutros animais salvaxes como bisontes, uros, cabalos, renos, e un longo etcétera. A zona en que se localiza esta arte rupestre franco-cantábrica, correspóndese de resto coa da extensión principal dos topónimos vascos, ou protovascos.

A pesar de que a presenza do lobo nas pinturas rupestres é tan exigua, sabemos por medio doutros restos arqueolóxicos atopados que o lobo era animal moi común nos tempos en que se realizaron tales pinturas.

Con todo, algunhas destas obras de arte son moi interesantes. Mencionarei unha que se atopa moi preto de onde vivo, a escasamente un quilómetro: a da cova de Altzerri en



Aia. Nesta cova recentemente designada Patrimonio da Humanidade, encóntrase unha pintura enigmática que os expertos consideran un lobo, xunto con bisontes, raposos, cervos, uros e cabalos.

A fin de relacionar o nome do lobo cos restos arqueolóxicos atopados, “Izena, izana” (o nome é o ser)..., mencionaremos tamén as covas baixonavarras de Otsozelaia (campo do lobo, en éuscaro) e as de Isturitz, onde apareceu unha imaxe de lobo gravada nun óso.

Tamén é interesante, pola súa forza e a súa beleza, a pintura do lobo da cova de Font de Gaume.

### Os ilerxetes e o lobo

Os ilerxetes foron un pobo anterior á romanización, asentado nunha zona entre o Pireneo oriental e a parte baixa do val do Ebro. A pesar de que a historia oficial os sitúa dentro da cultura ibérica, é necesario dicir que os ilerxetes, polo menos os asentados nos Pireneos, con toda probabilidade falarían un éuscaro antigo. Así nolo confirman os traballos do filólogo catalán Corominas, que demostran, baseándose nos nomes actuais de poboacións (polo tanto, na toponimia principal), que nalgúns zonas habitadas polos ilerxetes a porcentaxe de nomes vascos é moi alto. Dun quince por cento na zona do baixo Ribagorza, e do trinta e cinco por cento no Alto Ribagorza, por exemplo. Sen ter en conta a antiga toponimia de montes e ríos, repleta de nomes vascos que, como ben sabemos, dificilmente cambia.

Os ilerxetes tiñan o lobo por animal totémico, e o éuscaro antigo por lingua. Así, antes da conquista romana, puñan nas moedas acuñadas por eles ao “lobo ilerxete”. Mencionaremos aquí que os ilerxetes pelexaron con ardor cos romanos.

Tras a vitoria romana, o lobo desapareceu das súas moedas, pero máis tarde este reapareceu, a saber, como “loba romana”, ama de cría mítica de Rómulo e Remo. Os romanos servíronse das vellas crenzas dos ilerxetes para colocar a súa relixión oficial por riba da relixión dos vencidos. O mesmo faría máis tarde a relixión cristiá, cando conseguía erradicar de vez crenzas anteriores.

Pero, como veremos tamén máis adiante, igual que no caso do cristianismo, as antigas crenzas vanse mesturando coas novas, sobrevivindo a miúdo en capas inferiores, as cales constitúen o humus que irá alimentando o antigo imaxinario popular.

Polo visto, o lobo era un animal totémico tamén entre os xacetáns (igualmente vasco-parlantes) do Pireneo occidental, veciños dos ilerxetes.

Así as cousas, temos bastantes elementos como para pensar que en tempos antigos o lobo era un animal mítico dos Pireneos influenciado pola cultura vasca.

Parece ser que a adoración do lobo, un deus-lobo talvez, estaba moi estendida entre moitos pobos prerromanos de Iberia, un deus-lobo relacionado coa noite.

Doutro lado, na outra punta de Euskal Herria ou Vasconia, na fronteira occidental, nas terras que estaban entre os pobos cántabros e os autrigóns, temos que mencionar o pobo de Zurita e a súa lápida prerromana. Aparecen aquí dúas imaxes humanas ante un xinete, vestidas con pel de lobo. Vincúlase aquí o lobo con divindades do inferno. Non estamos



falando neste caso do inferno cristián, senón do doutras mitoloxías, que non é senón a residencia dos mortos. Estas divindades coidan da residencia dos mortos, ou conducen os espíritos dos mortos até alí.

Ramón Grande del Brío, que investigou en profundidade a bioloxía e mitoloxía do lobo ibérico, e a quen citarei a miúdo neste texto, di o seguinte: a adoración do lobo estaba máis enraizada e perdurou en maior medida entre os pobos da Península que sufriron menor romanización. Menciona ademais o caso de Euskal Herria, cuxo mundo de fantasía resulta moi orixinal, e está claramente relacionado co doutros pobos de Europa que sufriron en menor grao a romanización.

Xa o di o refrán popular: “Atzerri, otserri” (Terra estranxeira, terra de lobos). Pero algunhas terras estranxeiras como Laponia, Livonia, Finlandia... resultan ser amigas moi prezadas á hora de entender mellor o tema da mitoloxía do lobo entre nós, tal e como veremos máis adiante.

## **NOMES DE PERSOA RELACIONADOS CO LOBO, OU CANDO O NOME DO LOBO ENMEIGA A PERSOA**

“Otsoa, non aipa han gerta” (Noméase o lobo, e este aparece), di o refrán revelando así o carácter máxico do lobo. En Galicia dise tamén: “Lobishome falado, e lobishome ao lado”.

Nas culturas xamánicas está moi estendido o tabú que prohibe mencionar os animais considerados poderosos ou perigosos. Con máis razón en Euskal Herria, onde un dos alicerces da mitoloxía é a crenza seguinte: “Izena duen guztia omen da” (Todo o que posúe nome existe).

“Ser, nome”, de aí a importancia e a forza dos nomes á hora de nomear as cousas e os seres, ou de non nomealos.

A lista de nomes e apelidos vascos relacionados co lobo é moi longa. Probabelmente, ao utilizar o nome do lobo, tratábase de transferir á persoa a forza e carácter máxicos daquel.

Na Euskal Herria da Antigüidade, moitos dirixentes, en xeral guerreiros, chamábanse “Otsoa” (lobo), ou ben “Lupus” e “Lope”, na súa forma latina ou romance. Moitos deles utilizarían probabelmente as dúas formas.

Tamén foron moitos os señores feudais da Idade Media que adoptaron estes nomes derivados do lobo, por exemplo, o Señor de Biscaia, da poderosa familia dos “Lope de Haro”.

Moito antes ca eles, e con posteridade á caída do Imperio Romano, os duques de Aquitania e Vasconia tamén adoptaron os nomes de Otsoa e Lupus no século IX, e até anteriormente. Foron tempos en que as antigas crenzas e costumes volveron con maior forza a Euskal Herria, en tanto os vascos gozaban de certa unidade política. O mesmo éuscaro adquiriu unha grande extensión xeográfica descoñecida desde a súa ignota orixe. Sempre baixo o mandato de dirixentes vascos de nome “Otsoa” ou “Lupus”. Un fito máis para o lobo totémico dos vascos.



Otsoa, Otsanda, Otsando, Otxoanda, Otxoitza, Otzaurte, Ozana, Otzeta, Oxel, Oxar e Otsarra, Otsakar, Otsantze, Oxando, Osondoa, Ochoco (Otsoko), nome este último que aparece nunha inscrición aquitana de época romana..., todos eles antigos nomes de persoa que teñen que ver co lobo. Algúns perduraron até os nosos días, e uns cantos comezaron a ser utilizados de novo para os nosos nenos, a pesar de que a miúdo os pais non coñecen o seu significado.

Podería ser que Onso e Onsa fosen desa mesma raíz. Estes nomes aparecen nalgunhas inscricións latinas atopadas entre a Rioxa e Soria. Segundo o filólogo Gorrotxategi estes dous nomes teñen unha característica do antigo éuscaro: Ons-o sería o masculino polo seu “o” final, mentres que Ons-e sería o feminino debido ao seu “e” final.

Sen esquecer tampouco o pobo do PrePireneo aragonés de nome Lobera de Onsella. Nesta zona o éuscaro non desapareceu por completo até hai escasamente un século.

Neste caso atoparíamonos probablemente cun tautopónimo, como ocorre, por exemplo, coa Pena Karria de Gaubea, ou ben co máis coñecido La Bal de Aran.

Todo iso daríanos información sobre certos cambios fonéticos ocorridos no nome do Lobo a través dos séculos. Algúns unidos ao antigo éuscaro, por exemplo, Osso, On(t)so (existe un Ontsaran–Ousasen en Araitz, e un Ontsaria no Val de Bertiz e en Elorriaga, entre outros), ademais de Ortso, do que falaremos máis adiante.

O apelido Otsoa está tamén moi estendido hoxe en día en todas as rexións de Euskal Herria. Outros apelidos de menor extensión son ademais Otsotorena, Otsoteko, Osoro, Otsokain e Otsaeta, pero existen máis. Tamén atopei o apelido Ortsoa, bastante raro e interesante, como veremos tamén máis adiante.

Por outra banda o apelido Otsoa atopábase e atópase bastante estendido fóra da actual Euskal Herria, en zonas de influencia do éuscaro, por exemplo A Rioxa. Aquí tamén temos o medieval Oggarte (Otsarte).

O profesor Ramón Grande del Brío vincula así mesmo a frecuencia do apelido medieval Lupus en Lleida (a antiga Iltherda dos ilerxetes) á sobrevivencia de certa adoración do lobo. Outro tanto podemos concluír para Euskal Herria, pero até con aínda maior intensidade.

Para terminar cos nomes de persoa vascos que teñen que ver co lobo, citarei unha cuestión abordada polo investigador Javier de Hoz. Nas ruínas da cidade ibérica Ullastret (Xirona), apareceron nomes de persoa escritos con caracteres ibéricos, sen que tales nomes fosen claramente ibéricos. De aí deduce De Hoz que a poboación falaría outro idioma diferente do ibérico. Osato é un deles. Xuntos a estes aparecen tamén outros nomes de connotacións vascas, como son, por exemplo, Lasbe e TibaRSar. (O “R” e o “S” describen os sons “r” e “s” da escritura paleohispánica).

Podería ser, polo tanto, que no caso deste nome de Osato presente en Ullastret, se tratase do primeiro nome coñecido que tivese a raíz “Otso”. Terminado en “o”, tal e como o profesor Gorrotxategi subliña para o Ons-o prerromano da Rioxa, sendo esta a forma masculina.

Non pode, pois, negarse a existencia dun compoñente relacionado co lobo e o seu significado totémico na nosa onomástica vasca. Como din en Zuberoa: “Otso larrürik jaunts ez dezala, ez valdin badük entzun nahi otsoa hizala” (Non vistas pel de lobo, se non queeres que te chamen lobo).



## O LOBO NA HERÁLDICA VASCA

Sen dúbida, en Europa somos os vascos o pobo con maior densidade de presenza do lobo ten nos seus escudos, tanto nos das nosas familias como nos dos nosos pobos.

Nun trinta por cento dos escudos de apelidos vascos aparece o lobo. Unha porcentaxe claramente maior que nos pobos da contorna. É evidente que non pode tratarse de pura casualidade. Esta característica da heráldica vasca revela un antigo culto ao lobo moi enraizado, que máis tarde pasaría á heráldica de pobos e apelidos. É coñecido, doutra parte, o grande significado simbólico da heráldica.

Especialmente nos escudos de Biscaia é abundante o lobo, mencionándose neste contexto a influencia de “Lope de Haro”, Señor de Biscaia. Como di o refrán: “Otsoa aital ondoan. Bertan Bilbo!” (O lobo xunto á porta. Aí tes Bilbao!).

## NOMES DO LOBO EN ÉUSCARO

Non puiden atopar un tal Joanes Otso (Xoán Lobo) entre as vellas historias de Euskal Herria.

O nome de Joan ou ben, Joanes, sempre estivo ligado á maxia, a aqueles humanos que tiñan capacidade para converterse en lobo ou oso, ás datas máxicas dos solsticios, á cor vermella e aos homes lobo dos pobos do noso arredor.

Iso si, os vascos temos un tal Joanes Hartza (Xoán Oso), medio oso, medio rapaz, pero ningún Joanes Otso (Xoán Lobo). Con todo, si que aparece nos contos e vellas cancións un tal Joan-loup, naquelas rexións da Gascuña onde estiveron outrora os vascos.

A pesar de que resulta asombroso, en éuscaro o lobo chámase así (“otso”) en todos os lugares de Euskal Herria. Non se utilizou sobrenome ningún, como no caso doutros animais salvaxes, ou como ocorre noutras zonas da redonda (por exemplo, en Galicia hai recollidos uns sesenta nomes diferentes de lobo), nin ningún sobrenome mítico, tal e como ocorre co oso, nin ningún nome estranxeiro que enchese o baleiro deixado polo tabú.

“Hartza” (oso) pola súa banda, vén da palabra celta “Arth”, é un préstamo, pois nomear o oso era tabú. Á fin e ao cabo os vascos, polo menos os do sopé do Pireneo occidental, somos descendentes do oso. O oso é o noso antepasado, ou por mellor dicir, os nosos antepasados foron unha tribo de osos que, ao parecer, tiraron a pel. As crenzas animistas sobre o oso abarcan un grande anaco do Pireneo.

Neste sentido, seica os ilerxetes e xacetáns, sendo entre eles o lobo a divindade principal, tiñanse á súa vez por descendentes deste. Talvez os seus antepasados fixeron tamén o mesmo, e tiraron a pel dos lobos arrubiados para converterse en humanos.

Doutro lado, como xa dixen, en todos os dialectos do éuscaro o nome dado ao lobo é un, a pesar de que é sabida a gran diferenza que existe, tamén polo que se refire ao vocabulario, entre os diferentes dialectos do éuscaro.





Así por exemplo, a ra chámase “igela” en Aia, o pobo de Guipúscoa onde vivo, pero “xakela” no próximo Azpeitia. En Elgoibar é “ugaixo”, mentres que en Aramaio é “ugera”. No biscaíño val de Arratia é “txuberaxue”, pero en Aezkoa (Nafarroa) é “negala”.

No caso do morcego aínda son máis rechamantes as variantes, empezando pola Baixa Navarra e o seu poético “gauenara” (andoriña nocturna), até chegar a certas zonas guipuscoanas onde se lle chama “argi-sorgin” (bruxa de luz).

En cambio, no caso do lobo, os cambios de dialecto a dialecto son mínimos. Como moito teríamos “otsua” (no canto de “otsoa”). Parece coma se o respecto debido ao animal limitase todas esas variacións tan frecuentes na nosa lingua.

Polo tanto, poucos cambios de lugar a lugar, e como di o refrán: “Otsoaren kumea, beti otsokumea” (O fillo do lobo sempre é lobeto).

### **Unha teoría propia sobre o vello nome do lobo, e o seu suposto carácter divino**

Existe unha raíz no antigo éuscaro, a saber, “or”, que é prefixo nuns cantos nomes de animal. De acordo con Txomin Peillen, da Academia da Lingua Vasca, os animais coa raíz “or” tiñan carácter totémico entre os vascos da Antigüidade.

“Orkatz” (corzo), “orein” (cervo), “or” (can) (ou “txakurra” nos dialectos orientais, máis adiante veremos o nome de “artzanor” ou can pastor), e tamén “orde” (hai que recordar aquí que “ordots” é un sinónimo de “aketz” ou porco macho nalgúns dialectos), que en “basurde” (basa orde?) convertería o “o” en “u”. En Urbasa está o topónimo de Ordutz, o pantano de Ordutz.

“Ortso” parece unha vella variante de “otso”, talvez sexa lobo en éuscaro antigo, perdendo o “r” co tempo, como no caso de “urzo” e “uso” (pomba). Na toponimia vasca, que sempre deita moita luz sobre estes temas, podemos atopar abundantes rastros deste hipotético nome antigo do lobo.

Na parte oriental de Nafarroa hai bastantes nomes de lugar con “Ortso”: Ortsarri, Ortsola preto de Luzaide, e noutros moitos lugares tamén Ortxola, Ortzegieta... As chabolas de Ortsola do Val de Erro serían tamén un caso de tautonimia.

A cima de Ortzanzurieta sitúase nun extremo da gran selva de Irati, entre Luzaide e Roncesvalles, ao bordo do camiño de Santiago, preto da misteriosa torre de Urkulu.

É fácil vincular este nome con dous topónimos próximos: as xa mencionadas chabolas de Ortsola, e Otxoleizea (cova do lobo). Non pode ser pura casualidade tal abundancia de “otso” e “ortxo” tan cerca un doutro, todos na mesma zona onde, ademais, existen tantas lendas arredor do lobo. Referirémonos un pouco máis adiante aos homes lobo de Luzaide.

Isto adquire maior relevancia, se temos en conta que Jose Maria Barandiaran consideraba a “Ortze” ou “Urtzi” como unha hipotética divindade de grande importancia dos antigos vascos.

O noso grande investigador do folclore vasco sustentábase para iso en dúas cousas. Por unha banda, o feito de que o viaxeiro e peregrino franco Armeric Picaud recollese o nome de “Urcia” entre os vascos do Pireneo navarro. Nome utilizado, en efecto, polos vascos para chamar a Deus, e recompilado xunto con outros vocábulos no pequeno dicionario de Picaud.





Ortzi, Ortzondo (“oztadarra” ou arcoiris), Ortz (“zeruko argia”, ou luz celeste), Ortziri..., hai multitude de palabras con esta raíz en éuscaro, por iso é polo que segundo Barandiaran, o chamado “Ortzi” ou “Urtzi” fóra talvez unha divindade celeste. Até tiña dous días da semana dedicados a el, “ortzeguna” (xoves) e “ortziralá” (venres).

A miña dúbida é a seguinte: ten seica algo que ver leste “Ortzi” con “Ortso”, é dicir, co lobo?

Anuntxi Harana (e non é a única), pon en dúbida que ese “Urtzi” recollido por Picaud sexa o deus principal dos vascos, resaltando o seguinte: que a pregunta foi feita aos navarros de Roncesvalles, e que talvez estes, ao ser preguntados polo seu Deus, sinalaron cara á cima de Ortanzurieta que se atopa por riba de Roncesvalles. É coñecida a vella tendencia dos vascos a ter os seus deuses e deusas por habitantes das cimas das montañas, tal e como, por exemplo, ocorre con Mari.

Así as cousas, no caso de Ortanzurieta podería tratarse da residencia dunha divindade local, chamada “Ortzo” ou ben “Ortzi”. “Ortzo zuria” (lobo branco)? O cal estaba preto de Osoleizea (cova do lobo), e tamén ás mencionadas chabolas de Ortsola?

Desta forma “Ortsoa”, segundo a miña humilde teoría, quedaría vinculado a unha divindade do ceo (“ortze”). Esta sería ademais un lobo branco.

Na mitoloxía vasca é moi frecuente que algúns animais sexan a encarnación de Mari, a gran deusa. Así o voitre leonado, o voitre branco, o morcego, moitas veces tamén a vaca rubia...

O marido de Mari é Sugar, “suge arra” (serpe macho), que toma forma de serpe xigante. Hai unha infinidade de contos sobre as serpes na mitoloxía vasca, e estas aparecen nas nosas crenzas desde os tempos da arte rupestre.

Os “gaizkinak” (seres malévolos) adoitan ter forma de cabeza de galo, e os “mamarruak”, de insectos.

Os “idittuak”, un tipo de trasgos malvados, collen a forma de pequenos porcos para atacar a xente polas noites.

O Basajaun ou señor do bosque ao que aludiremos máis adiante, vincúlase tamén ao oso. O Barasajaun aragonés pola súa banda ten unha pata que é como a garra do oso.

Tendo en conta todo isto, non sería estraño considerar o lobo como unha reencarnación daquel Ortzi, cousa corrente por outra banda noutras mitoloxías europeas. Os lobos Geri e Reki da mitoloxía escandinava e xermánica sentan á beira do deus Odin, e o lobo Fenrir ten tamén grande importancia no seu mundo mítico.

Odin é o deus solar desta mitoloxía, pero así mesmo quen guía as tormentas. En éuscaro ao raio chámasele ademais de “tximist”, “ortziri” e “ortzantz”, á tormenta, ademais de “ekaitz”, “ozti”, e á luz celeste “ortzi”. Segundo Barandiaran e outros investigadores, todas estas palabras tiveron no seu día un matiz relixioso en éuscaro. Engádesse que expresións como “euria ari du” (chove), ou ben, “elurra ari du” (neva), e non “euria ari da” (como se esperaríase), están así mesmo vinculadas a unha adoración debida ao deus ou á deusa do ceo (“Ortz”).



En multitude de mitoloxías (do vello Exipto a Siberia), o deus divino é ao mesmo tempo deus da tormenta e do raio, mentres que o lobo aparece relacionado con simboloxías solares, sendo tamén quen guía a tormenta.

Os cans do noso Mateo Txistu que traen canda si terríbeis tormentas, son curmáns daqueles lobos de Odin que producían as tormentas, e é sabido tamén que en moitas crenzas, a miúdo os lobos se confunden cos cans, ou uns substitúen os outros.

Tamén en Euskal Herria o lobo mítico vai correndo polo ceo detrás das nubes, como veremos máis adiante ao falar dos entroidos que teñen que ver co lobo.

O nome medieval de Orkoien, preto de Iruña, era Orcheien ou Orchardue noutros escritos (sen a deformación romance “ue” de Ortsandoi). Orzandue é tamén un pequeno pobo medieval preto de Jaca, sen esquecer tampouco Orzasso e Orzaize en Zuberoa, utilizado como antropónimo. A selva de Orzau é o nome dun bosque de Erroibar.

En total hai uns 100 topónimos en Euskal Herria, na parte oriental especialmente, coas raíces “Ortso”, “Ortxo”, “Orzo”, ou similares. Demasiados casos para ser pura casualidade. E moitos deles coinciden ademais coa toponimia do lobo. Ortse, Ortzegi, Ortzegieta..., sen esquecer Urtsuaran en Idiazabal (unha variante de Ortsaran?) baixo o porto de Otzaurte, e tamén o casarío de Donostia chamado Ortsoio.

Temos en Orio un barrio chamado Ortzerioeka (de escuro significado), que os do lugar chaman Ortzaika, sen máis. Tamén un casarío chamado Orzekau en Abadiño. Ortzerikaldea en Azpeitia, logo o río e chaira de Ortzabiko en Hernani (recordemos así mesmo o frecuente topónimo de Otsabio)...

Merino Urrutia, a quen me referirei máis adiante, cita ademais uns cantos na Rioxa.

A partir da toponimia preséntasenos a antiga forma de “Ortso” para designar o lobo. Imposíbel tamén que isto sexa pura casualidade.

É coñecido que onde hoxe en día aínda se fala éuscaro, consérvanse topónimos dun éuscaro máis antigo ou protoéuscaro. Por mencionar algún: “Kar–Gar”, “Ara”, “Batxe”, “Is”, “Iz”... Aínda que é máis moderno, temos tamén o exemplo de “ira” (fieito), que no seu día estivo estendido por toda Euskal Herria, e actualmente foi substituído en moitos lugares por “garo”. Da mesma forma ocorre con “ipuru” (xenebreiro) e “orre” (xenebreiro).

Por suposto que algúns de entre todos os topónimos mencionados poden non ter nada que ver co lobo. Podería ser tamén que nalgúns “Ortza” se tratase, sen máis, de monte de follaxe (“hostotza”). Pero en moitos casos a relación parece o bastante clara como para confirmar a teoría de “Ortso–otso”.

De calquera forma, adoita ser perigoso defender novas teorías ante “expertos” que defenden o seu terreo como o fan os lobos. Especialmente cando se toca un nome tan mítico como o de Ortzi. Imposíbel esquecer aquí a sabedoría do vello refrán: “Otsoa zulotik ateratzera ez joan lehendabizikoa”. (Non vaias o primeiro sacar o lobo do seu tobo).



## O LOBO NA TOPONIMIA. NOMES DE LUGAR ENMEIGADOS POLO LOBO

A toponimia é a ciencia dos nomes xeográficos e, como dixemos, na antiga cultura vasca o nome ten grande importancia á hora de definir o ser. Nomear é, dalgún xeito, enmeigar.

Así as cousas, un pobo ou unha rexión vincúlase ao lobo a través do nome.

Dar a unha rexión, a un pobo, un nome que contivese a raíz “lobo”, significaba darlle para sempre o encanto do animal, ou ben, deixalo na sombra. Os topónimos recordarán as andanzas do lobo por algún lugar, ou os seus costumes, ademais de deitar luz sobre outras cuestións relacionadas co animal e a súa mitoloxía.

A toponimia que ten que ver co lobo é especialmente ampla en Euskal Herria. Só na Alta Navarra dei con máis de 900 topónimos que teñen a raíz de lobo. Entre eles, evidentemente, os formados con antónimos como “Otsando”. Se se engaden outras derivacións como “ozo” (Ozazulo), “otxo”, “otto”, etc., facilmente se exceden os mil trescentos topónimos no sur de Euskal Herria, aínda que seguramente estes serán moitos máis, Ademais en Nafarroa poden atoparse outros cento cincuenta máis formados con “lobo”, en zonas onde o éuscaro se perdeu hai moito tempo.

Todo iso sen ter en conta os topónimos transformados polo paso do tempo e o avance dos diversos romances. Así por exemplo o monte Otsati, en Artziniega, aparece escrito como Uchati. Por outra banda Ozazuloa en Legazpi, que en 1650 atopámolo escrito erroneamente deste xeito, e que hoxe en día é tamén Otsazuloa.

Os nosos topónimos, apoiándose sempre nunha forte tradición oral, levaron a miúdo unha “heroica” batalla contra as transcricións feitas por secretarios que descoñecían o éuscaro.

Aínda que en Euskal Herria a toponimia asociada ao lobo é moi ampla, en lugares fóra de aquí que recibiron influencia do éuscaro atópanse tamén numerosos topónimos relacionados co lobo, por exemplo o río Osia, afluente do Suborde en Aragón, ou a aldeña abandonada de Osia. Ossale, Ossan e Oseja son tamén nomes de pequenos pobos medievais aragoneses.

Merino Urrutia, no seu libro *El vascuence en la Rioja y Burgos*, menciona algúns topónimos e antónimos da zona setentrional da Rioxa e Burgos onde antigamente se falaba o éuscaro.

Temos Ochando e Ozamendia no municipio de Ezkarai. En Ojacastro Ochita, **Orzaira**, Osarria, Ozaia e **Orzocolato**. Aquí de novo atopámonos con Orzo–Ortso, como no caso de **Orziera** de Santurdejo. E o pobo de Otsanduri (Oggando e Ogganduri en documentos medievais).

Otsaran e Otsaibar son topónimos moi frecuentes en Euskal Herria, pero tamén temos Otsagi, Otsandio (vinculado ao nome de Otsando), Otsabio, Otsabi, Otsondo, Otsalde e un longo etcétera. Para analizar todos estes nomes de lugar, necesitaríamos doutro artigo. De calquera xeito os mencionados aquí son suficientes para tirar a seguinte conclusión: o lobo enche a toponimia de Euskal Herria, e non unicamente a Euskal Herria de hoxe, tamén a de toda a zona onde algunha vez se falou éuscaro.



Eu pola miña banda, intentarei analizar os topónimos que recollen a mitoloxía do lobo e os relatos sobre este, xa que os nomes vascos de lugar son tamén unha fonte de información sobre a mitoloxía. Recordemos Miruerría, a Pena do Basajaun, Lamierríaga, Jentilbaratza...

En moitos casos, a pesar de desaparecer os relatos míticos sobre un personaxe nun pobo ou val, estes poden reconstruírse a través da toponimia. O cal resulta válido tamén para o caso do lobo.

Na cova de Otxabio en Lizartza e na de Otsibar en Iparralde, vivían ao parecer uns touros rubios sobrenaturais. Recordemos que as vacas e touros vermellos son reencarnacións de Mari, ou trasgos que gardan as covas de Mari.

Otsate e Otsoportilo son moi frecuentes e aparecen diseminados por toda a xeografía vasca. Son lugares vinculados ás crenzas sobre a porta (“ate”) ou portelo (“ateka”) do lobo. Lugares que os lobos utilizarían unha e outra vez como camiño de paso.

Púidose probar, por medio das investigacións levadas a cabo por Ramon Grande del Brío, que o que nun principio se tiña por lendas ou relatos populares, non eran senón costumes reais. Os lobos, na medida en que son os principais depredadores do ecosistema, non teñen medo a ningún outro animal, salvo ao home. Por iso é polo que utilizan sempre os mesmos camiños e lugares de paso (“otsate”).

Otsopasua, Otsopasa, Otsopasaje, Otsopasaketa, Otsataka, Otsarte, a porta de Otsagain, Otsagarate, o outeiro de Otsaberri (topónimo de significado escuro), Otsoen arratea (porta de pedra dos lobos), algúns Otsolepo (outeiro do lobo)... son outros tantos topónimos de idéntica orixe.

Deste xeito as lendas e os nomes de lugar adiántanse ás investigacións científicas, como ocorre coa “cociña dos lobos”. Esta cociña dos lobos é un lugar onde o grupo de lobos leva o apresado para comelo alí. Novamente o investigador Grande del Brío demostrou que tal crenza ten unha base científica.


Na toponimia de Euskal Herria non atopei ningunha cociña de lobos; si en cambio moitas chabolas de lobos, incluída a forma “Ortsola”, e tamén Otsazulo (tobo do lobo).

En Biscaia hai algúns casaríos de nome Otsoena, e dous Otsoro en Elgoibar, Otsoro Maior e Otsoro menor. En Arrasate hai un casarío de nome Otxoana. Parece que noutros tempos había entre nós bastantes lobos que eran campesións!

Na Idade Media o camiño de Santiago converteuse en “camiño de lobos”, non só porque os confrades canteiros que construían as igrexas ao bordo do camiño e as pontes, se chamaban a si mesmos “irmáns lobo” (escribiuse moito sobre este tema das confrarías de canteiros medievais e os “irmáns lobo”, e probabelmente se falará deles tamén nestas xornadas), senón porque ese antigo camiño de peregrinos, ese camiño de estrelas, era así mesmo un camiño de lobos.

É así como os antigos camiños humanos de peregrinaxe coinciden cos camiños de lobos. O topónimo Otsabide (camiño de lobos), tampouco é raro en Euskal Herria, e hai ademais uns cantos Otsango.

Non debemos esquecer tampouco ao falar de toponimia e de sucesos sobrenaturais a vila de Otsate en Trebiño.



Esta vila, alén de ser porta de lobos como indica o seu nome, é coñecido polas forzas telúricas e máxicas que se atopan seica nel. Aquí cóntanse moitas lendas e relatos sobre maldicións (a vila quedou abandonada tras unha grave epidemia), historias sobre pantasmas, sobre vehículos desaparecidos durante horas no triángulo das Bermudas, sobre estrañas luces e terribes ruídos nocturnos...

O montículo chamado Otsogorrigaina tráenos á memoria o significado máxico e mitolóxico que ten a cor vermella en éuscara. Por outra banda é curioso o feito de chamar a un monte “lobo”, e ademais, vermello (“gorri”). Desta forma o monte encárnase en lobo, do mesmo xeito que no caso do pequeno monte de Otsogorri en Uztarrotz, que non está lonxe tampouco de Ortzainzurieta. Tamén en Lesaka hai un Otsogorrienea. Mentres que Otzatx, ou “otsohaitz” (pena do lobo), é unha pena de Dima, habendo así mesmo un Otzarri en Oñati, e unhas cimas de Otsagarai que se atopan en Arrankudiaga e Galdakao.

Otsakar, Otsagarra, Otsomuno e Otsamendi, vinculan o lobo coas penas e as cimas, ou convértenas en “lobo”.

A cor vermella ten que ver en éuscara co salvaxe, e tamén con personaxes da mitoloxía. As vacas rubias, os “gorritxikiak” (pequenos trasgos encarnados), o can arrubiado de nome Mirukutana, os “galtzagorris” (calzas encarnadas)... Por iso é polo que aos lobos arrubiados de Otsogorrigaina e outros lugares se lles poida atribuír un claro significado mitolóxico. Citaremos novamente os lobos arrubiados no apartado dedicado ao “lobo devorador”.

Tamén son moi coñecidas as lendas e relatos ao redor das grandes reunións de lobos, e sobre os lugares en que esas reunións tiñan lugar. En éuscara temos respecto diso topónimias como Otsabiltzar e Otsabaltzar (assemblea ou reunión de lobos).

Outro mito é o do lobo solitario. En Euskal Herria dáselle o nome de lugar de Otsabakarregi (lugar do lobo só).

Outro topónimo interesante é o de Otsakumesoroa (campa de lobetos). Otsabista pola súa banda, tráenos á memoria a atalaia desde a que o lobo coida do seu territorio, pois o animal, aínda que nós non o vexamos, sempre está aí, esperando e vixiando.

Otzarreta é un casarío de Zarautz, e o muíño de Boriotso atópase en Asparren.

Acabaremos esta excursión polos nomes de lugar enmeigados polo lobo citando o topónimo Otsagatzelu (castelo do lobo) en Baztan, sen deternos. “Otso gosea ekürügaitz” (o lobo famento é difícil de tranquilizar): nós tamén estamos famentos por continuar investigando moitos outros temas ao redor da mitoloxía do lobo.

## O LOBO E OS NOMES DE PLANTAS

É significativo que ao arbusto *Sorbus aucuparia* (sorbeira), se lle chame en éuscara “otso lizarra” (freixo do lobo). Trátase dun arbusto de importancia na mitoloxía celta e a sabedoría druídica. É sabido que os druídas utilizaban bastóns feitos coa madeira deste arbusto, quedando deste xeito unido o lobo á sabedoría dos druídas.



Segundo algunhas lendas de Bretaña, os lobos foron alumnos dos druídas que levantaron os dolmens.

A raíz “otso-” en éuscaro, igual que ocorre con “basa-”, “mais-”, “asto-” e “asta-”, quere dicir planta salvaxe ou silvestre.

Outro nome para a cicuta é o de “otserri belarra” (herba do pobo de lobos).

“Otsalarra” (herba do lobo), é un tipo de hedra basta do aciñeiral cantábrico, que deu talvez lugar ao topónimo de Otsalarreta–Otzarreta.

“Otso–baba” (faba de lobo), é o nome dunha roseira silvestre de Erronkari.

Existe un fungo chamado “otso–putza” (peido de lobo), que ás veces alcanza gran tamaño. Se se pisa unha vez seco, a espora libera unha especie de nubeiriño pardo.

No medicamento popular utilízase “otso–buztana” (cola de lobo).

“Otso–mahatsa” (uva de lobo) é unha planta que dá pequenos froitos vermellos.

Así terminamos este pequeno capítulo dedicado ao lobo e aos nomes de plantas. Xa o di o refrán: “Otsailak (otsoen hilabetea) belarra, berak ekarri eta bera galdu” (Febreiro —mes do lobo en éuscaro—, trae a herba e el mesmo a perde).

## O LOBO NOS REFRÁNS

Como fomos vendo a través do texto, o lobo aparece moitas veces nos refráns vascos. Gotzon Garate recolleu máis de cen no seu completo libro de refráns titulado *Atsotitzak*.

Hai un refrán que di: “Ohian orotan otso bana” (En cada bosque un lobo). E con el tamén, atopamos un significado máxico oculto e mitolóxico en moitos refráns.

Tamén o lobo ten medo das forzas sobrenaturais, tal e como deixa claro un refrán roncalés: “Elur gaineko hego haizeak, otsoa ere beldurtzen du”, (Vento sur sobre a neve, asusta até ao lobo). Sen dúbida, debe de tratarse dun vento horribel.

É tamén moi coñecido o refrán —nas súas diferentes variantes segundo dialecto— antes mencionado “Otsoa aipatu eta otsoa agertu” (Nomear o lobo e aparecer este, é todo un).

“Otsoa senar dagianak, beti oihanerat beha” (Quen toma por esposo o lobo, sempre está mirando ao monte). Quen é a misteriosa esposa deste lobo? Talvez a esposa dun home–lobo?

“Otsoak ez du negua jaten” (Ao inverno non o come o lobo). Ou talvez si, como veremos máis adiante no capítulo dedicado aos entroidos vascos e as crenzas xámicas sobre o lobo.

“Otsoekin ibiliz, ikasten dá uhuriz” (Andando con lobos apréndese a oulear). Nos procesos medievais da Inquisición contra a bruxaría e os homes lobos, moi a miúdo menciónanse supostos casos de homes lobo que “ouleaban cos lobos”.

Nós continuaremos agora coa nosa viaxe a través dos mitos arredor do lobo, pois como di o refrán: “Otsoen beldur dena ez bijoa oihanera” (Quen teña medo do lobo, que non vaia ao monte).



## A ORACIÓN DO LOBO

Non atopei aínda ningunha referencia a unha hipotética oración dedicada ao lobo, é dicir, ningún conxuro do tipo que Txomin Peillen, o académico da lingua de Zuberoa, denomina “oración do oso”, utilizada para afastar este animal do rabaño.

Peillen, quen estivo investigando o animismo en Zuberoa, tráenos á memoria as historias, escoitadas ao seu pai, sobre aquilo que os pastores facían para protexer ao rabaño dos osos. *“Que difícil era afastar o oso, ben facendo lumes ao redor do rabaño, ben disparando ao aire pola noite, e utilizando grandes mastíns brancos capaces de enfrontárselle. Entón díxome que os anciáns rezaban unha oración, “a oración do oso”, pero non recordaba as súas palabras, nin tampouco se ía dirixida ao oso, ou a Deus”*.

Desde logo, é moi posíbel que no seu tempo existise tamén unha “oración do lobo” para protexer o rabaño dos lobos. Sábese que nos Pireneos, nalgúns lugares polo menos, existiu unha “oración do raposo”.

De calquera forma é máis poderoso o lobo que o oso polo que se refire a crenzas populares. “Otsok hartzari min leyo” (O lobo pode facer dano ao oso), é dicir que, a pesar de ser máis forte o oso, o lobo pode facerlle dano.

Nas festas de Entroido de “Otsabilko” ás que nos referiremos máis adiante, conservouse un “baile do raposo”. O sentido deste baile era, no seu tempo, acougar as astucias do lobo. É posíbel que outrora existise tamén unha “danza do lobo” con ese mesmo fin. Ou que a mesma “danza do raposo” proviñese dunha dedicada ao lobo, tras desaparecer este e quedar o raposo como único inimigo dos campesiños. Tales substitucións son moi frecuentes no folclore, e é interesante remarcar que este “baile do raposo” báilase precisamente nas festas de Otsabilko.

## O LOBO E OS CANS PASTOR

Imposíbel falar do lobo sen mencionar o seu acérrimo inimigo de sempre, o can, e para dicilo con maior exactitude, o can pastor. Estes cans pastores teñen en todo o Pireneo e en Euskal Herria unha mitoloxía propia.

Entre nós existiron dous tipos principais de can pastor, bastante parecidos, os de Nafarroa e os dos Pireneos.

Os cans pastor son nos documentos antigos alaveses “artzanoak”, mentres que en Gipuscoa son “artzakoak” e “artzatxakurrak”. Con esta especie de xogo de palabras, “hartza (oso)–txakur (can)”, derivado probabelmente a partir de “artzain (pastor)–txakur (can)”, alúdese tamén ao aspecto de oso propio desta raza de cans.

Protexidos cun collar de puntas de ferro, estes cans protexían os rabaños de ovellas, o casarío e os pobos de Euskal Herria e os Pireneos.

Tamén coñecín estes cans na nosa casa. Acórdome en especial dun chamado Orhi, que pesaba noventa quilos e verdadeiramente parecía un oso.





Nos pobos das alturas, nas granxas pequenas das zonas montañosas de Nafarroa e Araba, no camiño intermedio entre os casaríos e os pobos, este tipo de cans eran propiedade comunal. Por estas zonas a súa cantidade adoitaba ser de tres (un número máximo por outra banda). Tales cans ocupábanse de escorrentar das aldeñas a todo visitante non desexado, tivese catro ou dúas patas.

Segundo unha vella lenda, a citada raza de cans xurdiu da mestura entre o oso e o lobo. De modo que estes cans enormes teñen o ser de dous animais míticos, só que neste caso están ao servizo do home.

Ao falar da arte rupestre, non citamos a cova de Volp, onde no monte chamado do “deus con cornos” existe unha pintura moi misteriosa. Aquí atopamos pintado un animal híbrido, con cabeza de lobo e corpo de oso. Seica se trata do antepasado mítico do noso can pastor?

“Otxaburu” é o máis coñecido dos cans pastor da literatura vasca, creado por Arturo Campión para a súa obra *Itzaltzuko koblakaria (O bardo de Itzaltxu)*.

Otxaburu era o can pastor da hospedaría de peregrinos en Orreaga (Roncesvalles), xunto ao camiño de Santiago. (De novo Orreaga, Luzaide, Ortanzurieta...). Acompañado doutros cans como el, patrullaba por alí para protexer os peregrinos dos ataques dos osos e outras animalias. Debido á súa lealdade para cos bardos de Itzaltzu, o marabilloso Otxaburu morrerá finalmente defendendo o seu amo dos ataques dos lobos.

Desde logo, máis nos vale ter un bo can pastor de compañía para esta viaxe a través do mundo máximo do lobo. Tal e como di sabiamente o refrán: “Otsoen artean, zakurra alboan” (Entre lobos, hai que ter o can cerca). Eu pola miña banda seguirei adiante, baixo a protección do noso Orhi.


## PERSOAS COMIDAS POLO LOBO. O LOBO DEVORADOR

O mito, ou realidade, do lobo devorador de humanos esténdese por toda Europa, e ten, sen ningunha dúbida, o seu máximo expoñente en Gévaudan e a terríbel historia de *A besta de Gévaudan*. Coñeceu moitas versións literarias, e unha cinematográfica titulada *O pacto dos lobos*.

En Euskal Herria atopamos algunhas lendas e relatos sobre este tema. Unha vella canción de berce di así: “Bolon bolon uztaie, otsoak jan du artzaie, otsokumeak axuri-zaie, adios gure artzaie” (Redondo é o aro, o lobo comeu o pastor, os lobetos añaños, adeus ao noso pastor”.

Na zona das pedras de Arran no Gorbea, atópanse uns cantos menhires, talvez ruínas dun dolmen. Segundo unha vella lenda, trátase da tumba dunha pastora moza de Orozko, devorada polos lobos.

O mesmo se conta no pobo de Eterna, na fronteira con Burgos, sobre unha tumba que se atopa no monte Larrea.



No monte de Urbandi tamén foron lobos os que comeron a señora do casarío Amoskategi de Olaberri. Alí está unha tumba redonda chamada Arrikutz.

Segundo unha versión da lenda do “Santo da gruta” de Bidarrain, unha pastora que quixo perseguir o lobo arrubiado que comía os seus cordeiros (de novo un lobo arrubiado máximo) tirándolle pedras, meteuse naquela cova, quedando convertida en columna–imaxe de pedra. O “Santo da gruta” deu lugar a unha peculiar devoción na zona. Seica a moza rompeu algún tabú? Talvez o oso rubio apedrado era a reencarnación de Mari? Temos tamén neste caso unha relación bastante clara coa outra lenda.

En todos estes casos o que podemos observar é que a vítima dos lobos é unha muller, moza ademais. Por outra banda, a morte recórdase por medio dun monumento de pedra.

O feito de pór un recordatorio de pedra onde ocorreu unha morte violenta baséase nunha crenza xamánica sobre as tres almas, a pesar de que os que o fan hoxe non teñan ningún coñecemento dela.

Os seres humanos son donos de tres almas, unha delas, a ósea, pode quedar apegada ao lugar onde ocorreu a morte, dando lugar a unha pantasma, caso de ser unha morte violenta. Porque a morte ocorreu antes de tempo, e porque o corpo que foi o seu sostén físico desapareceu.

Esta crenza ao redor das tres almas ou espíritos está moi estendida nas vellas culturas de Europa, especialmente nos pobos preindoeuropeos que citamos anteriormente. Unha das almas é unha especie de gardián dos espíritos, que se herda tamén entre os familiares. A segunda é o par que estamos analizando agora, ou mellor dito, o par de óso. Está unida aos ósos do corpo e aparece nas crenzas xamánicas (e en moitos relatos e contos de Euskal Herria). Ás veces tamén é chamada sombra. Tamén os animais a posúen. A terceira sería o propio espírito de cada un, máis cerca da alma cristiá, e que é a que se reencarna nas crenzas xamánicas.

Así as cousas, non hai dúbida de que o monumento de pedra, é dicir, aquelas sepulturas de pedra que en Euskal Herria toman figura humana (chamadas así mesmo “homes de pedra”) tiñan esa función: atrapar a “sombra” dos mortos, no noso caso a dos mortos polo lobo, para que non se convertesen en pantasma. Tomaban, polo tanto, o lugar do corpo.

É realmente asombroso que aínda hoxe en día en Euskal Herria e zonas da contorna persista ese costume de colocar recordatorios de pedra nos lugares onde ocorreu unha morte violenta.

Por outra banda, o feito de botar a culpa ao lobo das mortes de mulleres e nenos, como no caso de Gévaudan, pode deberse a un mecanismo de pensamento do que xa falamos antes. Ao parecer en Gévaudan ocorreu un feminicidio semellante ao que está ocorrendo agora mesmo en Cidade Juárez en México. E a “animalia” non foi senón unha escusa moi apropiada para ocultar os crimes dalgúns.

Sen dúbida, “otsoak ez du otsokirik jaten” (o lobo non come carne de lobo). Mais non pode dicirse o mesmo do home. Mellor será polo tanto, botar a culpa das atrocidades cometidas ao bicho salvaxe, que facerlle fronte á realidade das bestas humanas. Bestas humanas que viven na nosa sociedade e que non son homes lobo.



## O LOBO NOS ENTROIDOS

Os vascos chamamos a febreiro (“otsaila”) o mes dos lobos. Un mes curto e duro. Febreiro é o final do cru inverno, pero tamén o principio da primavera que empezaremos a preparar agora, se queremos que chegue.

“Otsailean gizona makautsik ikusi baino, otsoa ardietan ikusi hobe” (Mellor ver o lobo coas ovellas que o home en febreiro en mangas de camisa), di o refrán referíndose a febreiro, mes dos lobos, ao lobo mesmo e aos traidores días de sol deste mes.

É bastante recente o uso de peles de animais domésticos na Maskarada de Zuberoa. Antigamente utilizábanse, ao parecer en moita maior medida, peles de lobos, osos e raposos.

O motivo último desta Maskarada era protexer os animais domésticos e a colleita das bestas do monte, pero os personaxes e os seus significados foron cambiando co tempo. O personaxe do oso en cambio perdurou máis, se o comparamos co do lobo, da mesma forma que o oso nos Pireneos vascos.

O investigador Manuel Lekuona, nunha entrevista sobre o entroido vasco publicada na revista *Argia*, relaciona así os entroidos con “Otsabilko”: “Otsabilko” en éuscaro e “lupercalia” en latín non é senón o lobo. Este vén de “lupus”, e “lupus” é o lobo (“otso”). Son festas que se fan aquí e alá polo mesmo motivo, festas do lobo, por medo ao lobo e co fin de asustalo. Do mesmo xeito que tratamos de enganar o neno, intentamos facer co lobo, para que non nos coma as ovellas do rabaño. Para iso fanse tales festas, tanto aquí como en Roma.

*Argia: Etimoloxicamente hai outros datos que teñen que ver con isto, “otsaila” (mes dos lobos) por exemplo.*

*Manuel Lekuona: Aínda máis se temos en conta que entre os romanos había outro nome para este mes: “februa”. “Febreiro” vén de aí, dun verbo que en latín quería dicir “limpar”. E pola súa banda en Euskal Herria, o Entroido é un elemento do “Otsabilko” que mencionamos antes. “Ihauteri”, “iñauteri”, “iñautu” e “xahutu” veñen ser máis ou menos o mesmo en Euskal Herria. Todas estas palabras queren dicir o que quería dicir “februa”, é dicir, “limpar”.*

*Andra Mari otsailko, otsailko, nik otsoa bizia hilko.*

*Okela bat eta okela bi, nere burrunzia bete bedi*

(Santa María de febreiro, febreiro, matarei o lobo. Carne, carne, que se encha o meu asador).

Nestes versos da festa de Otsabilko, talvez se trata da deusa Mari do panteón vasco, oculta como noutras ocasións baixo a Virxe María.

Esta festa de Otsabilko é sen dúbida de grande interese á hora de investigar a mitoloxía vasca en torno ao lobo, pois nela móstrárenos unha devoción debida outrora ao lobo que se mantivo case até os nosos días.



*Otsabilko, Otsabilko.*

*Nin basora joando otso handia ekarriko, ekarriko  
niri lukainka mutur bat ematen ez denari,  
tripei aurra burruntzia sartuko, sartuko.*

(Otsabilko, Otsabilko. Irei ao monte e traerei un gran lobo, a quen non me dea un anaco de chourizo, metereille o asador nas tripas).

Nestes versos pode verse talvez a posíbel ameaza dos lobeiros, aos que nos referiremos máis adiante. Por mor dunha sorte de imposto sobre o lobo, que debía ser pagado caso de traer o cazador un lobo cazado e morto do monte.

A festa de Otsabilko mantívose sobre todo no Goierri guipuscoano, aínda que tamén até hai pouco en Oiartzun. Os nenos do pobo ían de casarío en casarío e de porta en porta recoller o chourizo, os ovos, a chistorra e outros alimentos da temporada, mentres cantaban estes versos. Logo facíase unha cea co obtido. Nunha época eran os adultos quen saían bailando a mencionada “danza dos raposos” e cantando versos.

O principal personaxe do Entroido de Lantz é Miel Otxin, o “malvado ladrón” que finalmente é morto e queimado durante o ritual. É casualidade que o apelido deste personaxe tamén teña que ver co lobo?

### **O lobo que trae a primavera**

O investigador Satrústegi recolleu en Etxaleku en Nafarroa os versos do Nadal que seguen:

*Ur goien–goien lainoa  
haren atzetik otsoa  
arkakusoak itoko al du  
etxe honetako atsoa.*

(Néboa nas augas das alturas, detrás dela o lobo, oxalá as pulgas maten a vella da casa).  
E tamén estoutros:

*Hor goien–goien lainoa  
haren azpian otsoa,  
opiltxo zuei ematera  
heldu da panaderua.*

(Alá no alto a néboa, baixo ela o lobo, o panadeiro chegou traervos panciños).

Está claro que no antigo calendario vasco o ano novo comezaba coa primavera, co momento en que as neves e os xeos das alturas empezaban a derreterse. De aí veñen os ritos arredor da auga que se fan en Nadal en moitos lugares de Euskal Herria, en especial os



versos dedicados a “Urgoiena” (augas das alturas): *Ur goiena, ur barrena, urteberri egun ona* (Auga das alturas, augas dentro, bo día de Ano Novo).

Esta auga das alturas, xurdida cando se desfai a neve, é mensaxeira dunha nova vida. Cando os regatos empezan a descender do alto, convértense en augas dentro nos vales. Non é casualidade que o lobo apareza neste contexto unido á néboa e á auga. Por exemplo, segundo as crenzas dos livóns, os lobos e os magos convertidos en lobo, loitan contra o “diaño do inverno” para recuperar as sementes de primavera roubadas por este, e poder así traer a primavera. Aquí o lobo é o mensaxeiro da primavera, ou un espírito poderoso da natureza que nola trae. Neste caso pódese dar a volta ao refrán e dicir que “o lobo si come o inverno”.

Tendo en conta todo isto, seranos máis fácil interpretar a primeira parte destes versos citados (a primeira vista de significado escuro). Na segunda parte en cambio, lánzase unha maldición á señora da casa que á hora de ir de porta en porta recollendo a recompensa móstrase avara.

Polo tanto, son moi significativos estes versos en que o lobo aparece vinculado ao inverno e ás augas das alturas que empezan a derreterse pódolle fin. De novo temos ademais ambos en relación co ceo de Ortzi, lugar onde se moven os lobos míticos.

“Otsoa ez bada, hartza!” (Se non é lobo, oso!), di o refrán para explicar que se vai de mal a peor. Pero a ambos, lobo e oso, atopámonos nas celebracións do Entroido e os vellos costumes vascos en relación co mesmo Entroido, a primavera e o espertar da nova vida.

## O LOBO E O BASAJAUN (SEÑOR DO BOSQUE)

Nas lendas vascas, o Basajaun é o señor do monte e dos animais que habitan neste. O Basajaun aparece tamén como protector dos rabaños ante os ataques do lobo. Por iso as ovellas sacoden todas á vez as chocas con alegría cando o Basajaun está cerca. Deste xeito, pastores e cans poden estar tranquilos, xa o Basajaun se encargará de espantar esa noite os lobos da redonda.

Basajaun é un trasgo grande, peludo, cun pé normal e corrente, e o outro redondo. Como o pezuño dun cabalo ou unha vaca.

O Barajaun en cambio, o Basajaun do Alto Aragón, ten unha perna como a da pouta dun oso.

O Basajaun aparece en moitos contos de Euskal Herria, sempre como protector do rabaño ante os lobos e en boa relación cos pastores.

Trataremos máis adiante as crenzas e relatos de Euskal Herria arredor do home lobo, pero o feito de que os dous personaxes se parezan (os dous son fortes, peludos e viven no bosque profundo, representando unha reencarnación das forzas deste...), levou a unha confusión entre ambos.

Isto, como é sabido, ocorre a miúdo cando as crenzas antigas empezan a moverse e a perderse. Os relatos van aos poucos simplificándose, ou ben mesturándose e confundíndose, e igualmente lles ocorre aos personaxes. Así é como o Basajaun e o home lobo chegaron a confundirse nalgúns lugares. Por iso é polo que na literatura vasca mo-



derna escribiuse máis dun conto sobre un Basajaun licántropo, no que o Basajaun parece máis ben un home lobo dunha película serie “B”.

## CAZADORES DE LOBOS. PASTORES DE LOBO

Os cazadores de lobos aparecen en relatos vascos, así como tamén en documentos antigos dalgúns lugares. Nestes documentos menciónanse os pagos en diñeiro dados aos cazadores de lobos por protexer os animais domésticos do pobo das animalias. O tema dos cazadores de lobos estivo moi estendido tanto en Euskal Herria como noutros lugares da contorna, por exemplo en Galicia.

A xente estaba completamente convencida de que algunhas persoas tiñan poder sobre os lobos, e pagáballes unha sorte de imposto para que os lobos non atacasen o seu gando. Tales persoas vivían no monte ou no bosque, entre os animais salvaxes, e tráennos á memoria un tipo de “xamáns”. Nalgúns lugares chamábaselles “otsozainak” (pastores de lobos).

Estas crenzas ao redor dos cazadores de lobos mantivéronse até moi tarde nos Pireneos, sendo levados á literatura por Alejandro Dumas.

A Igrexa e a Inquisición perseguíu estas persoas vinculándoos a magos e bruxas.

## O HOME LOBO EN EUSKAL HERRIA

Nos contos e lendas vascas non quedaron moitas referencias ao home lobo, se o comparamos con outras figuras da nosa mitoloxía.

En Arratia, Biscaia, crese que o home lobo é consecuencia das relacións sexuais entre lobos e humanos. Aquí móstrásenos a gran forza sexual dos mitos en torno ao lobo, unida ao paradigma do salvaxe e as crenzas dionisiacas. Estas crenzas, ao mesmo tempo, relaciónanse cunha infinidade de lendas e historias europeas sobre as relacións sexuais con lobos. Con todo, non atopei en ningún outro lugar que o home lobo sexa froito desas relacións sexuais.

Unha historia dinos que na zona de Urkia, uns campesiños viron unha muller do casarío de Aginao camiño da casa, á vez que o home lobo se achegaba cara a ela por Bidarbinieta. Quixeron avisala berrando: “Eh, a de Aginao, anda rápido que o home lobo vai cara a ti!”. Pero aínda que a muller tratou de alcanzar a súa casa, o home lobo alcanzouna, arrincándolle os peitos.

Novamente temos aquí un compoñente sexual evidente e brutal nunha historia sobre o home lobo.

En Luzaide, os Pireneos navarros e os arredores do Camiño de Santiago conserváronse bastantes historias sobre o home lobo. Nesta zona hai grandes bosques e sobre ela atópase o antes citado cume de Ortanzurieta.



*From 1821.*  
*The Wolf, the Man, the Ghoul, and the Dog.*  
*It is the most probable opinion that the wolf*  
*is the most voracious animal that ever*  
*existed on earth.*  
**T**HE Tarent of the South is a prohibition,  
concerning all the subjects to which it  
applies in its right view. Among the rest the  
wolf is the most voracious; but permitting to be attacked  
with the same which issued from the stomach  
of the animal, he was not so much as to be  
seen in his den's presence. This sentence was  
so highly esteemed, that the Law in a very high  
court at its first. The sentence, however, was not  
passed, because the law was not intended to  
punish, because for the most of the things. He  
began with promising that he was not to change  
the sentence, which was confirmed with absolute safety.

Segundo os vellos contos de Luzaide, o home lobo vive ao parecer en lugares arredados e escuros. Polas noites sae ás encrucilladas, atado ás súas cadeas, e producindo un enorme ruído con elas. Se consegue morder a alguén, lévao logo con el, a rastro.

Na noite de San Xoán había fontes nas que a auga se convertía en viño ás doce da noite. Quen beba dese viño máxico coñecerá a felicidade; quen o busque, en cambio, en balde esa noite e quede sen beber dela, converterase en home lobo.

Segundo Olivier de Marliaver, en Euskal Herria críase o seguinte: os lobos tiran a pel polas mañás para volver seren humanos (falamos antes deste tema da pel), pero quen vista por descoido esa pel, converterase á súa vez en home lobo.

En Livonia atopamos algo similar en relación coa pel do lobo. Tamén nos trae á memoria a orixe mítica dos vascos (a saber, osos que tiraron a pel).

Para ferir un home lobo non é necesario golpearlle o corpo, senón a súa sombra. Os golpes deben ser sempre impares, doutro xeito cúraselles o primeiro golpe deseguido.

Isto ten que ver coa dobre aparición e as crenzas xamánicas sobre a sombra. Se se golpea a sombra do home lobo, conséguese castigar o corpo do mago ou bruxo que está na súa casa en transo.

Barandiaran di que as crenzas sobre o home lobo son coñecidas nalgúns lugares de Euskal Herria, pero non precisa máis respecto diso, nin os enumera.

O conto que segue recolleuno en Lapurdi, e nel reúnen moitas crenzas sobre o home lobo. Os golpes impares, a pel...

### *O home lobo e o xastre*

*Outrora existía ao parecer o home lobo en moitos lugares.*

*Estes homes lobo eran homes que se vestían cunha pel de lobo e andaban polas noites rodeados de vellos ferros. Tapados por completo, só asomaba un pouco da súa fronte.*

*Ao parecer saían ás encrucilladas asustar a xente.*

*Debía de haber un así en Ustaritz. Volvendo nunha ocasión un xastre á casa xa metido na noite, aparecéuselle o tal home lobo de Uztaritz, con intención de asustalo. O xastre asestoulle un golpe na fronte coa punta dunha aixada, e manoulle o sangue. O home lobo gritáballe: “Dáme outro!”. Pois o inimigo non ten forza nos impares.*

*Pero o xastre non lle deu outro. E o home lobo seguiulle até a porta da súa casa, rogándolle así: “Dáme outro, dáme outro”.*

*O xastre non lle fixo caso, até que o home lobo desistiu e marchou de alí.*

*Ao día seguinte un coñecido do xastre, de Ustaritz, achegouse até a súa casa cun billete de dez libras, dicindo:*

*– Hai tempo que quería librar-me desta carga. Ao facer-me sangrar, curáchesme. Toma dez libras en pago.*

*– E por que me pedías que che dese outro golpe?, preguntou o xastre.*

*– Non era eu, eran os meus compañeiros os que me facían dicilo.*





Este conto contoullo Dominica Giltzu a Barandiaran en abril de 1941.

Txomin Peillen, ao recordar algúns textos de Azkue, fala do home lobo e doutras licantropías vascas, por exemplo, a do home cervo.

*Os vascos da Antigüidade crían que a xente podía converterse en animal salvaxe. Margarita de Harritxuri de Ligi (Zuberoa) contábanos que alguén podía converterse de repente en gato, e o mesmo di o señor Laffite no seu comentario: “Algunhas veces certas persoas tiñan a mala sorte de coller aspecto de animal con moito risco. Ben home lobo ou ben home raposo ou muller cervo, e tamén converterse en lobo, raposo ou cervo”.*

*Falando desta relación entre a xente e os animais salvaxes, é curioso que na Idade Media se lles dera nome de persoa aos animais bruxos (en francés goupil=Renard, e talvez tamén en éuscaro “azeri” (raposo)=Azeari, Azenari). Por outra banda, no caso do segundo animal citado por Laffite, co lobo o nome de animal pasaba a ser nome de persoa, a saber, Otsoa.*

## CONTOS EN TORNO AO LOBO. O LOBO INOCENTE E MALLADO

Nos costumes vascos hai numerosos contos sobre o lobo. Unha característica da maioría destes contos é a seguinte: o lobo, no canto de ser unha animalia traizoeira, ou lista e ruín, aínda tendo malicia, ou máis ben, sempre moita fame e ganas de comer carne de ovella ou de cabra, quen sae gañador é sempre o pastor, quedando ao final o lobo como un inocente. Até en moitos casos o lobo termina sendo mallado ou morto. O raposo á súa vez engánao a miúdo, do mesmo xeito que os humanos e o gando. Este lobo dos contos chámase en xeral Otsoko.

Grande del Brío menciona un conto vasco en que un cabrito, coa única mención do protector de rabaños que é o Basajaun, produciu tanto pavor ao lobo que este se precipitou na súa fuxida por un barranco, morrendo.

Tamén son coñecidos en Euskal Herria e en todos os Pireneos os contos do músico rodeado por un grupo de lobos, nas súas diferentes variantes. O músico, ao tocar o rabel, consegue tranquilizalos até que acaban marchando. Estes contos teñen gran parecido cos do frautista de Hamelin.

## O LOBO NO CRISTIANISMO

Os profetas do Antigo Testamento dicían que o lobo era un “ser repulsivo e sanguinario”.

Á fin e ao cabo, quen escribiron os textos do xudaísmo e o cristianismo pertencían a un pobo de pastores. Pero esta definición tivo a súa continuidade no pensamento católico actual dos nosos campesiños. O lobo é a besta entre as bestas. “O diaño negro”.





O lobo é unha forza da natureza que fai fronte ao ser humano e os seus intereses. Un animal salvaxe e herético que se enfrenta até sen vergoña a quen o mesmo Deus nomeou “Señor da creación”. Aínda máis herético na medida en que cremos que o lobo tivo un carácter totémico unido á antiga relixión.

A Igrexa sempre tomou parte na guerra contra o lobo. Oracións, misas especiais para que a súa caza teña éxito, e caso de telo, misas para dar as grazas. Púxose a Deus en contra do lobo, e o que é máis, a Igrexa católica sempre puxo especial empeño nesta loita contra o lobo, perseguindo con saña todos aqueles que cuestionaran o seu monopolio nesta guerra espiritual: lobeiros, meigos ou quen intenten por medios sobrenaturais amansar o lobo e controlalo. Dalgún xeito a exorcización do lobo debeu ser un florecente negocio nalgún tempo.

Xa di o refrán que “Otso aseá, praile sartu zen” (O lobo saciado meteuse a cura), e que “Otsoak ez die umeei dotriña irakasten” (O lobo non ensina ás súas crías a doutrina cristiá).

## O LOBO NO PENSAMENTO ACTUAL DE CAMPESIÑOS E PASTORES. FIN DO TÓTEM, OU TALVEZ NON?

*Mendi altu samarrean, otso zaharrak marmarrean, hoiek goseak egoten dira hamaikatik hamarrean, Jaunak aparta animala bat halakuen aurrean.*

(Nos altos montes, murmurios de vellos lobos, famentos case sempre. Señor, arreda o gando deles.)

Estes versos do bertsolari Uztapide de Endoia, que citamos aquí no seu aniversario, resumen moi ben o pensamento actual de campesiños e pastores, así como o do século pasado.

O lobo é para eles unicamente un inimigo. Non trae a primavera, senón perdas e traballos. Non é a reencarnación totémica de ningunha forza do bosque, senón unha besta vida de “fóra”. A pesar de que a desaparición do lobo é bastante recente en Euskal Herria, é dicir, de mediados do século pasado, pronto esquecemos que este animal conviviu con noso. Entre os campesiños, os lobos actuais son considerados como vidos de fóra, ou unha consecuencia de “animais postos en liberdade polos ecoloxistas”.

Os pastores de Euskal Herria declararon a guerra total ao lobo. Matáronse ducias deles estes últimos anos en Biscaia e Araba. Pero os lobos seguen chegando até aquí, até quedaron en Euskal Herria e tiveron aquí as súas crías. Euskal Herria está camiño dos Pireneos, e segundo os expertos, o lobo leva camiño de estenderse da mesma forma que o fixo o corzo, só que con algúns anos de atraso.

Ante isto, os pastores fixeron manifestacións e boicotearon as feiras de gando, esixindo que se acabe co lobo. Hai un refrán que non está nada fóra de lugar: “Otsoak hiltzeko denak lagun” (Para acabar co lobo, todos de unen). Para os pastores, rabaños e lobos son



incompatíbeis, a pesar de convivir ambos durante anos e anos, tal e como hoxe en día conviven en Galicia, Asturias e Burgos, con todas as súas vicisitudes.

A vida dos pastores cambiou moito estes últimos anos. En xeral, para mellor. E non están dispostos a cargar eles sós coas preocupacións que dá o lobo.

Parar a extensión do lobo non está en mans da administración, nin seguramente de ningún. O lobo estase estendendo na Península Ibérica, en Francia, en Italia e outros lugares de Europa. Frear esta extensión tería custos ecolóxicos, é dicir, sería a través da utilización masiva de veneno e trampas non discriminatorias. Demasiado para unha sociedade que alcanzou un mínimo nivel de conciencia ecolóxica. Non estamos nos tempos das “Xuntas Provinciais Para o Exterminio de Animalias”. Hoxe en día, ademais de ser ilegal, sería tamén un escándalo o feito de botar veneno polo monte para acabar coas especies protexidas.

O lobo é un especialista en supervivencia. Sempre se adaptou aos cambios producidos polo home na ecoloxía. Non é unicamente animal de lugares arredados. En Galicia adáptase tamén a lugares de moita presenza humana. Só co envelenamento masivo por medio da estricnina mencionada se conseguiu nunha época facelo retroceder. Nun libro de Domingo Agirre, primeiro novelista en éuscaro, aparece este refrán: “Otsoa hanka hautsita ere, beti otso” (O lobo sempre lobo, tamén coa pata rota). Outro refrán di tamén: “Otsoa bere buruaren mandataririk hoberena” (O mellor amo do lobo é el mesmo).

Os pastores vascos teñen ante si un inimigo rápido e intelixente, pero aparte diso o lobo, como animal mítico, tamén atrae a atención dunha parte da opinión pública. O feito de ser un animal totémico élle favorábel. Pois lóitase pola súa conservación en nome do equilibrio ecolóxico..., ou de algo máis.

O animal mítico converteuse así en tótem pola defensa da natureza. “O lobo sempre lobo”, e o tótem sempre tótem, dun xeito ou outro.

Mentres a discusión segue no seu apoxeo, a festa de Otsabilko que celebran os nenos da escola de Ataun é chamada “Radio Lobo”. A través das ondas, o lobo regresou a Aralar, corazón de Euskal Herria. Precisamente a eses mesmos lugares onde até hai poucos anos andaban os lobos de carne e óso.

Aia, 5 de outubro de 2009





## O LOBO, O MITO QUE FASCINA — MESA REDONDA —

Modera: Antonio Reigosa

Participan: Xabier P. DoCampo e Antxon Gomez Lorente


### **Moderador**

Á parte de todo canto dixeron tanto Xabier como Antxon, que son puntos de vista os que nos presentaron hoxe ben diferentes, pero ao cabo quedou claro que o lobo como personaxe literario e o lobo, mito da tradición que aínda se pode rexistrar hoxe en día, son o mesmo. Que hai como unha retroalimentación, por dicilo dalgunha maneira, e que o mito clásico, en todo caso, é a fonte, tanto da tradición como da literatura e do cine; é dicir, de toda interpretación que poida facer calquera arte de hoxe en día do mito do lobo ou do lobishome.

Podedes intervir. É o momento no que eles poden achegar os seus puntos de vista pero tamén podedes achegar vós [público] os vosos, preguntar curiosidades que poidades ter como consecuencia das súas intervencións.

### **Intervención do público (Á. Penas)**

Eu recordo nun congreso que estiven no Escorial, nun congreso onde se falou de xamanismo, un psiquiatra que pasou moito tempo cos indios de Canadá..., entón tiñan o lobo, estou falando de hai pouco tempo, dez anos como moito, como animal aínda totémico... É máis, o xamán, o que ía ser o futuro xamán, supúñase que tiña que ser un home sabio, e para iso tiña que ter un sono no cal se el vía transformado en lobo. Ao mellor habería que dicilo con outro tipo de termos; desdobaríase en soños, pasaría ao plano astral ou, como ti dis, tomaría esa forma de alma. Entón esa era a marca de que era un home sabio, era un mestre. El contaba que non había toda esta visión negativa do lobo, todo este simbolismo do lobo como animal da escuridade, do inconsciente humano, senón todo o contrario. Como ser que daba forza, sabedoría e o poder.



### **Antxon Gomez Lorente**

Ben, dalgún xeito o lobo convértese en animal negativo pois practicamente diríamos que no Neolítico, cando o home comeza a domesticar animais e entón pois xa aparece como un competidor directo sobre a súa gandería. En todos os pobos cunha tradición, imos dicir, de cazadores...: pois practicamente desde pobos cazadores que puido haber por Europa ata os esquimós ou os indios, pois a relación co lobo é moi diferente. Pero, dalgún xeito, aquí esas crenzas xamánicas si que se mantiveron, e ese respecto ou ese culto ao lobo si que se mantivo. Claro, cando vos comentaba o tema de todos estes caudillos vascos que se puñan o nome do lobo, pois claro, os caudillos guerreiros non traballaban a terra e non pastoreaban. Pois para eles o lobo podería ser un animal totémico, referencial, pero para o paisano que lle comía as ovellas imaxino que non lle faría moita graza. Pero, ben, si que houbo unha negativización do lobo unida a esa domesticación. E no tema este que dicías da proxección astral, no mesmo pobo onde vivo eu pois un dos últimos grandes bruxos que houbo no País Vasco, que era o bruxo de Errezabal, hai unha chea de historias, non quedan lobos, non quedan feras, saía en forma de gato. El estaba na súa casa, estamos falando dos anos corenta, historias contadas nos anos corenta, el estaba na súa casa, quedaba canso, e saía un gato e ía roldar polos casaríos da contorna. Entraba nos casaríos, molestaba os paisanos, entraba nas habitacións das mozas en forma de gato... E era un ritual xamánico que o podes trasladar perfectamente a un xamán de Siberia ou aínda lapón, ou a un indio... Ben, tamén se vas ás sagas xermánicas e é o mesmo, tamén aparecen unha chea de proxeccións destas..., pódelles chamar astrais ou podes chamalas como sexa. De dous caudillos guerreiros que están durmindo e á vez estanse enfrontando como dous animais; un se o tótem do seu grupo é o oso e o outro se é o lobo, pois resulta que están os dous durmidos e á vez hai un oso e un lobo a medio camiño entre as dúas casas que se están dando... E logo, ao día seguinte, aparecen so dous cheos de feridas. Son crenzas que se deron en toda Europa, xermánico, celta, preindoeuropeo...

### **Xabier P. DoCampo**

O lobo xunto co raposo son os dous carnívoros máis próximos ao home. E na tradición oral, na contística tradicional, os contos que mesturan raposos e lobos son innúmeros... E xustamente aí é onde compiten en astucia. Entonces, o lobo, que é ese carnívoro moi achegado e o raposo, outro carnívoro máis próximo... na contística onde se mesturan lobos e raposos nunca hai unha competencia de fereza, sempre hai unha competencia de astucia. Aí o lobo compite nas características máis peculiares do raposo, que é a raposearía, precisamente. Pero son os máis próximos... En África ese papel faino o león.

### **Intervención do público (Á. Penas)**

A animalización dos defectos ou virtudes das humanas está en todas as tradicións, na India, nas fábulas de Esopo... e atopámolo tamén no *Libro del Buen Amor*. Está sempre presente esa animalización ao revés dos defectos ou virtudes.



### **Intervención do público**

O lobo é tan próximo que o home domesticouno e converteuno en can. Nesta discusión parece que nos esquece esa proximidade progresiva.

### **Moderador**

Nós recolleramos, os do Equipo Chaira, en Abadín polo ano 1992, un relato que fala do nacemento dos lobos. A partir dunha maldición dous humanos convértense en lobos. Que é un dato moi importante, primeiro porque fala de cando Xesús Cristo e San Pedro andaban polo mundo, que na nosa tradición actual non deixa de ser unha vulgarización do Deus e o Demo das tradicións antigas, das dúas divindades que loitan entre si pola creación do mundo... Xesús Cristo e San Pedro non deixan de ser unha especie de burla dese mito...

Deus e San Pedro chegan a unha casa na que hai unha vella que só ten unha vaca. Teñen fame e piden que lles dea a cea. Entón, a vella, que é bondadosa, que é santa muller, mata a vaca e dálles de comer. Cando acaban de comer Xesús Cristo (dixen Deus pero Xesús Cristo e Deus son o mesmo) dille: *Señora, colla os ósos e bóteos na corte, e xa verá como pola mañá dos ósos grandes nacen vacas e dos ósos pequenos nacen becerros*. Entón, un matrimonio veciño tivo envexa desa situación, porque, efectivamente, ao día seguinte había vacas e becerros na corte da vella, e o que fai é invitar a Xesús Cristo e a San Pedro a cear á súa casa. Pero son malos; en vez de darlle becerros, en vez de darlle carne boa o que lles dan é carne de can. Entón, cando están comendo Xesús Cristo dáse conta de que aquela é carne de can e... dille Xesús Cristo a San Pedro: *Detente, Pedro, que es perro; qui ella se convierta en loba y el en lobo*.

E convertéronse aquel home e aquela muller en dous lobos.

Para o estudo do mito é moi relevante, moi importante, aínda que quede nunha especie de conto máis ou menos cristianizado, ou da cristianización dunha situación na que uns descritos teñen un mal comportamento.

### **Intervención do público (X. Salvadores)**

Eu xa sei que no mundo incluso científico para explicar o conflito entre o home e o lobo fálase do Neolítico, de cando o home empeza a ser gandeiro e que aí é a orixe do conflito. Eu paréceme que non estou moito de acordo con iso porque, se ben que pode producir danos o lobo ao gando doméstico, o peso levábase con certa naturalidade, como se levou aquí ata hai moi pouquiños anos. Eles tiñan pastores, non deixaban o gando abandonado, eles coidaban o gando..., tiñan onde metelo. Eu creo que hai culturas que practicaban o pastoreo e que sen embargo tiñan unha relación co lobo, e recoñecían no lobo todas as súas virtudes, e era tótem dentro desas mesmas culturas. Levar o conflito atrás creo que non ten demasiada consistencia. Os celtas eran pastores, non digamos os romanos, que o tiñan endeusado, as festas lupercais e... todo o demais, e ben pastores que eran.

Eu creo que é a relixión xudeo-cristiá a que... demoniza o lobo, a que o identifica co Demo e a partir de aí vén o que lle vén ao lobo encima. A relixión xudeo-cristiá, relixión que nace de pastores e é verdade, o inimigo do pastor é o lobo... E xa empeza o conflito en serio co lobo.



### **Antxon Gómez Lorente**

En principio son temas que tampouco se poden simplificar. Empezando polo final, toda a tradición cristiá pois, a final de contas, o Vello Testamento escribiuno un pobo de pastores.

No Vello Testamento aparece o lobo como a besta negra, como... a encarnación de todos os males. Esa contradición amor-odio, admiración-persecución, mantívose. Cando vos comentaba un pouco estas festas de Otsabilko, pois... a ver desde cando se celebran, moi parecidas ás Lupercianas romanas.... Os concellos pagaban por pel de lobo presentada. Unha cousa non quitaba a outra. E á vez estaban pagándolle ao lobeiro posibelmente porque os lobos non atacasen o xamán, porque os lobos non atacasen o rabaño. Estaban pagándolle á igrexa para que fixese misas para que protexese os rabaños e á vez estaban pagando a cazadores para que cazasen lobos. Non se pode simplificar.

### **Intervención do público (X. Salvadores)**

Eu xa sei que o sentido dual existiu sempre, ao final había que defenderse del. Pero é a partir da concepción xudeo-cristiá cando definitivamente aparece o lobo como Demo.

### **Intervención do público (X. Miranda)**

Conectando con esta historia e con algo que saíu antes, no lobishome galego pasa unha cousa que a min me parece curiosa, e é que a maioría, ou moitos dos relatos, non son de lobishomes, son de lobismulleres. Nunca me parei a contalos pero unha parte importantísima dos lobishomes son mulleres. E son mulleres que son lobishomes precisamente por algo que creo que conecta co de Licaión, que é que se rebelan contra o seu pai. É dicir, rebeláanse contra o seu pai, e entón o pai maldíalas. E a rebelión é porque piden máis de comer, piden máis carne, e entón o pai dille: *Nunca farto te vexas de carne*, que inmediatamente me remite ao mito de Licaión e a rebelión contra Deus, aquí o pai ocupa a figura de Deus. E isto tamén me leva á relixión xudeo-cristiá e ao pobo dos pastores..., unha relixión masculina. Que hai aí oculto detrás disto, que é o que hai, que pode haber...? Porque son as mulleres as que transgreden e por transgredir, contra a familia, contra o pai, convértense en lobas. E non podemos esquecer que xa no mito do apóstolo Santiago aparece a raíña Lupa, aínda que logo convértese, arrepíntese, pero é a personificación das forzas escuras, das forzas do mal, das forzas demoníacas...

Segundo o home foi avanzando na súa capacidade para destruír, así o lobo foi sufrindo cada vez máis. Agora que a temos toda, vamos ver canto tempo dura o lobo. Os homes cambiamos pouco.

### **Xabier P. DoCampo**

E o mito de Licaón está na historia que acaba de comentar Antonio. Eu coñecía, sen virme de Abadín, pero víñame da Terra Chá. Eu coñecía esa historia, o mito de intentar enganar a Zeus dándolle, no caso de Licaón, a comer carne humana e no caso que dicías a comer carne de can, que ao mesmo tempo tamén se relaciona moito con ese outro que citaba Antxon da fornicación con lobo e a fornicación con loba. O realmente curioso é



como todos este mitos atravesan o mundo enteiro de lado a lado, o mundo occidental especialmente...; encóntranse en culturas que, aparentemente, non tiveron posibilidade de relación. E eu creo que o lobo é o animal máis feo que o home ten cerca. Personifica absolutamente todas as maldades.

Iso que dicías... de que hai máis lobismulleres que lobishomes tamén é absolutamente certo, cando na tradición europea non é tan frecuente, hai moitísimos máis homes que mulleres, bastantes máis. E no que é máis frecuente na tradición europea... a muller como vítima, como a vítima do lobishome.

Outra cousa que está moito na literatura, precisamente porque está na tradición... que é o fenómeno do ferido de morte por simpatía. É dicir que feres o lobo e aparece o ser humano ferido. E ao mesmo tempo tamén unha especie de dobre liberación. Recordo unha historia que contaba meu pai dun caso de licantropía... que fora cerca de Meira, e eu que son fillo de Raimundo de Gándara e iso de contar contos... conteino moitas veces..., no que ocorría un fenómeno estraño dunha nena: desaparecera dunha casa levada por un lobo, con auténtica figura de lobo. Cando saen buscar o lobo todos os veciños hai un home da casa que alguén lle salta polas costas, e o esmaga contra o chao, e arrebatálle o fouciño que levaba na mao, algo que el, cando chega á casa totalmente atarecido de frío e de medo, identifica como que lle pareceu unha muller que lle lanzou sobre del e que lle arrebatou o fouciño e... volven saír buscar a nena e cando regresan todos... encontran a nena sentada na porta da casa cun gran lobo morto e co fouciño espetado.

### **Intervención do público (X. Miranda)**

A capitá dos lobos en Galicia é o peiro dos lobos.

### **Moderador**

O que está claro é que aquí hai un animal demonizado, como dicía Pepe. Se o fixésemos comparativamente veríamos as características do Demo en paralelo ás características negativas do lobo e case coinciden en moitos aspectos, mesmo cando se nos di que o lobo come exclusivamente a parte esquerda das vítimas, nunca a dereita que é de Deus, senón a esquerda, que é do Demo. E aínda se din moitas máis...

E, por outra parte, como a todo o que se ten medo, ten dúas caras: unha é o mito que nos atemoriza, o lobishome e todas as transformacións, e o outro é o lobo dos contos. O lobo dos contos é un pailán. É grande, é máis grande que o raposo, pero sempre lle gaña por astucia, por intelixencia, o raposo. Sempre perde nos contos. É exactamente o mesmo que facemos co Demo. Cando o metemos nos contos tamén é o pailán, o que perde sempre...

E por outro lado para poñer en relación o que é a preocupación dos ecoloxistas co mítico arredor do lobo está o... novo lendario arredor do lobo. As novas lendas, ou lendas urbanas se queremos, que hai arredor do lobo actualmente. Eses camións cheos de funcionarios da Xunta que van por aí polos montes descargando lobos, que mesmo aínda volven ao día seguinte e lles botan de comer... a pesar de que é claro e evidente que hai menos lobos, moitos menos lobos que había pero que segue sendo o mito que mete medo. Porque logo faltan as probas...





### **Antxon Gomez Lorente**

Hai un substrato común en toda Europa porque nós tamén, gardas de montes do País Vasco, nos dedicamos a botar serpes e lobos.

### **Intervención do público (J. Urbano)**

Unha historia de lobos... con moita carga mítica. Sucedió no espazo, no futuro, en planetas. Os planetas, curiosamente, parecíanse moitísimo ao Oeste. Había por alí un medio xamán, ancián, que instruíu un mozo novo, que era o shériff daquel planeta. E ben, resulta que o mozo en cuestión tiña os poderes do puma, tamén é un animal totémico... en mitoloxías americanas, do lobo e do oso. E logo tivo un inimigo, que era unha especie de vaqueiro esquelético, raro, que era malo, que sempre andaba detrás del... E ben, ...como os poderes xamánicos se reactualizan nunha historia de ciencia ficción espacial.

Hai unha historia por aí de mitoloxía nórdica na que se falaba dun lobo da época dos viquingos que tiña aterrorizado todo o país. Trataban de cazalo e non daban feito, e logo finalmente cázano e resulta que o lobo, despois de morto, se pode reencarnar e convértese no fillo do rei...

### **Intervención do público (C. Sánchez Iglesias)**

O que me sorprende do románico é que todos os animais son moi simbólico-míticos... e chega o lobo e no capitel aparece un lobo comendo unha ovella e dous lobos comendo unha vaca. Todo tan interpretado... e cando chega o lobo, puro realismo.

### **Intervención do público (X. Miranda)**

Hai unha novela de Prosper Mérimée que se chama Lokis, que é un home que se converte en oso, está situado no norte de Europa, e eu lembreime que o Demo dos nórdicos é Lokis e esa palabra, evidentemente, está relacionada cos lobos.

### **Intervención do público (Á. Penas)**

Eu quixera insistir no carácter dual do... porque é un arquetipo. Estase apelando a forzas do inconsciente individual e colectivo. É un animal totalmente arquetípico. Entón, non se pode entender ben o lobo se non se insiste na parte esa totémica e positiva do lobo... Nas culturas antigas, pagás, como animal que representaba forzas da natureza poderosas. E logo, todo o aspecto, non sei cando empeza..., apelar a ese lado escuro, abismal, da mente, do inconsciente humano. Penso que non se pode separar unha cousa da outra.

### **Antxon Gomez Lorente**

O real é que se ti vas ler procesos inquisitoriais en contra de lobishomes, lobeiros e demais, dáste conta de que a xente esa estaba encantada de seren lobeiros, de seren lobishomes... Non o vían como nada negativo, o que pasa é que os que están facendo o devandito proceso inquisitorial pois fórzanos a arrepentírense, a retractárense, ao que para eles é unha crenza natural, a que eles mesmos digan que é un tema negativo...



### **Intervención do público**

Antxon, polo País Vasco, seguramente escribiches moitas cousas e moitas historias, cal foi aquela historia que chamou máis a túa atención, por curiosa ou por complementario de todo o que estamos comentando?

### **Antxon Gómez Lorente**

É un conto que non entendía de ningún xeito que é de dous irmáns que viven cos seus pais e un día, sen mediar absolutamente nada, o pai dille á nena que vai matar o irmán e que o vai a comer. Entón o neno dille á irmá que cando o mate o pai, que dá igual que o mate, que recolla todos os ósos, que os limpe, os enterre e que faga iso. Entón o pai colle o crío, mátao, cóceo, cómeo, e a irmá enterra todos os ósos e logo, ao día seguinte, xorde unha árbore e da árbore sae o irmán outra vez enteiro. O que pasa é que como a irmá o enterrou mal, pois esqueceu enterrar o óso dun dedo, pois aparece sen a parte esa do dedo.

Pois claro, o conto é demencial, non ten nin pés nin cabeza. Vas outra vez ás tradicións xamánicas e aparece o tema. Nas culturas xamánicas cazaban un animal e o que facían era: comíano pero volvíano enterrar porque crían que a alma esa ósea do animal... volvíase introducir e ía xurdir outro animal de aí.

Nas lendas nórdicas cando vai por aí Odín cos seus lobos tamén e o seu carro tirado por, paréceme que son bois, cando chega a un sitio e non teñen cea, martelada ao boi, cómeno, entérrano e ao día seguinte, se o enterran ben, óso por óso, o boi está íntegro.

A min chámame moito a atención iso, que na propia tradición do teu país pode haber crenzas xamánicas ata ese extremo, o que pasa é que agora son contos que non teñen ningún sentido.

E logo, como bonito, en cuestións de licantrópía ou transformacións, hai unha lenda dunha muller cervá. Que hai ademais unha canción que foi bastante famosa no seu día. E o que se ve na canción é iso; claro, a nai, dalgún xeito, pois está encomadrada coa filla, que se transforma en cervá e ao final é o propio irmán, que é cazador, quen mata a irmá cos cans da caza e cómena. E ao final a nai suicídase. Pero ao final dáste conta de que o tema de transformarse en cervá non é unha maldición. Estase transformando en cervá para gozar, ou sexa, que lle gusta... e andar polo monte.

### **Xabier P. DoCampo**

Pero é que como se os contos se atravesan uns cos outros. O conto de matar o fillo, co celo, darllo de comer ao pai e enterrar os ósos está nos Grimm, o conto da roseira. Absolutamente todo sempre o vamos encontrar así leado. O que son poucos son os mitos, os arquetipos; eses si que parecen fabas contadas. Despois a forma de presentalos, xustamente é ao que lle estamos dando voltas. Que, a fin de contas, a tradición oral, a contística, non é nada máis nin nada menos que un xeito de transmitir a cultura e por tanto de explicar a cosmovisión. A cosmoxía que ten a tribo. Contábase un conto para que se fose aprendendo en qué cousas cremos. Entón, claro, iso é o que nos dá que se mesturen todos os



mitos porque, a fin de contas, todo o que podemos chamar literatura trata da vida, da morte, do amor e do desamor; non hai máis temas.

### **Intervención do público**

Algo que me parece interesantísimo sobre a toponimia, a toponimia xermánica... “*defenderei a casa de meus pais contra os lobos*” de Gabriel Aresti. Encarna non só a maldade do xudeo–cristianismo, senón desde unha óptica, que tamén sinalou Antxon, de dinámica social, de loita de clases. Os guerreiros eran osos ou eran lobos. Nin rezaban, nin traballaban; mataban. É o mito.

### **Moderador**

Digamos que o que nos queda do mito do lobo, o que nos deixa o paso polo cribado do cristianismo; é dicir, quédanos definido como demoníaco, negativo, porque o cristianismo vendéunolo así. Non nos queda tanto dese primeiro tempo no que podería ser un deus, unha divindade... E proba do cristianismo, San Froilán e a súa lenda do lobo. San Francisco...

A respecto do lado feminino dos lobishomes, senón di “amaneira” di unha palabra parecida Vicente Risco sobre Blanco Romasanta e, recentemente, no libro que publicou Mariño Ferro, di que na acta de nacemento de Manuel Blanco Romasanta el interpreta que o nome orixinal era Manuela.

### **Xabier P. DoCampo**

Era xastre.

### **Intervención desde o público (X. Miranda)**

Sáfu un artigo hai pouco que parece que era hermafrodita Blanco Romasanta.

### **Moderador**

Para ir rematando, os lobos van desaparecer, parece inevitable. Sobrevivirá o mito do lobo?

### **Xabier P. DoCampo**

Sen mitos non se vive; sen lobos vivírase mal pero sen mitos non se vive. Non é posible a vida sen mitos e a proba é, chámalle lendas urbanas, chámalle o que queiras, que aparecen. Que ocorre! Que nos dan tanta sensación de mitos por próximos pero sen mitos non se vive.

### **Intervención desde o público**

Cal é a influencia da lúa en todo isto?



### **Moderador**

Hai quen di que na tradición oral non se rastrexou nunca a influencia da lúa na conversión do home en lobishome e que o tema da bala de prata é vampírico e o mito do lobishome e o mito do vampiro van parellos en moitas culturas do mundo. Na literatura si está, e no cine...

### **Xabier P. DoCampo**

E na literatura está en Ovidio.

### **Intervención desde o público (X. Miranda)**

Pero non exactamente, porque non o di claramente. O lobo anda de noite, o lobo é un animal nocturno, ao lobo pola noite médralle o corazón, o lobo pola noite é máis... Se te atopas co lobo pola noite cómete... É un animal nocturno pero non di que sexa pola lúa. E na tradición oral o lobo e a lúa son inimigos porque o lobo come a lúa e por iso a lúa vai diminuíndo de tamaño e mensualmente volve a medrar. Eu penso que é un invento moi posterior.

### **Xabier P. DoCampo**

Eu manexei dúas traducións e pico, e está claro que fala da lúa, non chea, pero da lúa. E está claro que o soldado na presenza da lúa foi cando comezou a virar en lobo.

### **Antxon Gomez Lorente**


Nas tradicións nórdicas, en vez do tema da lúa está o tema do sol. O lobo que devora o sol.

### **Moderador**

Aínda non falamos de Pepa, a Loba, pero iso ímolo deixar para outro día.

Xabier, moitísimas grazas. Antxon, muchas gracias. Grazas a vós.





## ESPAZOS LUPINOS DE GALICIA: OS FOXOS DO LOBO

### GALICIAN WOLF SITES: THE TRAPS

**Alberte Reboreda; arqueólogo**

*A tod@s os que miran polo lobo sen que el os vexa.*

*O certo é que o lobo é cousa de temer. Ningunha outra fera arrepiá aos homes como o lobo. El algo ten...O lobo ten ollar magnético; os seus ollos relocen como brasas de noite: na noite pecha, sen estrelas, pode un ter a carón seu o sinistro paseante nocturno, e non verlle o vulto, mais as dúas flamiñas acesas dos seus ollos anuncian que alí está. É un ollar que traspasa a un coma unha espada, e detén o sangue nas veas e deixa a un coma a neve... Non cómpre nin tan sequera velo: abonda con sentilo ouvear medoñento para que lle pase a un por todo o corpo o arreguizo astral, igual ao que se sente cando lle dan unha labazada no medio da noite silandeira unhas mans invisibles.*

Vicente Risco, *O lobo da xente*

#### **Abstract**

O artigo pretende levar a cabo un achegamento á dimensión cultural do lobo na cultura popular de Galicia desde a Idade Media ata os nosos días, paso previo para estudar algúns paradigmas das distintas tipoloxías de foxos que se conservan na actualidade.

The item expects carry out an approximation to the wolf's cultural dimension in the popular culture of Galicia from to Average Age until our days, previous step to study some paradigms of different typologies of *foxos* or traps that are kept nowadays.

#### **Palabras chave / Key words**

Galicia, lobo, foxo, patrimonio cultural / Galicia, wolf, trap, cultural heritage.

En Galicia, ao igual que en todos os territorios europeos onde a gandería tivo historicamente unha relevancia notable na súa economía rural, o lobo é o protagonista absoluto



do medo literario, tanto do oral coma do escrito. A diferenza do que acontece nas culturas non gandeiras, como a dos indios norteamericanos por exemplo —onde o lobo é valorado socialmente polas súas características físicas e biolóxicas—, en culturas como a galega o lobo emerxe socialmente en negativo, como depositario de valores, instintos e comportamentos antisociais e inhumanos.

Así as cousas este mamífero carnívoro da familia dos cánidos é o señor do deshabitado, do bravo, de todo terreo ignoto e inculto, aquel ao que o ser humano é totalmente alleo ou do que só fai un uso temporal e circunstancial, vinculado ao uso extensivo dos seus recursos.

Alén desta situación, a presenza do lobo na sociedade rural galega ao longo dos últimos dez séculos, sementou na nosa bagaxe cultural un amplo abano de manifestacións de índole material e inmaterial que se teñen convertido, por dereito propio, en elementos senlleiros e insubstituíbles da nosa cultura, nomeadamente do noso patrimonio etnográfico e arqueolóxico.

Fagamos a continuación un achegamento sumario á realidade do animal biolóxico, base natural que nos ha permitir unha aproximación ulterior aos instrumentos, trampas e construcións ideados polo ser humano para combatelo.

## O ANIMAL

Todos os colectivos e organizacións que constitúen a Federación Ecoloxista Galega e, máis concretamente ADEGA e a Asemblea do Suído, veñen demandando nos últimos lustros a adopción de medidas urxentes que garantan a conservación do lobo en Galicia. Unha parte importante do seu traballo pasa por divulgar e sensibilizar a sociedade en relación coa realidade deste animal, para o que se demanda a declaración de Especie Protexida. Vexamos, da man dos estudosos e membros do movemento ecoloxista —nomeadamente Alexandre Cendón— algúns trazos da súa bioloxía:

### Características

A variedade de lobo presente na Península Ibérica é o *Canis lupus signatus*, adxectivo que recibe por un sinal en forma de banda negra que loce nas patas dianteiras. Un lobo adulto pode ter unha lonxitude de entre 100 e 120 cm. O seu peso varía entre 30 e 50 kg., aínda que se teñen atopado exemplares de ata 75 kg. As femias presentan unhas dimensións e peso inferiores ao dos machos. A idade do lobo en boas condicións de supervivencia pode acadar os 16 anos.



O noso cánido posúe un excelente oído e olfacto. A súa forte musculatura facial confírelle unha enorme facilidade para a mastigación da carne crúa que lle arrinca ás súas vítimas, tarefa para a que se axuda das súas unllas retráctiles e romas. De caixa torácica ampla, propia dun corredor de fondo, ao longo das persecucións o seu rabo sérvelle de balancín para non perder o equilibrio na carreira. Sen dúbida as súas dotes de grande corredor veñen dadas tamén pola súa habilidade para apoiar as súas patas nas dedas dos pés e así acadar maior velocidade.



## A Manda

O lobo é un animal social que vive en mandas formadas por una parella reprodutora, os seus cachorros e entre un e catro subadultos ou non reprodutores. Tamén hai lobos solitarios en busca de parella ou dunha manda na que se integrar. Na actualidade as autoridades ambientais estiman que en Galicia existen da orde de 60–80 mandas de lobos, o que equivalería a uns 420–625 exemplares que supoñen o 26% da cifra total de exemplares do Estado español<sup>1</sup>. Cómpre ter en conta que en 1975 había, só na Serra de Meira, uns 400 exemplares, logo moi diminuídos a causa das batidas.

## Alimento

O lobo aliméntase de mamíferos de menor porte ca el, caso de raposos, cans, coellos e lebres. Tamén en ocasións caza porcospinos solitarios, en especial as súas crías. En Galicia ataca o gando do monte e soamente por escaseza de alimento opta polo gando doméstico, como ovellas, poldros<sup>2</sup> e xatos<sup>3</sup>. En ocasións practica o canibalismo, ao igual que algúns insectos e ofidios. É coñecido o temor que sente polo ser humano, ao que ataca en raras ocasións e de forma moi excepcional. En relación á alimentación do lobo un dito popular di: *Tres días carne, tres días herba, tres días aire*.



## O Lobo e o Can

Lobo e can comparten o mesmo código xenético. Unha curiosidade que distingue ambos animais é que, mentres o can pode trabar como defensa, o lobo só ataca para alimentarse. Polo xeral é esquivo e teme ao ser humano, mais como nos informa Lorenzo Fernández (1982) “*o lobo, no inverno, pódese tornar perigoso empurrado pola fame e entón non é raro que se bote á xente; isto fai que os campesiños procuren levar consigo, se teñen que andar de noite e iren sós, unha machada, unha aixada ou calquera outra cousa para se defenderen e, especialmente, unha luz, á que o lobo non se achega*”.

## Xerarquía

Os lobos son predadores no cumio da pirámide ecolóxica. Non existen especies que o ameacen, agás o ser humano. Dentro das mandas son tamén xerárquicos. Desde lobetos, uns lobos amosan máis dotes de liderado ca outros e os máis febles poden rematar sendo repudiados pola femia.

## Lobetos

As parellas de lobos son estables. Rómpanse se desaparece o macho ou a femia, e teñen unha soa camada de entre tres e oito crías ao ano. A loba aleita os seus cachorros mentres o macho caza e alimenta logo os lobetos regurxitando o alimento inxerido<sup>4</sup>.


- 1 Castela–León, co 57% dos lobos de España, estaría á cabeza dun listado que se completa con Asturias, Euskadi, Cantabria, Castela A Mancha e Andalucía. (Fonte: Ministerio de Medio Ambiente)
- 2 Os équidos e eguas deféndense dos lobos colocándose en círculo, coas cabezas cara dentro, lugar no que sitúan os seus poldros. Ao achegárense os lobos os cabalos intentan coucealos coas patas traseiras.
- 3 As vacas e touros tamén definen círculos para se defenderen dos lobos, pero sempre utilizan as súas cornamentas como principal arma.
- 4 Este aspecto biolóxico é aludido indirecta no *Xénese* cando Xacob di a Benxamín: “*Benxamín, lobo rapaz; de mañán devora a súa presa e de tarde reparte o despoxo*”.



O lobo ibérico é unha subespecie propia da península. Soamente hai 150 anos estaba presente na práctica totalidade da mesma, mais na actualidade a súa área de distribución está limitada ao noroeste peninsular e a uns pequenos redutos no sur. O último estudo sobre a distribución e as poboacións desta especie realizado pola Xunta de Galicia en 2004 sitúa o noso país nunha das zonas de maior densidade lobeira da península.

### Conservación

Este cánido chegou a ser o mamífero de máis ampla distribución mundial, pero foi exterminado en boa parte de EE.UU. e Europa Occidental. Hoxe en día sobrevive en zonas remotas de Canadá, Alasca, norte de EE.UU., Europa e Asia. O uso de venenos como método para minguar o seu número de forma rápida e efectiva, a procura da súa pel con fins comerciais e a persecución directa por medio de cazaría e batidas a causa da depredación á que somete ao gando, fixo que a súa poboación minguase aproximadamente dous terzos respecto da orixinal. Por iso desde a década de 1970, pouco a pouco, a súa protección legal comezou a tomar corpo en todo o Mundo, ao punto que hoxe xa existe unha poboación estable, o que garante que, a xuízo dos ambientalistas, a súa supervivencia como especie non estea ameazada.



*En azul escuro os hábitats máis favorables para o lobo segundo a Consellería de Medio Ambiente da Xunta de Galicia.*

Nesta liña de promoción da biodiversidade, en xaneiro do ano 2009 a Consellería de Medio Ambiente dependente do goberno galego publicou no Diario Oficial de Galicia o *Plan de xestión do lobo*, un documento de natureza legal plenamente vixente que ten por obxectivo favorecer a convivencia entre o ser humano e o lobo apoiándose, *grosso modo*, nos seguintes piares:

- Garantir unha poboación viable e estable de lobos.
- Minimizar a conflitividade entre o ser humano e o cánido.
- Potenciar a figura do lobo como recurso económico e cultural.
- Aumentar o seu coñecemento e a súa tolerancia cidadá.

Na dirección expresada xa camiñan varias iniciativas no Mundo como é o caso da *Maison des Loups* (Francia), ou os parques nacionais de Yellowstone (Wyoming, EEUU) —onde o lobo foi exterminado na década de 1940 para ser reintroducido cinco décadas despois—, Ely (Minesota, EEUU), Jasper (Canadá), ou o futuro santuario e Centro de Interpretación<sup>5</sup> de Puebla de Sanabria (Castela-León), paradigmas todos eles de como o lobo pode xogar o seu rol en equilibrio co ser humano e o resto do medio biótico.

### O LOBO COMO SÍMBOLO

De botarmos unha ollada xenérica sobre a percepción mítica do lobo na historia da humanidade, poderemos concluir que este animal aparece asociado sempre á idea de caos,

<sup>5</sup> O Plan de Xestión do Lobo do goberno galego tamén prevé a creación dun Centro de Interpretación do Lobo. A Asociación Cultural e Medio Ambiental Canón de Pau (Cotobade; Pontevedra) está a traballar na creación dun Museo do Lobo.

de falla de normas, orde e organización social, en definitiva, á ausencia de civilización. Deste xeito unha das imaxes metafóricas máis potentes asociadas a este mamífero carnívoro sería a de símbolo do principio do Mundo, previo á vida regrada en comunidade. Así cabería entender o relato mítico que explica o nacemento da cidade de Roma e, por ende, da civilización que dominou o contorno do mar Mediterráneo entre os séculos I a. C. e V da nosa Era:

*(...) Segundo a tradición romana, Rómulo foi, xunto con seu irmán Remo, o fundador de Roma. A lenda di que eran fillos do deus Marte e de Rea Silvia. Numitor, o pai de Rea Silvia, era o rei de Alba Longa. Foi destronado polo seu irmán Amulio, quen o expulsou da cidade, matou os seus fillos varóns e obrigou a Rea Silvia a dedicarse ao culto de Vesta. Cando naceron os xemelgos foron abandonados na beira do río Tíber pero unha loba —de nome Acca Laurentia— atopounos e coidou deles ata que o pastor Fáustulo os recolleu. Os xemelgos querían fundar unha cidade e Rómulo trazou unha liña no chan para sinalar o recinto, no Palatino. (...)*



Escultura de Rómulo e Remo. Abaixo ilustración medieval do lobo Fenris.

Pero ademais de inspirar o principio mitolóxico dos seres e das cousas, o lobo tamén dá corpo simbólico á ameaza de desaparición da razón e a civilidade<sup>6</sup>, isto é, o ser que representa a fin do Mundo. Así cabería entender o relato europeo do lendario lobo *Fenris*, localizado nos países nórdicos:



*(...) Ao principio só era un cachorro, pero conforme foi medrando comezou a crecer, e axiña foi tan grande que era imposible controlalo. Dúas veces fallaron os deuses no seu intento de apresalo (primeiro coa cadea Leding e logo cunha máis forte chamada Droma) xa que se liberaba con grande*

*facilidade. Os deuses do Asgard pediron a fabricación dunha ligadura irrompible aos ananos. Estes fabricáronlles unha cinta livián, doce, sedosa e fina, e que ninguén podería romper, xa que estaba fabricada co son da pegada do gato, a barba da muller, as raíces da montaña, os nervios do oso, o sopro dos peixes e o cuspe do paxaro. (...)*

Xa que logo non é de estrañar que o lobo estea sempre na orixe dunha boa parte de narracións populares creadas por campesiños e gandeiros que tiñan este animal como o maior perigo para a súa economía e as súas vidas. Así se dá a entender en boa parte dos contos moralizantes que teñen orixe na antigüidade<sup>7</sup>, pero que se popularizan de xeito extraordi-




6 Esta mesma idea é a que contén o coñecido poema “O Lobo”, da autoría de Darío Xohán Cabana, que musicara o grupo Fuxan Os Ventos. Aquí o poema condena a ditadura a través dunha críptica metáfora.

7 Unha das versións sobre a etimoloxía do epíteto Apolo Licio é o que fai devir *Lýkos* do grego *lobo*, polo que este deus heleno, adoptado posteriormente por Roma, sería *matalobos* ou *cazador de lobos*. Non en balde Homero afirma que Apolo é fillo dunha muller (Letona) transfigurada en loba. Virxilio fala do “lobo de Marte” e Horacio de “os marciais lobos”, o que explica que este deus romano apareza en moitas ocasións acompañado dun lobo, pretendendo caracterizar o seu carácter agresivo (Mariño Ferro; 1996).

nario a partir da Idade Media (*Carapuchiña vermella*<sup>8</sup>, *Os tres porquiños*, *As sete cabuxas e o lobo*, *Pedro e o lobo*...) onde o noso animal é sinónimo de ameaza, de fereza, actuando como sinónimo de perigo e ausencia de domesticación. Non en balde será entre os séculos X e XIII cando se fixe para sempre na arte relixiosa unha das principais representacións icónicas de Cristo: a do *Agnus Dei*. O Año místico<sup>9</sup>, (isto é, o ben, a verdade e a salvación) será desde entón a imaxe que máis fielmente representa a antítese do lobo (isto é, o mal, a mentira e a condena), ademais da vítima real e simbólica máis propiciatoria daquel. Nesta mesma perspectiva simbólica do lobo como animal demoníaco insisten lendas como a do San Froilán<sup>10</sup> —patrón de Lugo<sup>11</sup> non por casualidade como veremos máis adiante— santo que a literatura popular sitúa convertendo en can a un lobo que ousou atacar un burriño. Mentres a arqueoloxía, disciplina da que se vale a ciencia histórica para afinar moitos dos seus asertos e hipóteses, xa se encargara de situar no 10.000 a. C. —no tempo no que agromaban as primeiras sociedades neolíticas de pastores e campesiños— o primeiro caso contrastado de domesticación deste animal salvaxe.



Arriba, imaxe do *Agnus Dei* ou Año de Deus foi elixida pola Igrexa para representar a Cristo en oposición ao lobo, símbolo do Demo e o mal. Abaixo o tímpano da portada N da igrexa románica de San Munio de Veiga<sup>12</sup>, onde aparecen afrontados un carneiro<sup>13</sup> (esquerda) e un lobo (dereita), símbolos da fecundidade e da morte respectivamente.



8 Este conto ten por obxecto advertir ás mociñas do perigo que supuñan os homes, equiparando simbolicamente o varón co lobo por causa da súa pulsión sexual.

9 García-Orea (2004), no seu *Animalario Peregrino*, escribe: “*Antes de que se representara o crucificado, o Año foi o primeiro símbolo daquel, que se identificaba coa Eucaristía, facendo referencia ao sangue do Año sacrificado, ou como fonte de vida, luz que ilumina, e purificador do mundo. Había tamén un Año triunfador, que se amosaba no medio dun grande círculo portando a cruz, e un Año dominador con estandarte, que ao mesmo tempo era o Año que arrastraba as ánimas e as chamaba para salvarlas*”.

Na arte románica a figura do lobo faise presente en forma de símbolo cargado de negatividade ao lado de imaxes que simbolizan ou representan o mal, o pecado ou mesmo como representación alegórica do inferno. Así acontece, por exemplo, en canzorros figurados como os de San Miguel de Eiré (Pantón; Lugo) ou en Santiago de Bembrive (Vigo; Pontevedra). Curiosamente o lobo está ausente do bestiario mitolóxico que ilustra os templos medievais galegos, quizais por ser o antagonista principal do Año de Deus.

Na literatura teolóxica Cristo aparece tamén como o Bo Pastor: “*Eu son o Bo Pastor. O bo pastor dá a súa vida polas ovellas; máis o que é asalariado, que non ten ovellas propias, e ve vir o lobo, abandona as ovellas e foxe, o lobo róbballas e esparéxeas, porque é asalariado e non ten parte nas ovellas*” (Evanxeo segundo San Xoán–X–11 a 13).

- 10 Tamén Santo Bartolomeu pasa por ser avogoso das persoas que sofren, de forma directa ou indirecta, o ataque das bestas, en especial dos lobos (Ver “*Algunas creencias populares relacionadas con San Bartolomé*”, de Vicente Risco, en *Boletín de la Comisión de Monumentos de Orense*; T XIX; Ano 1957–58. Ourense). Santa Austraberta de Pavilly, San Radegonde, San Turgen ou Santo André de Corsini, San Blaise de Sebante, San Vaast de Arras ou Santo Herve son outros exemplos de santos europeos vinculados ao lobo. (Grande del Brio; 1984)
- 11 O lobo era o animal emblemático do deus Lugh, do que se teñen atopado estelas en Uxama Argaela (Burgo de Osma) e Lugoves (Suiza). Segundo algúns autores o topónimo Lugo procedería dunha voz prerromana, aludindo ao deus céltico Lugh ou á tribo dos Lougei que aparece nunha inscrición do Courel. Para honrar a memoria de Augusto, os romanos chamárono Lucus Augusti “Lugo de Augusto”. Outros autores apuntan á voz *lucum* “fraga sagrada” como orixe do topónimo.
- 12 Concello de A Bola, integrado na comarca das Terras de Celanova (Ourense).
- 13 O carneiro, cando aparece como vítima sacrificial, tamén representa a Cristo, que ofrece a súa vida polos seus súbditos.

## Ameaza á convivencia

O lobo tamén funciona como metáfora da ameaza á luz, á razón e á civilización. Velaí a figura do licántropo, a do home (non coñecemos o caso de ningunha muller que mutara en lobishome) que, preferiblemente de noite, se converte en lobo —lembremos a Roma-santa como paradigma en clave galega— para cometer os crimes máis aborrecibles e abominables. Esta figura histórica atopa un precedente nas *lupercales*, unhas festas que tiñan lugar na antiga Roma coa intención de celebrar a purificación e fecundación das mulleres e do gando, así como de protexer contra o lobo—animal salvaxe. Nese día (o 17 de febreiro<sup>14</sup>) os *Luperci*, homes que se crían posuídos polo espírito do lobo (luperco), flaxelaban semiespidos aos viandantes. O Papa Gelasio prohibiu en 496 a *lupercalia* ou *luperca* e decidiu cristianizar a festa dedicándolle ese día á purificación da Virxe María. Desde entón a Igrexa Católica celebra ese día a festa da Candeloria, prolegómeno festivo do alborexar da primavera que, en forma de fachos e luz, pecha definitivamente a porta do escuro inverno.

Neste contexto cumpre entender tamén a coñecidísima máxima que defende Thomas Hobbes en *O Leviatán* (1651), segundo a que o ser humano, guiado polo instinto de supervivencia, o egoísmo e a lei do máis forte (a lei da selva), atoparíase sumido nunha *guerra de todos contra todos* que faría imposible o establecemento dunha sociedade que tivese a paz e a harmonía como común denominador. Esta argumentación sèrvelle ao filósofo inglés para defender a existencia dunha autoridade forte que evite o caos e a anarquía, isto é, na que o ser humano sexa unha ameaza para si mesmo, tal e como sentencia o aforismo<sup>15</sup>: “*homo hominis, lupus*”.

Esa mesma connotación negativa é a que explica que, incluso na perspectiva da previsión meteorolóxica, o oular do lobo sexa presaxio do mal tempo<sup>16</sup>.

## A Loba

A diferenza do que acontece co varón, cando a condición *lupina* atinxe a unha muller non é para negar a súa cordura nin a súa capacidade de raciocinio, senón para “masculinizar” o seu comportamento, isto é, para caracterizar a súa conduta con valores ou comportamentos tipicamente virís. Así acontece con *Pepa A Loba*, a bandoleira máis famosa da historia de Galicia, que destaca pola súa valentía asaltando a ricos, cregos e caciques, ou coa *Raiña Lupa*<sup>17</sup>, mítica señora feudal situada de forma lendaria, entre outros lugares de Galicia, nas terras da beira do Sar sobre as que dominaba o seu Castro Lupario<sup>18</sup>. Pero a “*lupinización*” histórica da muller non só nos fala da asunción de comportamentos e roles masculinos positivos (fortaleza, valentía, afouteza...), senón tamén de ameaza para o varón

14 *Febrerius* (febreiro) era, por excelencia, o mes das purificacións, sen dúbida por ser un momento de inflexión estacional.

15 O texto literal no que se inspira Hobbes foi tomado da obra *Asinaria*, do comediógrafo latino Tito Maccio Plauto (254 a. C. – 184 a. C.), e di textualmente “*Lupus est homo homini non homo*”.

16 Ver “Astrología y meteorología popular (La Gudiña)” de Laureano Prieto (*Boletín de la Comisión de Monumentos de Orense*; T XIX; Ano 1957–58. Ourense).

17 A Raiña Lupa, unha dama galaico-romana adiñeirada, tería cedido o seu mausoleo familiar, sito no *Liberodunum* ou *Libredón*, para enterrar o corpo do Apóstolo Santiago, que sería sepultado polos seus discípulos baixo a coñecida como Arca Marmórica. Para aprofundar no tema ler *A Raiña Loba. As orixes pagás de Santiago*, de Antonio Balboa Salgado. Ed. Lóstrego. Santiago de Compostela. 2005

18 Un dos xacementos homónimos máis coñecidos é o situado á beira da aldea de O Faramello (Calo; Teo), entre o Milladoiro e Padrón. Trátase dunha acrópole localizada á beira do Camiño portugués e da *Per Loca Marítima* que controlaba o acceso ao val da Amaía, e que aínda mantén en relativo bo estado de conservación a súa muralla perimetral. Este xacemento, citado por vez primeira nun escrito de Juan de Azcona de 1532, relaciónase coa lenda da Raiña Lupa, segundo a que os discípulos que trasladaban o corpo do apóstolo Santiago acudiron a ela para pedirle un terreo no que inhumar os restos do santo.

en canto que *devora homes* ou portadora dunha sexualidade non reprimida ou disimulada. Así se explica que en Roma as casas de lenocinio recibisen o nome de *lupanares*, literalmente *casa de lobas*, substantivo feminino que aínda hoxe na linguaxe coloquial é utilizada para adxectivar á muller sensual e atractiva, nomeadamente á que manifesta abertamente o seu desexo sexual (un comportamento exclusivamente masculino ata hai pouco tempo).

Ao fio disto que apuntamos, no Bestiario de Oxford (século XII) da Biblioteca Bodleian<sup>19</sup> afirmase que “*con moita razón se lle chama lobas ás cortesás que arruínan os seus amantes*”.

## O Símbolo

Tal e como apunta Juan Pablo Torrente (1999) o lobo e o oso simbolizan a intrusión das feras no territorio dos humanos. Esta idea aparece expresada de forma maxistral en películas como *Bailando con lobos*, un filme extraordinario dirixido e protagonizado por Kevin Costner en 1990. Recórdese cómo aquí o Tenente Dunbar, enviado polo exército durante a Guerra de Secesión a un posto avanzado en pleno territorio Sioux, intenta introducirse de forma amigable na vida dos indios, que se debaten entre aceptar ou rexeitar o militar ao tempo que el, metaforicamente, aprende a aceptar a incorporación dun lobo salvaxe (*Calcetíns*) á súa propia.

Por certo, se repasamos as imaxes estereotipadas que coñecemos dos indios norteamericanos, máis concretamente dos seus xamás ou feiticeiros, recoñeceremos este personaxe cuberto, en ocasións, coa pel do lobo. Neste sentido o etnólogo e folclorista Julio Camarena Laucirica afirma no seu traballo “Mitología del lobo en la Península Ibérica”<sup>20</sup> que “*aún hoy en ciertas áreas de Galicia y Portugal se cree que cubrirse con la piel de lobo infunde en quién lo hace algunas de sus características*”, o que cabería interpretar como unha idéntica preparación e disposición humana a asumir e facer propias calidades *lupinas* como a intelixencia, a axilidade, a astucia ou a forza. Este valor apotropaico do lobo é o que levou o ser humano a investir co seu nome a algúns varóns, algo do que falaremos máis adiante.

## O Hábitat

Pero centrémonos de novo en Galicia e nos seus mohicanos, que diría o escritor Manolo Rivas. Nestas terras, ao igual que os romanos distinguían entre o *ager* e o *saltus*, isto é, entre o agro e o bosque, os campesiños diferenciaron sempre historicamente entre o *manso* e o *bravo*, é dicir, entre o terreo que era obxecto dunha explotación intensiva (as terras de labor) e o que se utilizaba de forma extensiva (o monte). Será precisamente este o fogar natural do lobo, que atopa lonxe do ser humano un hábitat propicio. Así o narra Otero Pedrayo<sup>21</sup> (1955) —co seu habitual ton épico— nos seu *Ensaio sobor da paisaxe galega*:

*Da nosa paisaxe teñen case desaparecido os animais salvaxes. Queremos dicir aquí o concepto acostumado de feras. Mais tampouco dun xeito completo. En calquera grande serra galega o lobo no inverno e no verán participa da fisionomía da paisaxe. Na noite do inverno os seus ouveos enchen a soidade. Por qué?. Por razóns cinguidas con toda a historia da nosa Terra. A historia, longo drama das loitas do home coa natureza, non é completo triunfo nalgunhas outas e bravas comarcas. Onde non chega a agricultura dun xeito suficientemente calcado, na irta montaña, aínda o lobo manda. Dá o seu ton á paisaxe.*

19 Traducido ao español por Carmen Andreu, foi editado por Arte y Bibliofilia (Madrid) en 1983.

20 Colloque franco-español. *La légende, anthropologie, histoire, littérature*. Madrid. 1989.

21 Don Ramón contoulle a Chao Espina (1972) que no século XIX os lobos baixaban ata as ourensás Praza do Corrixidor e rúa de San Pedro, así como unha anécdota situada en Viana do Bolo (Ourense) pola que uns lobos terían devorado unha parella de garda civís, deixando unicamente os bicornes, correaxes e bigotes das vítimas.

Nesta mesma idea, a da montaña como espazo sen leis coercitivas, paraíso de libertarios e gobernado metaforicamente polos lobos, inciden autores como Ferdinand Braudel (1976):

*(...) a montaña é a montaña, é dicir, un obstáculo, unha barreira, pero ao mesmo tempo un refuxio, un país para homes libres. Todos os vínculos de coacción e suxeición que a civilización (na orde social e política ou na da economía monetaria) impón noutras partes, non pesan aquí sobre o home (...)*

## O LOBO NA CULTURA

Tal e como nos recordan os medievalistas, caso do laureado Georges Duby (2007), o extraordinario aumento da poboación europea ao longo do século XII veu parello á multiplicación de reses de gando que pastaban ceibas no monte, pero necesariamente tamén á aparición de regulamentos de transhumancia que teñen por obxecto ordenar o movemento de gando ao longo do territorio en función dos usos predominantes do monte nas distintas épocas do ano. Cómpre lembrar que na Idade Media Galicia era un país fundamentalmente rural onde as aglomeracións urbanas eran excepción. Así nolo recorda, por exemplo, o *Códice Calixtino*<sup>22</sup>:

*“Después, pasada la tierra de León y los puertos del monte Irago, se encuentra la tierra de los gallegos. Abunda en bosques, es agradable por sus ríos, sus prados, y sus riquísimos pomares, sus buenas frutas y sus clarísimas fuentes: es rara en ciudades, villas y sembrados”*

Neste sentido historiadores como López Carreira (1999) teñen achegado cifras especulativas en relación á escasa poboación residente nas cidades de Galicia ao longo da Idade Media<sup>23</sup>, o que permite deducir que a grande maioría da poboación vivía no rural explotando os seus recursos —entre eles a gandaría— para procurar o sustento.

Ao longo do período feudal Galicia e o conxunto de Europa viven un momento de crise demográfica provocada pola peste (no noso país a Peste Negra de 1348 marca un importante parón na dinámica de crecemento das urbes<sup>24</sup>), as guerras, as malas colleitas e a fame, o que provocará o colapso das relacións comerciais e, por ende, a crise do proceso de urbanización. Nese contexto a nobreza incrementará a presión sobre os fidalgos e os habitantes dos burgos, sobre os prelados e os campesiños, o que contribuirá a reforzar o carácter netamente rural do país desde o punto de vista sociodemográfico, con todo o que iso supón en relación á explotación dos recursos dispoñibles, entre eles, de forma destacada, a gandaría.

### Nomes e apelidos

Así as cousas non é casual que desde a Antigüidade se popularice o nome persoal *Lupus* (na Idade Media estendeuse a súa versión romance *Lopo*<sup>25</sup>), antropónimo que dará lugar

22 *Liber Sancti Jacobi, Codex Calixtinus*; tradución dos profesores Abelardo Moralejo, Casimiro Torres e Julio Feo; dirixida, prologada e anotada polo primeiro; (edición revisada por Juan J. Moralejo e María José García Blanco). Ed. Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo, Xerencia de Promoción do Camiño de Santiago, 2004.


23 Estes datos, calculados seguindo as cuantificacións que citan as fontes de cidades como Ourense e Pontevedra a partir do século XV, son os únicos que coñecemos de forma fidedigna, o que nos permite extrapolar os cálculos de probabilidade ás demais urbes do xeito que segue: Santiago, 8.000 habitantes; Pontevedra, 6.500; A Coruña 5.760; Tui, 3.900; Ourense, 3.500; Lugo, 3.270; Betanzos 2.000 e Mondoñedo, 1.090.

24 Antes do século XV non contamos con criterios sólidos para avaliar a ocupación do espazo e a densidade urbana.

25 No medievo, en Galicia eran frecuentes os apelidos Lobesus, Lobesa, Lovesius, Lovesus, Lovesa e Lovatus.

ao apelido patronímico López (literalmente fillo de *Lopo*<sup>26</sup>), hoxe en día o cuarto apelido en frecuencia de uso no noso país, levado por 167.768 galegos e galegas. Tal e como recorda Méndez Ferrín (2007), en portugués aparece a forma *Lopes* e en catalán *Llopis*, e mesmo tamén ten presenza no éuscaro a través do substantivo *Otxoa*.

A maiores a raíz *-Ulfe*, de clara estirpe xermánica, devén do substantivo *\*Wulfs*, que tamén significa lobo, tal e como ten estudado Cabeza Quiles (2008). De aquí proceden antropónimos como Adolfo ou Ataúlfo que, en orixe, pretenderon outorgar a quen así se



Batida no Morrazo a mediados do século pasado.  
Foto: arquivo José M.<sup>a</sup> Massó.

chamaba os valores e calidades da nosa fera<sup>27</sup>, animal totémico por excelencia en Galicia, Europa e boa parte do Mundo. Pero este proceso, obviamente, non é exclusivo da onomástica persoal, senón que transcende necesariamente ao lugar no que o ser humano desenvolve a súa vida. De aí que, tomando Galicia como paradigma, o noso país estea cheo de topónimos e microtopónimos nos que aparece o sufixo *-ulfe*: Arufe, Brufe, Recegulfe ou Meitufe na provincia de A Coruña; Gondulfe, Trasulfe ou Randulfe en Lugo; Gondufe ou Mañufe en Pontevedra, etc...

Algúns estudosos sosteñen que moitos destes topónimos con base antroponímica poderían ter xurdido co obxecto de infundir nalgúns guerreiros xermánicos os valores e calidades propias dos lobos. Neste sentido Ulfe (literalmente lobo) é o nome dunha aldea do concello de Chantada (Lugo), un feito contrastado que tampouco é alleo á masiva presenza da nosa fera no NE de Galicia. A localización destes topónimos de orixe xermánica, segundo refiren Cabeza Quiles (2008) ou Méndez Ferrín (2007) entre outros, concéntrase ao norte do río Douro, isto é, no territorio ocupado polos suevos a partir do século V d.C., o que evidenciaría que, xa naquel tempo, esta rexión da península era abundosa en lobos.

Outros topónimos ou substantivos de noso de incuestionable orixe *lupina* son: Lobeira (nome dun espléndido miradoiro natural sobre a Ría de Arousa), Peido de Lobo (nome dun cogomelo de forma globular), Foilebar, Follobal, Follabar, Follabal, etc... (todas elas formas deturpadas do orixinal medieval *foveum lupale*<sup>28</sup>), ou Matalobos (substantivo que historicamente deu nome tanto a un espazo bravo dedicado á caza do lobo coma unha coñecida planta medicinal<sup>29</sup>).

Por último non quixeramos deixar de citar outros vocábulos que están emparentados, non co lobo exclusivamente, pero si coa caza maior. Referímonos a substantivos presentes na toponimia e na antroponimia como: **Armada**<sup>30</sup> (apelido e microtopónimo presente en moitos montes do país que se refire ás *armadas* ou *armadillas* que se construían no *bravo*

26 En Galicia existen 226 persoas con este apelido segundo o IGE, a maioría delas residentes nos concellos pontevedreses de A Lama, Fornelos de Montes, Cotobade e Ponte Caldelas (Terra de Montes) así como no ourensán de Cartelle (Terra de Celanova), todos eles municipios montañosos nos que o lobo está moi vivo, tanto no imaxinario colectivo coma no territorio. Segundo a mesma fonte tan só 2 cidadáns levan o apelido *Lupo*.

27 Antano críase que as persoas así denominadas conseguirían atemorizar o demo (símbolo do mal), vivindo así mellor protexidas e defendidas.

28 Ver Moralejo Lasso (1977).

29 *Aconitum vulparia*.

30 1.441 apelidos en Galicia segundo o IGE (0'05% do total). Nun escrito do ano 1130 que cita Cabeza Quiles (2000) lemos: “*et deinde ad ffugium de armada*”.

para capturar animais salvaxes<sup>31</sup>, entre eles o lobo); **Lobeira**<sup>32</sup> (guarida de lobos), **Lobeiro**<sup>33</sup> (experto cazador de lobos); **Lobato**<sup>34</sup> (cría de lobo); **Lobatón**<sup>35</sup> (aumentativo de *lobato*, isto é, do cachorro do lobo, que en galego recibe o nome de *lobeto*), **Monteiro**<sup>36</sup> (xenericamente “o que participa nunha montaría”, pero desde o punto de vista histórico “o cazador especializado que guía unha montaría”); **Montaría** (a caza de animais de grande tamaño, especialmente veados, xabaris, osos e lobos que, con frecuencia, se realiza a cabalo); **Monteira**<sup>37</sup> (o gorro que antano cubría a cabeza dos Monteiros, e que máis tarde serviu para designar distintos tipos de panos para cubrir a cabeza, caso da monteira do traxe tradicional galego); **Montear** (literalmente perseguir caza maior polo monte); **Villalobos**<sup>38</sup> (que significa vila ou lugar de lobos).

En Soajo (Portugal) tamén se documentou<sup>39</sup> o topónimo **Queimadas** vinculado á caza do lobo:

(...) “lançavam o fogo a tudo, a tóda a vegetação de um local, indistintamente, para afugentarem o lobo, o javali ou a raposa” (...)

### Foxos, Curros e Cousos

Para Moralejo Lasso (1977) a forma toponímica *Foxo* derivaría do latín vulgar *Fovea* > \**Foveum* co significado de *foxo*, *buraco* ou *cova*. Precisamente será ao longo da Idade Media cando esta voz se deturpe progresivamente ata dar lugar á voz *Foxo* (e xunto a el variantes como *Foxa*, *Foxado*, *Foxacos*, *Refoxo*, *Agrafoxo*...) para designar unha depresión

- 31 Nomeadamente Xabaris (*Sus scrofa*), Veados (*Cervus elaphus*), Raposas (*Vulpes vulpes*) e Linceos (*Lynx pardina*), aínda que tamén contamos con algún testemuño excepcional (ver AAVV; 2000) como a Lobera de Castrobarto (Burgos) que foi utilizada para acurrallar cabalos salvaxes (*Equus caballus*).
- 32 En Galicia existen 105 persoas con este apelido segundo o IGE, a práctica totalidade delas residentes en concellos litorais das Rías Baixas. Tal e como estudou Cabeza Quiles (1992), este topónimo está presente tanto no interior como na costa (Camariñas na provincia de A Coruña, Viveiro na de Lugo, ou en boa parte da pontevedresa Ría de Arousa), podendo referirse neste último caso á presenza pretérita de lobos mariños.
- 33 No noso país non existen persoas censadas con ese apelido segundo o IGE, mais si están censados moitos *Lobero* en Madrid, Cádiz, Barcelona e Guipúscoa, provincia da que parece proceder este antropónimo.
- 34 811 (0'02% do total) son as persoas que, segundo o IGE, levan este apelido no noso país.
- 35 En Galicia só existen 6 persoas con ese apelido segundo o IGE, polo que cabe deducir sen temor a equivocarnos que estamos diante dun apelido foráneo.
- 36 Segundo o IGE en Galicia hai 8.922 apelidos (0,32% do total) Montero e moitos menos, 741 (0'02% do total), na súa versión galega. Algúns dos brasóns que identifican a liñaxe dos Monteiro –ao parecer de orixe castelá– locen no seu campo bucinas e cans con carrancas ao pescozo. A liñaxe dos Andrade (Pontedeume; A Coruña) identificase coa figura do xabari, sen dúbida pola súa fereza e a vinculación desta familia coa caza maior, concretamente a deste animal. Así o evidencian algúns capiteis de San Miguel de Breamo (Pontedeume) ou os relevos con escenas de caza que loce a capela maior da igrexa de San Francisco de Betanzos, onde tamén está soterrado o máis famoso dos Andrade, Fernando Pérez *O Boo*. Fernández de Córdoba (1963) estudou as liñaxes galegas que incorporan o lobo nos seus escudos heráldicos, cuantificando en máis de setenta o número de brasóns con presenza *lupina*. Os apelidos Loba, Lobato, Lobatón, Lobeiro, Lobo, López ou Lines locen nas súas armas a figura do noso animal.
- 37 O IGE cuantifica en 15 o número de persoas con este apelido en Galicia.
- 38 O IGE cuantifica en 68 o número de persoas con este apelido en Galicia, unha parte deles censados en concellos “lobunos” como Verín, Xermade, Sarria, Lobeira, Avión e, sobre todo Laza, onde reside a maior proporción de cidadáns con este apelido (o 0,3% do total). No conxunto de España o apelido Villalobos ten unha presenza moi relevante en Asturias, País Vasco e Estremadura, alén doutros territorios aos que chegou, supoñemos, a causa da emigración.
- 39 Cita de Alberto V. Braga (1931) tomada de *Estudos do Alto-Minho-Notícia sumária acerca de Soajo*, por Félix Alves Pereira.



natural do terreo, pero tamén unha concavidade antrópica realizada cunha finalidade cixexética. Esta utilizábase, como veremos máis adiante, para a batida de todo tipo de animais salvaxes, nomeadamente o lobo, ao que os *batedores* ían acosando en dirección ao foxo onde finalmente caía e era morto.

Outro dos substantivos máis habituais en Galicia para identificar este tipo de trampas é *Couso*. Del dinos Frei Martín Sarmiento<sup>40</sup>: “*En las montañas de Samos llaman al agujero, foso (o foxo) que se hace para coger lobos, etc... y así la voz couso, tan común en Galicia, se debe entender*”. Derivado do latín \**Causu*, este nome aparece na diplomática a partir do século XII en múltiples ocasións, como ten estudado Veiga Arias (1983). Na provincia de León tamén se utiliza este substantivo para designar os foxos simples.

En menos ocasións a palabra elixida para referir estas trampas é *Curro*, apelativo que os dicionarios dan, entre outras acepcións, a un “lugar pechado no monte onde se gardan ou recollen temporalmente animais”. Loxicamente o xenio popular ideou esta denominación, fundamentalmente, para designar aqueles cerrados que se construían no monte para gardar temporalmente o gando ceibo, mais a súa similitude morfolóxica cos *Curros dos lobos* ou *Foxos de Cabrita* explican a súa denominación popular.

A uns 250 metros ao SE do foxo do lobo de Paraños (Carballedo; Cotobade) tivemos ocasión de documentar o microtopónimo Campo da Corrida<sup>41</sup>, orixinal nome de lugar que identifica unha chan localizada preto do Coto da Torre, o maior dos tres picos da cordal que separa o Val do río Lérez do Val do río Almofrei.

(...) “*Allí cazan lobos todavía como los hombres primitivos: acorralándoles. Tocan un cuerno cuando le ven y todos, hombres, mujeres y niños, acuden a participar en la batida. Yo lo vi una vez. Nadie puede llevar armas, sólo palos y latas. La estrategia consiste en acechar al lobo y empujarle poco a poco hasta un barranco en cuyo extremo está lo que llaman el chorco: una fosa profunda*

*y oculta con ramas. Cuando el lobo, al fin, ha entrado en el barranco, los hombres comienzan a correr detrás de él dando gritos y agitando los palos y las mujeres y los niños salen detrás de los árboles haciendo un gran estruendo con las latas. El lobo huye, asustado, hacia delante y cae en la trampa. Le cogen vivo y, durante varios días, le llevan por los pueblos para que la gente le insulte y le escupa antes de matarlo...*” (...)



Fotografía aérea do Foxo de Pigarzos ou dos Xarotos (Serra do Suído).

40 *Catálogo de voces y frases de la lengua gallega*. Ed. de José Luís Pensado. Ed. Universidad de Salamanca, 1973.

41 O Campo da Corrida e o Foxo do lobo de Paraños sitúanse a alturas ben distintas (unha media de 50 m de diferenza de cota), o que explica o escaso espazo existente entre un e outro lugar.

Afonso do Paço e A. do Paço Quesado apuntan en “Disgressões arqueológicas pelo Alto Minho”, en *Arquivo do Alto Minho. 6º Volume* (1956), como neste ámbito galego-portugués se tiña noticia dun coto pedroso no que se erguía unha bandeira vermella cada vez que se convocaba unha corrida de lobos e raposos. Grande del Brío (1984), que estudou as Ordenanzas do Concejo de Valdeón (León), rexistrou como o repique de campás anunciaba aos veciños a celebración de batidas, “non admitíndose como excusa o non ter oído a campá”.

Este fragmento de *Luna de lobos*, a marabillosa novela do escritor leonés Julio Llamazares, permítenos, ademais de adiantar como se levaban a cabo as corridas no NW peninsular, evidenciar algúns dos nomes utilizados na Península Ibérica para designar os distintos espazos *lupinos*. Se nos referimos aos lugares, trampas e dispositivos nomeados polo ser humano e relacionados coa captura do animal citaremos: Chorco (León); Callejón (Cantabria); Lobera, Couso (León, Alava e Burgos); Hoyos, Cousos, Caones, Caleyos, Hoyas ou Callejos (Asturias), e Armada, Foxo, Foxo de Cabrita, Couso, Curro, Campo da Corrida (Galicia).

### O lobo literario

A aparición do foxo como trampa destinada á captura de lobos e outras feras salvaxes explica por si mesma dúas cousas enormemente relevantes para o que aquí nos ocupa:

1. Que o lobo era unha ameaza moi importante para a sociedade galega da Idade Media e Moderna principalmente, xa que minguaba a súa economía doméstica e puña en perigo a súa supervivencia material, incluso a vida da xente.
2. Que a presenza social do lobo, en canto que ameaza que había que combater de forma activa, deu lugar a un riquísimo e valiosísimo patrimonio cultural de carácter material e inmaterial que certifican moitos autores contemporáneos galegos; vexamos o que nos di a este respecto Xesús Taboada Chivite (1971):

*“Este Caín irredento dos cans é o animal que máis conta nos contos de Galicia. Señor de soedades e espesuras, infundidor de medos milenarios ao transeúnte nocturno, animal máxico que pon os pelos crespos ao camiñante e deixa sen voz<sup>42</sup>, está máis estendido que nunca nas extensas repoboacións forestais e omnipresente nas frases, nos ditos, nas supersticións, nas lendas, nos mitos e na toponimia”.*

Pero as citas literarias que transcribimos con anterioridade a modo de follas soltas non son mostras excepcionais, senón uns poucos exemplos dunha vizosa árbore con moitas pólas. Pousémonos brevemente nalgunha delas para facermos un achegamento ao sistema narrativo galego, neste caso, fiel reflexo dunha tradición narrativa oral de argumento *lupino* ampla e rica como poucas, segundo ten compilado, entre outros, Antonio Reigosa<sup>43</sup>.

A presenza do lobo no mundo do ensaio e a literatura galega ou de inequívoca raigaña galaica non é, como sabemos, pequena. Sen ánimo de ser exhaustivos, podemos recordar aquí de forma breve algúns dos títulos que están máis presentes nas nosas bibliotecas e que teñen o lobo antropizado, o animal real ou o lobo metafórico por protagonista:

En *Romance de Lobos*, de **Ramón M<sup>a</sup> del Valle Inclán**<sup>44</sup>, o lobo aparece en sentido figurado e cunha potente carga simbólica para identificar os fillos que desposúen dos seus bens ao seu pai, Don Juan Manuel Montenegro, o morgado que tamén perde a súa vida a causa do ataque desta fera.

42 Algúns tratados medievais (o Pseudo-Hugo de San Víctor, Pierre de Beauvais ou Brunetto Latini) conteñen a lenda segundo a que se un home atopa un lobo no seu camiño deberá espirse, patear o chan cos pés e bater dúas pedras, a fin de recuperar o ánimo e a voz perdidas, ao tempo que espanta a fera (F. McCulloch, *ibid.*, pp. 188–189; *Bestiaires au Moyen Âge*; B. Latini, “Le Livre du Trésor”, en *Jeux el sapience au Moyen Âge*, París.). Trátase dunha vella crenza, xa recollida no *Hexaameron* e nas *Etimoloxías*, presente tamén nos Comentarios á Apocalipse do Beato (San Ambrosio, *Hexaameron*, lib. VI, cap. VI, col. 252; Santo Isidoro, *Etimoloxías*, lib. XII, cap. 2, p. 75; e Beato de Liébana), onde o lobo aparece como unha representación do demo.

43 Ver apartado de Fauna en [www.galiciaencantada.com](http://www.galiciaencantada.com) e voz Lobo e semellantes do *Diccionario dos seres míticos galegos*, de Xoán R. Cuba, Antonio Reigosa e Xosé Miranda. Ed. Xerais. Vigo. 1999.

44 Ed. Espasa-Calpe. Madrid. 1994.

*O lobo da xente*, foi unha das obras que **Vicente Risco**<sup>45</sup> dedicou a reinterpretar as lendas e tradicións populares, integrando no *corpus* literario culto a lenda do lobo e o licántropo. En paralelo o autor levou a cabo unha seria investigación antropolóxica en relación ao lobo e o lobishome<sup>46</sup>.

O antropólogo **X. Ramón Mariño Ferro** é autor de *El simbolismo animal* (1996), unha viaxe histórica pola significación cultural que o occidente de Europa lle outorgou ao fenómeno lobeiro, e de *Lobos, lobas e lobishomes* (1995), un libro–compendio que trata sobre contos de lobos na literatura popular galega: o lobo como animal feroz, os contos da Lupa ou Loba, relatos sobre persoas que se transforman en lobos, contos sobre o lobo inocentón e estúpido<sup>47</sup>...

*Pepa A Loba*, a bandoleira galega por antonomasia do século XIX, tomou corpo de novela da man **Carlos G. Reigosa** no ano 2006. Este relato de raigaña histórica non fai outra cousa que evocar a memoria dunha muller indómita, valente e combativa que xa é, por méritos propios, un dos mitos máis poderosos da literatura popular galega.



Ánxel Fole foi quen mellor escribiu e relatou contos de lobos

Mención a parte merece, como xa dixemos, a obra de **Ánxel Fole**. O lugués —máis unha vez non é casualidade a súa orixe— é autor de míticos libros de contos como *Contos de Lobos* ou *Á lus do candil*, obras que evidencian que este literato fabulou coma ninguén sobre lobo e a súa relación cos labregos. “*As noites de inverno soio son boas pra os trasgos, pra as meigas pra os lobos... E pra quen escoita contos de medo sentindo romba-lo vento...*”, escribiu o que sen dúbida é un dos nosos mellores narradores breves de todos os tempos. Leamos con atención outro dos seus fragmentos:

(...) “¿Sabedes cando se estreven os lobos cos homes? Cando teñen moita fame, ou cando se decatan que lles teñen medo. Por iso cáseque nunca atacan a tres ou máis xuntos. Cando se atopan un home soio pola serra, pónense a traballalo. Teñen moito distinto... Xa veredes cómo o traballan. De primeiro, acompañano; despois, pónenselle diante; máis tarde, chéganlle a zorrega-las pernas cos rabos... Así, pouquiño a pouquiño. Vén un intre en que o home xa non pode máis. O medo alporízalle os cabelos. Parécelle que lle cravaran alambres na testa. Váiselle a voz, perde o sentido. Xa está perdido. Bótanse os lobos enriba dil i esnaquízano. Cada vinte anos ou menos, dáse por istas terras un caso dises. Desaparece un home. Crese que o mataron ou que fuxiu prás Américas. O cabo de dous ou tres anos ninguén fala dil. Un cazador atopa nunha xesteira unha calivera. ¿De quen sería?. Así lle aconteceu ó Pastrán de Vesuña, fai moitos anos. Mais si o home non perde o coraxe, non se atreven con il.” (...)

45 En *Antoloxía de narrativa galega I*. Ed. Consellería de Cultura e Deporte. Xunta de Galicia. Santiago de Compostela. 2007.

46 Ver “Contribución al estudio del lobo en la tradición popular gallega”. *Cuadernos de Estudios Gallegos*. T 3; fasc. Nº 9. 1948, e “Creencias gallegas: Tradiciones referentes a algunos animales”, en *Revista de Dialectología y Tradiciones Populares* III, 1947.

47 Esta caracterización que unha parte da narrativa popular proxecta sobre o lobo como animal parvo e pouco intelixente non é outra cousa que unha inconsciente estratexia psicolóxica colectiva que tenta enfatizar a necesidade de facerlle fronte, minorizando así o medo que provoca.

## Heterónimos

Tal e como estudou Alonso Montero (1969), moitos son os heterónimos (*nomes Noa chámalles el*) que creou o imaxinario colectivo para nos referirmos de forma velada a este animal sen citalo de forma directa e expresa, algo que sería entendido como unha provocación, un auténtico reclamo ou chamada. Referímonos a nomes<sup>48</sup> como “o aquel”, “o outro”, “o bicho”, “o da boca rachada”, “o fillo do demo”, “o compadre”, “o Pardellas<sup>49</sup>” ou “o tío Pedro” entre moitos outros. Este fenómeno non é exclusivo do noso país, senón que ten paralelos en toda Europa practicamente. Boa proba diso, tal e como nos informa José Luís Garrosa Gude no traballo que inclúe neste mesmo libro, é que a frase “lobo falado, lobo ao lado”, está viva na tradición oral de todas as nacións do noso contorno, e conta con versións —practicamente literais— en inglés, portugués, alemán ou francés. Outras frases como “dicir lobo e lobo na porta” ou “se unha vez se di lobo, lobo sempre”, corroboran o que dicimos.

## Ditos populares

Locucións, cantigas, adiviñas e refráns permiten seguir fidedignamente o rastro cultural do lobo na cultura tradicional. De atendermos a todos eles, que aínda teñen certa presenza na fala actual, resúltanos paradoxal que non se constate a animadversión nominativa da fera que vimos de tratar. Así, os ditos populares non esquivan a cita expresa á nosa fera, quizais porque o seu sentido foi pensado fundamentalmente para ilustrar de forma metafórica aspectos meteorolóxicos e das estacións, o ciclo da vida en sentido amplo e, singularmente, determinados comportamentos humanos. Vexamos algúns exemplos de **refráns**:

*Marzo marzán, á noite cara de lobo i á mañán cara de can.*

*Fillo de lobo sempre tira ao monte.*

*A friaxe en febreiro é amiga de lobo larpeiro.*

*Por xaneiro e febreiro os lobos baixan ao palleiro.*

*Pola Santa Cruz de maio o lobo e o corvo nado e o raposo medio criado.*

*En terra de lobos, ouvear coma todos.*

*Palabra, díxolle o lobo á cabra.*

Entre as **locucións** citaremos: *Entre can e lobo*: (entre lusco e fusco, a medias entre unha cousa e outra); *Meterse na boca do lobo* (situarse no centro do perigo); *Comer coma un lobo* (devorar, tragar con ansia, comer con voracidade); *Ter unha loba* (ter preguiza); *Alá irás, lobos que te coman* (advertencia a quen non procede ben, anticipándolle unha fin funesta). Tamén **cantigas** coma: *O que tes de bravo / e de pretendente / homes non son lobos / que coman a xente*; *Miña nai habilidosa / mandoume ir coas ovellas / o lobo levoume catro / eiquí lle traio as orellas* ou *Miña sogra morreu onte / Dios a leve ao ceo dos lobos / deixoume unha manta vella/ toda chea de piollos*.

Ou **adiviñas** coma: *En abril, cátanos no cubil; en maio, xa son bo gallo; en San Xoán, xa lle dou a carreira ao can; en santa Mariña, xa vou pola cabritiña; en agosto, xa vou co meu pai polo rostro; en Santos, xa mato os bois nos campos; e en xaneiro, xa podó co carneiro*.

48 Na obra aludida Alonso Montero recolleu un total de 78 alias. A utilización de heterónimos do lobo tamén aparece vinculado á crenza de que os animais comunicanse co idioma da xente entre o día de Nadal e o de Reis. Nesas datas os pastores optaban por falaren entre si en clave, sen citar as cousas polo seu nome, ocultando así as súas intencións ao lobo, que deste xeito non podía descubrir a situación dos seus rabaños.

49 Esta é a denominación popular do lobo na Serra do Suído.

## Crenzas

Como é sabido o Padre Feijóo, unha das luces do século XVIII, dedicou boa parte da súa vida a combater as falsas crenzas e supersticións<sup>50</sup>. Grazas a el coñecemos algúns dos mitos que hai tres séculos estaban vixentes en relación ao noso cánido<sup>51</sup>, como aquel que asegura que para espantar os veados é útil tocar un instrumento musical construído con intestinos de lobo. Tamén desminte que non é certo que o gando se negue a pasar por onde estea enterrado un lobo ou algún dos seus membros, ou que se o lobo ve un ser humano sen que el o vexa, este quedará rouco<sup>52</sup>. Estas tres non son outra cousa que un pequeno exemplo dun amplo catálogo de crenzas que non vén ao caso tratar aquí, e que autores como Antonio Reigosa *et alli* (1999), Mariño Ferro (1995 e 1996), Chao Espina (1972) ou Vicente Risco (1947 e 1948) teñen estudado con máis detalle, e que xa se atopan recollidas en textos de Santo Isidoro, Eliano, Plinio, Virxilio ou Platón.

## AS BATIDAS

Ante todo estamos obrigados a diferenciar o que eran as cazarías ou montarías (no sentido de *venatus ferarum*) de animais salvaxes (xabarís, corzos, lobos, cervos, ...) organizadas como diversión lúdica por nobres e fidalgos<sup>53</sup>, das batidas ou corridas de lobos e outros seres vivos salvaxes que os veciños facían cada certo tempo, case sempre comandadas por monteiros profesionais, abades ou mesmo fidalgos. Interésanos aquí, como dicimos, as *batidas* e *corridas*, así designadas porque o seu fin principal era *bater*<sup>54</sup> e *correr*<sup>55</sup> o monte, isto é, que un número nutrido de persoas correse o monte batendo con forza sobre o chan e o mato co obxecto de levantar a caza, e máis concretamente de asustar e acosar o lobo, conducíndoo de forma paulatina cara a un lugar determinado, as máis das veces un foxo.



lobos e outros seres vivos salvaxes que os veciños facían cada certo tempo, case sempre comandadas por monteiros profesionais, abades ou mesmo fidalgos. Interésanos aquí, como dicimos, as *batidas* e *corridas*, así designadas porque o seu fin principal era *bater*<sup>54</sup> e *correr*<sup>55</sup> o monte, isto é, que un número nutrido de persoas correse o monte batendo con forza sobre o chan e o mato co obxecto de levantar a caza, e máis concretamente de asustar e acosar o lobo, conducíndoo de forma paulatina cara a un lugar determinado, as máis das veces un foxo.

Brasón nobiliario na cidade de Pontevedra que representa a familia Mosquera<sup>56</sup> con cinco cabezas de lobos no primeiro cuadrante.

50 Vicente Risco, en “Notas folclóricas” (*Boletín de la Comisión de Monumentos de Orense*; T XV; Ano 1946. Ourense); inclúe un interesante apartado a este tipo de crenzas recollidas na Pobra do Brollón (Lugo).

51 *Teatro Crítico Universal*. Tomo II. Discurso Segundo. Historia Natural. <http://www.filosofia.org/bjf/bjft202.htm>

52 Un dito popular, aplicado aos casos de visualización inversa á expresada, di: *o raposo enrouquece e o lobo enmudece*.

53 Sen dúbida esta circunstancia explica a presenza constante de animais ferozes (xabarís, osos, lobos, bois, aguías, serpes...) nos escudos e brasóns das familias nobres e fidalgas, caso dos Andrade (Pontedeume; A Coruña). A presenza do lobo neste tipo de emblemas familiares é expresión da valentía do que non dá cuartel aos seus inimigos (Mariño Ferro; 1996).

54 Do latín *\*Battuere*. As persoas que participaban na batida do monte para levantar a caza recibían o nome de *Batedores*.

55 Do latín *\*Currere*.

56 *Heráldica. Escudos de armas labrados en pedra existentes en la zona monumental de Pontevedra*. Luís F. Messía de la Cerda y Pita. Ed. Deputación de Pontevedra. Pontevedra. 1989

A orografía montañosa da península Ibérica, particularmente a de Galicia e do norte de España e Portugal, prestábase para que proliferasen as mandas de lobos que causaban grandes estragos nos rabaños, producindo graves danos e prexuízos aos propietarios de gando. “*A isto debemos sumarlle todas as crenzas, lendas e supersticións sobre o carácter dos lobos que fixeron deste animal un dos máis perseguidos, odiados e malditos do noso país*”, segundo refire o investigador Xerardo Dasairas (2008).

### ***A Idade Media***

Na Idade Media, coincidindo co fortalecemento definitivo da Igrexa Católica en Europa, a figura do lobo será obxecto dun cainismo definitivo como símbolo do mal e do demo<sup>57</sup>, tal e como sinalamos máis arriba. Esta idea do lobo como animal maldito e demoníaco<sup>58</sup> mantívose ata os nosos días, momento no que empeza a ser revisada mercé ao avance social da conciencia ecoloxista e do pensamento secularizado<sup>59</sup>.

Malia que se supón que a caza por acoso que utiliza foxos para capturar animais existe desde a prehistoria, probablemente desde os tempos do *Homo Neardentalensis*<sup>60</sup>, non será ata a Idade Media cando atopemos as primeiras referencias documentais dos foxos *lobais*. Será concretamente no ano 994, cando nunha acta de venda dun terreo asinada en Coimbra lemos: “...*et de inde in fojo lupale...*”. Outros documentos pertencentes aos arquivos dos reis Ramón de Borgoña e a súa dona Urraca (Tui; 1095), ou ao mosteiro de Ribas de Sil (Ourense) e Meira<sup>61</sup> (Pontevedra) conteñen frases do mesmo teor no contexto da descrición de foros e propiedades. E é que nesta época a nosa fera está presente de forma permanente na vida cotiá e, por ende, na cosmovisión de todos os pobos europeos que posúen serras destacadas, tal e como evidencian autores especializados como Jacques Le Goff e Jean-Claude Schmitt (1999):

*(...) As invasións bárbaras, e incluso as guerras no Leste, probablemente contribuíron a que os grandes lobos xermánicos ou “siberianos” chegaran a Occidente. Estes lobos eran máis fortes e máis perigosos que os pequenos lobos da Antigüidade, como os que acolleron a Rómulo e Remo, ou os que se vinculan co culto de Apolo Licio e coa festa das lupercales, e que só atacaban en mandas. Desde a época dos burgundios ata Carlomagno, os novos lobos eran vixiados e capturados mediante batidas organizadas por motivos de seguridade. Trátase do lobo “autóctono” que foi exterminado nas illas (en Inglaterra, entre o reinado de Esgardo o Pacífico e Enrique Plantagenet, en Sicilia, na época de Federico II, posteriormente en Irlanda, Córsega, Sardeña e Creta...) mentres que en Bretaña, na Península Ibérica e no sur de Italia conseguiu manterse. Foi constantemente combatido por “cabaleiros, cregos e labregos”. Os edictos señoriais e reais facían referencia regularmente ao deber de perseguir o*

57 No arco absidal do Evanxeo da igrexa de San Francisco de Ourense vese un lobo ao que arremete un cazador armado cunha lanza, mentres que outro acósao cun can, unha metáfora frecuente da loita entre o ben e o mal. Na tamén ourensá igrexa de San Pedro da Mezquita representáanse dous lobos: unha loba aleitando os seus lobetos e un lobo cun año entre as patas. Sobre o simbolismo desta fera nesta etapa histórica é moi ilustrativo o traballo de M<sup>a</sup> Dolores-Carmen Morales Muñiz titulado “El simbolismo animal en la cultura medieval”, en *Espacio, Tiempo y Forma*. Serie III, H<sup>a</sup> Medieval, t. 9, Madrid. 1996

58 Pierre de Beauvais, autor dun bestiario do século XIII, escribe: “*o lobo representa o Demo, pois este sente un odio constante pola especie humana e rolda arredor dos pensamentos dos fieis para enganar as súas almas*”. Noutro bestiario medieval, o Valdense, lemos: “*polo lobo entendemos o Demo*”.

59 Neste sentido publicacións humorísticas como *Hermano Lobo* poñen de manifesto esta nova consideración simbólica da nosa fera.

60 Hai entre 230.000 e 28.000 anos, coincidindo co Paleolítico Medio no cultural e co Plistoceno medio e superior no xeolóxico. Neste tempo o foxo simple sería a tipoloxía de trampa máis común.

61 Ver Julio González: *Alfonzo IX*, doc. 458, Tomo II. Madrid. 1944

lobo, unha obriga que con frecuencia se reforzaba con incentivos materiais. Cando o home cae, pola razón que sexa, nun estado de debilidade, o lobo acude rapidamente para devoralo. Así acontecía en Galicia ou en Andalucía e con máis motivo en París, durante os anos críticos da Guerra dos Cen Anos, en 1421, 1423, e 1438–1439, período no que os lobos parecían terse especializado na antropofaxia, nas súas correrías polos campos e nas súas incursións polas cidades. Carlos o Temerario, que caeu ante Nancy, foi atopado, segundo contan, parcialmente devorado polos lobos. Hai moitas anécdotas relacionadas con estes depredadores de mala fama, que falan do paso do lobo polas poboacións, levando entre os dentes algún neno, algunha doncela entrada en carnes ou algunha muller anciá coa pel apergamiñada. Os ataques a varóns que conservan todo o vigor das súas facultades físicas son excepcionais. Os homes da Idade Media satanizaron o lobo, converténdoo en símbolo da herexía. (...)

Así tamén en Galicia, xa no século XII, o Concilio Compostelán presidido polo **arcebispo Diego Xelmírez** en 1114 redacta un decreto incluído na *Historia Compostelana*<sup>62</sup> que leva por título “*De lupis exagitandis*” (literalmente *a persecución dos lobos*) que obriga a que:

(...)“*todos os sábados, a excepción dos de Pascua e Pentecoste, os presbíteros, cabaleiros e campesiños que non estean lexitimamente ocupados, reuniranse para perseguir os lobos e preparar os foxos. Cada igrexa presentará sete canas ou chuzos de ferro. O que se atrasase en acudir á montaría, se fose crego (a non ser que estivese ocupado visitando enfermos) ou cabaleiro, pagará cinco soldos, e se fose labrego, unha ovella ou un soldo*”. (...)

Tamén nas **Torres de Vimianzo** (A Coruña) está documentado o pagamento do coñecido por *Carnero de Lobo*, un imposto consistente na dación ao Señor dun carneiro a conta dos servos da contorna por cada ano que estes non mataban algún lobo.

Tamén en **Portugal** Alberto V. Braga (1931) documentou cómo o rei Afonso III establece a obriga veciñal de correr o monte na procura de lobos:

“(...) desde 1258 vem para nós o conhecimento do currere lupum que a várias freguesias era impôsto, como os vulgares tributos e direitos reais, da voz, calúnia e fossadeira” (...)

O mesmo autor luso cre que o topónimo Faramontaos procedería da expresión *Fo-ro de Montaría*, un tributo que os colonos residentes en terras dun señorío concreto deberían satisfacer ao Señor a cambio de habitar e traballar as súas terras. En ocasións o tributo podería permutarse por unha prestación persoal en forma de “*obrigação de correrem os montes com armas e caens na companhia do mesmo Senhorio ou o seu Mordomo*”.

Co obxecto de poñer freo a “*grandes querelas et gran chamor perverso*” provocado por unha gran praga de lobos que tivo lugar no ano 1326, o arcebispo compostelán **Berenguel de Landoira** asinou no Castelo da Rocha un edicto polo que os abades de cada parroquia estaban obrigados a saír á caza do lobo na compañía dos seus fregueses todas as fins de semana desde o primeiro sábado de Coresma<sup>63</sup> ao 24 de xuño, festividade de San Xoán. No transcurso desas saídas os convocados estaban

62 Ed. facsímile do tomo XX da serie publicada en 1765. Real Academia de la Historia. Madrid. 1965

63 Período de corenta días no ciclo litúrxico cristián que transcorre entre o Mércores de Cinsa e o Domingo de Pascua. Na Coresma non se celebraban festas, agás algunha romaría coma o San Bieito. Os cregos incluso prohibían cantar no transcurso dos traballos agrarios. Xa que logo a persecución de lobos era entendida como unha penitencia máis.



obrigados, ben a participar en batidas, ben a colaborar na construción de foxos. Aos fidalgos da zona, aínda que non tivesen terras no ámbito do arcebispado, tamén se lles requiría colaboración “*porque a morte dos dictos lobos he nossa gran prol et cumunalmente de cada terra*”<sup>64</sup>.

Escena de caza maior tomada do *Libro de la Montería* do rei Afonso XI.

No *Libro de la Montería* do rei **Afonso XI**<sup>65</sup> (1311–1350), un dos moitos tratados promovidos polos reis para caracterizar a caza maior da época, descríbese tamén como se organizaban as corridas ou batidas populares e cales eran as características principais do foxos:

(...) “*En las Montañas de Galizia, y de otros partes de España, se acostumbra matar la caça a môteria q llaman de Buytrô, la qual se haze desta manera, que conforma a la disposición de la tierra, los pueblos comarcanos del lugar donde se a de Montear, se juntan y hazen dos alas de Setos, que son paredes formadas en Estacas altas, hincadas en tierra, entretexidas enellas Rama larga, los quales çetos vienen a Scupar el ancho del Monte, acabandose en punta piramidal, enel fin de la qual hazen una gran hoya, y cubren la de enramada y ponese la gente de la una punta del Monte a la otra, y entran de rondon enel monte levantando la Caça, Gamos, Iaualies, Venados o Lobos, los quales huyendo van a dar en la hoya donde estan en lo hodo della estacas de puntas, donde se enclava, e alli son muertos a lançadas*”. (...)

En calquera caso, a inexistencia de armas de fogo de longo alcance, tal e como evidencia o texto do século XIV que vimos de citar, esixe a mobilización dun elevado número de persoas en cada batida, o que as convertería nun auténtico acontecemento social onde o medo primeiro e, con posterioridade, a celebración, corrían intimamente unidos.

### A Idade Moderna

Desde a Idade Media a construción e mantemento de trampas e foxos estaban incluídas, como vimos, nas obrigas semanais da poboación rural durante unha serie de meses ao ano, sendo fortemente multadas aquelas parroquias e/ou veciños que non acudisen ao mandado. A partir dos séculos XVI e XVII as normas legais que redactan os señores xurisdicionais<sup>66</sup>, ademais de renovar a obrigatoriedade da prestación persoal na persecución do lobo e na construción e conservación de foxos, incluírán agora o establecemento de indemnizacións que cumpría aboar aos que abatesen calquera tipo de fera prexudicial para a comunidade, nomeadamente lobos, xabarís, osos, linceas, etc...

Así o proban documentos como as Ordenanzas de 1595, ditadas no actual concello de Cotobade (Pontevedra) para diminuír o número de lobos. Estas fixaban o pagamento de seis marabedís:

64 López Ferreiro: *Historia de la Santa Iglesia de Santiago*. Tomo VI. Ed. Facsimilar publicada por Sálvora. Santiago de Compostela. 1983

65 Universidad de Sevilla: <http://fondosdigitales.us.es>

66 En Galicia eran nesa altura un total de 3.755 (deles só 300 de reguengo), segundo Pegerto Saavedra (*op. cit.*), o que supón un dos modelos territoriais máis fragmentados de Europa.



*“a los que mataren lobo o tomaren niñada de lobetios pequenos (...) y lo mesmo se pague al que matare lobo cerbal, y este de lobo cerbal se pague en la felegresia do se tomare. Y al que aplazare el lobo y lo diere cierto y le mataren.*

(...)

*Otrossi ordenaron que desde prencipio de hebrero asta fin de abril de cada felegresia sean obligados a correr el monte según costumbre el día de sábado de cada semana y de cada cassa vaya una persona de catorze años arriva, y vayan saliendo el sol o antes, y no salyan del monte por lo menos asta el medio día y corran y lleguen a las partes y lugares asta donde están obligados so pena de un real al ffaltoso, y quien no lo compliere pague pena, execute el couteiro (monteiro?) y no le pagando saque prendas por hello y la dicha pena”.*

E é que ao longo deste período histórico o lobo segue a ser un perigo real, que provoca temor nunha poboación que, ao igual que na Idade Media, segue a vivir maioritariamente no rural<sup>67</sup>. Vexamos senón un documento da época datado na vila de Ortigueira<sup>68</sup>:

*(...) “tiene un dilatado monte que principia en el cavo ortegal donde ay un lugar de quatro casas y una capilla de San Julian del trebo y sigue una legua testando por el monte en la mar braba con rriveras muy altas por donde los enemigos suelen acer raterias de ganado bacuno que apasta nombrandole el monte de esbeira tiene fuentes y crian lobos y cerdos bravos porque hay la disposición de cuerdas y ban los paisanos cada dos meses a montar sin dejar de poner una cassa de gente que se hizo para dar parte adonde perteneze de las compañías regladas de armados con chuzos y escopetas” (...)*

No outro extremo de Galicia, na comarca da Louriña<sup>69</sup> (concretamente nunha parroquia do actual concello de Mos) a presenza do lobo tamén aterrorizaba a veciñanza<sup>70</sup>:

*(...) “en el bosque de Tameiga llamado de Beada de Bayona, dos arrieros en una madrugada del año de 1789 fueron atacados por estas bestias, logrando salvar sus vidas gracias a la gente que acudió a sus gritos. Este sucedido y otros que se repetian, movieron a Don Marcos Pereira, Regidor Perpetuo de Redondela, a publicar, en 1790, una orden en la cual se mandaba hacer corridas de lobos” (...)*

“Os foros galegos nunca excluíron aos abades das corridas e monterías a pesar de que os capítulos e canons eclesiásticos lles coutaban o exercicio cinexético ao que eran tan afeccionados” sinala Dasairas Valsa (2008). Así se recolle nun sínodo de 1534:

*“Item, por quanto as monterías e cazas son exercicios que inclinan os homes a moitas profanidades e ocupan moito tempo sonlle prohibidas, segundo dereito aos sacerdotes...”.*

Porén, os abades galegos<sup>71</sup> sempre apareceron comandando canta corrida, batida ou montaría se celebrase a pesar do gran desgusto que lle provocaban aos nobres pois consideraban que os cregos e os fregueses lles minguaban a caza.

67 Os cálculos máis fiables (Pegerto Saavedra; 2007) estiman que o 95% dos habitantes residen fóra das cidades.

68 *Diccionario* (inédito); por Tomás López; voz Ortigueira. Biblioteca Nacional. Madrid. Manuscrito 7.297; folio 626.

69 A partires do século XVIII na antiga Provincia de Tui as batidas de lobos facíanse deslindando os montes, isto é, cada parroquia corría o seu propio monte comunal sen invadir o terreo dos lindeiros. Arquivo do Reino de Galicia. Leg. 9.136 (15).

70 Arquivo do Reino de Galicia. Leg. 20.638 (81).

71 Segundo Pergerto Saavedra (2007), os ingresos medios dos sacerdotes en 1750 eran de 1.422 réas na diocese de Mondoñedo, 2.561 en Santiago, 3.591 en Ourense e 3.786 en Tui. Os máis ricos tiñan entre 3 e 4 criados, ao igual

Este século XVI foi de grande invasión de lobos e de gran prexuízo para o gando polo que os reis Carlos I e a súa nai dona Xoana autorizaron no 1542 todo tipo de corridas e montarías:

(...) *“nos ha seido fecha relación que los señores de ganados y otras personas han recibido y reciben mucho daño por causa de los muchos lobos que hay en estos nuestros Reinos; y porque esto cese, nos fué suplicado que mandásemos dar licencia a todas las ciudades, villas y lugares para que puedan dar orden como se maten los dhos lobos, aunque sea con yerba<sup>72</sup> y puedan señalar el premio por cada cabeza de lobo o por cada cama de llos (hijuelos) que les traxeren, y puedan hacer sobre ello las ordenanzas que convinieren; somos servidos y tenemos por bien que así se haga como nos fué suplicado” (...)*

Pero esta permisividade nas técnicas de captura estaba circunscrita a un período de tempo limitado, aquel no que os ataques das feras fixese insostible a situación. Así, poucos anos despois, en 1552, El-rei mandou *“que no seu pueda cazar con lazos de arambre, ni con cerdas nin con redes<sup>73</sup>, ni con otro género de instrumento, ni con reclamos ni bueyes, ni con perros nocharnegos, so pena de seis mil maravedís, y que sea desterrada la persona que lo contrario hiciere por medio año del lugar donde fuere vecino; y que no puedan tener ni tengan perdigones para cazar, no los tengan en sus casas, so pena de tres mil maravedís, y que le maten el perdigón<sup>74</sup>; las cuales penas se repartan en la manera susodicha<sup>75”</sup>.*

Do ano 1599 data un preito iniciado polo Procurador do Rexemento de Mondoñedo contra a vila de Viveiro, á que pretende obrigar a realizar batidas *“en razón de los grandes daños que han hecho y azen los lobos en la provincia del dicho obispado de Mondoñedo como en todo este Reyno así en matar la gente como los ganados. Vss. Por quanto de acuerdo mando se diese premio a las personas que los matasen en cierta forma como se consigna en le dicho auto”*. Juan Flórez, Procurador e Mordomo de Viveiro, asegura na súa defensa, entre outras cousas, que na súa zona teñen foxos e corren e matan lobos todos os sábados, agás desde o primeiro sábado de Coresma ao mes de xuño.

Así as cousas os veciños dalgunhas aldeas e/ou parroquias tiñan a encomenda de conservar e manter en boas condicións algún foxo próximo, quedando exentos de realizar outro tipo de

que calquera morgado fidalgo. Os curas daquel tempo, máis que pola súa devoción, destacaban pola súa extracción social elevada, a súa moral relaxada e os seus escasos coñecementos teolóxicos.

72 Refírese ao veneno. Xosé M<sup>a</sup> Castroviejo, cazador e estudoso da biodiversidade, cualificado por algúns como o Rodríguez de la Fuente galego, empeñou boa parte do seu tempo en combater entre cazadores e gandeiros o uso de veneno para minguar a poboación de animais salvaxes.

73 Catro séculos despois de que a utilización de redes fose citada neste decreto real de Carlos I, Pérez Costanti (*Notas Viejas Galicianas*. Tomo I. Vigo. 1925) aínda menciona esta técnica, utilizada para a captura de lobos e outras feras que, basicamente, coincide coas batidas que remataban nun foxo, mais substitúe este por *“una red de fuerte malla colocada en un punto determinado (...) en estas redes caían lobos, zorros, jabalíes y toda clase de animales montaraces”*. Pedro Estala, tradutor e ilustrador da *Compendio de la historia Natural de Buffón* (1802–1811) tamén cita a utilización dunha rede *“de 40 varas de largo, en la cual suelen dar los lobos y enmantarse, y allí los matan los monteros con las bayonetas”*. Lombera Hermida (2003) narra como nos concellos de Oural e Muras *“usaban as cordas, redes parecidas ás do mar, dunha extensión duns mil metros. Os veciños, homes, mulleres e nenos, dirixidos polo Monteiro, ían separados dous ou tres metros entre eles, con ferramentas, galletas, tellas e latas gritando para facer ruído e asustar ao animal. Nas fragas, lugares onde están os lobos, dirixíano cara unha portela onde estaba a extensión de rede para acurrallalo. Cando o lobo entraba na rede, tiraban da corda e quedaba atrapado e os homes máis valentes armados con galletas, matábano.”* Grande del Brío (1984) documenta tamén o uso de redes en distintos lugares de Europa.

74 Crías de perdiz.

75 Pragmática de Carlos I en Madrid, 11 de marzo 1552, caps. 4 e 5: *“Prohibición de lazos y otros instrumentos y arbitrios para cazar”*. Novísima, 2, 30, 7 (3, 8, 7 Recompilación).

prestacións persoais ou comunais. É o caso dos veciños de Creximil (Negradas; O Vicedo) aos que un privilexio do século XIV asinado por El-rei Henrique II eximíaos do aboamento de trabucos en pago polas batidas que facían contra os lobos. Tamén é o caso das freguesías de San Miguel de Souto e de Bravos<sup>76</sup> (A Mariña; Lugo), aos que se refería, sen nomealos, o Procurador e Mordomo de Viveiro, que tiñan ao seu coidado o Foxo de Regoa ou Refojo “*desde gran tiempo a esta parte que memoria de Homes no era en contrario segun se parecia por la dicha pesquiza e Provanza feita por los dicho Alcaldes*” (Chao Espina; 1972). Un documento de 1689 afirma que neste foxo caían moitos lobos e engade que os veciños:

(...) “*lo montean y corren por las cerraduras sebes que ay de un lado a otro asta entrarlos en dicho foxo y allí les matan y en este trabajo se hallan en posesión desde más de ducientos años a esta parte, y los militares no les obligan a guardar bagajes y están exentos de trabajar en puertos, caminos, murallas y otras obras con privilegio de la reina Isabel*” (...)

No ano 1781 temos noticia de que un cidadán francés, de nome Juan Aramburu, ofreceuse á *Junta do Reino de Galicia* para, previo pagamento dunha pensión vitalicia de 9 reais diarios, ceder un invento seu coñecido como *gramelo*<sup>77</sup> ou *trabello*, unha especie de cepo de béstia dentado “*poco eficaz como todos ellos, para los lobos, que no suelen caer en esos artilugios*” (Fernández de Córdoba; 1963). “*Después de cerciorarse los miembros de la Diputación Gallega de la eficacia y utilidad del invento de Aramburo, no vacilaron en pedir autorización al Real Consejo para costear los armadijos necesarios y señalar y satisfacer el sueldo vitalicio que aquel solitaba*”.



José M.ª Massó, 1956.

### Os Monteiros e a lei

Desde a Alta Idade Media documéntase a creación dun corpo militar especializado na captura de lobos. É o caso dos *lupardii*, un grupo de elite creado no 813 por Carlomagno para combater esta fera con todas as técnicas coñecidas: caza con olladores, cepos, veleos ou butrón. A creación da figura do Monteiro Maior<sup>78</sup> foi mantida por varios reis europeos, de Carlos IV (1404) a Enrique III (1583), acadando grande renome en Portugal, España e Francia<sup>79</sup> fundamentalmente, ao punto que as fontes afirman que o propio rei Fernando *El Católico* alanceou un lobo preto de Alquíán (Almería). Nas Illas Británicas, onde o lobo se extinguiu no século XVIII, o *Libro das Horas* do duque de Berry (s. XIV) recolle distintas miniaturas

nas que se representa a caza de lobos a cabalo.

Pero deixemos de lado as cacerías reais e volvamos ás batidas do común. En ocasións os señores e nobres —moi ocasionalmente as autoridades relixiosas— recorrían

76 Estes veciños mantiveron un preito co *Corregidor de Viveiro Licenciado Don Diego de Cosio Bustamante y de la Vega*, que ordenou a súa prisión por negárense a colaborar nos traballos de reparación da Ponte Maior e da muralla de Viveiro e (...) *a costa de los reos se pagaron ocho peones y pedreros con dos maestros* (...). Noutra ocasión o Sargento Maior de Viveiro intentou impoñer aos “*exentos*” facer sentinelas e “*velar al facho de Cillero*”. Chao Espina (1972).

77 Noutra documentación aparece citado como *garamillo* ou *garamello*.

78 *Monteiros–mores* ou *Coudéis* en Portugal; *Tenentes de Lobería* en Francia, etc...

79 Gérard Ménotary pasa por ser o máis célebre cazador de lobos do país galo, abatendo máis de 1200 exemplares ao longo de 50 anos (Grande del Brío; 1984).

á figura do *Monteiro*, *Provedor* do Foxo<sup>80</sup> ou *Lobeiro*, un experto cazador local que estaba baixo o seu protectorado e que tiña encomendada a organización de batidas comunais co obxecto de eliminar os lobos e feras salvaxes que ameazaban o gando. Noutras, o *Monteiro* exercía a súa profesión sen exclusividade, asinando contratos con señores, aldeas e mesmo parroquias enteiras, tal e como proban documentos datados nos anos 1581 e 1582, onde destaca o *monteiro* Pedro de Pazos<sup>81</sup>, e noutro de 1612<sup>82</sup> no que se cita o experto cazador Pedro de Bixian, veciño de San Martiño de Oleiros, que organizou e dirixiu varias batidas nos montes da extinta provincia de Santiago, sobre todo nos da Barbanza, Pedrousanto e Casameá, previo asinamento de contrato con Alonso Moledo diante do escribán de Noia. No contrato do citado Pedro de Pazos establécese que queda obrigado a:

(...) “yr a monterar los lobos y correr montes en dhas feligresías por tiempo de un año, y en cada semana, desde hoy hasta día de Todos los Santos, ha de dar dos monterías, y después, desde allí en adelante, cada mes tres monterías; y le pagaran por cada lobo que presentare, de un año o mas, tres ducados; y los que murieren, nascidos deste año hasta Santos, le pagarán por cada uno, ducado y medio” (...)

Noutras ocasións “solía elegirse (...) por monteros a personas hacendadas y linajudas, como lo fueron de Sabugueira, D. Juan Mariño de Lobera, y de la jurisdicción de Borrajeiros, el conde deste título, D. Juan José Salgado Zárate y Cárdenas de Mendoza, quienes se contaron entre los mas expertos y activos monteros que hubo en su tiempo en la provincia de Santiago” (Pérez Costanti; 1925).

Xa que logo o *Monteiro* “exercía un oficio considerado como *defensivo* e, por suposto, con carácter benfeitor; mentres que o cazador de reses cervais, ou de xabaris, ou de perdices, coellos ou lebres e outras especies, actuaba sobre especies conceptuadas como *alimenticias*, e a súa caza viña ditada por vellas prácticas de subsistencia” (Grande del Brío; 2005).

Cando o acoso das feras ao gando se facía moi patente “os veciños dun concello disputaban a algúns deles para buscar *monteiros* en calquera parte do Reino ou en Asturias: en 1612 os de A Cazolga (Vilanova de Lourenzá) comisionaban a dous *para que puedan ir y vayan cualquiera dellos a las partes y lugares deste Reino, do fuere necesario y hallaren monteros de montería de lobos y otros animales bravos que nos hacen gran daño en la dicha aldea*. Trinta anos despois eran os das freguesías de Santo Hadriano, Santo Tomé e San Xurxo de Lourenzá os que declaraban que tiñan grande necesidade de que no val houbese *monteros expertos y diligentes que con cuidado monteen los montes de dicho valles e los contornos de dos leguas, por la mucha cantidad que en ellos hay de lobos carniceros, que con ellos no hay seguridad en los ganados, y aún tememos que maten la gente, a causa do lo cual habían pedido y rogado al (...) cura de dicha feligresía de San Adriano solicitase y hiciese venir a dicho valle uno o dos monteros (...), con sus armadijos, perros y escopetas*. O do concello de Burón pagaba en 1626 aos *monteiros* 8 ducados por cada lobo morto, ademais de deixarlles *las cabezas y pellejos de dichos lobos, para que en cabeza de partido puedan cobrar*” (Saavedra; 1992).

80 Esta denominación aparece documentada no Foxo da Refoxa, Rexoá, Regoa ou Refojo, nomes todos eles que parecen referirse a unha trampa situada na parroquia de San Pantaleón (Comarca da Mariña; Lugo).

81 Criado do Deán da Catedral, segundo Pérez Costanti (*op. cit.*).

82 Pérez Costanti (*op. cit.*).

Taboada Chivite (1971), que estudou os foxos do lobo e a problemática histórica desta fera na comarca de Monterrei<sup>83</sup>, tamén documentou a figura do Monteiro Maior ou Lobeiro en 1769, oficio para o que se elixía a un veciño por “voto de concejo<sup>84</sup>”. Tiña capacidade para multar en diñeiro (1 real<sup>85</sup>) ou en especie (1 carro de leña) os veciños —incluso a parroquias enteiras— que non asistían ás batidas de lobos ou que, participando, non facían ben o seu traballo:

*“Pablo Fernández, Montero Maior do foxo de Carraxo, denuncia ante el Corregidor e Justicia Ordinaria de Laza a los vecinos de Soutelo Verde, que además de faltar muchos del Concejo los se hallaban no cubrieron bién el puesto que les tocaba hasta las paredes del fojo por cuyo motivo se escapó un lobo por el flanco que dejaron descubierto y por consiguiente se frustró la batida de lobos.”*

A figura do *Justicia*<sup>86</sup>, en canto que autoridade executiva en cada unha das diferentes xurisdicións, era a competente para “providenciar”, isto é preparar, a montaría de lobos e outras feras, ordenando e autorizando o traballo dos Monteiros, que exercían ás súas ordes. Nun documento datado en Viveiro no ano 1769 afirmase que estes debían velar porque “no se pongan cepos en caminos, veredas y otros parajes en donde puedan causar



*Despois da batida a primeiros do século XX. Foto: Museo del Pueblo de Asturias.*

- 83 Tamén Elías Domínguez, natural desta comarca, no seu libro *Camba, un pobo, unha xente, unha historia*, inclúe un debuxo dun cercado típico da zona para atrapar os lobos. O autor ourensán nado en Laza explica que o lobo e as artes para atrapalo deu lugar a algúns topónimos como “O Foxo do lobo” en San Cosme de Montederramo, subindo a serra; “O burato do lobo” e a “Trapa do lobo” en Cascarballo, etc. É posible que o foxo ao que se refire este autor sexa o Foxo do Carraxo, citado Taboada Chivite no seu traballo de 1971.
- 84 Chao Espina (1972) sostén que o nomeamento do Monteiro era algo moi ambicionado por determinados veciños apoiándose nun documento de 1674 polo que uns veciños de Viveiro (A Mariña) preitean co Capitán Pedro Fernández Moreiras a causa de que este ambicionaba o cargo de Monteiro que recaera sobre Luís Martínez y Tomás Berdeal. Os veciños denunciaban que o Capitán os ameazaba a través dunha ducia de soldados para que lles concedesen o seu voto, comportándose como un auténtico *lobegueiro*, que é como —segundo o mesmo autor— lle din en Cotobade (Pontevedra) ás persoas ambiciosas e propensas aos abusos de poder.
- 85 Medio real para o caso das mulleres viúvas que tivesen propiedades.

*daños a personas y ganados en cuia Real Cédula se previene que luego que vuestra Merced la reciba la publique en esa Jurisdicción y otras de que se compone fixandose los convenientes editos para que llegue a noticia de todos y no se pueda alegar ignorancia disponiendo que el escribano del ayuntamiento o Concejo ponga copia auténtica de ella en el Libro de Acuerdos”.*

Mais volvamos ao asunto do nomeamento do Monteiro. En ocasións esta elección recaía sobre un nobre ou fidalgo, como aconteceu por exemplo na comarca do Deza (Pontevedra), en 1797. Daquelas Bernardino Santhomé<sup>87</sup> recibiu o título de Monteiro Maior da man da duquesa de Berbique, Condessa de Lemos, que pediu a todos os veciños da súa xurisdición que se puxeran ás súas ordes.

Noutra ocasión, esta documentada nun preito de 1773 por Chao Espina (1972), conséntase que a elección dos Monteiros lévase a cabo por azar, concretamente xogando ás cartas: “*y congregados en sus respectivos destinos echan a suertes con naipes para sacar por ellos tres Monteros (...) y los que salen señalados por la suerte tienen la obligación de conbocar a los vecinos de su feligresía o partido y obligarlos a concurrir a Montear Lobos, Jabalies y otros animales nocivos de que suele aver Penurias*<sup>88</sup> *en los montes pertenecientes al referido Partido de Burón*” (o actual concello da Pobra do Brollón; comarca de Terra de Lemos).

Tamén os veciños da parroquia de Fofe (hoxe integrada no concello de Covelo; Pontevedra) mantiveron un preito<sup>89</sup> en 1748 con José de Fornos, “Juez de Monterías do Faro” a causa de que este pretendía obrígalos a correr lobos no Coto de Arandeira. Diante da negativa popular, os veciños foron encarcerados “*en una prisión que llamaban besadoiro y por otro termino cepo o tronco en donde suelen hestaren presos por los pies*”. A diferenza do que acontecía en Viveiro, onde os veciños dalgunhas parroquias estaban especializados na organización de corridas, os habitantes de Fofe afirmaban estar exentos de participar en montarías de lobos e outro tipo de animais.

Chao Espina (1972) tamén documentou na comarca luguesa da Mariña outra orde de prisión que o Corrixidor<sup>90</sup> asinou en 1623 contra Juan Martínez, veciño de San Pantaleón e Luís Dapena, labrador de Riobarba, por non acudir a cerrar o foxo de *Refoja*<sup>91</sup>. “A defensa alegou que o Corrixidor non tiña xurisdición para iso, xa que este cometido era competencia dos *proveedores* do foxo”. Un par de anos despois o Corrixidor ordena prender un grupo de veciños por non participar na corrida de lobos.

86 O Xustiza ou *Justicia* era o máximo representante da nobreza, xa for civil ou relixiosa, en ausencia do seu titular. Por riba das xurisdicións territoriais situábase a figura do Xustiza Maior de Galicia, un cargo establecido neste Reino polos Reis Católicos no ano 1480 que tiña recoñecidos amplos poderes gubernativos e criminais.

87 Arquivo do Reino de Galicia; Leg. 5.106 (14).

88 Cabe interpretar que se refire aos estragos que causan as feras no termo.

89 Arquivo do Reino de Galicia; Leg. 26.316 (12). A crueldade deste tipo de prisións debeu ser enorme ata o ano 1603, cando os señores xurisdicionais se viron obrigados a deixar situar os penais nas súas propias torres e fortalezas. A partir desa data o Conde de Carazena (Martínez Salazar; 1888) impón aos nobres que “*terra plenen y cienguen los calabozos mazmorras y cuebas y algibes que tienen debajo de tierra de que husan para prisión y hagan carceles en las partes y lugares donde suelen y acostumbra hazer audiencias publicas de ordinario, deçentes y seguras, con que no sea dentro de sus fortalezas para que los presos puedan mejor seguir sus causas y comunicar a quien ubieren menester y pedir limosna*” (...).

90 Axente político da monarquía castelá que está documentado desde o ano 1348. Os Reis Católicos xeneralizaron esta institución en todo o Reino cara a 1480. A súa principal encomenda era velar pola orde pública, exercendo a autoridade xudicial e fiscal de primeira instancia. O cargo suprimíuse en 1835.

91 Posiblemente este foxo sexa o da Rexoá, que se localiza na parroquia de Cabanas (Ouro; Lugo), do que se fala máis adiante neste mesmo traballo citando un documento do ano 1785.

A autoridade volve iniciar un novo preito<sup>92</sup>, alegando contra o Xustiza falla de xurisdición, xa que esta compete ao *Alcalde de Lobos*<sup>93</sup>, que a cantos se ausentaran debería impor unha multa de cinco maravedís “y no los pagando la saquen prendas”, ordenándolle correr o monte “desde Guilán hasta el monte Coxiquera”. Idénticos conflitos entre veciños absentistas e Monteiros Maiores rexístranse noutras comarcas de Galicia, caso do que enfrontou os veciños de Mera (Lugo) co Monteiro Juan Vázquez de Neira en 1617<sup>94</sup>.

Cando os veciños non tiñan obstáculos legais para combater cos seus medios as feras organizaban batidas comunais e mesmo comerciaban coas súas vítimas. Así o documenta Pegerto Saavedra (1992) no século XVI: “Arredor de 1580, os labregos da terra de Santiago levaban a vender á cidade *raposos, tourones, gatos, ratos de almizcre e toda otra pelletería de martas, e lobos cervales e lobos bravos que los vecinos matan*. Os veciños mataban lobos porque atacaban o seu gando e, en ocasións, mesmo puñan en perigo as súas vidas. Parecida preocupación tiñan os priorados e confrarías que tiñan gando. Así os veciños de Ourol estaban libres de certas cargas propias do concello *pola obriga que tiñan de manter en bo estado o foxo de Cabanas*. As montarías eran necesarias e correntes, e a Real Audiencia mandaba en ocasións *facelas*” (Saavedra; 1992).

De 1597 data unha documentación<sup>95</sup> segundo a que nalgúñas aldeas da desaparecida provincia de Tui debíase “prender, condenar y executar a los que fueren rebeldes y no fuesen a correr la montería”, describindo como aos lobos os “*corrian hacia un foxo*”, lugar onde lles daban morte.

Dixemos máis arriba que era e é moi estraño que o lobo atacase a xente. Certo, mais en ocasións temos noticias do contrario. Así, “na biografía de Frei Alonso de Caravantes cóntase o milagre que fixo por 1670 na terra de Caldelas, *onde en catro meses os lobos deran morte a cento sesenta persoas como consta del registro e información que hizo don Geronimo de Mazas, corregidor de aquella jurisdicción*. O autor sen dúbida esaxera o número de mortos, pero algúns habería, e nos libros de defuntos de San Clodio de Ribas de Sil atópanse partidas de persoas falecidas de resultas de ataques de lobos. O medo a este animal estaba, pois, xustifico, e cando nas noites venteadas e frías as familias, abrigadas nas cachoupas, rezaban devotamente o rosario, nunca se esquecían de ofrecer algunha oración polos camiñantes que non atopaban pousada ou que se perderan” (Saavedra; 1992).

Indiscutiblemente a caza cumpre un papel social como medio para neutralizar o perigo que representaban as feras, e precisamente a necesidade de levala a cabo coa maior eficacia explica a aparición do Monteiro, un profesional da caza maior. Esta profesión deu lugar a unha forma de fraude que en Galicia aínda non foi estudada suficientemente, mais si en Asturias. A este respecto J. P. Torrente (1999) escribe: “A cuestión dos premios e do seu importe é un dos temas centrais das discusións nas xuntas e deputación do Principado de Asturias sobre feras da centuria. Xa na Xunta Xeral de 1715, a proposta da instauración dun talle de lobos, sobre a que non se chegaron a poñer de acordo, viña acompañada (...) da súa correspondente tarifa de premios. Desde o primeiro momento, é evidente que o animal é valorado, aparte a especie, en función da súa idade e do seu sexo: non se aprecia igual a femia do lobo que o macho nin a cría que o exemplar adulto. O talle que se paga pola loba é máis alta por-

92 Arquivo do Reino de Galicia; Leg. 8.224 (19).

93 Juan Uría Ríu (“La caza de la montería durante la Edad Media en Asturias, León y Castilla”; *Boletín de la Comisión Provincial de Monumentos de Oviedo*, 1 1957) documentou a existencia do *alcalde de montería* no concello de Oviedo no século XVII, un cargo que tiña a responsabilidade de organizar as batidas de lobos no monte próximo á cidade. A veciñanza estaba obrigada a participar nelas baixo ameaza de multa.

94 Arquivo do Reino de Galicia; Leg. 3.820 (68).

95 Arquivo do Reino de Galicia; Leg. 9.540 (54).

que acabar con ela é garantía de acabar cunha liña de reprodución, é dicir, é maior o beneficio que se deriva da súa eliminación; á inversa, o importe dos lobetos é inferior xa que o habitual é coller a camada enteira; para calcular o beneficio débese multiplicar o premio individual por tantos lobiños que integran a camada (máis ou menos cinco). Interesa saber que, a principios do século, cara a 1715, propónse a tarifa que segue:

Loba	Lobo	Lobeto
120 reais	60 reais	8 reais

(...) finalmente “a *Real cédula sobre monterías y premios* de 1788 establece un premio de 4 ducados por lobo, 8 por loba (12 con camada), y 4 ducados por lobeto”, determinado ademais a obriga de que “*en todos los pueblos en que se constare abrigarse y mantenerse lobos, se harán todos los años dos batidas o monterías; una de las cuales se ejecutará en el mes de enero y la otra desde mediados de septiembre hasta fin de octubre, y si el clima lo dificulta, se podrá solicitar en otro momento (...) el gasto de estas batidas se reducirá a las precisas municiones de pólvora y balas, y a un refresco de pan, queso y vino que se ha de dar a los concurrentes a ellas*” (...). Este mesmo documento legal establecía a obriga de prorratar o custo das batidas entre o gando “estante y trashumante”, responsabilizando os fondos veciñais do abonamento dos custos.



José M.<sup>a</sup> Massó, 1956.

(...) “*paguen en adelante premio doble al que por el capítulo 8 de la expresada Real Cédula se prometió por cada lobo, loba y demás animales nocivos que se mataren, a la persona que presente a las mismas Justicias; esto es, por cada lobo ocho ducados, dieciseis por cada loba, y veinticinco si fuese cogida con camada, y quatro por cada loberno*” (...)

Pero as cantidades aboadas aos Monteiros polo seu traballo non conseguían estar á marxe da polémica. Así, no século XVIII o Procurador General Domingo Antonio González de Argandona (Torrente; 1999) apunta que en León e Galicia “*a causa de no haber arbitrio y providencia de satisfacer cantidad alguna a los que mata osos, lobos, zorros y otros animales nocivos, y solo por ordenanza hacen varias monterías los concejos y jurisdicciones de su comprehensión*” aparece decote a fraude, de modo que, “*valiéndose los naturales de ese Principado que confinan con dichos reinos de ir a buscar a ellos las pieles de los animales expresados que allí se cazan*”, compran pelexos estraños, que validan “*con certificaciones supuestas de que son muertos en su distrito*” e transportan ata Oviedo “*en donde se les satisface la cantidad estimada a cada uno*”. Taboada Chivite (1971) tamén documenta a fraude cometida por algúns Lobeiros “*que postulaban durante mucho tiempo con la misma piel de lobo a la que mojaban boca y heridas con sangre fresca, engañando fraudulentamente a las gentes*”. En todos os lugares a práctica común era pasear a fera abatida sobre un carro para que fose vista pola veciñanza, costume que era aproveitado por algúns lobeiros para recadar desta a contrapartida que tivera a ben conceder. No século XVIII<sup>96</sup> a

96 *Real Cédula de 1788 por la que se establecen las acciones a seguir para llevar a cabo las batidas a los lobos.*



lexislación impón a obriga de ceder aos Xustizas “las manos, cabeza y piel de los animales premiados” para evitar a fraude que cometen algúns lobeiros. Na centuria seguinte, coincidindo coa constitución legal dos municipios, algúns concellos seguen a fixar a obriga<sup>97</sup> de presentar no Consistorio as orellas e rabos do animal previo pagamento da indemnización que lle correspondera<sup>98</sup>. Como en todo oficio, a picaresca abrollaba en todos os recantos, ao punto que os Monteiros, cando daban cun cubil de lobos, non os sacrificaban a todos “para que a serra non quede sen lobos, nin nós sen oficio” (Grande del Brío; 2005).

A lexislación xeral de 1788 sobre lobos e montarías, moi semellante á Real Cédula de 1772, reitera a obriga de construír foxos de lobo onde fose necesario e coas debidas cautelas para evitar danos a terceiros:

*“XIIIº Además de la práctica de dichos medios debe continuar también la de echar cebos y formar callejos en los tiempos oportunos en las sendas de los parajes quebrados y montuosos por donde suelen transitar dichas fieras, haciéndolo con la debida precaución para evitar daños, y cuidando las justicias de dar aviso a los ganaderos y pastores que hubiere en el término donde se echan, a fin de que ni sus ganados ni sus perros sufran por esta causa detrimento alguno”<sup>99</sup>.*

Precisamente do ano 1785 data unha descrición dun foxo converxente mixto, isto é, de pedra e madeira, situado nos límites das provincias de Lugo e A Coruña. Trátase do Foxo da Rexoá, construído na parroquia de San Pantaleón de Cabanas (Ouro), que fora construído con “*baldosas altas puestas de chantón y estacas con su correspondiente altura que principia en la planicie y baja en declive hacia el arroyo nombrado da Rexoá rematando en punta*”. A súa extensión, como de “*mil doscientas veinte y una varas (mil diecinueve metros) principiando a medir en una aleta y acabando en la otra*”. Os veciños de Santiago de Bravo e San Miguel dos Soutos tiñan ao seu coidado “*desde muchos siglos a esta parte, el remontar, correr y exterminar los muchos osos, lobos, jabalíes y otras fieras igualmente nocivas que se propagan en las montañas de aquella inmediación para impedir los estragos que solían causar no solo en los sembrados, sino en los ganados y poblaciones*” (Torrente; 1999).

### Sustento contra lecer

En ocasións o traballo e o sustento da maioría batía de fronte contra o lecer e o ocio dunha minoría dirixente, que vía no exercicio cinexético unha maneira de se divertir e se adestrar para a guerra, tal e como evidencian moitos textos clásicos da lexislación e a literatura, desde *Las Partidas*<sup>100</sup> de El-rei Afonso X *O Sabio*, ata o xenial *Don Quijote de la Mancha*<sup>101</sup>:

*(...) “porque el ejercicio de la caza de monte es el más conveniente y necesario para los reyes y príncipes que otro alguno. La caza es una imagen de la guerra: hay en ella estratagemas, astucias, insidias, para vencer a su salvo al enemigo; padécense en ella fríos grandísimos y*

97 Taboada Chivite *op. cit.*

98 No Arquivo do Reino de Galicia (Leg. 5930 e 5937 / 4) documéntase un preito entre Domingo de Frois e a Cidade de Santiago datado no 1613 polo que o monteador declara ter matado 3 grandes lobos e ter levado os seus pelillos á Casa do Concello, onde non lle aboaron os 8 ducados de premio que establecían as ordenanzas.

99 Real Cédula de 27 de xaneiro de 1788, Instituto Feijóo de Estudios del Siglo XVIII, Col. Reales Cédulas, Documento, 6 (109.1).

100 “(...) *la caça es arte e sabiduría de guerrea re de vencer, de lo que deven los Reyes ser mucho sabidores (...)*”. Ley XX, Título V, Partida II.

101 Cap. XXXIV da 2ª Parte de *El ingenioso hidalgo Don Quijote de la Mancha*. Miguel de Cervantes Saavedra: <http://cvc.cervantes.es/obref/quijote/edicion/parte2/cap34/default.htm>

*calores intolerables; menoscábase el ocio y el sueño, corroboráanse las fuerzas, agilitanse los miembros del que la usa, y, en resolución, es ejercicio que se puede hacer sin perjuicio de nadie y con gusto de muchos” (...)*

Por iso os labregos e gandeiros non sempre puideron combater libremente feras como o lobo —designado frecuentemente como *contra caza* nos tratados de montaría— cando o seu gando era atacado e diminuído de forma sistemática. Así o proban dúas peticións<sup>102</sup> datadas en 1538 e 1563 respectivamente elevadas ante as Cortes de Valladolid. A primeira delas di literalmente:

*(...) “Otro sí, decimos que en el Reyno de Galicia y en otras muchas partes de estos Reynos y señoríos y principados que son de montañas hay y se crían mucho número de fieras grandes como son osos, lobos, puercos, jabalíes y venados, que destruyen y hacen gran daño, así en los panes y otros sembrados como en todo género de ganados de que se mantienen y sustentan los labradores y personas de los dichos reinos y señoríos, y por causa que en ellos hay muchos grandes y caballeros y personas que tienen señorío y mando, y esto por su recreación y estado y provecho, prohíben y quitan que los súbditos y particulares y otras personas que poco pueden no corran ni maten las dichas fieras” (...)*

A nobreza guerreira mesmo chegou a reservar determinados espazos para a caza de animais salvaxes, como fixeron as Cortes de Alcalá en 1348, prohibindo armar cepos e outras artes de caza nos montes ou devesas destinados á caza maior, unha prohibición reiterada por outros documentos legais, desde o *Liber Iudiciorum*<sup>103</sup> ás Cortes de 1515 (Grande del Brio; 2005). Así se constata tamén na Real Cédula de 1788, onde El-rei establece que “*en los términos y montes inmediatos a las ventas con Peña Aguilera y en los demás que yo señalaré no se harán batidas sino la que yo acostumbro hacer en aquellos parajes sin gasto de los pueblos*”.



*Dous lobos e un raposo mortos nunha das batidas nos montes do Morrazo. José M.<sup>a</sup> Massó, 1956.*

Un preito datado en 1565 documenta o enfrontamento protagonizado polo Corrixidor da vila de Viveiro con dous veciños de Oroul, quen por saír con frecuencia matar lobos “*con ballestas y otras armas*”, o mandatario “*ha procedido contra ellos y les tuvo presos y les quita y beda que no maten los osos, benados y lobos, no lo pudiendo ni debiendo hacer*”. Por este delicto o Corrixidor, Ventura Chacón, impuxo a Juan Rodríguez e a Juan Martínez “*mil quinientos maravedís, y a Fernán Balseiro seis mil maravedís y un año de destierro de esta Villa y su jurisdicción*”. Finalmente o Gobernador ordenou a posta en liberdade dos detidos, permitíndolles cazar con béstas de aceiro.

Chao Espina (1972) tamén dá a coñecer como na vila de Achas (A Cañiza; Pontevedra) algúns veciños foron prendidos por matar un lobo de grande tamaño sen autorización<sup>104</sup> malia haber costume contrario no lugar. Incluso os mosteiros fixaban limitacións á caza, tal e como proba o litixio<sup>105</sup> que protagonizaron os veciños de San Xiao de Grixalba e o Mosteiro

102 *Actas de las Cortes de Castilla*, Pet CCII, V, Tomo I.

103 Tamén coñecido como *Lex Visigothorum*, foi o corpo de leis visigodo do século VII que dispuxo o rei Recesvinto.

104 Arquivo do Reino de Galicia; Leg. 3.585 (79).

105 Arquivo do Reino de Galicia; Leg. 10.306 (44).

de Sobrado dos Monxes, cuxo abade “*trató de prender a los vecinos de su Jurisdicción y aún obligarles a plantar seis robles a cada uno de ellos por cuestión de monterías*”.

No 1813 restituíuse no Reino de España o sistema de batidas ou corridas veciñais do lobo a través da *Orden para la persecución de los lobos*. En Galicia os mandatarios da vila de Cangas resultaron interesados nesta norma legal en base a que “*se ha propagado tanto la especie de animales nocivos que últimamente se ha visto en este partido una fiera desconocida que por su figura opinaban algunos ser un caimán, cuyo descubrimiento obligó a los procuradores generales a hacerlo presente a la Justicia quien ordenó a los vecinos que hiciesen batidas*” (Dasairas Valsa; 2008).

Despois dunha nova prohibición, que tivo lugar poucos anos máis tarde, en 1825, solicitouse novamente de El-rei a rehabilitación das batidas e monterías, petición á que a realeza accedeu ditando unha Real Orde (Fernández de Córdoba; 1963). Daquela o *Consejo de Santiago* propuxo o nomeamento dun Monteiro “*sujeto de Religión, honradez, actividad y que tenga que perder*” por cada cinco ou seis parroquias, e que cada quincena se levase a cabo unha montería. A medida debeu surtir a eficacia pretendida porque ao ano seguinte o Supremo Consejo afirma “*haber visto con agrado el celo con que ha acordado aquellas; manifestando a D. Pedro Vivero (montero mayor de la provincia de Mondoñedo) y demás monteros nombrados en los distintos puntos de ese Reyno, el aprecio con que ha visto su buen desempeño*”<sup>106</sup>.

Nos séculos XVIII e XIX, seguramente a causa da presión de nobres e señores, documentamos novamente distintas leis e ordes reais prohibindo as batidas comunais. Concretamente o art. 35 da lei do 3 de maio de 1834<sup>107</sup> di así:

(...) “*se prohiben las batidas comunales de los pueblos bajo ningún pretexto, incluso el exterminio de animales dañinos, dejando este cuidado al interés particular de los cazadores*” (...)



Era obxectivo desta lei prohibir a caza con cepos, trampas e armadillos “*en las tierras abiertas*”, quérese dicir, nos montes e latifundios que non estivesen debidamente cercados, ao tempo que se fomentaba a caza particular de lobos “*durante todo el año e incluso los días de nieve y los llamados de fortuna*” fixando unha serie de indemnizacións “*a los que presenten muertos: por cada lobo 40 reales, 60 por cada loba y 80 si está preñada; y 20 reales por cada lobezno*”. A medida demostrou ser eficaz, xa que entre os anos 1855 e 1859 o Boletín Oficial do Ministerio de Fomento recolle, por provincias, o resultado das cazarías individuais de lobos: 172 na Coruña, 656 en Lugo, 444 en Ourense e 203 en Pontevedra, o que evidencia que a montaña do interior do país e nomeadamente Lugo —lembramos o que dixemos máis arriba do patrón da capital provincial, San Froilán— era o lugar máis propicio para a vida do noso cánido.

Bisarmas e Talouras eran instrumentos fundamentais nas batidas. Imaxe de Xerardo Dasairas.

106 Arquivo Municipal de Santiago: *Libro de Consistorios* de xullo–outubro de 1826; fol. 407–415; e novembro e decembro do mesmo ano; fol. 86–87

107 Ver Alfredo García Ramos: *Actas de las Cortes de Castilla en Arqueología jurídico–consuetudinario–económica de la Región Gallega*. Madrid, 1912. A lei foi publicada no *Boletín Oficial do Ministerio de Fomento*. Ano 1861.

Ao longo do século XIX percíbese unha tendencia á profesionalización da actividade cinexética, desvinculada xa para sempre do adestramento guerreiro, pero non do lecer de determinadas elites. Os lexisladores, pouco a pouco, promulgan unha serie de textos legais que provocarán a redución das batidas comunais e das medidas de exterminio indiscriminadas (trampas, velenos<sup>108</sup>, etc...). Precisamente grazas a Xaquín Lorenzo (1982), temos noticia da utilización de veneno para combater as feras: “*Na segunda metade do século XIX empregouse moito o veneno, chegando a minguar de abondo o número destas animalias; non obstante, creceron de novo en canto se abandonou este sistema polos riscos que tiña*”. O polígrafo refírese ao arsénico e á estricnina, que se camuflaba dentro de reses mortas ou en anacos de carne, provocando así a morte de moitos cans de caza. No mesmo traballo *O Xocas* describe tamén como se realizaban as batidas:

(...) “*Chegado o momento, ó saber que o lobo andaba preto, xuntábanse os veciños, ían ó monte e, facendo barullo con paus, latas e berros<sup>109</sup>, levaban pouco a pouco ó lobo a entrar por entre as sebes, facendo que se metese cada vez máis, berrando: ‘¡Ah, lobo!, ¡Ah, lobo!’*. Cando o animal chegaba ó corredor, saían os rapaces dos escondrixos e espantábano tirándolle con latas e pedras; o lobo ía así caer no foxo, que antes fôra disimulado cunha cuberta de toxos e fentos. Namentras uns<sup>110</sup> ‘corrían o lobo’, outros ‘gardaban as cancelas’ para que non fuxise por elas. Unha vez o lobo dentro do foxo<sup>111</sup>, matábano a tiros dende riba e logo sacábano pola porta de que falamos antes.

(...)

*A arma máis empregada contra o lobo, fôra das modernas escopetas, é a bisarma, seguramente de orixe moi vella e quizais derivada da lanza.*

*Algo parecido á bisarma fano os nosos cazadores cun coitelo amarrado ó cano da escopeta para podela usar se se lle esgotaren os tiros.*

(...)

*Para a caza do lobo non se empregan cans, a non seren os cans de pastor<sup>112</sup>, fortes e armados de carrancas ou colares con pinchos para que o lobo os non poida ferir no pescozo.*” (...)

108 No ano 1566 o Corrixidor de Viveiro impuxo unha pena de catro mil marabedís e dous meses de desterro a F. Díaz por matar lobos e outra caza maior “*a traición*”, isto é, valéndose de herbas velenosas. A defensa alegou que este procedemento era costume en toda Galicia, e que o feito de ter matado animais que tanto estragan era máis digno de premio que de castigo. Arquivo do Reino de Galicia. Leg. 24.070 (29).

109 Taboada Chivite (*op. cit.*) afirma que “*nalgunhas partes crese que ao lobo o arreda o chirriar do carros e o son da gaita*”. Segundo Chao Espina (1972) “*el Tío Chumín ahuyentó el lobo con el rocón de su gaita, caso que no es único*”. Tamén era frecuente que para arredar o animal os pastores prendesen lume ou fixesen círculos no ar con tizóns ou chamizos.

110 A *taloura* ou *taloira*, unha vara alta visible a longa distancia, permitía identificar cada unha das aldeas ou parroquias que participaban na batida. Segundo Taboada Chivite (*op. cit.*) “*un individuo de cada aldea portaba unha taloira ou taloura, alto e delgado mástil rematado nun penacho de ramallo ou lenzo que tiña por obxecto amosar a situación dos habitantes das aldeas e indicar co seu desprazamento a dirección que seguían as feras*”.

111 Segundo Chao Espina (1972) “*en el siglo XIX solían tener diez pies de hondo, unos seis de diametro en la abertura, y ocho en el fondo*”.

112 Taboada Chivite (*op. cit.*) informa que aos cans tamén se lle cortan as orellas “*para que as feras non fagan presa nelas*”. No ano 1650 documéntase a adquisición dun can de montear por valor de 11 ducados (370 reais de vellón) que o adquirinte, o Capitán Juan Vázquez de Caamaño, veciño de Sta María de Ruf, non tería aboadado de forma íntegra (Arquivo do Reino de Galicia; Leg. 19.396 –16–). Un *Acuerdo* documentado na vila de Viveiro no ano 1769 recorda que “*se concede para el uso de galgos a los Acendados y personas de distinción*” (Chao Espina; 1972). Este tipo de cazaría lúdica, as montaría señorais, son as mesmas que retratou o famoso pintor J.B. Oudry, quen recibiu o encargo de retratar conxuntos de feros cans e galgos da realza que habían ilustrar unha serie de tapices. O Museo do Louvre conserva as pinturas que exhiben cans furiosos combatendo contra lobos e outros animais salvaxes.



Batida de lobos no norte de Portugal, celebrada na primeira metade do século XX. Arquivo José M.<sup>a</sup> Massó.



Imaxe dunha batida de lobos no Morrazo tomada polo empresario José M.<sup>a</sup> Massó a mediados do século pasado.

Taboada Chivite (1971) engade que “hai lugares onde non a matan (a fera) senón que a prenden e conducen ata a aldea<sup>113</sup>, formándolle un xuízo con bárbara sentenza de morte, como coserlle a boca ou guindala á furia dos cans, previa quebradura dunha pata. Rematada a corrida celebrábase unha grande festa con gaita, baile, comida e copiosas libacións, o que daba lugar a frecuentes trifulcas.”

Cando Pérez Costanti publica as súas *Notas viejas galicianas* (1925) constata que “*aún siguen haciéndose algunas monterías, especialmente en la provincia de Lugo, con la previa autorización del Gobernador Civil, según lo dispuesto en la vigente ley de caza*”. Sen dúbida os montes e serras desta provincia, tal e como vimos ao longo deste traballo en distintas ocasións, seguía a ser case un século máis tarde, un refuxio privilexiado para a nosa fera.

Entre os anos 1954 e 1961 funcionaron en España as *Juntas de Extinción de Animales Dañinos*, derivada dun Decreto do Ministerio de Agricultura de 1953 que sinalaba o Estado como responsable do “*suministro y distribución de venenos, la-*

*zos y demás medios de extinción, estableciendo, (...) premios a los alimañeros y a cuantos demuestren, de modo fehaciente, su aportación en la lucha contra los animales dañinos*” (Grande del Brío; 2005).

Xa no ano 1956 celebrouse na comarca do Morrazo unha batida comandada por José M.<sup>a</sup> Castroviejo, *Montero Maior de Galicia*, quizais a última da que teñamos memoria documental, capaz de mobilizar a un número inxente de persoas, todas elas homes. Curiosamente desa montaría popular consérvase un importantísimo legado fotográfico da autoría de José M.<sup>a</sup> Massó, tamén autor dalgunha outra instantánea anterior que inmortaliza outras batidas de lobos celebradas no norte de Portugal. A este respecto Dasairas Valsa (2008) sinala tamén que “nestas datas tamén se celebraría a última das corridas de lobos habidas no norte de Portugal”.

A día de hoxe o lobo segue a ser un predador visible no medio rural montañoso de Galicia, tal e como evidencia o feito de que a Goberno galego publica todos os anos ordes de axudas<sup>114</sup> preventivas e paliativas dirixidas a gandeiros.

113 En cidades coma Pontevedra hai memoria do paseo de lobos mortos pendurados nun pau que sostiñan dous homes. Na década de 1950 algúns destes lobos procedían do Deza ou da Terra de Montes, desde onde viaxaban en autobús á cidade do Lárez para recadar a vontade da veciñanza.

114 A última convocatoria das paliativas foi publicada no *DOG* nº 239 do mércores 9 de decembro do 2009. A última das preventivas publicouse no *DOG* nº 2 do martes 5 de xaneiro de 2010.




*Batida no Morrazo a mediados do século pasado.  
Foto: arquivo José M.<sup>a</sup> Massó.*

## OS FOXOS DO LOBO: TIPOLOXÍAS BÁSICAS

O arqueólogo David Pérez López conseguiu documentar máis de 200 foxos construídos a partir do século X para cazar lobos no noroeste da Península Ibérica. Pérez López —este apelido outorgoulle unha boa predisposición para esta investigación, indubidablemente— comezou a catalogar os foxos tras descubrir algúns exemplares no contexto dunha serie de prospeccións polos montes da Baixa Limia e comprobou

que a maior concentración de todo o noroeste peninsular rexístrase nos parques Nacional do Xurés–Gêres (Galicia–Portugal), así como na Baixa Limia, Barroso, Suído, Leboreiro e Xistral.



Aspecto do campo de acoso do *Chorro de La Corona* (León). En primeiro plano a Ala-cea ou Escondidoiro.

### *Os foxos de converxencia*

Son os máis numerosos e probablemente constitúen máis do 75% dos foxos inventariados. É a tipoloxía máis habitual na maioría das serras galegas<sup>115</sup>, lusas<sup>116</sup> e do N da península Ibérica<sup>117</sup>, e o seu funcionamento resulta acorde co carácter comunitario de boa parte dos traballos rurais que antano

ocupaban á poboación rural. O etnógrafo ourensán Xaquín Lorenzo (1982) é, como tantas veces, o primeiro en informarnos con detalle e precisión encol da súa caracterización:

*(...) “Atópanse varios tipos de foxos mais, en esencia, todos teñen o mesmo fundamento: un burato onde entra o lobo e non pode saír. O elemento principal do foxo é unha construción de pedras grandes, en seco, de forma circular<sup>118</sup>, de 2 a 4 metros de diámetro e de tres a cinco de alto, cunha portiña que se tapa por medio dunha pedra. Para dificultala saída do lobo, unha vez que caeu nel, o foxo está máis fondo có terreo de arredor.*

*O aludido primeiramente é máis completo: do foxo arrincan dous muros de pedra en seco, capiados, de 3 metros de alto e que atinguen unha longura dun quilómetro ou máis cada un.*

115 Cordal Central e serras do Sur e Leste do país.

116 Serra de Arga e Serras do norte do Marão ata a fronteira.

117 Euskadi, Burgos e Cordilleira Cantábrica.

118 No sector oriental da península os foxos teñen planta cadrada ou rectangular. Nótese, xa que logo, a predilección das formas curvas e circulares na cultura do NW peninsular fronte ás formas en ángulo recto, unha pegada constatable desde os motivos xeométricos dos petróglifos e cabanas da Idade do Bronce, pasando polas estruturas habitacionais da Idade do Ferro e as pallozas dos Ancares, por citar so algúns exemplos. En relación ao simbolismo do círculo na cultura galega é interesante consultar Aparicio Casado, B: “O simbolismo do círculo–circulación e algunhas anotacións sobre o carácter galego”. *Revista de Estudios Provinciais*, nº 12. Pontevedra. 1996.

Ó comezo estes muros, que chaman sebes<sup>119</sup>, van paralelos, mais logo comenzan a se abrir en ángulo, apartándose un do outro até abranguer unha área máis ou menos extensa.

Na saída do corredor ou pasillo que forman as sebes, hai unha especie de alaceas ou escondrixos para se meteren os encargados de axotar ó lobo e precipitalo no foxo, tarefa deixada, polo xeral, ós nenos.

Cando a sebe atravesa un camiño, ábrese por medio dunha porteleira<sup>120</sup> ou cancela que é preciso pechar ou polo menos gardar para que non fuxa por alí o lobo cando se vai correndo.

De adoito, os foxos ármanse en corgas, facendo o foxo na parte máis baixa e subindo as sebes cara arriba, polas ladeiras.

O nome que se dá a estes muros parece indicar que nun tempo eran feitos de ramallos e terra, pasando logo a teren carácter permanente ó seren construídos con pedra.” (...)



Xunto estas liñas Porteleira na sebe do Foxo da Coenllosa (Caroi; Cotobade). Abaixo Portelo do foxo terminal do Foxo da Paraños (Carballedo; Cotobade).



O foxo de converxencia máis grande que coñecemos no Mundo atópase na Serra do Soajo (Arcos de Valdevez–Portugal). Referímonos ao Fojo de Cabana Maior, onde as súas sebes ou muros miden máis de dous quilómetros de lonxitude; este mesmo foxo tería acollido a última batida coñecida alá pola década de 1970 (AAVV; 2000).

No noso país temos documentados un estimable número de foxos de converxencia. Entre os mellor conservados e/ou visitados citaremos: o Foxo de Reira (Camariñas); o Foxo dos Xarotos ou de Pigarzos (A Lama); o Foxo Pedriño (Oia); os foxos de Paraños e A Coenllosa (Cotobade), o Foxo de Gargamala (Mondariz) e o Foxo de Campo (Covelo). A eles habería que engadir os que estudamos a continuación.

Tanto o foxo de converxencia como o Foxo de Cabrita, que veremos máis adiante, son exclusivos do Norte da península Ibérica, singularmente do NW, onde se ten documentado a maior densidade de trampas (AAVV; 2000), non aparecendo referencias orais nin escritas deles en ningunha outra rexión do Mundo.

Se abordamos o patrón de situación deste tipo de foxos “*a localização e utilização dos fojos será uma adaptação aos movimentos de transumância do gado. Os fojos localizados*


119 Taboada Chivite (1971) sinala que nalgúns comarcas de Galicia a sebe dos foxos recibe o nome de seto “*cuando se hacen líneas de estacadas*”. As paredes do *Chorco de La Corona* ou de *Valdeón* (Posada de Valdeón; León) sería un claro exemplo desta tipoloxía. O foxo terminal desta trampa, moi achegada a Galicia, ten planta circular a diferenza das localizadas no sector oriental da península Ibérica.

120 Taboada Chivite (*op. cit.*) apunta que ningún dos foxos de lobos da comarca de Verín que el visitou contaba con porteleira, mais o certo é que unha boa parte deles, nomeadamente os que contan con sebes máis longas, as teñen. Estes portelos, como é lóxico, permanecían pechados os días de batida.

a maior altitude seriam utilizados no Verão, altura em que o gado, e conseqüentemente o lobo, se encontra nas pastagens de altitude, enquanto que os fojos localizados junto às aldeias, nos vales, seriam utilizados no Inverno, altura em que o gado pasta junto à aldeia, frequentando o lobo também mais essa área” (AAVV; 2000).

En Galicia, o patrón de localización máis estendido responde ao seguinte esquema:

- Localización: Pendente fluvial ou, excepcionalmente, marítima
- Sentido da corrida: descendente e, rara vez, a cota
- Lonxitude das sebes: variable, pero case sempre superior aos 100 m
- Anchura media das sebes: 1 m
- Altura media das paredes<sup>121</sup>: 2’5–3 m
- Aparello: cachotaría a seco (*opus incertum*)
- Fondura media do foxo<sup>122</sup>: 3–4 m



Levantamento topográfico da planta do Foxo de Paraños (Cotobade; Pontevedra).

Alberto V. Braga (1931) documentou cómo se organizaban as batidas comunais na Idade Moderna na cámara de Vilar (Portugal):

*(...) “dividiám-se os batedores em 3 grupos: uns, que estavam nas esperas, silenciosos, escondidos atrás de muros de pedra sêca, feitos de propósito para esse fim: eram os que tinham de fazer fogo; outros, divididos em duas compridas alas e bastante distanciados, eram as esperas de torna ou monteadores: falavam alto, gritavam, para obrigarem o lobo a fugir numa dada direcção, indo lançar-se na bôca onde os outros o atacavam. Eram os que davam o lobo. Nisto consistiam as caçadas a tiro” (...)*

121 A altura orixinal nunca sería inferior a 3 m.

122 O fondo orixinal nunca sería inferior a 3 m.



Outro autor luso, Gabriel Pereira<sup>123</sup> documentou cómo se levaban a cabo as batidas na comarca de Évora:

*(...) “os nossos antigos deliciavam-se com as montarias. Era um dia de festa rija e de grandes emoções. Havia em cada freguesia um capataz, encarregado de avisar os caçadores e de os guiar. Cada freguesia batia o seu montado com varapaus, enquanto outros disparavam os velhos bocamartes.*

*Tudo isto acompanhado de berros e gritos. Havia sitios especiais, de onde os capatazes, crismados com o nome significativo de velas, davam sinal uns aos outros, advertindo da existencia ou não existencia do lobo. Esses sinais eram dados com o chapéu pôsto na bôca do respectivo bacamarte.*

*Havia um ponto em que se reúniãem todas as freguesias. Então assumia o comando um só chefe, a que davam o nome de coudel, tendo por subalternos os chefes de cada freguesia. A batida então era impressionante, medonha, clamorosa, trágica. Se adregava de aparecer lobo, os clamores eram alguma coisa de apavorante e feroz, os ares estrugiam com as pragas. Hoje os fôjos estão abandonados” (...)*



Foxo de converxencia simple nun debuxo de Grande del Brio (1979).

### **O Foxo da Anta**


*(...)“la última corrida que se celebró en el Foxo da Anta tuvo un triste epílogo: la muerte del que había solicitado el bando para celebrarla. Un disparo de su propia escopeta al golpear con ella el lobo muerto, puso fin a su vida. Una cruz abierta en una peña granítica señala el lugar donde cayó sin vida Enrique das Corchetas entusiasta corredor de lobos”. (...)*

Desta maneira transcribiu Antonio Fraguas (1946) o relato oral que chegou a el da derradeira corrida de lobos que tivo lugar no Foxo da Anta (Cotobade; Pontevedra), así denominado por acoller nas proximidades do burato unha *anta* ou *mámoa* neolítica. Resulta tamén de interese coñecer, a través do mesmo autor, cómo se realizaban as corridas na comarca a finais do século XIX:

*(...) “para correr el lobo se pedía una licencia especial. Un vecino solicitaba el permiso y el alcalde daba la cedula de la corrida en virtud de la cual y con arreglo a la costumbre tenían que ir una o dos personas de cada casa. Señalado el día, por regla general un domingo, y la hora, salían los vecinos de las parroquias que circundaban los foxos procurando descubrir el lobo. Varios individuos iban para las cancillas a “guardar as cancelas”. Consistía esta misión en custodiar los vanos del muro por donde había de entrar el lobo y no dejarlo salir. Cada lugar defendía su cancilla. (...). Descubierto el lobo se armaba un gran vocerío y los gritos de ¡ah lobo!, ¡ah lobo! Lo iban guiando hacia el recinto que conduce al foxo. Una vez en el cercado se acordonaba la gente por donde no había muro y con mucho alboroto iban acorralando al lobo hacia los muros los cuales seguía por ser el único camino que veía libre acercándose al foxo que habían disimulado cubriéndolo con unas urces y helechos. (...) Una*

123 Trabajo citado por Alberto V. Braga (1931) recollido en *Estudios Evorenses –Caçadas–* (2ª parte).

*vez allí las gentes rodeaban el recinto y disparaban unos tiros al animal que sacaban después por la pequeña puerta que tenía el foxo” (...).*



Imaxe da embocadura do Foxo da Anta e do alzado da sebes localizada no sector E.



O Foxo do Lobo da Anta, un dos máis espectaculares que coñecemos en razón do seu magnífico estado de conservación, destaca por manter algúns lenzos murais coa súa fasquía orixinal, acadando os 3 m de altura nalgúns tramos. De atendermos á súa caracterización básica, esta concrétase da maneira que segue:

- Localización: ladeira fluvial
- Sentido da corrida: descendente
- Lonxitude das sebes: 595 metros aproximadamente
- Anchura das paredes: 1 m
- Altura das paredes: 1’5–3 m
- Fondura do foxo: 2’5 m

### **O Foxo de Cortés**

En plena Serra do Courel, entre os concellos de Folgoso, Samos e O Incio atópase o lugar de Cortés, onde David Pérez documentou un foxo no que a batida tiña lugar a media ladeira da montaña, lugar no que se sitúa o foxo terminal. Deste xeito a trampa conta con dúas paredes ou sebes, unha que ascende desde o final da pendente, e outra que descende do cumio cara ao punto central da ladeira na que se abre a cavidade antrópica na que caerá a fera despois de percorrer “un pasadizo longo e estreito ata chegar ao buraco” en palabras do investigador. Xa que logo a batida e acoso desenvólvese ben a media ladeira ou a cota, ben en sentido ascendente ou descendente, pero sen seguir a cómoda lei do mínimo esforzo que impón a gravidade, como acontece coa práctica totalidade dos foxos coñecidos.

Segundo este investigador a elevada erosión das montañas do Courel poden explicar esta disposición do foxo, aínda que tampouco descarta que responda a un paso natural concreto do animal que requira esa disposición.

### **O Foxo do Alto do Bruzo**

Máis ao sur, en plena Serra do Invernadoiro, a uns 1.050 m sobre o nivel do mar nun contorno de monte baixo, tivemos ocasión de catalogar outro foxo singular, un dos máis orixinais de Galicia. Esta estrutura oriéntase ao N, N–W, na aba dun outeiro coñecido como Alto do Bruzo, divisoria natural dos concellos de Castrelo do Val, A Gudiña e Riós (Ourense).

Este antigo foxo dispónse nunha zona de chaira de lixeira pendente que cae cara ao profundo val que escavou o río Parada. Está composto por unha aliñación de muros de cachotaría de 1 m de altura media que, sumados ao desnivel e accidentes naturais do terreo, acadan unha altura total de entre 3 e 4 m. Os muros de natureza antrópica intercálanse entre afloramentos pétreos de lousa e xisto, adquirindo unha lonxitude aproximada total de 377 m. Estes muros definen unha estrutura en forma de C irregular, onde o seu vértice interno acollería unha trampa hoxe invisionable. Os veciños de Veiga de Nostre e Sanguin-

ñedo, as dúas aldeas máis próximas ao lugar, aínda recordan testemuños orais dos seus maiores que relatan a captura do lobo neste lugar.

Na actualidade o campo de acoso inmediato xunto co foxo<sup>124</sup> atópanse totalmente cubertos de vexetación. Polo que respecta ás súas sebes, en realidade un paredón levantado apoiándose nunha serie de afloramentos naturais, non presentan apenas deterioro evidente. A altura media dos muros da sebe oscila entre os 1 e os 4 m en razón do desnivel natural do terreo e do tamaño dos afloramentos. O seu grosor medio é de 0'8 m e os muros amosan unha tipoloxía conformada por cachotaría irregular de pequeno tamaño asentada a seco, isto é, sen argamasa.



Detalle do paredón do Foxo do Alto do Bruzo que pechaba o paso ao lobo, impedíndolle fuxir.

As dimensións dos tres tramos de sebe son as que seguen:

- a) Tramo S–NW: 103 m
- b) Tramo N (intermedio): 112 m
- c) Tramo W: 162 m

As sebes seguen unha orientación dividida en tres tramos: NW, N, W seguindo unha traza que se adapta ás condicións orográficas do terreo, que neste punto forma unha sorte de bancais de montaña. A lonxitude total das sebes acada os 377 m lineais aproximadamente.

Taboada Chivite (1971) documentou<sup>125</sup> o Foxo de Baldefeira “*que se halla existente en los ter. del dicho lugar de Campo de Becerros*”, unha das aldeas máis achegadas a este foxo. A figura do Monteiro Maior desta trampa era elixida polos veciños das aldeas

de Piornedo, Sanguñedo, Campobeceros, Porto Camba, Vilar, Fontefría, Servoi e San Paio. A maiores outras aldeas e concellos da contorna estaban obrigados a participar nas batidas: “*y para su introducción en dicho foxo se necesita espeler y conbocar para aquellos diversos pueblos de la jura de Laza, de la de Gondulfes, Verín, Monterrey, Ríos y otras barias que muchos de sus pueblos deben contribuir a la citada Montería y no haziendo puede multarles el Montero*”. No mesmo traballo o noso autor recolleu dun informante de Campobeceros<sup>126</sup> (Avelino Núñez) que en ocasións os veciños enchían o foxo de auga para que o cánido afo-gase ao caer.

### ***Un exemplo de foxo duplo: A Chan da Anduriña***

Coto de Eira ou Cotodeira é o cumio de maior altura (884 m sobre o nivel do mar) do Monte Maior, a montaña que exerce de límite natural dos concellos de Fornelos de Montes e Mondariz (Pontevedra). Estamos nun dos contrafortes naturais da Serra do Suído, que se desenvolve en plenitude ao E dun dos complexos de foxos do lobo máis orixinais e


124 É posible que este fose reenchido con terra e pedras pola veciñanza para evitar accidentes, unha práctica moi habitual desde que as trampas empezaron a ser abandonadas.

125 Rexistro de Escrituras Públicas que pasaron ante Mathias Guerrero, Año 1791. Archivo Notarial de Verín.

126 Campos é como lle din á aldea os naturais deste núcleo do concello de Castrelo do Val (Ourense).

mellor conservados de Galicia e de Europa. Este conxunto non ten, que coñezamos, paralelos en Galicia, máis si fóra dela, en concreto no portugués *Fojo de Gondomar* (Flower; 1971) e na burgalesa *Lobera de Santiago*<sup>127</sup> (Grande del Brío; 1984).

Os foxos, que conforman un conxunto de dous pozos terminais unidos por unha sebe común e dúas exclusivas, localízanse no perímetro dunha braña coñecida como Chan da Anduriña, ao W dun túmulo que presenta no seu centro un burato de sección cilíndrica de grandes dimensións<sup>128</sup> que nada ten que ver cos conos das mámoas espoliadas, e que para nós é un foxo simple primitivo, de atendermos á caracterización que Vega Pato (1997) fai do Pozo do Lobo de Vilariño de Conso e ás ilustracións<sup>129</sup> que inclúen algúns tratados medievais de montería, entre eles o de El-rei Afonso IX.



Aspecto do conxunto nun levantamento en 3D.

Pero centrémonos nos foxos de paredes converxentes e sebes graníticas, hoxe seriamente deteriorados a causa do vandalismo<sup>130</sup> e o abandono. A sebe que conduce ao dis-

127 Esta *lobera*, totalmente restaurada e reconvertida en atractivo turístico pola Junta de Castilla–León, utilizouse por última vez en 1955.

128 Pedro Estala (1802–1811; *op. cit.*) no contexto dunha descrición dunha batida de lobos na que participa o Monarca asegura que “*se hacian hoyos de doce en doce pasos y en ellos se metía un montero*”, polo que este burato tamén podería estar relacionado con este *modus operandi*, servindo a un tirador como trincheira desde a que disparar no caso de que o lobo fose quen de franquear as sebes.

129 O gravado do *Libro de la Montería de Alfonso XI* que ilustra o apartado dedicado ás batidas comunais de Galicia presenta un foxo de cuádrupla converxencia con sebes vexetais que morren nun foxo coroado por un túmulo perimetral que tiña, supoñemos, un dobre cometido: ocultar ás feras a visión do interior da ola antes da caída e dificultar a súa saída unha vez que ficaban atrapadas no seu interior.

130 Algúns veciños de avanzada idade naturais de Sabaxáns fixéronnos saber que, sendo cativos, acudían a esta paraxe para pastorear o seu gando, momento que era aproveitado para botar abaixo o capiado das sebes do foxo a modo de divertimento.

positivo de caza situado máis ao sur (o máis achegado ao foxo primitivo que se localiza no centro da braña) presenta un corte de 3 m de anchura a modo de cancela para facilitar o acceso do gando á zona de pasto da que falamos. A altura dos muros da sebe oscila entre os 1 e 2'2 m en función do estado de conservación dos distintos tramos. O seu grosor medio é de 1 m e os muros amosan unha tipoloxía ciclópea, conformada por cachotaría irregular asentada a seco. As dimensións dos tres tramos de sebe son as que seguen:

- a) Tramo sur: 67'44 m
- b) Tramo intermedio: 103, 2 m
- c) Tramo norte: 52'05 m



Arriba, detalle do exterior da boca do foxo Sur, polo que o lobo entraba nunha canle que desembocaba na cavidade terminal. Abaixo, aspecto da saída da canle tomada desde o interior do foxo.



As sebes seguen unha orientación de Norte a Sur seguindo unha traza zigzagueante que se adapta orograficamente a dúas vertentes ou valgas diferentes, apoiándose en escarpas, pendentes e afloramentos rochosos para definir a súa disposición. A lonxitude total dos muros acada os 222'49 m lineais. Polo que atinxe aos foxos do conxunto, as súas dimensións son as que seguen:

a) Foxo Norte: 7 m de diámetro e 2 m de fondura.  
b) Foxo Sur: 4'70 m de diámetro e 2 m de fondura.


Xa que logo, a superficie do foxo Norte é notablemente superior á do foxo Sur. A forma de ambos, conformados con muros de aparello ciclópeo irregular (*opus incertum*), é de tendencia redonda, se ben o foxo Sur presenta unha forma circular máis regular que o foxo Norte, de tendencia máis ovoide. En ambos os dous casos o lobo é obrigado a

entrar no foxo por algún dos ocos abertos na parede que precede ao foxo terminal ou ola. Unha vez dentro, o lobo percorría unha cal de sección rectangular duns 2 m de longo labrada en pedra que presenta 1 m de anchura e 0'5 de alto. Ao chegar ao final desta quenlla, moi semellante á que presentan algúns muíños primitivos, o lobo precipitábase no foxo propiamente dito.



As sebes seguen unha orientación dividida en tres tramos que se adaptan ás condicións orográficas do terreo, que impón o desnivel e os afloramentos graníticos naturais. A lonxitude total das sebes acada os 222 m lineais aproximadamente.

Esquerda, aspecto da espesura das sebes. Dereita, detalle do paredón que se levanta entre os dous foxos.




Entre a documentación conservada no Arquivo da CCMM de Sabaxáns figura a que recolle o litixio que enfrontou no ano 1664 os veciños desta parroquia e os de Gargamala, ambas freguesías do concello de Mondariz, contra o Conde de Salvaterra. No texto no que se describen os límites de ambas parroquias consta literalmente o seguinte texto: “(...) *Monte de la/ Forcadelas: El de Saramagos: El del Prado de Oveja: El del/ Puerto Amurgo: El del Rosario de abajo y de arriba: Chan/ de Anduriña a donde están dos fosos compuestos de piedra/ de cantería donde se corre la montería de Lobos y otros vena/dos (...)*”.

### ***Os foxos de cuádrupla converxencia: o Pozo do Lobo (Vilariño de Conso) e o Foxo do Monte Grande (Bande)***

Como xa vimos, no ano 1997 Vega Pato catalogou en plena Serra da Queixa (Ourense) un dos dous foxos de cuádrupla converxencia que coñecemos no noso país, o **Pozo do Lobo** de Vilariño de Conso. Esta construción, localizada na paraxe coñecida como Veiga de Pedrafita–Veigas de Conselo<sup>131</sup> a 1.300 m sobre o nivel do mar, érguese no medio dunha cubeta natural —isto é, dunha depresión natural do terreo carente de saída e proclive ao asolagamento— co obxecto de favorecer o acoso do animal partindo de distintos puntos cardinais. O investigador ourensán descríbese así:

*“A trampa dispónse en cruz. Cada brazo está formado por unha parede ou sebe levantada a base de grandes antas entre as que, completando a vedación, se dispoñen pequenas laxes en aparello de parede tradicional. A disposición das antas a treitos é transversal ó eixe do brazo, co cal se consegue un muro de considerable espesor. A altura, a xulgar polos desmoronamentos e mesmo polas antas, podería estar sobre 1’50 m. (...).*”



Planta e sección do foxo do lobo de Vilariño de Conso. Debuxo Tomás Vega.

*Cada un dos brazos da cruz mide uns 80’00 m. —cen pasos— converxendo nun pozo oval con eixes duns 6’00 e 7’00 m., respectivamente, cal fondura fixaremos de forma conxetural, xa que na actualidade está atuído con pedras ata aproximadamente 1’00 m. da boca, polo perigo de caída que supón para o gando que paze na veiga. As paredes, os brazos, son aliñamentos practicamente rectos case perpendiculares entre sí. (...) A disposición da trampa permitía acurrallar mediante abatidas ou corridas ás feras xa que terían*

*que pasar forzosamente por ela na súa fuxida. Desto falaremos máis adiante; antes trataremos de fixa-la fondura, que segundo os veciños e os pastores era moi grande; para elo contamos con poucos datos. Un deles é a terra procedente da excavación que se amontoa formando un túmulo, arredor do pozo. Este túmulo ten unha sección semellante a un sector circular de 3’50 m. de anchura e 0’80 m. de altura; o perímetro total é duns 30’00 m. no eixe do túmulo. Se temos en conta a sedimentación, de maior compacidade có terreo natural, mailas perdas por arrastres, podemos tomar sen temor a esaxerar un volume dobre que o actual. Feitos os cálculos do mesmo daríanos un total hipotético de 100’00 m<sup>3</sup>, que divididos pola superficie media do pozo, uns 30’00 m<sup>2</sup>, da como resultado unha fondura, partindo da rasante natural do terreo, de 3’45 m., ós que teríamos que sumarlle a altura actual*

131 Quizais *Conselo* sexa unha deturpación de *Couselo*, voz diminutiva de *Couso*, “pequena veiga cercada” segundo os dicionarios, cuxa vinculación coas trampas do lobo xa tratamos máis arriba.

do túmulo, 0'80 m., maila da mingua, por arrastres, da altura primitiva do túmulo que, tendo en conta a morfoloxía orixinal do mesmo, non levamos máis alá de 0'55 m. (...)

A profundidade resultante, uns 4'60 m., semella ser pouca a teor das lendas e opinións recollidas, pero deberemos ter presente que dado o nivel freático da turbeira (...) non permitiría cos medios de entón chegar a maior profundidade e para iso en época de seca, polo que o único recurso para aumenta-la fondura foi o de recorrer o túmulo perimetral." (...)

Hoxe en día o *Pozo do lobo da xente*, aos ollos da veciñanza, non ten unha significación histórica fidedigna, acorde coa súa función no pasado. É mais, tal e como comprobou Vega Pato a través dunha enquisa etnográfica, a poboación xa non vincula esta construción coas batidas dos lobos, senón coa persecución organizada do que eles chaman O Lobo da Xente, isto é, do licántropo (en realidade 3 persoas, dous homes e unha muller) que “non lle tocaban ó gado, só á xente (...) co fin de atrapar estes tres lobos da xente facíanse as xa referidas corridas ou abatidas, para leva-los ó pozo”; unha mostra máis de como a memoria mítica prevalece sobre a memoria histórica, o que evidencia que o mito do lobishome está máis vivo que o lobo no imaxinario popular.



Un foxo de cuádrupla converxencia incluído no *Libro de la Montería* do rei Afonso XI.

Nos montes comunais de Bande (Ourense) o arqueólogo David Pérez descubriu outro foxo do lobo de cuádrupla converxencia coñecido como **Foxo do Monte Grande** que vén de ser restaurado parcialmente<sup>132</sup>. Esta tipoloxía de foxo de catro sebes que desembocan nun único foxo, conforma un complexo cinexético con planta en forma de cruz latina, o que permite cubrir todas as fronteas posibles. Ao igual que en Vilariño de Conso, a localización do foxo volve ser unha cubeta natural situada entre cotos, un espazo especialmente propicio para levar a cabo a batida do lobo ou lobos utilizando varios flancos simultáneos.



Foxo do Monte Grande (Bande) despois da súa restauración. Foto David Pérez.

A altura das sebes do foxo é similar á dos foxos convencionais (uns 2 m aproximadamente), o que non supón unha grande novidade, mais si a lonxitude orixinal dos muros norte e sur, que se situaba entre 800–1.000 m segundo os investigadores. O pozo, de tres metros de fondura, foi datado polos estudosos no século XIV. Aínda que os técnicos non son quen de fixar unha datación inequívoca, monografía histórica como o *Libro de la Montería del Rey Afonso XI*<sup>133</sup>

132 Os traballos, desenvolvidos polo canteiro Luís Vázquez e os arqueólogos David Pérez e Celso Barba, foron rematados ao principio do verán de 2009.

133 Recollendo o testemuño do rei Afonso X O Sabio, Afonso XI continuou a tradición de compilar datos sobre caza maior nunha publicación específica, o que deu lugar ao “Libro que mandó facer el Rey Don Alfonso de Castiella et de León que fabla en todo lo que pertence a las maneras de la Montería”, coñecido popularmente como o *Libro de la Montería de Alfonso XI*, onde trata dos bosques e montes incluídos no reino no século XIV, así como das súas capacidades e calidades cinexéticas para a caza ou montaría. A versión orixinal contiña 3 libros e 39 gravados.

incorporan ilustracións de foxos de converxencia cuádrupla con sebes vexetais, o que fai pensar que a persistencia das batidas no tempo obrigaría a utilizar materiais non perecedoiros que minimizasen o esforzo e o traballo veciñal. Pérez recorda que “ata a aparición das escopetas, no século XIX, o foxo foi utilizado polos habitantes de Bande, Vereá e A Limia”.

### ***Os Foxos de Cabrira***

Tamén coñecido polos nomes de Foxo do Cabrito<sup>134</sup> ou Cortello dos Lobos<sup>135</sup>, esta tipoloxía de foxo parece ser específica do NW peninsular (AAVV<sup>136</sup>; 2000), onde a cría de gando en semi-liberdade é unha constante. Un dos Foxos de Cabrira máis populares en Galicia é o que se localiza no Parque Nacional do Xurés, concretamente no concello de Lobios, coñecido como o **Foxo de Guende**, que tamén deu a coñecer David Pérez. Desígnase desta maneira porque dentro deste dispositivo colocábase unha cabra ou cabrito<sup>137</sup> como cebo ou reclamo para o cánido que era atraído así ao interior. A morfoloxía desta trampa viña dada por un recinto circular ou elipsoidal localizado a media ladeira que se presentaba pechado cun muro de cachotaría lixeiramente inclinado cara ao interior e conformado a seco que aparecía rematado por un capiado que voaba de forma prominente sobre o recinto interior. Deste xeito o lobo podía introducirse facilmente dentro da trampa, onde sacrificaba o cebo (unha cabra, ovella ou cabrita), máis unha vez que pretendía saír a altura e inclinación dos muros, xunto co voo das súas capias, impedíanllo, favorecendo así a súa captura por parte dos labregos e gandeiros.



Cortello dos Lobos de Lobios (Ourense). Foto David Pérez.

A altura das paredes desta tipoloxía de foxo supera os 2 m e o seu diámetro oscila entre 30 e 60 m. En ocasións, a primeira mañá posterior á captura do lobo, este era axustizado polos veciños da aldea máis achegada.

No foxo situado en Lubián<sup>138</sup> (Zamora), un dos mellor conservados do NW peninsular, tamén do tipo ‘de cabrita’, documentouse a captura dun lobo — neste tipo de trampa era innecesaria a batida ou montería— aínda na década de 1950. Pola súa

parte o foxo de Barjacova (Sanabria; León) consérvase tamén en moi boas condicións materiais, sendo o de Langre (León), segundo Grande del Brio (1984), un dos exemplares de meirandes dimensións. A maioría destes foxos adoitaba situarse nas proximidades de núcleos de poboación.

En relación aos *foxos de cabrita* —que el nunca denominou así— Xaquín Lorenzo (1982) escribe:

134 Este topónimo rexístrase, entre outros, nos concellos de O Vicedo (Lugo), Melide (A Coruña) e O Irixo (Ourense).

En Asturias recibe o nome de *Calecho* ou *Caleyo* e *Corral* en León.

135 Nome moi popular tamén na provincia de Zamora.

136 Porén os mesmos autores sinalan que en Soria está documentada unha trampa desta mesma tipoloxía.

137 A achega do animal fariase por rigorosa quenda entre os propietarios de gando.

138 Algunhas historias contextualizadas neste foxo atopámolos en Luis L. Cortés Vázquez: “Veinte cuentos populares sanabreses”; *Revista de dialectología y tradiciones populares*, V, 1949.



(...) “tamén hai foxos descubertos, sen sebes: neles a caza é máis sinxela, pois basta engadalos cun cabrito ou cousa semellante; o lobo cando o oe berrar, vai na súa procura e brinca dentro do foxo, de onde logo non pode saír” (...)

Sobre a mesma trampa Taboada Chivite (1971) apunta:

(...) “os cortellos son recintos circulares murados, dispostos no declive do monte, con alta parede no arco que corresponde á parte baixa da ladeira e ao nivel do terreo da outra, pero aquí ten o monte unha gabia duns dous metros de fondura e con pedra en voadizo. Como reclamo colócase unha res por quenda veciñal. Os lobos saltan pola ladeira ao nivel da trampa, pero cando quere saír non poden salvar os dous metros de escavación pola pedra voadiza. Segundo os meus informantes o lobo xa non ataca ao reclamo porque advirte ao instante a súa situación. Logo, por unha porta penetran os mozos e con paos ou forcadadas dan morte ao animal” (...)

### **Os foxos ocultos**

Aludindo a este tipo de foxos, Xaquín Lorenzo (1982) escribe:

“Algúns consisten nun foxo circular<sup>139</sup>, de 3 metros de diámetro e 4 ou 5 de fondo, no que se pon un anaco de carne ou un animal morto: o lobo brinca dentro para comela logo non pode saír.”


Grande del Brío (1984) afirma que na provincia de León os foxos simples son coñecidos polo nome de *Cousos*. En relación aos foxos simples ocultos con vexetación, sen dúbida a tipoloxía máis primitiva e simple de trampa cinexética, Xaquín Lorenzo (1982) escribe:

(...) “outras veces o foxo cóbrese con ramallas, fentos e toxos para que o lobo non o vexa e caia nel” (...)

Segundo varios autores (2000) “o fojo simples, em pelo menos algumas das suas variantes, estendeu-se, com toda a certeza, por todo o espaço ibérico e, inclusivamente, a França (Flower 1971, Braña et al. 1982, Grande del Brío 1984), sendo possível que fosse utilizado em épocas históricas ou pré-históricas, na captura de caça maior, nomeadamente, o lobo, em várias regiões do planeta”. Para nós a utilización deste tipo de foxo desde a prehistoria está fóra de toda dúbida.

David Pérez documentou no Courel un foxo de 4 ou 5 metros de profundidade cuxo chan era tapizado polos paisanos con follas de lousa colocadas de punta de forma que o lobo quedaba atravesado e morto sobre elas ao caer. Cabe deducir que esta modalidade de foxo correspóndese co sistema máis primitivo que se coñece, por canto carece de calquera complexidade, salvo a construción da ola ou foxo terminal utilizando cachotarías concertadas, como parece ter acontecido nalgún caso, co obxecto de facelo máis resistente e perdurable. De carecer de sebe vexetal ou pétreo impónse a necesidade de localizar o foxo nunha portela, valga ou corga natural que obrigue a besta a pasar necesariamente por ela. Esta modalidade de foxo podería funcionar sen acoso humano, mais a batida, obviamente, multiplicaría de forma exponencial as opcións de captura.

139 Os foxos referidos na bibliografía sinalan que unha boa parte dos do Norte peninsular (Cantabria, Euskadi e Castela-León), a diferenza dos localizados no NW, son de planta cadrada ou rectangular. A *Lobera de Santiago* (Araba) é un exemplo paradigmático neste sentido.



Foxo simple nun debuxo de Grande del Brío (1979).

En ocasións os foxos de paredes converxentes eran utilizados como foxos simples “normalmente de alçapão giratório, quando as paredes do fojo original se deterioravam. Este facto, que parece ter acontecido em certas regiões da província de Ourense (Galiza), poderá ter resultado do exôdo rural,

que não permitia juntar um número suficiente de pessoas para efectuar batidas, mas onde permanecía a necessidade de combater o lobo” (AAVV; 2000). Tal e como sinalan estes autores nesta modalidade sería fundamental ocultar o fojo, ben cunha zapa ou taboado de madeira xiratorio, ben cunha serie de ramalleiras, o que provocaría a captura indiscriminada de todo tipo de animais. As provincias de Ourense e Lugo, ademais dalgunhas rexións do NW luso, son as localizacións nas que a bibliografía especializada sitúa esta modalidade de trampa.

Algún autor (Primavera; 1998) documentou no Parque Natural do Alvão (Portugal) dous exemplares dunha variante evolucionada do fojo oculto denominada *fojo de alçapão*. Esta tipo estaría “constituído por uma estrutura rectangular de pedra, com cerca de cinco metros de comprimento e três de largura, com uma rampa lateral dando acesso ao seu topo. Este estaria coberto por um estrado de madeira, onde se colocava um isco (vivo ou morto). O lobo ao aproximar-se do isco, teria de passar uma zona do estrado que com o seu peso levava à sua queda”.





Fousse a loupe da modalidade de alçapão nun debuxo francés do século XVIII.

### Os foxos en forma de curro

Foi Vega Pato (1996) quen conseguiu documentar na Serra da Queixa un fojo do lobo en forma de curro. A relevancia etnográfica desta zona de montaña ourensá xustifícase, segundo o noso autor, por acoller o paso tanto de rabaños de res (ovicápridos) como de bestas (vacas, bois...), o que daría lugar á aparición do lobo na vida dos habitantes da zona.

O **Curro do Lobo** é unha construción localizada a 1.120 m sobre o nivel do mar na paraxe de Castelaíoso (parroquia de Cernado; Manzaneda). A súa tipoloxía é moi semellante a outra que tivemos ocasión de documentar nós na Chan da Anduriña (Sabaxáns; Mondariz) a escasos metros do conxunto de foxos graníticos que vimos máis arriba, mais carente de *bardas*, esteos ou ortóstatos ao longo do seu perímetro. “Trátase dun fojo sensiblemente circular, rodeado de *bardas*, ou antas, verticais a modo de cerca, de donde lle provén o seu nome de *curro*, por analogía coas construcións propias destas serras destinadas á ocupación estacional polos rebaños de res, pastores e *custeiros*. O diámetro do CURRO DO LOBO é duns cinco metros, e a súa profundidade media actual próxima ó metro por debaixo da rasante do terreo circundante. Non obstante, tendo en conta outros aspectos da súa construción, coma o túmulo formado cos produtos procedentes da súa excavación, dispostos en forma de coroa, e o treito que sobresaen ás *bardas* espetadas no túmulo, así como a colmatación experimentada, por acumulación de arrastres, no fondo do fojo, a súa altura na parte interna non baixaría dos tres metros.”



O patrón de localización deste particular foxo é semellante á do foxo tumular da Chan da Anduriña, xusto ao pé dunha portela natural, no centro dunha suave depresión e, xa que logo, nunha zona ben irrigada na que abundan os pastos que atraen ao gando ceibo, o emprazamento máis propicio e estratéxico para captar a atención do seu principal predador: o lobo.

“Na actualidade o CURRO DO LOBO” continúa Vega Pato “conserva no seu interior gran parte do material que o formaba, posibilitando así a súa reconstrución sen grandes dificultades, tanto polo material que permanece dentro, como polas *bardas* que quedan fincadas no seu perímetro ou as que se sitúan espaxadas polo seu contorno. (...)”

O sistema para atrapa-lo lobo consistía en ceba-la trampa, segundo nos relataron, cun anaco de carne, cuestión sobre a que temo-las nosas dúbidas, pois tódolos indicios lévan-nos a pensar na caza da fera mediante *abatidas* ou *corridas*. Como se pode observar nos debuxos á fera resultáballe fácil a entrada —fose para colle-lo cebo ou para agacharse no foxo— pois só tería que *ralvar* unha altura de 0’85 metros, mentres que para saír a altura a superar sobrepasaría os 3’00 metros, sen espazo para toma-lo necesario impulso”.

Esta tipoloxía de trampa é coñecida en Europa como modelo *Wilkownia* (Grande del Brío; 1984), consistente nunha “sucesión de recintos concéntricos que rodeaban unha res posta como cebo. O lobo podía ter acceso ao recinto exterior, pero non ao do centro, onde estaba o cebo. Unha vez dentro do recinto, o lobo non podía saír ao impedírlle a mesma porta pola que entrara, que xiraba nun único sentido”. O *Heptameron*<sup>140</sup>, unha versión do libro do *Gran Cipriano*<sup>141</sup>, recolle tamén unha modalidade de trampa en forma de curro para a captura de lobos que describe literalmente así:


(...)“*se forman dos cercados de estacas puntiagudas el una dentro del otro, cuyo espacio entre los dos cercados sea bastante para que el lobo pueda pasar: las estacas deben tener entre ella la distancia de un dedo, y su elevación ha de ser de cuatro piés. Se deben asegurar entrelazandolas con mimbres. El cercado interior debe tener ocho ó diez piés de diametro en el centro una especie de jaula donde se cierra una oveja ó una oca; se prefieren estos animales a cualquiera de los otros, porque ellos no cesan de gritar, luego que se encuentran solos, y sus gritos atraen a los lobos. Cada uno de estos cercados tienen su puerta, la del cercado interior esta cerrada de manera que el lobo no la pueda abrir si solo para meter la oveja ó la*

140 *HEPTAMERON O ELEMENTOS MÁGICOS, COMPUESTO POR EL GRAN CIPRIANO, FAMOSO MÁJICO, traducido al latín y de éste al francés por Esterhaazy, y últimamente a la lengua castellana por Fabio Salazar y Quincoces, Ascrólogo, Alquimista y famoso naturalista. Venecia. Imprenta y librería de Francesco Succoni, Año de M.DCCXXII.*


141 Nótese que San Cibrán, antropónimo que dá nome a un número considerable de montes e parroquias (39 en total) de Galicia, é un dos santos de máis antiga raigaña galega, procedente, ao parecer, dos primeiros contactos que tivo o NW peninsular con Oriente. De orixe pagá, este santo popular foi cristianizado pola Igrexa, que combateu durante séculos a súa forte vinculación con crenzas e ritos anticanónicos. No noso país tivo moita difusión *O verdadeiro libro de san Criprián* de Galicia, máis coñecido como *O Ciprianillo*.

oca; el cercado debe ser construido de manera que el lobo pueda ver y sentir la presa, sin tener libertad de acercarse. La puerta del primer cercado debe estar abierta del grandor que tienen los dos cercados como en A. esta distancia debe ser suficiente para que el lobo pueda pasar libremente pero que no le permita hacer ningún movimiento a derecha é izquierda, esto se ha de observar exactamente, porque en este solo esta toda la utilidade de la trampa.

Cuando estara así dispuesto; se ha de observar que el lobo, oyendo balar la oveja, ó gritar la oca, no hara falta en comparecer: entrara por el espacio que dejara la puerta abierta, y dara vuelta al cercado, y llegara a encontrarse detras de la puerta: entonces como no podra retroceder ni volverse atras, empujara, esta puerta no estando muy fuertemente cerrada, se cerrara ella misma por medio de un trinquete que se tendra cuidado de guarnecer. De esta manera el lobo se encontrara preso y dara vueltas sin cesar entre los dos cercados sin poder jamas saltar el uno ni el otro, porque todo animal que quiere saltar se pone en linea recta frente del espacio que él quiere saltar; pero aquí el lobo no puede a causa del espacio muy estrecho, y porque el tiene siempre el cuerpo un poco ecojido (sic) a causa de la línea circular que describen los dos cercados. Por lo tanto estara asegurado, y por la mañana se le echara un llazo corredizo y se entregara a los perros para que lo devoren. Este medio es el mas prudente porque se se mata el lobo dentro el (sic) cercado, su sangre ahuyenta par mucho tiempo a los demas lobos. Este lazo tiene la ventaja que una vez construido, dura hasta tanto que las estacas se pudren y caen” (...).



As imaxes en branco e negro (que utilizan unha ovella e un ganso respectivamente como cebo) proceden do *Libro do Gran Cipriano*. A miniatura inferior foi tomada dun tratado de caza medieval.



Autores como Braña *et al.* (1982) documentaron unha modalidade de curro moi semellante á que vimos de describir consistente nun cercado simple de dous metros de altura levantado con estacas unidas entre si por medio dun arame farpado. “No interior desta cerca, existe una pequena construçã de pedra, onde se prende um cão como isco. Cobre-se a cerca de arame com vegetaçã (giestas e urzes), deixando-se dois pequenos espaços abertos (entre estacas mais próximas entre si), nos quais se colocam laços, que capturam o lobo quando este tenta entrar no cercado para predar o cão” (AAVV; 2000).



## A PROTECCIÓN LEGAL

A principal ameaza que hoxe existe sobre os foxos do lobo é o ser humano, máis concretamente a súa acción incontrolada froito da mala fe ou da ignorancia (construción de pistas forestais, reutilización de pedra para vedacións e vandalismo<sup>142</sup>), algo sobre o que vén advertindo o segmento máis sensibilizado da sociedade, e tamén o abano de profesionais vinculados á conservación do patrimonio natural e cultural.

142 A erosión e as plantacións forestais serían factores secundarios que explican a deterioración destas estruturas.

Neste contexto o marco de referencia básico no momento de considerar a protección legal dos foxos do lobo é a Lei 8/1995 do Patrimonio Cultural de Galicia. Ante a ausencia dunha mención expresa que estableza calquera tipo de protección individual ou xenérica sobre estas monumentais trampas centenarias, os artigos 1.1 e 1.3 seguen a ser o principal sustento legal no momento de promover a súa protección legal efectiva:

Art. 1.1. “O patrimonio cultural de Galicia é constituído por todos os bens materiais e inmateriais que, polo seu recoñecido valor propio, deban ser considerados como de interese relevante para a permanencia e a identidade da cultura galega a través do tempo”.

Art. 1.3. “Integran o patrimonio cultural de Galicia os bens mobles, inmobles e inmateriais de interese artístico, histórico, arquitectónico, paleontolóxico, arqueolóxico, etnográfico, científico e técnico. Tamén forman parte deste o patrimonio documental e bibliográfico, os conxuntos urbanos, os lugares etnográficos, os depósitos e zonas arqueolóxicas, así como os sitios naturais, xardíns e parques que teñan valor artístico, histórico ou antropolóxico”.

Ao noso modo de ver os foxos do lobo e o seu contorno son, cando menos, *lugares etnográficos* ou *sitios cun valor histórico e antropolóxico* incuestionables, na medida en que cumpren integramente coa condición expresada no art. 1.1 da lei galega, obvian-do a consideración que outros investigadores lle conceden con xustiza como “*verdadeiros monumentos de elevado valor etnográfico, cultural e científico, e, o Norte da Península Ibérica parece ser a nivel mundial, a região onde existem em maior número e variedade*” (AAVV; 2000).



Concentración reivindicativa reclamando a protección dos foxos da Chan da Anduriña.

No mes de xaneiro de 2009 publicouse no *DOG* o Decreto 297/2008, do 30 de decembro, polo que se aproba o *Plan de xestión do lobo en Galicia*. O punto 26.3 deste documento, incluído na sección denominada *Posta en valor do lobo e aproveitamento turístico*, establece que un dos obxectivos da admi-

nistración é elaborar “un inventario–catálogo das estruturas cinexéticas tradicionais para lobos (foxos) existentes no noso país, que incluírá proxectos ou propostas de actuación para a conservación ou recuperación destas estruturas cinexéticas, sempre e cando isto sexa posible.” Esta medida deberase desenvolver no curto prazo, isto é ao longo dos tres (3) primeiros anos, e ten unha prioridade alta.

En relación á rendibilización social dos foxos, isto é de posta en valor dos seus valores científicos e económicos, varios autores (AAVV; 2000) teñen afirmado que “*a divulgación turística destas estruturas poderá ser de extrema importancia, não só por alertar as entidades políticas regionais e nacionais, para a sua existência e para a importância da sua conservação, como também para os habitantes locais, e como forma de rendimento económico*”.

Ata o de agora a única nova que temos en relación coa protección de foxos do lobo no noso país está sempre relacionada coa protección individualmente considerada no contexto do recente Decreto 232/2008, do 2 de outubro, sobre o Inventario xeral do patrimonio cultural de Galicia e, fundamentalmente, da elaboración de Catálogos de Plans Xerais de Ordenación Municipal (PXOM), unha fórmula que atrasa e frea en exceso os trámites administrativos que sancionan a protección deste feble patrimonio etnográfico

e que non garante a protección e conservación da totalidade destes bens culturais na medida en que máis do 80% dos concellos de Galicia carecen dunha normativa urbanística —e xa que logo dun Catálogo de Patrimonio Cultural de escala local— adaptada á legalidade vixente.

Na nosa opinión, para salvar esta eiva, sería moi atinado a publicación dun decreto que protexese de forma xenérica todas estas estruturas cinexéticas, ao igual que acontece coa arte rupestre por exemplo. É esta a única forma de garantir a protección legal da totalidade deste patrimonio único en Europa e no Mundo.

## CONCLUSIÓNS

O lobo, e máis concretamente o *Canis lupus signatus*, é hoxe un animal en perigo de extinción que, de atendermos a un necesario discurso ecoloxista, defensor da razón e da biodiversidade, cómpre protexer e valorar<sup>143</sup>, facendo compatible a súa conservación biolóxica coa necesaria protección e resarcimento económico doutra especie ameazada, a poboación rural, en particular os nosos labregos e gandeiros.

Este animal é inimigo do ser humano desde que este descubriu a gandaría, isto é, desde que se fixo pastor no Neolítico (entre o VIII e o VII milenio a. C.<sup>144</sup>), momento que coincide coa súa domesticación, dando lugar á aparición do primeiro can sobre a face da Terra. Desde entón a intelixencia humana non deixou de idear fórmulas para cazar e dar morte ao principal inimigo dos seus rabaños.

De entre as distintas modalidades de trampas para a captura do lobo e outros animais salvaxes que coñecemos en Galicia e no conxunto do Norte peninsular, os foxos de paredes converxentes son claramente maioritarios, sendo as demais tipoloxías (curros, foxos de cabrita, etc...) exemplos infrecuentes e excepcionais, aínda que non menores. A práctica totalidade dos foxos e trampas para a captura de lobos deixaron de utilizarse ao longo do século XIX, coincidindo cun notable aumento da poboación humana, a difusión das armas de fogo, o uso de venenos e a minoración do territorio dedicado a *bravo*.

Os foxos son a modalidade de trampa máis antiga que coñecemos, ao punto que estendeu o seu nome ao conxunto de enxeños ideados para a captura desta fera. Probablemente a versión máis primitiva de foxo que se conserva na actualidade é o foxo tumular da Chan da Anduriña (Sabaxáns, Mondariz), un precedente tipolóxico análogo ao Pozo do Lobo que documentou Vega Pato (1997) en Vilariño de Conso (Ourense). Esta tipoloxía, que carecía de muros converxentes levantados en pedra, deu lugar co paso do tempo a unha modalidade que incorporou progresivamente a cachotaría, primeiro nos foxos propiamente ditos, e máis tarde nas *sebes*, denominación que evidencia o material vexetal co que antigamente se manufacturaban as paredes que tiñan un foxo terminal como vértice.

Desde o punto de vista patrimonial o lobo é unha fonte de cultura material e inmaterial inmensa que deu lugar a un valioso legado que hoxe se atopa nun estado de conservación moi precario, correndo grave risco de desaparición. O patrimonio cultural vinculado ao

143 A Comisión do Servizo para a Supervivencia reunida en Estocolmo en 1970 declarou: “*O lobo, como todo animal salvaxe, ten dereito de existir no seu estado natural. Ese dereito non depende da súa utilidade para o home, deriva do que teñen todos os seres vivos a coexistir nel como parte integrante dos sistemas ecolóxicos*”.

144 Oriente Próximo e a Península Balcánica terían sido os primeiros lugares do Mundo en acoller esta fase histórica coñecida no ámbito científico como Neolítico precerámico. En Galicia, onde o Neolítico aparece asociado á arquitectura megalítica e tumular, o fenómeno non aparece ata o IV milenio a. C.

lobo, de o compararmos co que atopa a súa orixe noutros animais (oso, cabalo, etc...) ten o valor de fascinar e enfeitizar como ningún a causa de que o perigo obxectivo que provocou esta fera transcendeu a unha categoría mítica que —desde o Medievo— a uniu ao terror, ao demoníaco e á ausencia de racionalidade.

Así as cousas resulta imprescindible e urxente levar a cabo canto antes as previsións e obxectivos que se enuncian no marco legal vixente, nomeadamente no *Plano de Xestión do Lobo* aprobado polo Goberno Galego en 2008 e na Lei do Patrimonio Cultural de Galicia, isto é, garantir a conservación da especie, indemnizar xustamente os prejudicados e protexer e poñer en valor un legado cultural orixinal e único a escala planetaria que necesitou de todo un milenio para ser materializado.

*Cousos do lobo!  
Caborcos do xabarín!*

*Eidos solos  
onde ninguén foi nin ha d'ir!*

*O lobo! Os ollos no lombo do lobo!*

*Baixa o lobo polo ollo do bosco  
movendo nas flairas dos teixos  
ruxindo na folla dos carreiros  
en busca de vagoada máis sola e máis medosa...*

*Rastrex  
párase e venta  
finca a pouta ergue a testa e oula  
ca noite na boca..*

Uxío Novoneyra

## AGRADECEMENTOS

A David Pérez, Álex Cendón, Tomás Massó, Miguel Barreiro, Félix Castro, David Barros e Asociación de Escritores en Lingua Galega (AELG), por me prestar xenerosamente o seu tempo e o seu traballo. Á impagable xente de Canón de Pau e a tod@s os que protexen e coidan os foxos da Chan da Anduriña. A Beti, Mariña e Mencía, que me permitiron levar a cabo este traballo. Á memoria do meu pai.


## BIBLIOGRAFÍA

- AAVV**<sup>145</sup>: “Os fojos dos lobos na Península Ibérica. Sua inventariação, caracterização e conservação”. Revista *Galemys* (Sociedad Española para la Conservación y Estudio de los Mamíferos, SECEM), nº 12. Málaga. 2000
- Alonso Montero, X**: “Denominaciones gallegas de la culebra, el zorro y el lobo: una incursión en la lingüística del tabú y de la expresividad”, en *Boletín de la Comisión Provincial de Monumentos históricos y artísticos de Lugo*. 1969
- Braga, Alberto V**: “Curiosidades de Guimaraes. III. Montarias”. Separata da *Revista de Guimaraes*. Famalicao. 1931
- Braña, F., J. C. del Campo e G. Palomero**: “Le loup au versant nord de la Cordillère Cantabrique”. *Acta Biol. Montana*, 1; 1982
- Braudel, F**: *El Mediterráneo y el mundo mediterráneo en la época de Felipe II*. vol. I. 2ª edición. México; 1976
- Caamaño Suárez, M**: *As Construccións da arquitectura popular. Patrimonio etnográfico de Galicia*. Ed. Colexio Galego de Aparelladores e Arquitectos Técnicos. A Coruña. 2003
- Cabeza Quiles, F**: *Os nomes de lugar*. Ed. Xerais. Vigo. 1992
- Cabeza Quiles, F**: *Os nomes da terra. Topónimos galegos*. Ed. Toxosoutos. Noia. 2000
- Cabeza Quiles, F**: *Toponimia de Galicia*. Ed. Galaxia. Vigo. 2008
- Camarena Laucirica, J**: “Mitología del lobo en la Península Ibérica”, en *La leyenda: antropología, historia, literatura: actas del coloquio celebrado en la Casa de Velazquez. La légende: anthropologie, histoire, littérature: actes du colloque tenu à la Casa de Velázquez*: 10 –11 – XI – 1986 / coord. Por Jean Pierre Etienvre, 1989
- Chao Espina, E**: *De Galicia en el pasado siglo XIX: ladrones, lobos, villas, tipos populares y otros temas*. Autoedición. Ortigueira. 1972
- Dasairas Valsa, X**: “Foxos e corridas de lobos”. *A Nosa Terra*. nº 1318; xullo. Vigo. 2008
- Duby, G**: *Europa en la Edad Media*. Ed. Paidós. Barcelona, 2007
- Fernández de Córdoba, F. De Paula**: “Sobre el lobo y su presencia en Galicia”. *CEG*. T. XVIII, nº 54. Santiago de Compostela. 1963
- Flower, E.**: *Lobos em Portugal (1933–1957)*. Publicação da Direcção Geral dos Serviços; Florestais e Aquícolas, Lisboa. 1971
- Fraguas Fraguas, A**: “El lobo en las tierras de Cotovad”. *Boletín de la Comisión de Monumentos de Orense*. T. XV. 1946
- García–Orea, A**: *Animalario Peregrino. Un bestiario del Camino de Santiago*. Ed. Eneida. Madrid. 2004
- Grande del Brío, R.**: “Antiguas trampas para cazar lobos”. *Revista Trofeo*, 108. 1979
- Grande del Brío, R.**: *El lobo ibérico. Biología y mitología*. Serie Ciencias de la naturaleza. Ed. Hermann Blumme. Madrid. 1984
- Grande del Brío, R e A. Hernando.**: “La caza histórica del lobo”. *Revista Trofeo*, 144; 1982

145 F. Alvares, P. Alonso, P. Sierra e F. Petrucci–Fonseca.



- Grande del Brío, R.:** *El lobo ibérico: biología, ecología y comportamiento*. Salamanca. Amarú. 2000
- Grande del Brío, R.:** “De animales proscritos a animales protegidos”; en *Animalario: visiones humanas sobre mundos animales*, José Luis Mingote Calderón (ed). Ed. Ministerio de Cultura. Madrid. 2005
- Le Goff, Jacques & Schmitt, Jean-Claude** (eds.): *Diccionario Razonado del Occidente Medieval*. Madrid. 1999
- Lombera Hermida, A.:** “La explotación del ganado bravo en los montes de los municipios de Oural y Muras”. *Revista Pontenova* nº 8. Pontevedra 2003
- López Carreira, A.:** *A cidade medieval galega*. Ed. A Nosa Terra. Vigo. 1999
- Lorenzo Fernández, X.:** *A Terra*. Ed. Galaxia. Vigo. 1982
- Mariño Ferro, X.R.:** *Lobos, lobas e lobishomes*. Ed. do Cumio. Vigo. 1995
- Mariño Ferro, X.R.:** *El simbolismo animal. Creencias y significados en la cultura occidental*. Ed. Encuentro. Madrid. 1996
- Martínez Salazar, A.:** “Documentos inéditos para la Historia de las ciudades y villas de Galicia: las cárceles y fortalezas de Galicia en 1603”. *Galicia: revista regional*.— Año 2, n. 7. 1888
- Méndez Ferrín, X.L.:** *Consultorio dos nomes e dos apelidos galegos*. Ed. Xerais. Vigo. 2007.
- Moralejo Lasso, A.:** *Toponimia gallega y leonesa*. Ed. Pico Sacro. Santiago. 1977
- Otero Pedrayo, R.:** “Ensaio sobor da paisaxe galega”, en *Paisaxe e cultura*. Ed. Galaxia. Vigo. 1955
- Primavera, P.:** *O Fojo do Lobo – Etnotecnología do Norte de Portugal*. Seminário de Investigación. ISCSP. Lisboa. 1998
- Saavedra, Pegerto:** *A vida cotiá en Galicia de 1550–1850*. Ed. USC. Santiago de Compostela. 1992
- Saavedra, Pegerto:** *A Galicia do Antigo Réxime (ca.1480 – ca. 1835)*. T. VIII. Ed. Arrecife, Edicións Galegas. A Coruña. 2007
- Taboada Cid, M.:** Voz “foxo” en *Gran Enciclopedia Gallega*. T. XIV.
- Taboada Chivite, X.:** “Montería y corrida de lobos en Galicia”. *Boletín Auriense*. T. I. Ourense. 1971
- Torrente Sánchez-Guisande, J.P.:** *Osos y otras fieras en el pasado e Asturias*. Ed. Fundación Oso de Asturias. Oviedo. 1999
- Vega Pato, T.:** “O Curro do lobo”. En *Raigame* nº 2. Deputación Provincial de Ourense. 1996
- Vega Pato, T.:** “O pozo do lobo da xente”. En *Raigame* nº 5. Deputación Provincial de Ourense. 1997
- Veiga Arias, A.:** *Algunas catas en los orígenes del gallego*. Ed. Galaxia. Vigo. 1983



## UNHA INQUIETANTE PRESENZA: LOBOS E LOBISHOMES NO IMAXINARIO GALEGO E UNIVERSAL

José Luis Garrosa Gude

Poucos animais poden equipararse ao lobo no que se refire a carga mítica e implicacións culturais. Ademais de protagonizar e intervir en múltiples contos e lendas, desde tempos inmemoriais, o lobo representa un papel relevante no imaxinario colectivo das culturas humanas (en especial daquelas en cuxa contorna ecolóxica vive) como símbolo máis ou menos tanxíbel das forzas do mal e dos seus aliados e, como veremos máis adiante, como representación palpábel da forza do salvaxe.

Sen entrar a debater cando se iniciou a concepción do lobo como representante do mal, si se debe ter presente que esta especie entrou en competencia directa co home desde a noite dos tempos e que este último contou, como protección engadida á súa persoa e as súas propiedades, cunha versión positiva e dócil do carnívoro salvaxe: o can. En efecto, o can é, con moita probabilidade, a primeira especie domesticada polo home<sup>1</sup> e representa a antítese dos trazos negativos encarnados polo lobo, pois simboliza a fidelidade e a obediencia; e ambas as especies, a pesar das súas semellanzas e do seu indiscutíbel parentesco, son inimigos declarados, tanto na vida real como nas crenzas e nos relatos folclóricos dos diferentes pobos.

Se ao xa dito acerca dos cans engadimos a predilección do lobo por atacar os rabaños de inocentes ovellas e os seus cordeiros, estaremos en mellores condicións de entender por qué, na cultura cristiá, o lobo simboliza á perfección os elementos infernais que se ceban nos indefensos pecadores, mentres que os seus inimigos, os esforzados pastores, asumen o papel de Cristo, o Bo Pastor, que coída e protexe a súa grea na terra.

Dispómonos, pois, a estudar e analizar a presenza do lobo e do home lobo na cultura tradicional galega e nos variados paralelos folclóricos que puidemos reunir e que demostran, unha vez máis, a universalidade dos tópicos e dos motivos que conforman as mostras literarias máis auténticas da tradición oral.

1 Xaverio Ballester, *Zoónimos ancestrales: ocho ensayos de antropología lingüística* (Valencia: Generalitat, 2006) pp. 164–168.



## AS ORIXES MÍTICAS DO LOBO: AS RAÍCES DO MAL

Unha especie que reúne os trazos “culturais” que acabamos de describir debe contar necesariamente cuns mitos de orixes que expliquen o porqué da súa existencia e as razóns polas que os seres humanos se consideran ameazados, en si mesmos e nas súas facendas, por un animal de comportamento tan fero.

Así, na mitoloxía vasca, o lobo é o produto do traballo dun misterioso ferreiro, un oficio ao que se atribúen, debemos recordar, unha longa serie de poderes máxicos en diferentes culturas, pois é capaz de domear un material tan resistente coma o ferro e fabricar con el armas e ferramentas imprescindíbeis para a comunidade<sup>2</sup>. Vexamos máis detalles nesta interesante versión procedente da Navarra francesa:

Un ferreiro traballaba na fragua cando se lle achegou un amigo, preguntándolle: “Que é o que fas golpe a golpe?”. “Que é o que vas forxar con ese ferro?”. Ao que o ferreiro respondeu: “Se se ensancha sairá unha pa e se se torce lograrei un gancho”.

O ferreiro proseguía martelando; pero ao non conseguir forxa ningunha colleu a peza e pola fiestra traseira da ferrería guindouna a unha matogueira, onde ao mesmo tempo xurdiu un lobo.

Ao ver isto, o amigo do ferreiro dirixiuse ao pobo para divulgar o que presenciara; que o ferreiro forxara un lobo e que era preciso separalo de fragua.

Reunidos os veciños acordaron prohibirlle a forxa, aboándolle o necesario para que puidese vivir sen traballar<sup>3</sup>.

O lobo nos antigos mitos xermánicos está identificado, moitas veces, cunha potente forza destrutiva que chega a pór en perigo o libre curso do Sol (Sól) e da Lúa (Máni), segundo nos mostra este diálogo entre Gangleri e Hár —ambos os nomes son alcumes do deus Odín— extraído de *La alucinación de Gylfi*, o primeiro libro da *Edda Menor*, a monumental compilación mitolóxica que Snorri Sturluson escribiu cara a 1220:

Gangleri daquela dixo: “Sól vai á présa, case como asustada. Non iría máis lixeira se temera ser esnaquizada”. Hár contestou entón: “Non é milagre que se apure tanto. Moí cerca vén o que a persegue e a ela non lle queda outra salvación que a fuga”. Daquela dixo Gangleri: “Quen a persegue?”. Hár contestou: “Son dous lobos. O que a persegue chámase Skoll. Ela témeo e el alcanzaráa. Pero quen salta diante dela chámase Hati Hróthvitnisson. Quere alcanzar a Máni e así será”. Entón dixo Gangleri: “De que liñaxe son os lobos?”. Hár contestou: “Unha feiticeira vive ao leste de Mithgarth, no monte chamado Járnvithr.

2 Hai moitos estudos de interese, pero, sen ningunha dúbida, o máis importante é o volume de ensaios reunidos por Mircea Eliade, *Herreros y alquimistas* (Madrid: Alianza Editorial, 6.ª reimp. 1996).

3 Juan Garmendia Larrañaga, *Pensamiento mágico vasco* (Donostia: Haranburu, 1998) p. 13, accesíbel en liña en <<http://www.eus-komedia.org/PDFAnlt/jl/24001103.pdf>> [consultado o 10.12.2009].



Nese monte viven as xigantas que se chaman Járnvithjur. A vella feiticeira deu a luz moitos xigantes e todos teñen forma de lobo e desa estirpe son os lobos. Así se conta, desa liñaxe sairá un que será máis forte que todos, o que se chama Mánagarmr. Estará nel a carne de todos os que morren e tragará a Máni e salpicará de sangue os ceos e a terra toda. O sol perderá o seu esplendor e os ventos, naquel día, estarán inquedos e ouvearán por toda parte<sup>4</sup>.

A maligna estirpe dos lobos na mitoloxía xermánica queda confirmada no temíbel Fenrir, un dos fillos do estraño e ambivalente Loki, un deus hábil e tramposo, procreado na xiganta Angrboða, con quen tamén tivo outros dous fillos: a gran serpe do Recinto Central no que viven os humanos e Hel, a propia deusa da morte. O perigo que representaba Fenrir obrigou a actuar aos deuses cunha hábil estrataxema, como vemos neste resumo que realizou Enrique Bernárdez, o grande experto español en literatura e cultura islandesas, a partir dos textos de Snorri:

Cando os Ases viron que Fenrir estaba medrando e facéndose extremadamente perigoso, decidiron encadealo; pero era tan forte que tiñan que utilizar a astucia, pois nada conseguirían pola forza. Así que o retaron a romper uns grillóns, que non supuxeron dificultade ningunha ao lobo; logo outros aínda máis fortes, que con todo non aguantaron máis que os primeiros. Finalmente recorreron a uns dorgos<sup>5</sup> que construíron unhas ligaduras finisimas utilizando o ruído do gato, a barba da muller, as raíces das rocas, os tendóns do oso, a respiración do peixe e a baba do paxaro. O lobo sospeitou unha trampa ao ver aquilo tan fino e esixiu, como garantía de que os Ases lle tirarían a ligadura, que un dos deuses metese o brazo dereito na súa boca mentres o ataban. Týr ofreceuse voluntario e cando Fenrir viu que non podía soltarse, arrincoulle a man dunha trabada<sup>6</sup>.

Os dorgos, que para Bernárdez son, precisamente, unha mitoloxización dos primeiros ferreiros, probabelmente de orixe celta<sup>7</sup>, conseguen encadear a Fenrir, pero non para sempre. En efecto, ao chegar o Ragnarök —Destino dos Deuses que tamén coñecemos, grazas sobre todo ao influxo de Wagner, como *Crepúsculo dos deuses*— enfrontaranse as forzas da orde e as do caos, os deuses e os seus aliados contra monstros de todo tipo entre os que se atopan o lobo Fenrir e a súa irmá, a serpe do Recinto Central. Fenrir devorará a Odín, pero sucumbirá á súa vez a mans do fillo do deus, Víðar, e, nesta batalla de proporcións épicas, producirase a destrución total, tras a que chegará un renacemento, un universo novo, sen os antigos monstros e con maravillosos campos e palacios. Todos estes acontecementos áchanse na obra de Snorri e nas súas propias fontes: a *Völuspa* e o *Discurso de Grímnir*, dous dos cantos que compoñen a *Edda Maior*<sup>8</sup>.

4 Snorri Sturluson, *La alucinación de Gylfi*, versión galega sobre pról. e trad. J. L. Borges e M. Kodama (Madrid: Alianza Editorial, 1984) pp. 34–35.

5 Sobre o protoindoeuropeo \**dhwergwhos* o revisor propón esta adaptación ao galego.

6 Enrique Bernárdez, *Los mitos germánicos* (Madrid: Alianza Editorial, 2002) p. 274.

7 Bernárdez, *Los mitos germánicos*, pp. 140–141.

8 Bernárdez, *Los mitos germánicos*, pp. 298–302



Para uns antigos veciños dos pobos xermánicos de Escandinavia, os lapóns, segundo refire o psiquiatra e escritor sueco Axel Munthe, a orixe do lobo é xa plenamente diabólica, como tamén o son os seus poderes, e requírese a intervención de elementos sacros para os derrotar:

O lobo era o peor inimigo dos lapóns. Non se atrevía a atacar un rabaño de renos, pero ficaba parado, deixando que o vento lles levase o seu cheiro. En canto os renos ulían o lobo, dispersábanse polo pavor e daquela achegábase o lobo e matábaos un a un, ata unha ducia nunha noite. Deus creou todos os animais, agas o lobo, que foi procreado polo demo. Se un home tiña sobre a súa conciencia o sangue doutro home e non confesaba o seu pecado, o diaño adoitaba transformalo en lobo. O lobo podía hipnotizar os lapóns que gardaban os rabaños durante a noite, simplemente mirándoos a través da escuridade cos seus acesos ollos. Un lobo non se podía matar cunha bala corrente, non sendo levádoa no peto os domingos á igrexa<sup>9</sup>.

O testemuño de Axel Munthe presenta unhas sorprendentes coincidencias coa tradición oral galega. No seguinte conto, recollido na localidade lucense de Labrada, en Abadín, os primeiros lobos xorden froito da maldición divina e proceden da transformación de dous malvados; como consecuencia do prodixio, explícase a eterna inimizade de cans e lobos:

Andaba Jesucristo e mais San Pedro polo mundo e foron, foron a unha casa que había unha muller-ciña que tiña unha vaca e unha becerra nada máis. E entonces non tiña que lles dar de comer, e mataron o becerro e comérono.

E despois, po outro día, botáronlle alí no... os huesos grandes nun lado e os pequenos nou-tro, e po outro día estaba todo multiplicado; os grandes eran vacas e os pequenos eran xatos.

E entonces foi chamar á casa dunhos veciños pa que lles prestaran cacharros pa... po leite. E preguntáronlle como era e eles dixéronlle que os levase alí comer po día seguinte.

E foron pero cocéranlles un can. E despois San Pedro iba cortar e Jesucristo díxolle:

– ¡*Detente, Pedro, que es perro;*

*ella se vuelva loba y el lobo,*

*levántate, perro, y marcha tras todo!*<sup>10</sup>

Tamén en Portugal a intervención diabólica na xénese do lobo contrarréstase mediante a aparición dos cans, como se aprecia nestes contos populares sobre os enfrontamentos demiúrxicos entre Deus, chamado aquí Gaspar, e o diaño, todo iso á mantenta das primeiras cabras:

9 Axel Munthe, *La historia de San Michele*, versión galega sobre trad. N. Wachsmuth de Zamora (Barcelona: Juventud, 28.<sup>a</sup> ed. 1990) p. 86.

10 M.<sup>a</sup> Ofelia Carnero, Xoán R. Cuba, Antonio Reigosa e M.<sup>a</sup> Mercedes Salvador, pról. A. Requeixo, *Da fala dos brañegos: literatura oral do concello de Abadín* (Lugo: Museo Provincial / Deputación Provincial, 2004) p. 107.



*De outra vez o Diabo chamou o mesmo Gaspar para lhe mostrar as cabras. Elas tinham os olhos nos joelhos. Gaspar disse, fazendo no ar uma cruz (a apontar), que era melhor que os olhos fossem na fronte. Desde então as cabras ficaram com os olhos na fronte, e com joelheiras no sítio onde dantes os tinham.*

*O Gaspar tirou as cabras ao Diabo e este disse:*

*– Tomaste-me as cabras, mas eu hei-de-te botar lobos que tas hã de comer.*

*Deus respondeu:*

*– E eu hei-de-te botar cães que tos hã-de correr<sup>11</sup>.*

A proverbial zuna que se profesan cans e lobos —recordemos que son a cara e a cruz dunha mesma moeda e que neles se dá unha concentración, certamente maniquea, de trazos positivos e de trazos negativos como probabelmente hai poucas— tamén acha explicacións máis prosaicas, como este razoamento dun habitante da localidade zamorana de Varge:

*La mordedura del lobo es venenosa, él tiene veneno en los dientes. Es por eso que los lobos tienen miedo de los perros. Porque si un perro muerde a un lobo, este al lamerse se envenena su propia herida. Pero si un lobo muerde un perro, el perro se lame y cura su herida. Es también por eso que nosotros no comemos el ganado matado por el lobo, porque está envenenado por las mordeduras del lobo<sup>12</sup>.*

Na zona noroeste da península Ibérica —concretamente testemuñouse nas provincias de Ourense e León—, relátase por que os lobos presentan o seu típico perfil, por que son caídos dos cadrís. O propio Deus interveu para pór freo aos estragos que o lobo estaba provocando entre as ovellas, e para evitar a desaparición dos gandos introduciu dita limitación física no depredador, como se conta nesta versión leonesa:

*Una vez le dijo Dios al lobo:*

*– Pues tengo que ponerte una cencerra porque, si no, acabas con todas las ovejas y con todo lo que haiga en el mundo.*

*Y entonces, claro, iba por el monte tocando la cencerra. Y, claro, pues al sentir la cencerra, todos los pastores ya se ponían:*

*– ¡Cuidado, que viene el lobo ahí!*

*Pues se moría de hambre, y no podía comer nada. Y le dijo entonces el lobo a Dios:*

*– Tienes que quitarme la cencerra, porque, si no, no puedo hacer nada.*

11 José Leite de Vasconcellos, *Contos populares e lendas*, 2 vols., eds. A. Da Silva Soromenho e P. Caratão Soromenho (Coimbra: Universidade, 1963–1966) vol. I, núms. 185–186. Agradecemos a José Joaquim Dias Marques e a Isabel Cardigos o envío destas referencias.

12 Luís del Riego Celada e João Pedro Galhano Alves, *Contos y cuentos de lobos. Recorrido por los relatos loberos de Sanabria y Tras os Montes* (Puebla de Sanabria: Ayuntamiento, 2006) p. 23. Agradecemos a Eva Belén Carro o envío desta obra.



Y dijo:

– Entonces, ¿qué quieres que te ponga?

Dijo:

– Pues... ponme aunque sea un furcón.

Le puso un furcón encima del espinazo y por eso es que el lobo ahora de los cadriles está muy débil: como le puso el furcón, pesaba mucho y no podía<sup>13</sup>.

## OS NOMES DO LOBO: O PODER DA PALABRA

O medo que inspiraba o lobo nas sociedades tradicionais provocou que en moitísimas linguas a simple mención do seu nome fose un acto tabú ou prohibido e que se substituíse por denominacións de marcado carácter expresivo, que intentaban conxurar o perigo que supuña chamar o animal polo seu nome verdadeiro. Na mentalidade popular, o nome e a cousa nomeada teñen unha relación moi íntima e, de feito, o nome forma parte do animal e do risco a el inherente.

De aí os refráns que aluden á súbita aparición do animal en canto se pronuncia o seu nome verdadeiro, como o alemán “*Wenn man dean Wolf nennt, kommt er gerenn*”, o inglés “*To mention the wolf’s name, is to see the same*”, o francés “*Quand on parle du loup, on en voit la queue*” ou o italiano “*Chi ha il lupo in bocca, la ha sulla coppa*”. Deste xeito, fineses e lapóns, por exemplo, non nomean o oso, o lobo, o raposo nin o lince polos seus verdadeiros nomes por medo a que veñan e provoquen estragos nos seus gandos<sup>14</sup>.

Xesús Alonso Montero ocupouse deste asunto hai xa corenta anos e explicaba a substitución do nome tabú por un nome *noa* —unha expresión polinesia que se refire ao termo inocuo— como un recordo da mentalidade máxica que impregnaba a linguaxe primitiva e que aínda subsistía nalgunhas áreas lingüísticas, neste caso a galega:

Esta mentalidade máxica non desapareceu totalmente de certas áreas lingüísticas. En galego, concretamente, non é difícil atopar auténticos casos de tabú, de palabras tabú. O campesiño da Agolada, que pola noite elude o nome “lobo” substituíndoo por “o outro” pensa que, con este subterfugio, impide a presenza do animal ou, polo menos, non a facilita. Non é así en todo o medio rural galego pero nalgunhas comarcas hai a conciencia máis ou menos clara de que o nome propio dos seres perigosos (demo, serpe, lobo, etc.) atrae estes seres. No caso exposto “lobo” é a expresión tabú (a que non debe pronunciarse, polo menos, en

13 Julio Camarena e Maxime Chevalier, *Catálogo tipológico del cuento folklórico español. Cuentos de animales* (Madrid: Gredos, 1997) núm. [157E] e Julio Camarena, *Cuentos tradicionales de León*, 2 vols. (Madrid: Diputación Provincial de León e Seminario Menéndez Pidal – Universidade Complutense de Madrid, 1991) núm. 71.

14 George T. Flom, “Noa Words in North Sea Regions: A Chapter in Folklore and Linguistics”, *The Journal of American Folklore* 38:149 (1925) pp. 400–418, p. 407.



certas situacións) e “o outro” é a expresión *noa* (a que pode ser utilizada en calquera ocasión, xusto por non ser o nome propio da cousa, é dicir, por non ser a cousa mesma)<sup>15</sup>.

Ao fio do razoamento de Alonso Montero, debemos sinalar que o lobo representa nos contos populares o papel do malo burlado, ás veces cruelmente, por animais máis astutos, as máis das veces o raposo. Algo parecido adoita ocorrer nestes mesmos relatos folclóricos con outros seres malignos —como demos ou ogros— que case sempre sofren chascos e bromas pesadas de todo tipo a mans dalgún personaxe máis débil, pero moito máis intelixente. No mesmo traballo, o profesor Alonso Montero reuniu preto de oitenta denominacións que os campesiños galegos reservan para o lobo e evitar así chamalo polo seu verdadeiro nome. Algunhas delas son “o amigo”, “o aquel”, “o boca grande”, “o compadre”, “o da boca sangrada”, “o das orellas guichas”, “o fillo do demo”, “o *gitano*”, “o guedellán”, “o merdán do monte”, “o peludo”, “o que come as ovellas”, “o tío Xan” ou “o tragón”<sup>16</sup>. Todas estas expresións equivalen aos moitos epítetos recompilados por Zelenin en múltiples poboacións de Europa oriental e Asia setentrional, segundo refire o lingüista valenciano Xaverio Ballester:

‘gris, pagán, tiño’ entre os ucraínos, ‘pequeno’ entre os volinios (fronte a ‘grande’ para ‘oso’), ‘solitario, do Nadal’ entre os bielorrusos, ‘besta’ entre os eslavos en xeral e lituanos, ‘besta fraca’ entre os eslavos orientais, ‘compadre, gandulo, maldito’ entre os grandes rusos, ‘verme, réptil’ entre os polacos, ‘compadre, verme, monstro, serpe’ entre os alemáns, ‘compadre, cuñado’ entre os letóns, ‘agreste, besta, boscoso’ entre os lituanos, ‘rabudo’ entre os osetios, ‘vello do monte, cabra do monte, rabudo, ovelleiro, tío, vello gris’ entre os estonianos, ‘ollos azuis, ouveante, cuñado’ entre os soiotos, ‘rabudo’ entre os tártaros, ‘tío, rato’ entre os turcos altaicos, ‘rabudo’ entre os chuvascos, alén doutros moitísimos nomes sen significado claro.<sup>17</sup>

O risco implícito ao lobo intensifícase en certos momentos e en determinadas estacións do ano e iso inflúe no modo de referirse a el en determinadas circunstancias:

Paréceme útil insistir no feito de que nalgunha comarca os campesiños evitan a voz lobo de noite e non de día. Nesta liña debo facer referencia —talvez con certas reservas— á circunstancia de que “o amigo” en San Xoán de Alba (Vilalba) emprégase, como termo *noa*, moito máis no inverno que en calquera época do ano.<sup>18</sup>

Tampouco é algo estraño nin infrecuente noutras tradicións e está ben testemuñado que, en certas rexións da actual Alemaña, como Mecklemburgo e Turinxia, os pastores

15 Xesús Alonso Montero, “Denominaciones gallegas de la culebra, el zorro y el lobo. (Una incursión en la lingüística del tabú y de la expresividad)”, *Lingua, literatura e sociedade en Galicia* (Madrid: Akal, 1977) pp. 47–58, p. 48.

16 Alonso Montero, “Denominaciones gallegas de la culebra, el zorro y el lobo”, pp. 50–52.

17 Ballester, *Zoónimos ancestrales*, p. 201.

18 Alonso Montero, “Denominaciones gallegas de la culebra, el zorro y el lobo”, pp. 53–54.





evitaban pronunciar o nome do lobo en Nadal, mentres que en Lituania e Prusia a prohibición aplicábase ao mes de decembro<sup>19</sup>. Polo tanto, o lobo entendía a linguaxe humana nesa tempada, algo que se puxo en relación coa antiga crenza europea que sostiña que os animais adquirían o don da fala durante o período do Nadal<sup>20</sup>.

No entanto o devandito, a palabra “lobo” pode ser tamén un poderoso amuleto fronte ás forzas do mal, que tamén sentirán medo ao oíla, e resultará idónea para chamar a un guerreiro ou a un cazador. Esa é a razón que subxace nos antropónimos húngaros masculinos *Kurd* e *Farkas*, no serbocroata *Vuk* ou no vasco — neste caso castelanizado — *Ochoa*.<sup>21</sup> A este respecto, o xa citado Zelenin recolle unha rechamante tradición serbocroata:

Tradicionalmente os serbios chamaban Vuk ao nacido nunha familia onde anteriormente falecera algún outro fillo pensando que a bruxa que comía os nenos non se atrevería, en cambio, a tocar un lobo, e pensando ademais que con este nome ou derivados (*Vokoslava*, *Vuka*, *Vukac*, *Vukica*...) invitábase ao lobo a exercer de padriño protector da criatura.<sup>22</sup>

Estas propiedades poderían estenderse — como un vestixio do primitivo totemismo, de acordo con numerosos autores — aos nomes étnicos, é dicir, ás denominacións de varios pobos da antigüidade, como argumentou Mircea Eliade ao estudar a cultura espiritual dos dacios, quen ostentaban un nome procedente da lingua frixia que significaba ‘lobo’:

Os dacios, por conseguinte, déronse a si mesmos en tempos remotos un nome que significaba ‘lobos’ ou ‘semellantes a lobos’. Tamén segundo Estrabón (VII, 3, 12; XI, 508, 511, 512), os escitas que nomadeaban ao leste do Mar Caspio levaban igualmente o nome de *dáoi*. Os autores latinos chamábanos *dahae*; algúns historiadores gregos coñecíanos por *dáai*. O seu nome étnico derivaba con toda probabilidade do iranio (*saka*) *dahae*, ‘lobo’. Pero nomes deste tipo non eran excepcionais entre os indoeuropeos. Ao sur do Mar Caspio estendíase Hircania, é dicir, Vehrkana en iranio oriental, Varkana en iranio occidental, literalmente ‘país dos lobos’ (da raíz irania *vehrka*, ‘lobo’). As tribos nómades que a habitaban eran designadas polos autores grecolatinos co nome de *hyrkanoi*, ‘lobos’. En Frixia temos a tribo dos orka (*orkoi*).

Mencionemos tamén os lykaóns de Arcadia, así como a Lycaonia ou Lucaonia de Asia Menor, e sobre todo ao Zeus Lykaios arcadio e a Apolo Lykagenes; este último epíteto foi explicado por ‘o da loba’, o ‘nacido da loba’, é dicir, procreado por Letona transmutada en loba. O nome da tribo samnita dos lucáns derivaba, segundo Heráclito do Ponto (*Fragm. Hist. Gr.* 218) de *lykos*, ‘lobo’. Os seus veciños, os *hirpini*, tomaban o seu nome de *hirpus*, nome samnita do ‘lobo’. Ao pé do monte Soracto vivían os *hirpi sorani*, os ‘lobos de Sora’ (a cidade volsca). Segundo a tradición conservada por Servio, un oráculo condenara os *hirpi sorani* a

19 Flom, “Noa Words in North Sexa Regions”, pp. 407–408.

20 Flom, “Noa Words in North Sexa Regions”, pp. 405–406.

21 Ballester, *Zoónimos ancestrales*, p. 199.

22 Ballester, *Zoónimos ancestrales*, pp. 199–200.



vivir “ao estilo dos lobos”, é dicir, da rapiña (*lupos imitentur, i. e. rapto viverent*). En efecto, estaban exentos do pagamento de impostos e do servizo militar (Plinio, *Nat. Hist.* VII, 19), pois o seu rito bianual —que consistía en camiñar cos pés espidos sobre brasas acesas— era considerado unha garantía de fertilidade para o país. Este rito xamánico, así como o xeito de vivir “ao estilo dos lobos”, é reflexo dunhas concepcións relixiosas moi arcaicas.<sup>23</sup>

A falta de espazo impídenos deternos máis nestes aspectos mitolóxico–lingüísticos que se perden na noite dos tempos, xa que algúns —pensemos, por exemplo, nas orixes míticas de Roma, con Rómulo e Remo, os xemelgos de estirpe divina aleitados por unha loba, e na importancia simbólica do lobo na sociedade latina— requirirían un estudo aparte que abarcase as súas múltiples facetas e as súas derivacións culturais, algo que excede os obxectivos deste traballo.

## O TERROR QUE PARALIZA, A MIRADA QUE FASCINA

O lobo non é unicamente un perigo obxectivo e un risco real para os intereses económicos dos gandeiros, senón que pode constituír unha ameaza temíbel para calquera ser humano. Como non podía ser doutro xeito nun ser coas connotacións que estamos descubriendo, os seus poderes exceden os de calquera outro depredador polas súas dimensións máxicas e pola súa capacidade de desarmar o ser humano. Nun monumental catálogo de mitoloxía tradicional galega, o *Diccionario dos seres míticos galegos*, os seus autores reúnen e enumeran estas capacidades sobrenaturais, salpicadas de variados atributos demoníacos e combinadas con trazos que denotan unha extraordinaria intelixencia:

O lobo vive tres meses de carne, tres de aire, tres de barro e tres de folgazán. Cando come carne é temible. Fascina coa mirada, causa embazamento, aparvamento. Se o lobo te ve sen que o vexas, ficas mudo. Se sentes o lobo antes de velo, vénche o arrepío. Por eso se di cando alguén leva os pelos levantados: “¿Seica viches o lobo?” O mellor remedio contra el é velo antes de que nos vexa. Daquela perde o seu poder.

Non pode andar nin acometer máis ca de noite. Ve no escuro e foxe da luz e da música. Ten medo do lume. Os seus ollos brillan coma brasas. Coa súa ollada obstrúe o fogo das escopetas e as balas non lle dan. Non se lle pode disparar de fronte, pois dese xeito non sae o tiro. É unha besta maléfica, máxica e voraz. Sempre quere morrer coa boca chea, do que sexa. Só pode comer a metade esquerda das súas vítimas.

Ataca o home. Xúntanse varios lobos e traballan a vítima: agárdano no camiño, acompañano, brincan ó seu redor, pónense diante súa, zorréganlle nas pernas cos rabos, cáusanlle pánico. Ó home trémelle as pernas, pouco a pouco derrúbase. Se se dá o caso de que a rota

23 Mircea Eliade, *De Zalmoxis a Gengis-Khan: religiones y folklore de Dacia e de la Europa Oriental* (Madrid: Ediciones Cristiandad, 1985) pp. 17–34, pp. 17–18.



cruza un lugar habitado, unha aldea ou vila, os lobos deixan o home, pero agárdano á saída e volven empezar. Cando o home está xa derrotado, bótanse sobre el.<sup>24</sup>

As crenzas galegas que extractamos non son, por suposto, exclusivas desta área cultural e lingüística, senón que poden atoparse sen dificultade paralelos reveladores da forza da tradición e da capacidade de permanencia da memoria colectiva. Así, o poder da mirada xa se documenta na Italia do século I, como testemuña Plinio o Vello no libro VIII da súa *Historia Natural*:

En Italia, por outra banda, tamén se cre que a mirada do lobo é prexudicial e que priva momentaneamente da voz ao home ao que miraron antes de que el os vexa.<sup>25</sup>

Máis adiante, tras aludir a outras crenzas do vulgo, apúntase a súa capacidade para alimentarse de terra e a súa interpretación esotérica nun pobo tan supersticioso como o romano:

Outra crenza popular é que na cola deste animal atópase un filtro amoroso nun pelo curto e que, cando se lle dá caza, expéleo, e que non ten poder se non se lle arrinca estando vivo: non se aparea máis de doce días en todo o ano. Está entre os agoiros que come terra cando ten fame; non hai presaxio máis favorábel que, se, ao cortar pola dereita o paso dos camiñantes, faino coa boca chea.<sup>26</sup>

E, así mesmo, menciona a luminosidade dos seus ollos en *Historia Natural* XI:151 ao repasar as características dos animais nocturnos:

Os ollos dos animais nocturnos, coma os gatos, resplandecen e brillan na escuridade para que non poder seren vistos; tamén os da cabra e o lobo lampexan e despiden luz.<sup>27</sup>

Grande del Brío ofrece todo un compendio de virtudes atribuídas a cada un dos refugallo do lobo, con especial referencia á súa arma máis temible: os poderosos dentes, típicos dun mamífero carniceiro:

É posíbel que a maioría das supersticións relativas ao emprego de dentes e ósos de certos animais como amuletos ou talismáns se remonte á Idade de Pedra. Xa no Paleolítico se constata a existencia de dentes de lobo, raposo, reno, etc., utilizados probabelmente a xeito de amuletos; algunhas de tales pezas dentarias mostran orificios que deberon servir para poder

24 Xoán R. Cuba, Antonio Reigosa e Xosé Miranda, *Diccionario dos seres míticos galegos* (Vigo: Xerais, 3.<sup>a</sup> ed. 2000), s. v. lobo.

25 Plinio o Vello, *Historia Natural. Libros VII–XI*, versión galega sobre trad. e notas E. del Barrio Sanz, I. García Arribas, A. M.<sup>a</sup> Moure Casas, L. A. Hernández Miguel, M.<sup>a</sup> L. Arribas Hernández, coord. A. M.<sup>a</sup> Moure Casas (Madrid: Cátedra, 2003) p. 152.

26 Plinio o Vello, *Historia Natural*, p. 154.

27 Plinio o Vello, *Historia Natural*, p. 524.



usalos como colgantes. Na zona do Algarve (Portugal), en Spoleto (Italia) e en Irlanda, os dentes de lobo debían ir embutidos en pezas de prata, ao obxecto de que o amuleto tivese maior poder de protección contra o mal de ollo. Entre os romanos era costume colgar do pescozo dos nenos un dente de lobo para evitarlles os males da dentición; así mesmo, aqueles crían que un dente colgado do pescozo dun cabalo dáballe unha resistencia ilimitada na carreira. En contrapartida, críase no Antigo Exipto que calquera parte do corpo dun lobo aterrorizaba os cabalos.

Para curar certas doenzas, os habitantes da rexión portuguesa do Algarve empregaban dentes, ollos, ou ben o *buço* (pelos esbrancuxados da barba) dos lobos.<sup>28</sup>

Outra curiosidade que recompila o mesmo autor refírese á forza que é capaz de transmitir o lobo, xa sexa nos relatos cabaleirescos do ciclo artúrico ou nas supersticións máis arraigadas no ámbito rural do chan hispano, pois encarna o indómito e o valor e a potencia do salvaxe:

En ocasións, certas partes do lobo posúen a virtude de poder incrementar as facultades físicas das persoas que as utilicen. Tal sucede coa apócema elaborada con dente moído de lobo e perlas do Golfo Índico usada en Camelot, corte do rei Arturo, e que era coñecida co nome de *auga da diminución*. Quenquera que chegase a tomala, vería a figura do dragón empequeneada, coma se este fose unha pequena besta ben vulnerábel. No ámbito da cabalería, os máis esforzados paladíns podían servirse dela, pero algúns deles —Lancelot, Percival, entre outros— rexeitaron facelo, confiando máis na súa propia forza que nas virtudes máxicas da *auga da diminución*. Outra crenza relacionada con supostos efectos puramente fisiolóxicos da esencia do lobo fala das virtudes que a graxa deste ten para curar a impotencia. Certas prácticas de feiticaría poden provocala. Isto neutralízase untando a porta da cámara nupcial con graxa de lobo. No occidente da Península Ibérica, a graxa de lobo úsase para curar a reuma. A inxestión das vísceras do lobo provoca, segundo unha difundida crenza, un estado de euforia pola que se contraen certas características propias do citado animal.<sup>29</sup>

Concluimos recordando os poderes que citamos ao comezo deste apartado; a intensidade dos mesmos agranda a silueta do monstro e outórgalle proporcións míticas:

O carácter máxico que se desprende da simple presenza do lobo vén expresado na crenza de que unha persoa pode quedar paralizada se o lobo a descobre antes que a persoa a el. Con frecuencia, esta perde a fala cando por vez primeira ve un lobo. Na comarca leonesa de La Cabrera crese que un pastor que vexa o lobo debe absterse de mirar as mulleres embarazadas e os nenos de pouca idade; caso de facelo, transmitiralles o *llobadio*, que consiste nunha forma de feitizo maligno. A forza hipnótica do lobo procede da súa mirada; esta é o suficien-

28 Ramón Grande del Brío, *El lobo ibérico: biología y mitología* (Madrid: Hermann Blume, 1984, 1.ª reimp. 1985) pp. 310–311.

29 Grande del Brío, *El lobo ibérico*, pp. 311–312.



temente penetrante como para permitir ao animal poder ver a través dos corpos opacos, segundo é crenza en Galicia.<sup>30</sup>

## CANDO O PERIGO SE MULTIPLICA: O LOBISHOME

Se temos en conta todo o que se sinalou, e se sumamos os poderes máxicos que se atribúen ao lobo aos verdadeiros danos que provoca, e consideramos ademais a gravidade desas perdas para unha economía de mera subsistencia, comprenderemos ao instante as razóns da súa presenza milenaria no catálogo de seres malignos que poboan os soños e os pesadelos do imaxinario humano.

Unha intensificación ao máximo desa malevolencia é a que representa a figura do licántropo, do home lobo, un ser híbrido que actúa coa intelixencia humana e coa furia desencadeada dunha besta salvaxe e que, ao mesmo tempo, está suxeito a unha maldición diabólica que o posúe e o controla, á vez que exacerba os seus instintos animais.

A licantrópía foi un fenómeno coñecido por numerosas culturas ao longo da historia, e aínda que a forma típica que adquiren os licántropos —e a que lle dá o seu nome característico— sexa a do lobo, tamén existen testemuños de persoas transformadas en tigres, leopardos<sup>31</sup>, leóns, hienas<sup>32</sup> ou osos<sup>33</sup>, é dicir, sempre en especies que poden representar un perigo potencial considerábel para o ser humano e que constitúen o depredador por excelencia de cada rexión xeográfica.

Xa Heródoto, cinco séculos antes de nosa era, citaba o caso dos neuros, uns veciños dos escitas que se transformaban en lobos unha vez ao ano e durante uns días. O escepticismo de Plinio o Vello reacciona con enerxía contra esta crenza e desacredítaa como produto da credulidade helénica, da que ofrece gran profusión de datos en *Historia Natural* VIII:80–82:

Debemos considerar que é falso que os homes se convertan en lobos e que de novo volvan ao seu estado, ou ben crer todo o que consideramos fabuloso ao longo de tantos séculos. Con todo, indicárase de onde se inculcou no pobo esta lenda, ata tal punto que entre os improprios existe o de “mudador de pel”.

Evantes, que merece crédito entre os autores de Grecia, escribe que os árcades contan que un membro da familia dun tal Anto, elixido a sortes de entre o seu pobo, é levado a unha

30 Grande del Brío, *El lobo ibérico*, p. 312.

31 Sobre os home leopardo e tamén con algunhas referencias á transformación en tigre, véxase J. H. Hutton, “Leopard–Men in the Naga Hills”, *The Journal of the Royal Anthropological Institute of Great Britain and Ireland* 50 (1920) pp. 41–51.

32 Véxase W. Robert Foran, “Lycanthropy in Africa”, *African Affairs* 55:219 (1956) pp. 124–134, inclúe interesantes informacións sobre homes hiena, homes león e, ata, homes chacal.

33 Sobre os feros guerreiros entre os antigos xermanos, os *berserkir*, literalmente ‘guerreiros revestidos (*serk*) de osos’ véxase, por exemplo, Mircea Eliade, *De Zalmoxis a Gengis–Khan*, p. 22.



lagoa da rexión e que, tras colgar os seus vestidos dunha aciñeira, bótase a nadar e diríxese a unhas paraxes solitarias e transfórmase en lobo, uníndose con outros da mesma especie durante nove anos. E engaden que, sempre que se mantivo afastado dos homes, volve á mesma lagoa e, tras cruzala a nado, recobra a súa forma, engadíndose ao seu anterior aspecto o envellecemento de nove anos; e ata que recupera a mesma roupa. ¡É abraiante ata onde chega a credulidade grega!

Non hai mentira, por descarada que sexa, que careza de garante. Igualmente Escopas, que escribiu *Olimpionicas*, conta que o parrasio Demeneto, no sacrificio con vidas humanas que os árcades facían a Xúpiter Liceo aínda daquela, probou as entrañas dun neno inmolado e converteuse en lobo e que, volto en si aos dez anos, se executou no atletismo e regresou de Olimpia vencedor no puxilato.<sup>34</sup>

A mitoloxía clásica recolle o que, quizá, sexa o máis famoso caso de licantrópía e que xa reviste a forma dunha maldición divina, neste caso pola impiedade do rei Licaón de Arcadia:

Polo que respecta ao fenómeno de conversión dun home en lobo, na mitoloxía grega figura o caso de Licaón, rei de Arcadia, quen sufriu a maldición de Zeus, pai de todos os deuses. Licaón recibía frecuentes favores dos deuses, quen ás veces o honraban coa súa visita. Pero, en certa ocasión, Licaón e os seus fillos inmolaron un neno, cuxa carne serviron a Zeus. Este ocultaba naquel momento a súa propia personalidade divina baixo a aparencia dun campesiño. Indignado por tal acto de impiedade por parte de Licaón, converteu este e todos os seus fillos en lobos, excepto o máis pequeno da familia, Nictuno, por quen intercedeu Xea, a nai Terra.<sup>35</sup>

Unha das historias de homes lobo en sentido estrito máis antigas que coñecemos é a que inseriu Petronio no *Satiricón*, alá polo século I de nosa era. Nela aparecen xa algúns dos motivos que se irán repetindo, con teimuda fidelidade, ao longo de séculos nos relatos orais de homes lobo de procedencia occidental. Referímonos, por exemplo, ao desencantamento provocado pola ferida e ao tópico folclórico do feiticeiro descuberto pola ferida inflixida durante a súa metamorfose animal. Pero neste relato destaca un elemento que non adoita aparecer nos textos folclóricos e que, con todo, é recorrente e case obrigado cando se tratou a licantrópía na novela e no cine contemporáneos: a lúa chea como desencadeamento ou testemuña da transformación en lobo. Comprobémolo nas palabras que Petronio pon en boca de Niceros, tan significativas que as transcribimos na súa integridade:

Casualmente o meu patrón partira cara a Capua para vender uns finos farrapos. Aproveitei a ocasión e convencín un hóspede noso para que me acompañase ata o quinto miliar. Tratábase dun soldado, forte como o Orco. Liscamos cara ao canto do galo. A lúa resplandecía coma

34 Plinio o Vello, *Historia Natural*, pp. 153–154.

35 Grande del Brío, *El lobo ibérico*, p. 256.



se fose mediodía. Ao pasar por unhas tumbas, o meu home foi cagar entre os ronseis funerarios. Senteime cantaruxando e púxenme a contar os cipos. Nun momento dirixín a mirada cara ao meu compañeiro, e veu espirse e colocar todos os seus vestidos á beira do camiño. A miña alma estaba na punta do meu nariz: sentíame máis morto ca vivo. Logo mexou ao redor dos seus vestidos e repentinamente, converteuse en lobo! Non vaiades crer que chanceo. Ninguén poderá pagarme o bastante para que eu minta. Transformouse, pois, en lobo, como vos estaba dicindo, e despois púxose a ouvear e escapou polo monte. Ao principio eu non sabía onde me atopaba. Achegueime aos seus vestidos para recollelos, pero convertéronse en pedra... Quen estivo máis morto de medo ca min? Mais desenvaiñei a espada e non parei de atravesar as sombras a estocadas con toda forza ata chegar á casa de campo da miña amiga. Cheguei como unha Larva. Pouco me faltou para expirar alí mesmo. A suor chorreábame polas entrepernas. Os meus ollos eran os dun morto. Un pouco máis, e non me repoño nunca. A miña Melisa asombrouse ao verme chegar tan tarde. Díxome: “Se chegases un pouco antes, polo menos poderíasnos ter axudado pois un lobo entrou na leira e derramou o sangue de todas as ovellas coma un carniceiro. Pero, aínda que logrou escaparse, non saíu completamente coa súa porque un dos nosos escravos alcanzou a ferilo no pescozo cunha lanza”. Ao oír isto, non puíden pechar un só ollo en toda a noite e, á madrugada, batín cos zocos no cu como o “hospedeiro desvalixado”, en dirección á casa do noso señor Gayo. Ao pasar por aquel lugar onde os vestidos se petrificaran, atopei soamente unha mancha de sangue. Cando finalmente cheguei á casa, o consabido militar estaba deitado na súa cama xemendo coma un boi. Un médico curáballe o pescozo. Isto confirmoume que era un home-lobo e, a partir de entón, non haberá ninguén, aínda que me mate, que me faga comer un anaco de pan con ese tipo. Que a xente pense o que queira disto. E se mintó, que os vosos Xenios me confundan.<sup>36</sup>

Outro relato sobre licántropos que conta con interesantes paralelos é o contido na *Saga dos Volsungos*, na que aparece o motivo das peles enmeigadas que, ao poñelas, provocan a inesperada transformación de Sigmundr, fillo do rei Völsungr dos hunos, e a do seu fillo Sinfjötli en lobos; como xa veremos, tampouco é un tópico estraño nos relatos galegos:

Un día, mentres camiñaban polo bosque en busca de presas, atoparon unha casa, na que durmían dous homes con grandes brazaletes de ouro. Eran vítimas dun triste destino, pois sobre as súas cabezas colgaban senllas peles de lobo que podían quitar só un cada dez días. Ambos eran fillos de rei. Sigmundr e Sinfjötli colleron as peles e puxéronas, pero como non perderan o seu encantamento xa non puíderon quitálas. Os dous empezaron a ouvear coma lobos, pero ambos comprendían o significado dos ouveos do outro.

Entraron no bosque e cada un tomou un camiño distinto. Pero antes de separarse quedaron en que atacarían só se vían ata sete homes, nin un máis, e que se un deles se atopaba en perigo ouvearía fortemente. “Non esquezas isto”, dixo Sigmundr, “pois es novo e impetuoso e pensarán que poden capturarte con máis facilidade”.

36 Petronio, *O Satiricón*, versión galega sobre ed. e trad. J. Picasso Muñoz (Madrid: Cátedra, 2.<sup>a</sup> ed. 1988) pp. 125–127.



Entón colleron cadanseu camiño. Tras separarse, Sigmundr atopouse cun grupo de sete homes e lanzou un ouveo. Cando Sinfjötli o oíu correu cara ao lugar e matou el só os sete.

Tras iso volveron separarse. Sinfjötli aínda non entrara no monte cando se atopou con outros once homes e atacounos, e de novo conseguiu matalos todos. Estaba cansado e foi deitarse baixo unha aciñeira para recobrar o alento. Pouco máis tarde achegóuselle Sigmundr e puxéronse a falar.

Sinfjötli dixo a Sigmundr: “Ti chamáchesme para matar sete homes, pero eu, o teu mozo aprendiz, non che pedín axuda para matar once”.

Sigmundr golpeouno con tanta forza que caeu ao chan, e logo pegoulle un bocado na garganta. Pero ese día non estaba previsto que matase máis peles de lobo. Sigmundr botouno ás costas e levouno ata o seu refuxio. Alí deitouse ao seu carón e maldiciu as peles de lobo.

Un día Sigmundr viu dúas donicelas rifando e unha deu un bocado á outra na garganta. Entón a primeira donicela correu cara ao monte e colleu unha folla, colocoulla á outra sobre a ferida e esta levantouse completamente curada. Entón Sigmundr saíu ao claro e viu que un corvo voaba coa folla cara a el e deulla. Colocouna sobre a ferida de Sinfjötli e este levantouse completamente curado, coma se nunca resultase ferido.

Tras isto dirixíronse á fosa e permaneceron alí ata que puideron quitar as peles de lobo. Colléronas e botáronas ao lume para que non volvesen facer dano a máis ninguén. Baixo ese monstruoso disfrace cometeran numerosos crimes no reino do rei Siggeirr. E como Sinfjötli xa era maior Sigmundr decidiu que xa estaba temperado.<sup>37</sup>

Na mitoloxía galega o licántropo recibe o nome de *lobishome* ou *lobo da xente*. Os límites entre ambos son bastante imprecisos; vexamos agora cales son as características que a tradición galaica atribúe ao *lobishome*:

É un home ou muller que se transforma en lobo. Isto pode ocorrer por varias causas, a saber: Por maldición dos pais ou doutra persoa (Lobo da Xente). Por outra fada, debida a ter nacido na noite de Nadal ou de Venres Santo. Por ser o sétimo ou o noveno irmán do mesmo sexo. Para evitar a fada, ten que ser apadriñado no bautizo polo irmán maior. Igualmente pode ser peeiro dos lobos ou bruxa, ou outro dos chamados Corredores. Cada noite de fadario, que son só as dos venres, o Corredor ten que correr sete parroquias, unha por irmán, ou sete fontes, sete montes e sete pontes. Atipicamente, hai exemplos de quen chega a Lobishome por un meigallo ou como froito dunha envexa.

O proceso de transformación empeza cando a persoa sente unha arela irrefreable de arrolarse na terra e fregarse nela, para o que vai á media noite a un despoboado, envórcase onde fixeran cama os lobos reais e faise coma eles, mesmo os supera en forza, intelixencia, afouteza e crueldade. Corre máis ca eles e ás veces diríxeos.

Nalgúns casos, especialmente no Lobo da Xente, ten unha pelica de lobo, que cando a quita é persoa e cando a pon é lobo.

37 *Saga de los Volsungos*, versión galega sobre trad. J. E. Díaz Vera (Madrid: Gredos, 1998) pp. 55–57.





Cando anda de lobo non hai arma ningunha que o poida ferir ou matar, e nese estado dedícase a atacar, matar e devorar, sobre todo persoas, nenos e maiores.

Nalgúns casos é sempre lobo mentres dura a fada, noutros tan pronto é lobo como persoa, ou de día humano e de noite lobo. Do mesmo xeito a fada pode ser temporal ou definitiva. Algúns teñen que estar sete anos de lobos (cremos que son os Corredores). Pódese superar a maldición se alguén lle fai sangue cunha aguillada de acivro bendicida na igrexa o Domingo de Ramos (se é Lobishome corredor); se o sorprende cando está a envorcarse na lama inmediatamente antes da metamorfose e no caso do Lobo da Xente, se se queima a pel de lobo coa que se cobre.<sup>38</sup>

No caso do *lobo da xente* predominan as maldicións paternas e destaca o seu perigo para os seres humanos, como indican os trazos descritos nos parágrafos anteriores e como pode desprenderse do contido das dúas lendas ourensás que tamén transcribimos:

Mozo ou moza que por maldición paterna ou materna se converte en lobo. Tamén os hai por fada, que soe durar sete anos.

En ocasións andan en grupos de tres, e se hai unha muller probablemente sexa a xefa. Non comen gando, só xente, e sobre todo ós propios familiares, como curmáns ou noivos. Non os comen, trónzanos. Os animais non se asustan deles, que pasan como se nada entre os rabaños. Se son feridos (cousa que só pode ser dunha pedrada ou con arma punzante), non morren, acábaselles a fada e volven ser persoas normais.

Nos montes de Invernadeiro, no val de Conso, unha rapaza tiña rifas coa súa mai e nunha ocasión chegou a pegarlle. A mai botoulle unha maldición: “Deus permita que te convertas en loba”. Desde entón causou moitas mortes. Saíron cuadrillas para cazala e nin a rozaban as balas. Co tempo, aquel fero animal desapareceu e entenderon que lle rematara a fada, que volvera ser unha persoa como as demais.

Outra moza de Trives tiña fame e pedíalle á mai carne. Tanto insistir anoxouna e un día díxolle: “Aínda te volvas loba para que nunca te fartes”. (É evidente a relación desta fórmula coa crenza de que o lobo nunca se ve farto, sexa de carne, de herba ou de terra).

Un día desapareceu da casa e o seu corpo cubriuse coa pel dunha loba. Pasou moito tempo facendo danos, comendo nenos e maiores. Pero un día quixo entrar nun sequeiro no que estaba un mozo ó coidado dunhas castañas. Empurrou a porta ata que entrou. O mozo agatunou ata o alto do canizo e agachouse alí, asustado. Pronto viu sorprendido como aquel fero lobo se desprendía da pel e de debaixo saía unha fermosa moza. Non quixo perder a ocasión. Cunha longa vara que tiña a man empurrou a pel ata o lume. A moza quixo collela mais era tarde, a pel ardía xa. E ó rematar de arder, a moza recobrou o senso humano, contoulle o que lle pasara e seica acabaron casando.<sup>39</sup>

38 Cuba, Reigosa e Miranda, *Diccionario*, s. v. *lobishome*.

39 Cuba, Reigosa e Miranda, *Diccionario*, s. v. *lobo da xente*.



Documentáronse máis lendas semellantes, como as dúas que ofrecemos a continuación, procedentes dos Ancares leoneses. Nesta primeira aparece o desencantamento por efusión sanguínea, que xa vimos en Petronio, sen que saibamos cales foron as razóns que produciron o feitizo:

*Este era un pastor, creo, que estaba con las ovejas; ahí, en la Cortiña. Y vino el lobo a ellas. Y él arreó y le tiró una piedra muy grande, y le hizo sangre. Entonces, el lobo se largó.*

*Unos días después, él fue a la feria al Espino, el pastor, y un señor lo invitó; un hombre vino y dijo:*

*– A ti te debo yo un vaso; tienes que venir a beber conmigo.*

*Entonces, dijo:*

*Yo a ti no te conozco.*

*Dice:*

*– Pues sí que me conoces.*

*Dice:*

*– No.*

*– Hombre, ¿no te acuerdas cómo tiraste la piedra y me hiciste sangrar?*

*Entonces, el hombre se quedó así...*

*– Que yo sepa, nunca tiré piedra a hombre ninguno.*

*Dice:*

*– Pues era yo el lobo; y al hacerme sangre, pues me volví hombre. Y yo te conocí. Débote un favor muy grande*

*– Porque él estaba embrujao y, al tirar la piedra y hacerle sangre, pues el lobo se volvió persona.*

*Eso lo oímos así.<sup>40</sup>*

Nestoutra lenda, a rapariga maldita é desencantada por un mozo que acabará casando con ela, é evidente o compoñente sexual —o indubidábel atractivo salvaxe da moza—, que se considera presente en tantos mitos de licantropía:

*Era una muchacha que la echaron sus padres fuera de su casa con una maldición: que la comieran los lobos. Y luego, la chica pues se echó al monte, con los lobos; pero con la maldición que la echaron los padres, los lobos no la comieron. Y se hizo ella de lobo; cogió la piel y todo de lobo.*

*Y luego, pues en un pueblo había una casa que secaban las castañas todas los del pueblo, en la casa aquella. Había, así, un desván por arriba...; yo no sé cómo lo harían, pero que secaban muchas castañas. Y luego, pues iban a darles vuelta. Y aquél que iba, la muchacha lo comió; ya*

40 Julio Camarena Laucirica, “Mitología del lobo en la Península Ibérica” en *La leyenda. Antropología, historia y literatura. Actas del coloquio celebrado en la Casa de Velázquez*, ed. Jean-Pierre Étienne (Madrid: Casa de Velázquez–Universidad Complutense, 1989) pp. 267–289, p. 276.



no salía más. Y ella de que los comía, pues se peinaba y se preparaba en la casa aquella, a la lumbre. Y cuando se preparaba, pues tiraba la piel; luego la volvía a poner y ya era lobo.

Y cuando, vino un chico del servicio y le dijeron lo que pasaba en el pueblo. Y entonces dijo:

– Pues voy a ir yo.

Y la familia no quería que fuera, porque y que lo comía. Y él dice:

– Pues voy.

Pues voy, pues voy..., pues fue. Fue, hizo la lumbre y se subió a las castañas; y tapó la boca y todo, que ella no oliera nada. Y ella, luego, se puso a peinarse y a prepararse; tiró la piel y era una chica..., ¡bueno!, ¡estupenda! Y él bajó despacio despacio, con todo tapado, que no oliera nada. Como ella tenía el pelo largo, se estaba peinando así: cara para abajo. Y él baja, coge la piel y se la tira; había un fuego grande, grande grande grande, y se la metió en el medio del fuego. Y la abrazó bien: así, bien abrazada; porque, si no, la saca. Y dijo ella:

– Mira; si un pelo me quedara de la piel, lo más grande que te iba a quedar a ti era una oreja.

Y luego, pues como la piel la quemó toda, pues se casó con ella.<sup>41</sup>

Como xa vimos, o mito do home lobo non se reduce a testemuños clásicos ou medievais e está presente, con moitísima frecuencia, en todos aqueles lugares que foron habitados —ou que aínda o son— por este animal, como testemuña que

os romanos crían nos Versipelles, bruxos capaces de transformarse en lobos, críase que o pelo de lobo lles medraba cara a dentro, de aí o nome: son case coma o noso Lobo da Xente. O termo deu paso ó baixo latino *gerulfus*, con influencias do xermano. *Ger* é como *Wer*, *Vir*, ‘home’, de onde viril e baril. De aí procede o normando *garwall* e *garolf*, o *werewolf* anglosaxón, *werwolf* inglés, o *wärh-wölfe* alemán, o *garwolf*, despois *garou* galo, que aínda despois se chamou *loup-garou* en francés, o que é tautolóxico (lobohomelobo), os franceses antigos *warouls*, *warous*, *vairout*, *varivals*, o *waerulf* danés, o *warulf* sueco. Outros nomes son: *lukokantzari* e *kallikantzaroi* grego, *karakondjilos* turco, *vircolak* eslavo, antes *vlukodlaku*, *vlkodlak* bohemio, *vovkulak* rusolituano, *volkolak* bielorruso, *wilkolak* polaco, *volkodlak* esloveno, *vukodlak* serbocroata, *vulkolak* búlgaro, *varcolaci* romanés, *priccolitch*, *procolici* e *tricolici* valacos, *vilkacis* letón, *vilkatas* lituano, *mardagail* armenio. É de sinalar que tódalas palabras eslavas proceden da mesma idea có *versipelles* latino: *Volk*, ‘lobo’, *dlaka*, ‘pel’.

En Italia, os seus nomes derivan de *lupus hominarius*, coa dobre interpretación de lobo-home ou lobo devorador de homes. Curiosamente, esa dobre interpretación subsiste en Galicia: *Lobishome* e *Lobo da Xente*. De *lupi-hominari* veñen: *lopemenare*, *lupo panaro* nos Abruzos, *lupo minaro*, *lupo manaro*, *lupo minariu*, *lupomannaro* na maior parte de Italia, *lupunaru*, *lupuminaru*, *lupupunaru*, *lupucumunario*, *daminar* en Sicilia. Da mesma raíz son os nomes da Península Ibérica: *lobisome*, *rabisome* en Estremadura, *lobishome* en Portugal, *llo-*

41 Camarena Laucirica, “Mitología del lobo”, pp. 271–272.



*busome* en Asturias, *lobisón* en Huelva e en Sudamérica, e, con inversión, *hombre-lobo* en España. En vasco é *guizotxo*, *guizonotxo* (*guizon* = home e *otxo* = lobo) e en bretón é *bis-clavret*, *bisclavret* ou *bisclaveret* (*beiz-garou* = malvado home lobo). A crenza é universal. Pero non se parece nada ó que sae nas películas. De todos, os lobishomes máis iguais ós nosos son os latinos e os italianos.<sup>42</sup>

Falando dos homes lobo doutras rexións europeas, podemos recordar as alusións aos licántropos sicilianos de Miguel de Cervantes quen, en *Los trabajos de Persiles y Sigismunda*, despreza con sorna a súa incredulidade e argumenta con datos que, na súa maior parte, extraera dos tratados do arcebispo sueco Oloa Magno, de Antonio de Torquemada e de Plinio o Vello, que a licantropía é un tipo de enfermidade e non unha transformación na que interveña a feiticería:

*Lo que se ha de entender desto de convertirse en lobos es que hay una enfermedad a quien llaman los médicos manía lupina, que es de calidad que al que la padece le parece que se ha convertido en lobo, y aúlla como lobo, y se juntan con otros heridos del mismo mal, y andan en manadas por los campos y por los montes, ladrando ya como perros, o ya aullando como lobos; despedazan los árboles, matan a quien encuentran y comen la carne cruda de los muertos, y hoy día sé yo que hay en la isla de Sicilia, que es la mayor del mar Mediterráneo, gentes deste género, a quien los sicilianos llaman lobos menar, los cuales, antes que les dé tan pestífera enfermedad, lo sienten, y dicen a los que están junto a ellos que se aparten y huyan dellos, o que los aten o encierren, porque si no se guardan, los hacen pedazos a bocados y los desmenuzan, si pueden, con las uñas, dando terribles y espantosos lardidos. Y es esto tanta verdad que, entre los que se han de casar, se hace información bastante de que ninguno dellos es tocado desta enfermedad; y si después, andando el tiempo, la experiencia muestra lo contrario, se dirime el matrimonio. También es opinión de Plinio, según lo escribe en el lib. 8, cap. 22, que entre los árcades hay un género de gente, la cual, pasando un lago, cuelga los vestidos que lleva de una encina, y se entra desnudo la tierra dentro, y se junta con la gente que allí halla de su linaje en figura de lobos, y está con ellos nueve años, al cabo de los cuales vuelve a pasar el lago, y cobra su perdida figura; pero todo esto se ha de tener por mentira, y si algo hay, pasa en la imaginación y no realmente.*

- No sé —dijo Rutilio—, lo que sé es que maté la loba y hallé muerta a mis pies la hechicera.
- Todo eso puede ser —replicó Mauricio—, porque la fuerza de los hechizos de los maléficos y encantadores, que los hay, nos hace ver una cosa por otra; y quede desde aquí asentado que no hay gente alguna que mude en otra su primer naturaleza.
- Gusto me ha dado grande —dijo Arnaldo— el saber esta verdad, porque también yo era uno de los crédulos deste error; y lo mismo debe de ser lo que las fábulas cuentan de la conversión en cuervo del rey Artus de Inglaterra, tan creída de aquella discreta nación, que se abstienen de matar cuervos en toda la isla.

42 Cuba, Reigosa e Miranda, *Diccionario*, s. v. lobishome.



– No sé—respondió Mauricio— de dónde tomó principio esa fábula tan creída como mal imaginada.

En esto fueron razonando casi toda la noche, y al despuntar del día dijo Clodio, que hasta allí había estado oyendo y callando:

– Yo soy un hombre a quien no se le da por averiguar estas cosas un dinero. ¿Qué se me da a mí que haya lobos hombres, o no, o que los reyes anden en figuras de cuervos o de águilas? Aunque, si se hubiesen de convertir en aves, antes querría que fuesen en palomas que en milanos.<sup>43</sup>

O home lobo é, pois, unha figura mítica de considerábel atractivo e posúe unha capacidade de fascinación tal que lle permitiu cruzar océanos e acompañar os colonos europeos nas súas conquistas. Deste xeito, o termo francés *loup-garou* arraiga tamén con forza no folclore canadense e no haitiano, caracterizados ambos pola súa riqueza e polo seu marcado carácter mestizo, e transfórmase ata adquirir trazos distintivos. Da tradición haitiana, na que os *loups-garous* son bruxos que posúen a facultade de transformarse en cans, cabalos, árbores e outros animais ou obxectos, extraemos o conto que ofrecemos a continuación:

Cando se camiña pola estrada de Pilate a Plaisance pode verse, a unhas dúas millas de Plaisance, un magnífico cabalo branco cunha cadeira e unha brida preciosas. Os viaxeiros moitas veces o ven, pero nunca que o monte ningún xinete. Cando un vai máis aló, pola estrada, ve fronte a el o cabalo que pensaba que deixara atrás. Por suposto, este cabalo non é un cabalo de verdade, senón un *loup-garou* que pode transformarse porque a pel que utiliza durante o día non é a mesma que a que usa pola noite.<sup>44</sup>

Pero volvamos a Galicia, a rexión de España na que as lendas e as historias orais sobre licántropos tiveron, quizá, maior difusión popular e un tratamento literario culto que lle outorgou unha difusión máis ampla.<sup>45</sup> Que é o que subsiste actualmente deste complexo folclórico? Evidentemente pouco: as circunstancias antropolóxicas, espirituais e ata económicas que o sostían cambiaron de modo irreversible. Pero aínda así trátase dun mito atractivo, coñecido sobre todo a través de edicións de textos clásicos da etnografía galega e de reelaboracións cinematográficas máis ou menos afortunadas; e aínda se poden escoitar auténticas reliquias, como este texto ourensán, fragmentario e algo confuso, que se rexistrou en Viana do Bolo pouco antes de iniciarse o século XXI:

43 Miguel de Cervantes, *Los trabajos de Persiles y Sigismunda*, ed. J. B. Avelle-Arce (Madrid: Castalia, 1992) pp. 134–135.

44 Traducido de George Eaton Simpson, “Loup Garou and Loa Tales from Northern Haiti”, *Journal of American Folklore*, 55:218 (1942) pp. 219–227, p. 223.

45 Véxase, entre outros traballos, Vicente Risco, “El ‘Lobishome’”, *Revista de Dialectología y Tradiciones Populares*, I:34 (1945) pp. 514–533. Neste artigo fundamental sobre a licantrópica galega trátase, así mesmo, o celeberrimo caso de Manuel Blanco Romasanta o “home lobo de Allariz” que tan fértil foi para o cine, xa que neste suceso truculento inspíranse películas como *El bosque del lobo* e *Romasanta: la caza de la bestia*, dirixidas respectivamente por Pedro Olea e por Paco Plaza en 1970 e en 2004.



Era a festa do día 8, o segundo día, i el marchara alá, que tiñan viñas en Caldesiños, (chamábanlle o “Cambou”, que agora están todas de poulo), e fora alí a arreglare, —porque antes había que cocer alí naquelas bodegas que había alí, non se traía aquí— e cuando viña no fondo de Cernadela, había unha fulana que fora por unhas patatas, e cuando chegou alí e viu que o lobo estaba comendo nela, no alto dunha fraga, dunha parede. El traía unha macheta e tal, e ca mesma pois tirouse a el e o lobo marchou, e el veu pra casa i ela morta xa —dicían así— e, claro, chegou eiquí onde estaban as festas, e dice:

– Mira que nós eiquí tan contentos, e alí aquela rapaza de fulano (...) estábaa comendo o lobo.

Marcharon todos por aí abaixo (...), desde Caldesiños se sentían as voces da mai.

Eso oíao contar, que non o acordo, pero non é moito atrás. E claro, falábase do lobo da xente, era un home que se convertía en lobo, e se cuadra estaba ben e víñalle aquel pensamento e non sei que, e volvíase lobo e comía a quen se lle puñese de diante. Eso dicían. Cando lle pasaba a fada xa quedaban personas como antes.

Unha vez, dicían un fulano que se volveu lobo ou se iba volver, e foi achegando alí e empezáronlle a queima-lo que puña de adorno. I el:

– Periquito, vente a mí. Periquito, vente a mí.

E cousas así se contaban que non sabes si é verdade ou mentira.<sup>46</sup>

## PASTORES, CAPITÁNS DE LOBOS E SANTOS LOBEIROS

Falaremos agora dunhas persoas ás que as crenzas populares atribuíron un trato íntimo e continuado cos lobos, ata o punto de que elas mesmas adquiriron algunhas características lupinas e arredáronse de certos elementos supostamente definidores do ser humano, como son a vida civilizada en comunidade ou a solidariedade e a benevolencia debidas aos seus semellantes.

Este humano degradado, bravo e animalizado —pero sen chegar á metamorfose total, desde logo— é denominado en Galicia e Portugal *peeiro dos lobos*.<sup>47</sup> Aínda que tamén se documentan algúns casos pertencentes ao sexo masculino, con moita frecuencia son mulleres:

É unha persoa que sen converterse en lobo vive con eles, entende a súa fala, faise o seu xefe ou capitán, dálles ordes, goberna as expedicións, salva ou fai matar a outras persoas, como do que comen os lobos, etc. Moitas veces son Peeiras de lobos, ou sexa, mulleres. Cóntase dunha en Lugo, doutra en Portugal, doutra en Ourense. Son novas, a maior ou a menor de sete irmás, cumpren un fado ou obedecen unha fada, foxen da casa, viven cos lobos nunha

46 Sara Gregorio Couso, “A raposa, o lobo e o lobo da xente na literatura de tradición oral de Solveira (Viana do Bolo – Ourense)”, *A Freita* 14, decembro 1999, pp. 56–61, pp. 50–60. Segundo indica a autora do artigo na nota 14, p. 61, non se entendeu ben o que dicía o lobo da xente e parece ser que o informante quixo dicir *peliquito*, é dicir, a pel de lobo á que chamaba e que lle estaban queimando. Agradecemos o envío do traballo a Ana Acuña Trabazo.

47 Risco, “El ‘Lobishome’”, pp. 530–532, e Grande del Brío, *El lobo ibérico*, p. 297.



cova, son obedecidas, coidan dos animais, cúranlles as feridas, alimentan os lobatos, protexen certos rabaños ou facendas, levan un asubío ou un coitelo cos que dominan os lobos, que as seguen coma un exército. Non se deixan ver, pero un mozo descobre o segredo. Ela protéxeo, dálle de comer, manda que os lobos o acompañen, déixalle durmir na cova, pero esixe silencio. El chega á aldea e conta todo. Ós poucos días atópase o seu cadáver, os seus ósos, mellor, roídos e esburgados, ou a roupa ensangrentada.

Pero tamén hai peeiros de lobos. Peeiro quere dicir ‘pegureiro, pastor de lobos’. A crenza existe en Francia, onde se lles chama *meneurs des loups* e capitáns de lobos. Alexandre Dumas escribiu unha novela que se chama, precisamente, así. Na Alta Bretaña o *meneur des loups* pode transformarse en lobo cunha redoma que lle dá o Demo: é un lobishome. Coñecemos un relato galego no que o peeiro se transforma tamén en lobishome, o que indica que pode ser un bruxo e actuar a vontade.<sup>48</sup>

Dediquemos unhas cantas palabras a puntualizar e explicar algúns dos datos que ofrecemos. En efecto, nas lendas tradicionais francesas é bastante común a presenza dese diabólico “capitán de lobos” e, seguindo o precedente de Dumas, tamén foi tratado como argumento dalgunhas novelas contemporáneas, como *Marie la loba*,<sup>49</sup> de Claude Seignolle, un novelista e etnógrafo francés natural de Périgord.

Sobre os lobeiros, homes ou mulleres, doutras rexións de España, hai que coñecer dous traballos fundamentais e imprescindibles. O primeiro é un estudo de Julio Caro Baroja, incluído en *Vidas mágicas e Inquisición*, sobre Ana María, coñecida como *La Lobera* ou como *La Llobera de Llanes*, unha moza asturiana que viviu no século XVII e que sufriu un soado proceso instruído pola Inquisición en Toledo. O segundo, de José Manuel Pedrosa,<sup>50</sup> retoma a herdanza de Caro Baroja e, tras apurar ao máximo os datos sobre os *peeiros* e outros capitáns de lobos españois —recompila así narracións orais granadinas e extremeñas— ou europeos, analiza devanditos textos xunto cos seus múltiples paralelos folclóricos —sen esquecer tampouco equivalentes “cultos” como os constituídos polos personaxes literarios de Mowgli ou o conde Drácula— e examínaos con detemento para esclarecer con precisión e agudeza os motivos que levaron os protagonistas de devanditos relatos a sufrir o afastamento da sociedade e a condena dos poderes establecidos. Segundo Pedrosa, existe unha acentuada dimensión sexual na historia da promiscua Ana María *La Llobera* —de aí a condena social e o procesamento por parte do Santo Oficio— que a relaciona, sen dúbida, coas abundantes lendas nas que interveñen os licántropos.

É normal que un animal do perfil diabólico do lobo teña frecuentes encontros e, xa que logo, conflitos cos representantes do ben por antonomasia, os moitos santos que, cos

48 Cuba, Reigosa e Miranda, *Diccionario*, s. v. *peeira dos lobos*.

49 Claude Seignolle, *Marie la loba*, introd. L. Durrell, trad. M. Serrat Crespo (Palma de Mallorca: Olañeta, 2000).

50 José Manuel Pedrosa, “Ana María la Lobera, capitana de lobos, ante la Inquisición (1648): mito, folclore, historia”, *Edad de Oro* XXVII (2008) pp. 219–251.



seus feitos e palabras, tranquilizaron a fereza do cánido e ata o reduciron á categoría de animal inofensivo, bondadoso, case doméstico.<sup>51</sup>

En Galicia destaca a historia de San Froilán, o santo patrón da cidade de Lugo e da de León, que perdeu o seu burro devorado por un lobo e conseguiu milagrosamente amansalo e utilizalo a partir de entón como substituto do asno á hora de carrexar os seus libros sacros. Este prodixio, representado tamén na iconografía do santo, suscitou este significativo dialoxismo documentado no municipio lucense de Cervantes:

Díxolle san Froilán ó lobo: “Xa que me comiche o burro, lévame os libros a Lugo”.<sup>52</sup>

As haxiografías europeas recollen outros santos que levaron a cabo milagres moi parecidos:

Entre os santos cristiáns amansadores de lobos figura Santa Austraberta de Pavilly, abadesa dos mosteiros beneditinos desa localidade. Conta a tradición que a santa obrigou a un lobo a que transportase ata Pavilly o feixe de roupa dos frades de Jumièges, despois de que o animal matase o burro que ata daquela estivera realizando ese traballo. Existe unha estatua de Santa Austraberta sobre a fachada da igrexa de San Filiberto-sur-Risle, en Eure (Francia). Xunto á abadesa aparece un lobo. A parte o episodio dun lobo facendo de asno por imposición dun santo, coñécese algunha representación dun lobo albardado, en compañía de San Guillermo de Verceil, abade morto en 1142.<sup>53</sup>

Houbo outro santo que obrigou un lobo a compartir as faenas máis duras do campo cos animais de labor:

Outro santo subxugou un lobo para facerlo tirar dun carro xunto a un boi, cuxo compañeiro morrera devorado por aquel. Trátase de San Gens, de quen se di que posuía o don de rexeitar o influxo maléfico do lobo [...].<sup>54</sup>

E outro máis, cego polo demais, que o utilizou a modo de can guía e que, á vez, protexía os cabalos dos seus ataques e executaba outros feitos sobrenaturais:

51 Véxase o capítulo dedicado ao lobo na haxiografía cristiá en Grande del Brío, *El lobo ibérico*, pp. 277–280, do que extraemos algúns dos exemplos citados máis adiante.

52 Francisco Vázquez Saco, *Refraneiro galego e outros materiais de tradición oral*, *Cadernos de Fraseoloxía Galega* 5, eds. J. Beloso Gómez, P. Buján Otero, X. Ferro Ruiabal e M.ª C. Paz Roca (Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, 2003) núm. 624 do apartado “Ditos tópicos e refráns con topónimo” e núm. 180 do apartado “Dialoxismos”, correspondente ao capítulo “Outros materiais de tradición oral”, accesíbel en liña en <<http://www.cirp.es/pub/docs/cfg05.pdf>> [consultado o 3.12.2009]. Agradecemos a Germán Conde as indicacións bibliográficas.

53 Grande del Brío, *El lobo ibérico*, p. 280.

54 Grande del Brío, *El lobo ibérico*, p. 280.





Como protector dos cabalos contra os lobos cítase a Santo Herve, fundador do convento de Santo Houarni (Finisterre, Francia) e morto no ano 568. Posuía a facultade de facer calar as ras. Era cego, e, por tal motivo, facíase acompañar por un can, que facía de guía. Pero este foi devorado por un lobo. O santo obrigou daquela o depredador a substituír como guía a súa vítima. Unha talla do século XVII representa a Santo Herve acompañado dun lobo.<sup>55</sup>

Os exemplos aducidos son variacións ao redor dun mesmo motivo folclórico–haxio-gráfico, do que tamén existen aclimatacións ao ámbito eslavo como a que expomos a continuación, atribuída a Santo Andrés e típica de Bulgaria:

O día de Santo Andrés identificábase, en moitos lugares, como o día dos osos. Iso debíase a que, segundo a crenza do pobo, o ermitán Andrés vivía retirado na montaña, onde coidaba do seu pequeno trigal. Un oso devorou un día o único boi co que contaba, e Santo Andrés enfureceuse e xunguiu o oso ao arado, para que traballase no campo. Crese, por iso, que Santo Andrés é o señor dos osos. Moitas lendas preséntano montado sobre un oso co que se aparece ante a xente.<sup>56</sup>

Agora ben, se hai un santo que se identifica co lobo e que, entre a súa extensa lista de feitos milagrosos, conta cun no que actúa como prodixioso protector dos seus semellantes ante os ataques do carnívoro, ese é San Francisco de Asís. Seleccionamos algúns parágrafos que narran o milagre que obrou o santo cando amansou o sanguinario lobo de Gubbio:

En tempos en que o santo Francisco moraba na cidade de Gubbio, apareceu na comarca un lobo grandísimo, terríbel e feroz, o cal non soamente devoraba os animais, senón tamén os homes; ata o punto de que todos os habitantes estaban atemorizados, porque a miúdo achegábase á cidade, e todos ían armados cando saían dela, como se fosen combater; e, a pesar de todo, quen se atopaba só fronte a el, non podía defenderse. E era tal o medo que tiñan a este lobo, que ninguén se atrevía a saír da cidade.

Polo que o santo Francisco, tendo compaixón dos habitantes da cidade, decidiu saír en busca deste lobo, aínda que todos os cidadáns llo desaconsellaban, e persignándose e pondo toda a súa confianza en Deus, saíu fóra da cidade cos seus compañeiros. E como estes vacilaban en se seguir adiante, o santo Francisco encamiñouse cara ao lugar onde estaba o lobo. E velaquí que, vendo moitos cidadáns que foran a presenciar este milagre, o mencionado lobo foi ao encontro do santo Francisco coa boca aberta; e o santo Francisco, indo cara a el, fíxolle o signo da cruz e, chamándoo para que se lle achegase, díxolle así:

– Ven aquí, irmán lobo; mándoche de parte de Cristo que non fagas dano nin a min nin a ninguén.

55 Grande del Brío, *El lobo ibérico*, p. 281.

56 Rositsa Yósisfova Avrámova e José Manuel Pedrosa, *Costumbres y fiestas del pueblo búlgaro* (Madrid: Asociación Búlgaro–Española (A.B.E.) “Cirilo y Metodio”, 2009) pp. 106–107.



Foi cousa admirábel. Apenas o santo Francisco fixera o signo da cruz, o terríbel lobo pechou a boca e deixou de correr; e oída a orde, avanzou mansamente, como un cordeiro, e tendeu-se aos pés do santo Francisco.<sup>57</sup>

O prodixio non termina aquí, senón que San Francisco empéñase en facer as paces entre o pobo de Gubbio e o lobo, ao que logra arrincar a promesa de non volver danar ningún home nin ningún animal. Produciuse así a emotiva escena do sincero arrepentimento da fera, que mostrou mediante movementos de rabo e orellas e ata inclinando a cabeza en sinal de submisión:

– Irmán lobo, quero que me deas fe de cumprir esta promesa, para que eu poida confiar en ti. E estendendo a man o santo Francisco para recibir a fe, o lobo levantou a pata dereita e púxo a dócilmente sobre a man do santo Francisco, dándolle así o único sinal de fe que podía dar. Entón dixo o santo Francisco:

– Irmán lobo, mándoche en nome de Xesucristo que veñas agora comigo sen temor, e iremos ratificar esta paz en nome de Deus.<sup>58</sup>

E o santo, rodeado polo pobo e acompañado polo lobo, manso xa como un cordeiro, dirixiuse á praza e dirixiu un sermón ao xentío no que recordou os tormentos dos pecadores e exhortou os cidadáns a facer penitencia para librarse do perigo do lobo e do futuro lume infernal. Terminada a predicación, dixo San Francisco:

– Oíde, meus irmáns: o irmán lobo, que está aquí ante vós, prometeume e deume fe de facer as paces convosco e non ofendervos nunca máis en cousa ningunha, se vós lle prometedes darlle cada día o que necesite; e eu fágome fiador por el de que cumprirá firmemente este acordo de paz.

Entón, todo o pobo a unha voz prometeu alimentalo continuamente. E o santo Francisco, ante todos, dixo ao lobo:

– E ti, irmán lobo, prometes cumprir con estes o acordo de paz, e non ofenderás os homes, nin os animais, nin ningunha outra criatura?

E o lobo axeonllouse e inclinou a cabeza e con mansos xestos do corpo, do rabo e das orellas deu a entender, na medida do posíbel, que quería respectar todo o acordo. Dixo o santo Francisco:

– Irmán lobo, así como me deches fe desta promesa fóra das portas desta cidade, dáme aquí, ante todo o pobo, fe da túa promesa e de que non me enganei por ser o teu fiador.

Daquela, o lobo, levantando a pata dereita, púxo a na man do santo Francisco. Así que, por este acto e polos outros xa referidos, houbo tal admiración e alegría en todo o pobo, tanto

57 *Floreillas de san Francisco. Vida del hermano Junípero*, versión galega sobre ed. e trad. S. R. Santerbás (Madrid: Cátedra, 2008) pp. 152 e 154.

58 *Floreillas de san Francisco*, pp. 154–155.



pola devoción ao santo como pola novidade do milagre e polas paces feitas co lobo, que todos comezaron a elevar a voz cara ao ceo, encomiando e bendicindo a Deus, quen lles enviara ao santo Francisco, que polos seus méritos os librou das fauces da cruel besta.

E despois viviu o lobo dous anos en Gubbio, e entraba tranquilamente nas casas e saía delas sen facer dano a ninguén e sen que ninguén llo fixese a el; e foi amabelmente alimentado polas xentes, e aínda que ía e viña polas rúas e polas casas, ningún can lle ladrou xamais. Finalmente, ao cabo de dous anos, o irmán lobo morreu de vello, e os cidadáns lamentárono moito, porque, véndoo andar tan manso pola cidade, recordaban mellor a santidad e a virtude do santo Francisco.<sup>59</sup>

A pesar do elenco de milagres que presentamos, non todos os santos destacan polo seu combate contra os lobos, pois tamén se documentan exemplos de santos aliados dos mesmos, aos que dirixen como os capitáns de lobos que estudabamos máis arriba. Son os países eslavos os que ofrecen máis exemplos deste, aparentemente, estraño fenómeno de colaboración entre os representantes da bondade evanxélica e o símbolo tanxíbel de canto hai de malo no mundo. En 1859, o folclorista ruso Afanásiev publicou as súas *Lendas populares rusas*, entre as que incluíu un breve relato no que San Xurxo actúa como un inquietante señor dos lobos, que concede a vida e a morte de acordo cuns principios morais cando menos paradoxais, e aliméntaos cun desafortunado pastor, vítima da súa propia curiosidade:

Pastoreaban dous pastores un rabaño de ovellas. Un quixo ir beber auga, e marchou, a través do monte, ata un pozo. Andou, andou e viu un carballo grandé e con moita rama, e, aos seus pés, a herba esmagada e gastada.

– Vou ver o que hai aí –dixo o pastor, e subiuse á copa da árbore.

E o que viu foi a San Xurxo, e tras el multitude de lobos. Detívose Xurxo xunto ao carballo: empezou a enviar os lobos en distintas direccións, e sinalou a cada un onde e que tiñan que comer. Despachounos todos. Puxéronse en camiño. Naquel momento un lobo preguntou:

– E eu que?

Xurxo respondeu:

– Ti queda xunto ao carballo!

O lobo esperou un día, e esperou dous, a que o pastor baixase da árbore. Pero despois desistiu de seguir esperando. Afastouse un pouco, e agachouse detrás dun arbusto.

O pastor, que estaba observando, descendeu do carballo e, a correr!

Pero o lobo saltou de detrás do arbusto, atrapouno e papouno todiño.

Alexandr Nikoláievich Afanásiev anota a lenda cunha serie de comentarios que esclarecen un tanto a atípica relación entre San Xurxo e o lobo no folclore ruso:

<sup>59</sup> *Floreillas de san Francisco*, pp. 155–156.



No relato sobre San Xurxo o Valente e o lobo, apuntado polo cosaco Luganski, o lobo diríxese cos seus rogos a este santo. Xurxo o Valente está considerado como o patrón do gando e o xefe dos lobos, aos que dá estas ordes: come onde e o que queiras. Os ditos populares din: “San Xurxo reúne as vacas”, “Xurxo e Vlas, os ollos de todas as riquezas”, “O que o lobo ten nos dentes, San Xurxo o prové”.

Existe a crenza de que o lobo non matará nin un animal sen o permiso de Deus.

No día de Xurxo, e no outono e na primavera, na provincia de Kursk, non se traballa con la para que os lobos non coman as ovellas.<sup>60</sup>

Numerosos investigadores estableceron que esta función de pastor de lobos desempeñada polo santo non é máis que unha cristianización da exercida en tempos máis ou menos remotos por unha divindade pagá anterior. De acordo cos traballos citados, este “Señor dos Lobos” —unhas veces San Xurxo e outras San Martiño, San Nicolás, o arcanxo San Miguel ou outros santos— herda os atributos do antigo Veles ou Volos, deus da morte e da gandería entre os antigos eslavos.<sup>61</sup>

## MÁIS METAMORFOSES DO MAL: O LOBO E A SIMBOLOXÍA NAZI

Moitos dos exemplos anteriormente aducidos poderían conducir a pensar que o mito do lobo e os seus valores simbólicos conexas pertencen a un mundo rural e a un tempo pretéritos e, está claro, nesa hipótese serían un mundo e un tempo destruídos pola civilización moderna, pola cultura urbana e pola racionalización do pensamento colectivo. Con todo, non hai tantos anos e en Alemaña, un dos países máis avanzados da época, a ditadura nazi e as súas tristemente soadas veleidades esotéricas —camufladas baixo un intento de renacemento pagán e unha suposta recuperación das raíces primixenias xermánicas— levaron á reaparición do emblema do lobo e a dotalo cunha carga mítico-simbólica que aínda se discute.

Esta é a explicación da xermanista española Rosa Sala Rose sobre as curiosas implicacións do lobo no delirante imaxinario nazi:

A apelación ao lobo para denominar a Hitler e moitas das súas residencias foi demasiado frecuente como para considerala casual ou caprichosa. *Wolf* foi o pseudónimo de Hitler durante os anos de loita en Múnic, e foi con este nome como se presentou a Eva Braun en 1929; *tío Wolf* chamábanos tamén Winifred Wagner e os seus fillos. Aínda en 1939, Hitler concedeu á súa fervente admiradora inglesa Unity Mitford o gran privilexio de poder chamalo *Wolf*,

60 Alexandr Nikoláievich Afanásiev, “San Jorge, señor de los lobos”, en *Leyendas populares rusas*, versión galega sobre trads. e eds. E. Bulátova, E. de Beaumont Alcalde, L. Rabdanó e J. M. Pedrosa (Madrid: Páginas de Espuma, 2007) núm. 32:2.

61 Véxase Mirjam Mencej, “The Christian and Pre-Christian Conceptions of the Master of the Wolves”, *EthnoAnthropoZoom* 5 (2005), pp. 239–285, accesíbel en liña,

<<http://www.ceeol.com/aspx/getdocument.aspx?logid=5&ide=24a950ff3ea844e0887a3df5e7115e3b>> [consultado o 4.12.2009].



reservado en exclusiva a unhas poucas acólitas. Durante a guerra, os nomes dos seus distintos refuxios estaban case indefectiblemente vinculados a este epíteto: *Wolfschlucht* (“garganta do lobo”) era o nome do seu acuartelamento en Brûly-de-Pesche, na fronteira franco-belga. O seu cuartel en Rastenburg, na Prusia Oriental, chamábase *Wolfschanze* (“o forte do lobo”), e o seu refuxio temporal en Rusia recibiu o mesmo nome que máis adiante tomaría o principal grupo terrorista de resistencia nazi: *Werwolf* ou “home lobo”.<sup>62</sup>

A continuación sinala Rosa Sala Rose os vínculos do carnívoro co luxurioso deus Wotan, “pai do Siegmund de Wagner, ao que o compositor denomina Lobo (*Wolf*) na *Valquiria*, detalle que a Hitler, fervente wagneriano, non debeu pasarlle por alto”<sup>63</sup> e, a pesar de provocar unha máis das moitas incongruencias do réxime nazi, tamén explica o recorrente do lobo no discurso hitleriano:

Aínda que o lobo encaixa coa importancia simbólica atribuída na cosmovisión nazi a outros animais depredadores, como o aguia, non deixa de sorprenden que Hitler, notorio e fervente vexetariano, favorecese unha identificación persoal co lobo que facilmente podía converterse en motivo de burla clandestina. A insistencia con que Hitler adoitaba empregar este alcume entre as mulleres podería delatar certa coquetería non só relacionábel cos enredos adúlteros de Wotan, senón tamén co conto de Carapuchiña Vermella, moi popular en Alemaña, e, xa que logo, tamén co misticismo do bosque. En *Mein Kampf*, Hitler identifica en varias ocasións os seus seguidores con lobos. Durante un ataque compara as tropas das SA con “lobos que, en mandas de oito ou dez, abalanzábanse unha e outra vez sobre os seus inimigos”. Na fase temperá do nazismo, a visión mitolóxica do lobo como elemento destrutor da orde cósmica podería conciliarse coa retórica revolucionaria nazi, que nas súas orixes apelaba á destrución do sistema da República de Weimar.<sup>64</sup>

Como pode comprobarse, a fascinación do nazismo polo lobo é unha mostra máis do culto á violencia deste movemento político e responde a unha exaltación do espírito salvaxe e desapiadado que se atribúe a este animal, ademais de encarnar á perfección a figura do triunfador no proceso de selección natural: o depredador que se encontra na cúspide da pirámide trófica e que equivale ao superhome nazi.

## DE NOVO A INQUIETANTE PRESENZA: O PERIGO DO LOBO NO MUNDO CONTEMPORÁNEO

Hai unha curiosísima rama dentro das chamadas lendas urbanas ou contemporáneas que poderíamos denominar —precisa e paradoxalmente— “lendas rurais”, e que estaría

62 Rosa Sala Rose, *Diccionario crítico de mitos y símbolos del nazismo*, presentación R. Argullol (Barcelona, Cantil: 2003) s. v. *Lobo*.

63 Sala Rose, *Diccionario crítico*, s. v. *Lobo*.

64 Sala Rose, *Diccionario crítico*, s. v. *Lobo*.



integrada polo conxunto de supostas actuacións de grupos ecoloxistas e intervencións estatais con vistas á conservación e reintrodución de especies potencialmente perigosas.

Segundo estes rumores que aparecen, de cando en vez e como por encantamento, no espazo rural —onde arraigan co vigor dos terrores atávicos e convértense en feitos obxectivos que, moi a miúdo, terminan saltando ás páxinas da prensa ou publicándose a través doutros medios de comunicación máis modernos— existen grupos ecoloxistas ou organizacións estatais que se dedican a soltar e propagar repugnantes e nocivas pragas de “animalias”, xa sexan víboras, roedores para alimentar as ameazadas aves rapaces —como se dixo hai uns anos, con ocasión dunha praga de curtas en Tierra de Campos— ou, mesmo, animais potencialmente máis perigosos como lobos criados en cativeiro con vistas á súa reintrodución nos seus antigos dominios.

Para comprobar o alcance desta moderna crenza basta con consultar as edicións virtuais dalgún diario, preferentemente de ámbito local, que acolla noticias e eventos de pequenas poboacións. Repasemos unha noticia sobre as supostas soltas de lobos levadas a cabo en Galicia, como esta, procedente da comarca de Lemos, e publicada en *La Voz de Galicia* o 23 de xuño de 2007:

Antigamente había mitos asociados aos lobos. E non só Carrapuchiña e o home lobo. Por todas partes contábase do soldado que, nun permiso, o comeron os lobos, deixando só os pés nos zapatos. Outras veces a vítima era o médico. Hoxe cambiaron, pero segue habendo lendas, ás veces sen fundamento, —cre Emilio García—, que están moi difundidas, como a de que se soltan lobos. “O que ocorre é que unha manda, en condicións normais, intenta criar cada ano, só unha vez ao ano. O número de lobos nunha manda non aumenta indefinidamente; algúns marchan, dispersándose. Ás veces centos de quilómetros. Isto explica a aparición de mandas en zonas onde hai moitos anos que non se coñece a súa presenza. Abonda con que se xunten un macho e unha femia”, di.

Engaden estes biólogos que, doutra banda, a paisaxe está cambiando e cada vez hai máis territorio dispoñíbel para o lobo. Razoan que, aplicando a lóxica, a que Administración lle interesaría “soltar” unha especie tan conflitiva e que vai traer tantos problemas de xestión como é o lobo? Se non hai unha persecución excesiva, ten unha gran capacidade para recuperar as súas poboacións e colonizar novas áreas sen necesidade de soltas.

Ecoloxistas de Adegas, non dubidan en propor a reintrodución do lobo en territorios onde estivo presente (con exemplares capturados vivos en zonas de maior densidade) pero é a sospeita de que “a Xunta solta lobos”, o que máis indigna os gandeiros do Xistral e outros lugares. Medio Ambiente negouno reiteradamente cando se airea tal comentario en múltiples lugares onde se producen ataques. O xefe do servizo de Biodiversidade, Jesús Santamarina, desmentíao categoricamente a este diario, que intentaba contrastar o seguinte relato dun aldeán: “Baixaron seis lobos dun furgón, cerca da Balsa (Muras), viunos un veciño a cabalo e logo mataron cinco a tiros, pois non escapaban da xente, víase que eran criados”.<sup>65</sup>

65 Accesíbel en liña en <<http://lavozdeg Galicia.es/hemeroteca/2007/06/23/5923830.shtml>> [consultado o 30.11. 2009]. Tradución galega da editora.



A noticia contén todos os elementos constitutivos das que demos en chamar “lendas rurais”, e estes rumores repítense naqueles lugares nos que se intentou reintroducir esta especie.<sup>66</sup> Algúns estudos especializados vincularon estes rumores coa idiosincrasia de cada pobo e en Francia, en concreto, resucitan recordos dos antigos *meneurs de loups* e tamén da sanguenta cadea de sucesos provocados pola denominada *Bête de Gévaudan*<sup>67</sup> que aínda hoxe excita a imaxinación de creadores e público, segundo proba o éxito de películas como *Le pacte des loups* (*O pacto dos lobos*), dirixida en 2001 por Christophe Gans; produción na que, por certo, se desenvolve un argumento no que a presenza dunha fera exótica importada mestúrase con escenas de bruxería e, como fondo, a conspiración dun grupo de aristócratas contra o poder real. Pero deixemos de lado a cinematografía e leamos unha descrición pormenorizada de como se sucederon tan lutuosos feitos:

No catálogo de criaturas maléficas inspiradoras dun terror paroxismal, a *Bête du Gévaudan* figura en lugar destacado. Aínda hoxe crese que tal monstro non era senón un lobo. A Besta do Gévaudan causou un centenar de mortes na rexión do mesmo nome, no departamento da Lozère, dentro do Macizo Central francés. Entre os anos 1764 e 1766, ambos inclusive, a Besta aterrorizou os campesiños franceses, sen que a serie de multitudinarias batidas —nunha delas, celebrada o 28 de outubro de 1764 participaron preto de dez mil persoas e foron abatidos setenta e catro lobos— conseguisen frear as súas depredacións.

Na obra titulada *Histoire de la Bête du Gévaudan, véritable fléau de Dieu*, escrita polo abade Pourcher, descríbese a Besta como un ser extremadamente veludo, de cor parda, de grosa cabeza e longos dentes. Gérard Ménatory non acepta a descrición que da Besta se fai como pertencente a un lobo. En calquera caso, a gran tradición da existencia de homes-lobo na rexión do Gévaudan fan pensar na aparición dun fenómeno de psicose xeneralizada, que contribuiría a deformar a realidade do caso. H. Pourrat (1946) e G. Ménatory (1971) expoñen en cadanseus libros a historia da Besta do Gévaudan, coincidindo ambos en sinalar o confusionismo nas descrições que da mesma fixeran no seu día as testemuñas dos ataques do monstro.

Na Besta do Gévaudan danse cita todos os compoñentes de malignidade e esoterismo que se cría emanados dunha forza inelutábel. A descrición que no seu día se fixera da Besta corresponde a un ser híbrido, metade hiena, metade león ou leopardo, máis que lobo e que, segundo a crenza popular, “fora vomitado pola boca do inferno”. En consonancia con tales crenzas, o na altura bispo de Mende (Lozère), chegou a dicir que a Besta fora designada polo Ceo “a fin de castigar cos seus cabeiros a carne pecadora dos campesiños”. En certo xeito, tales palabras remítennos á idea sostida na Idade Media no mundo cristián, segundo a cal os anos de relaxación de costumes coincidían cos de expansión dos lobos. Co fin de

66 Per Peterson, “Attitudes and Folk Belief about Wolves in Swedish Tradition”, *Folk Belief Today*, eds. M. Kõiva e K. Vassiljeva, accesíbel en liña en

<<http://www.folklore.ee/rl/pubte/ee/usund/ingl/peterson.html>> [consultado o 22.11.2009].

67 Véronique Champion-Vincent, “Contemporary Legends about Animal-releases in Rural France”, *Fabula* 31 (1990) pp.242–253, p. 251.



dar caza ao monstro, un home chamado Chastel, que gozaba de fama como hábil feiticeiro, determina facer fronte á Besta do Gévaudan, combaténdoa no terreo do sobrenatural e con armas “sobrenaturais”. Certos elementos de maxia, xunto a un tipo especial de munición para a escopeta, haberían de permitir ao feiticeiro abater o monstro: Chastel utiliza para iso balas de chumbo, que el mesmo funde servíndose como materia prima de varias medallas da Virxe María. Logo, o improvisado cazador mata un formidable lobo e con iso parece que conxurara o perigo que a existencia da Besta representaba para os aterrorizados aldeáns da rexión da Lozère... Dise que a partir de entón a Besta do Gévaudan non volveu facer aparición ningunha.<sup>68</sup>

Ao final do noso percorrido tras de lobos míticos e lendarios, podemos concluír reafirmando os presupostos que sinalabamos ao comezo: o simbolismo maldito, profundamente negativo, do lobo e a interrelación dos motivos folclóricos a el asociados son constantes na percepción que a cultura popular ten deste animal. No tinteiro quedáronnos moitísimos elementos que, sen ningún xénero de dúbidas, deitarían nova luz sobre interesantes aspectos particulares e ampliarían a nosa visión de conxunto sobre os conflitos socioeconómicos que sempre comporta a convivencia con lobos en estado salvaxe. Pola súa banda, o tratamento artístico que recibiu este animal tamén conforma un universo propio, poboado de figuras e connotacións que enriquecen e dan cor local a cada manifestación cultural, algo que nós nos limitamos a esbozar cunhas rápidas pinceladas.

Abonden, de momento, estas páxinas para ofrecer unha concisa descrición das numerosísimas crenzas e representacións simbólicas que a inquietante figura do lobo inspirou no imaxinario colectivo de tantas culturas e que conforman un universo mítico que resiste, con envexábel saúde, o paso dos tempos.

68 Grande del Brío, *El lobo ibérico*, pp. 331–332.







## DO LOBO AO LOBISHOME — MESA REDONDA —

A segunda mesa redonda destas II Xornadas de Literatura de Tradición Oral celebrada o día 17 en horario matinal baixo o título: “Do lobo ao lobishome”, contou coa intervención dos conferenciantes previos Alberte Reboreda Carreira e Xosé Luís Garrosa Gude, actuando como moderador Isidro Novo.

O coloquio comeza coa intervención dunha señora que di que no lugar onde ela naceu hai unha casa que tivo unha taberna que lle chamaban Taberna de Nieto e nela seica paraba unha señora á que lle chamaban a Loba. Ela pensa que sería a principios do século XX ou a finais do XIX, porque eran cousas que lle contaba o seu pai, que nacera no 1887, aínda que el tampouco non a viu, senón que o ouviu comentar. Polo visto era nomeada “gavilla de homes”. Cada vez que pasaba levaba un home e nunha ocasión matou un nesa mesma casa tirándoo pola fiestra. Esa casa, di, aínda existe, que foi restaurada e é da muller dun tal Carruxo de Vilalba. Di tamén que seu pai lle contaba que cando pasaban a carón do lobo tiñan a sensación de estaren espidos.

Intervén Garrosa dicindo que as dúas cousas apuntadas pola señora son de moito interese, xa que o da “gavilla” dá a pensar que podería ser a bandoleira Pepa a Loba e tamén o de levar cada noite un home, xa que ela adoitaba dicir que “home morto non fala”. A Loba era unha especie de muller fatal. Sobre a sensación da xente de sentirse nu diante do lobo, conta Garrosa que segundo os lapóns de Suecia, Noruega e Finlandia os lobos teñen un poder na vista que pode atravesar as tendas e adormecelos para así poder comer o gando.

A señora aínda apunta que á muller citada quedoulle unha navalla na taberna. Taberna que sitúa en Candamil (Xermade). Intervén seguidamente Antonio Reigosa para dicir que o que a señora conta está recollido por Chao Espina nun libro e anota que o home que bota fóra a Loba é o que se mete de noite para abrir a porta dende dentro para que entren os outros roubar. Reigosa localiza a casa no Carrizo. Segue dicindo que Pepa a Loba tiña costume de picar tabaco na tonsura dos curas.

Seguidamente déixase ouvir outro interveniente para narrar experiencias próximas. Conta o caso dun curmán da súa avoa ao que lle apareceu o lobo na aira. O home tiña escopeta na casa, así que foi por ela e pegoulle un tiro, pero o lobo seguiu cara a el e só se derrubou cando estaba moi preto del. Ao parecer, a causa da impresión, o home pasou



sen fala máis dunha semana. A mesma persoa que intervén asegura que el mesmo chegou a sentir esa fascinación temerosa e paralizante cando sabía que os cans foran atacados na noite polos lobos.

Este mesmo home preguntalle a Alberte Reboreda se está documentado cando deixaron de utilizarse os foxos. Reboreda respóndelle que probabelmente a finais do XIX, porque o único capaz de recoller a memoria nos máis vellos do lugar foi Fraguas. Ningún dos outros investigadores que se ocuparon desta temática, xa no século XX, foron capaces de compilar na memoria da xente que se xuntasen para armar foxos ou para perseguir o lobo. Non o coñeceron. Pero Fraguas si. Falando coa xente do seu concello de Cotobade, no que o lobo ten unha presenza moi importante, na medida en que hai alí tres foxos e é unha zona moi montañosa, foi capaz de documentar e facer recollidas etnográficas verbo destas últimas batidas. Incluída aquela na que se fai a última solicitude por medio dun veciño que morre por un accidente coa súa propia escopeta, cando o lobo xa está dentro do foxo. Xusto onde caeu este home labrouse unha cruz na súa memoria. Quizais a batida dos anos 70 no Morrazo haxa que considerala excepcional, ademais de ser un lugar onde non hai foxos.

Outro interveniente pregunta de onde vén a lenda de que ao home-lobo hai que matalo con balas de prata e respóndelle Garrosa que non se pode establecer unha orixe moi clara de tradición oral, pero que a prata e os metais en xeral considéranse moi bos contra o feitiço de bruxería, etc. Nalgúns países, como o noso, o que se leva é tocar madeira para afastar a mala sorte, pero noutros o que se fai é tocar ferro. A prata considerábase un elemento que escorrentaba as bruxas e calquera maleficio, fronte ao ouro, ao que elas eran totalmente inmunes. As balas tiñan que estar bendicidas. O que se ve é que se mesturan varios mitos, pois no do vampiro tamén interviñan elementos que tiñan que estar benditos. Ás veces dicíase que as balas de prata se facían fundindo algún crucifixo ou que tiñan que ir salferidas de auga bendita, porque ao parecer os lobishomes eran inmunes ás feitas de latón ou chumbo. Tamén se dicía que os lobos non se podían cazar de fronte, porque eran resistentes a ese tiro e só se podían abater disparándolles de lado. Outra crenza era que o lobo no ano comía tres meses carne, tres meses aire, tres meses terra e tres meses nada. Menciona Garrosa a Plinio porque este dicía que cando os lobos comían terra eran especialmente perigosos. Na mestura de elementos de todo tipo, está o medo que senten as criaturas máxicas diante do metal. De aí o das ferraduras, o das chaves de ferro para curar certas enfermidades, os cravos... A prata aparece en moitas culturas como un metal que prexudica os seres malignos do outro mundo.

Di outro interveniente que ten oído que esa manifestación do medo que produce a presenza do lobo, que tamén se vive cando hai unha persoa oculta, unha persoa que ti non ves. Garrosa contesta que incluso podería achegar algún testemuño persoal. É curioso, di, que sempre nos pasou algunha vez que nos sentimos observados e efectivamente hai alguén que nos está mirando fixamente. Prosegue dicindo que non sabe a orixe desas sensacións e quizais habería que entrar no terreo psicolóxico, pero que é así. Di Garrosa que dentro da literatura popular hai moitas veces persoas que se senten observadas e que, por



exemplo, mentres están rezando, alguén está velando (un ladrón, un asasino ou alguén que lles quere facer mal) e o que se interpretaba era que por mediación dese santo ou desa virxe aos que se lles rezaba, o devoto lograba desfacerse dos seus inimigos. Tamén é verdade, di que cando te sentes observado pode ser casualidade, pero non sabe que tipo de alarma xorde no noso cerebro para que nos decatemos desa presenza. No dos pelos de punta, comenta, chégase á esaxeración de dicir que á xente lle cae a pucha, a boina da cabeza, do encrechado que se lle pon o pelo cando ven o lobo ou o lobo os ve a eles.

O mesmo interveniente volve tomar a palabra para dicir que a esaxeración é unha maneira de expresar o medo que se sentiu nun determinado momento, pero que a sensación que tivo el algunha vez foi como se llo arrincasen (o pelo). Di que na súa experiencia o medo viña por esa persoa oculta cunha mala intención, porque xa non había lobos pola comarca. Volve intervir Garrosa para dicir que nos medos podemos diferenciar entre os culturais e os innatos. Conta que asistiu a un debate arredor das cobras no que se cuestionaba se o medo que provocan é cultural ou innato. Está demostrado que os monos senten un medo reverencial polas cobras. Simplemente ver unha de xoguete, botan a correr e pónense moi nerviosos, pero no caso dos humanos, aínda que se intentou explicar como un medo ancestral é tamén cultural, hai culturas nas que as cobras andan polas casas coma outra mascota calquera, coma outro animal de compañía. Aí mesturábase, explicaban algúns, o mito da fascinación, porque aínda que o de racionalizar ás veces non ten moito sentido, a fascinación que producen as cobras vén de que non teñen pálpebras e polo tanto son quen de durmir e estar cos ollos abertos. Di Garrosa que Galiza é un sitio onde o temor polas cobras está moi estendido e que no resto de España non é que se lles queira moi ben, pero conta que aquí lle teñen dito que non pase por determinados sitios porque pode haber cobras e iso fai que un incremento o medo que se lles poida ter a eses animais.

O mesmo asistente fala de que o límite serían as fobias, algo co que está de acordo Garrosa e continúa dicindo que o das cobras pode ser máis irracional que o do lobo, porque en Galiza si que hai testemuños de lobos que mataron persoas. En concreto, conta, unha loba parida no ano 73 ou 74, pola zona de Ourense, matou un neno ou dous, ou sexa que aquí houbo algún feito truculento, aínda que non é o normal. Morre moita máis xente por mor das vacas ou dos cans que polos lobos, aínda que si que pode haber tamén por eles, mentres que por unha serpe é moito máis difícil. Non hai especies demasiado perigosas, porén o medo existe.

Outro interveniente refírese a Garrosa para comentarlle o carácter velenoso que ten a trabada do lobo. Di que na súa nenez, na súa aldea había moitos rabaños e polo tanto moitos lobos. Escoitaba dicir á súa familia, incluso el di telo visto, de pelexar a alguén co mesmo lobo pola ovella que lle levaba. Había a crenza de que a trabada de lobo era “suguía”, dicían que a mordedura “sollaba”. Daquela o que facían era recuperar a ovella das fauces do lobo e na casa rustríase nunha tixola aceite e botábase nas feridas dela para que curase. Di que agora non lembra se aquilo era eficaz ou non, pero que se facía.

O mesmo asistente diríxese seguidamente a Alberte Reboveda para referirse á toponimia en Galiza dos foxos. Di que na súa zona hai unhas construcións ou formacións natu-



rais que se lles chaman cousos, en zonas calcarias con rudimentos de terreo con bastantes metros de profundidade (incluso 10 metros ás veces) e o que quería constatar é se as formacións se utilizaban para a caza do lobo. Contéstalle Alberte Reboreda dicindo que só analizando o lugar se pode saber se eses cousos aos que se refire son formacións naturais ou teñen unha orixe antrópica. E di tamén que os topónimos non teñen porque corresponder coas formacións para a caza do lobo. Asegura que é un erro dar por feito que sexa así.

Intervén a continuación Garrosa para comentar o das ovellas atacadas que falaba ao principio o interveniente e di que en moitos lugares de España a carne ferida polo lobo recibía un nome especial: “alobada” ou “alobadada”. Di que hai un romance da Loba Parda no que cando a loba vai perseguida polos cans e xa case está atrapada, ela dilles que lles devolve a ovella “sana y buena como estaba”. Eles contéstanlle que “ya no queremos la oveja de tu boca alobadada”. É dicir, que a ovella ten que morrer. Comenta Garrosa que nalgunha parte Julio Camarena ten recollido testemuñas de persoas que enferman por comer carne “alobadada” e que mesmo por esa inxestión poden chegar a desenvolver características de licantropía. Esa carne considerábase perdida.

Outro asistente intervén para preguntar se hai relación entre a enfermidade chamada lupus, no que os riles aparecen feridos como se fosen trabados polo lobo. Contesta Garrosa dicindo que hai nos estudos de lingüística un aspecto agora moi interesante que é o de estudar nas enfermidades os nomes populares e tamén dos esconxuros. Di que o lupus efectivamente se chama así porque é unha enfermidade que devora coma un lobo, como o cancro se chama desa maneira porque é un cangrexo que está aí trabando, como pensaban os antigos. Alóngase Garrosa na súa resposta dicindo que nalgunhas partes de Italia a epilepsia recibe o nome de lupo manaro, é dicir, de lobishome, e hai moitas herbas e plantas que reciben o nome de lobo, algunhas porque protexen do lobo e outras porque outras teñen algunha relación con el. Lúpulo, por exemplo, significa lobiño, e a robaliza, que en castelán recibe o nome de “lubina”, debe a súa denominación a que devora coma un lobo, é coma un lobo de mar.

O mesmo asistente pregunta como sobrevive o mito do lobo hoxe e se hai unha transformación. Garrosa di que en Francia está a crearse un novo folclore sobre os lobos e as feras que está estudado pola especialista en lendas urbanas Véronique Champion–Vincent. Nesos estudos fálase por exemplo da lenda que di que os lobos de hoxe non son naturais, senón que son repoboacións máis ou menos encubertas de ecoloxistas e mesmo hai a crenza de que son lobos cruzados con can, o que os fai máis grandes e máis perigosos. Tamén fala da que di que se botan serpes dende os avións. Voltando ata terras de Castela, Garrosa comenta que da praga de “topillos” de Valladolid levaran tamén os ecoloxistas as culpas e segundo escoitou el mesmo, aquí en Lugo falábase dunha solta de lobos levada a cabo polos repoboadores de piñeiros. Voltando a Francia, di que hai un caso que reaparece na prensa cando se pensa facer unha repoboación. Diante dunha de linceas en Alsacia, falábase dun alemán que tiña unha granxa privada na que criaba animais raros. Un dos últimos expoñentes é o sucedido a semana pasada en Cataluña, comenta o conferenciante. Falábase de que se vira unha leoa solta e di que cando o escoitou por primeira vez xa pen-





sou que podía ser un can, porque xa pasara máis veces. A xente ve, apunta, o que quere ver. Na zona de Escandinavia, cando se propuxo en Suecia e Noruega repoboar con lobos, reapareceu o mito do lobo violador. Do lobo capaz de violar mulleres. A tradición, conclúe, é así de persistente.

Intervén Antonio Reigosa para dicir que, se estamos de acordo, podería saír da sala unha proposta para que a Real Academia redefinise ecoloxista como “animal ou ser mítico”, pola súa incesante participación nas lendas urbanas.

Outro asistente ás Xornadas fala das pragas atribuídas aos americanos, como a da gripe A, da que se di que foi creada para vender medicamentos.

Intervén Reigosa de novo para falar dos resortes esgrimidos para que as lendas urbanas resulten críbeis: “Díxome Fulano”, “díxomo Mengano”, “díxomo o primo de estoutro”..., para apuntar o suceso como próximo.

Intervén tamén o moderador para dicir que nunha das súas obras, o xa citado Xosé María Castroviejo daba por boa a crenza de que os americanos (sempre de U.S.A.) botaran o escaravello da pataca para poder vender o insecticida.

Un asistente que xa interveu outras veces di que na súa zona non había toupas hai dez anos e que agora si. Di que por xeración espontánea non aparecen, pero outra asistente atállao dicindo que quizais proliferen agora por mor de que desaparecesen os seus depredadores.

Ao fío do que se está a falar, Alberte Reboreda expón o caso da industria farmacéutica Zeltia, á cal se lle atribúen todas as pragas que poidan darse polas proximidades da zona onde está radicada.

Volven saír en boca de intervenientes a dúbida de se é lenda ou non a existencia da gripe A e as teorías de que a SIDA sexa un invento do Vaticano.

Aínda hai quen apunta o propicio que resulta a Internet para fomentar e expandir lendas e en base a iso Garrosa pon uns exemplos de produtos de consumo desprestixiados con éxito para algún consumidor potencial.

Aínda hai outro asistente que cita algunha outra lenda urbana popular e seguidamente dáse por pechado o coloquio.






ANEXOS







## HISTORIAS DO LOBO

A seguir recóllense algunhas das achegas do alumnado que visitou a exposición “O lobo, unha carreira por sobrevivir” que acompañou as Xornadas e estivo desde o 8 ao 25 de outubro de 2009 na Sala de Exposicións do Pazo de San Marcos (sede da Deputación de Lugo), e que organizada por ADEGA, AAAGP, ERVA, Museo Provincial de Lugo e a Área de Cultura da Deputación de Lugo, Vicepresidencia primeira, promoveu visitas guiadas para grupos escolares de Ensino Primario, ESO e Bacharelato.

Con posterioridade os centros traballaron os contidos da exposición nas aulas, e así soubemos que moitos dos rapaces e rapazas viron fisicamente o lobo, que definen como salvaxe, intrigante, fermoso, misterioso, feroz e libre por riba de todo.

Soubemos tamén que os máis deles/as soñaron algunha vez co lobo...

Finalmente recolleron lendas e contos das que son mostra as seguintes:

Cando era moi pequena miña tía contábame a historia do lobo e da raposa.

Eran as festas da miña aldea e había un posto de galiñas. A raposa e máis o lobo querían atacar o posto e, como a raposa era moi pícara, díxolle ao lobo que atacaría ela mentres el facía de vixía. A raposa prometeulle que lle traería unhas cantas galiñas. E así foi, a raposa atacou comendo todo e a xente correu detrás dos animais. O lobo esperou pola súa parte do trato, pero a raposa enganouno. Non lle deu tempo a replicar porque a xente da aldea perseguíaos con paus e pedras. Pero a raposa despois de comer tanto non daba corrido e mentres que o lobo escapou a toda présa, a raposa pillárona e matárona.

Ao final da historia, acórdome que miña tía sempre me dicía o importante que era compartir e confiar nos teus amigos, porque son persoas moi importantes.

*Andrea Carrete Raposo, IES A Piringalla (Lugo), 3º de E.S.O.*



Un día o raposo contáballe ao lobo como era a forza do home: “Non había animal que se lle resistise e todos tiñan que ter moita astucia para librarse del”.

A isto o lobo respondeu:

– Cando teña ocasión de atoparme co home, vaia se arremeterei contra el!

– Podo axudarche a atopalo –dixo o raposo–, vén mañá e amosareiche un.

Dito isto, o lobo presentouse cedo, o raposo levouno ao camiño que todos os días percorría o cazador.

Pasou un soldado moi vello.

– Iso é un home?

– Non, foino.

Despois pasou un rapaz que ía á escola.

– Iso é un home?

– Non, serao algún día.

Finalmente chegou o cazador coa escopeta ao ombro e o coitelo de monte no cinto.

– Ves? Iso é un home. Atácao se queres, eu vou esconderme –dixo o raposo.

O lobo decidido achegouse ao home:

– Lástima que non leve a escopeta cargada con balas!, –dixo o home– e, sen pensalo, disparoulle unha perdigonada na cara. O lobo volveu cara ao home e este descargoulle unha segunda. O animal, furioso, abalanzouse sobre o home e este cravoulle tres ou catro coiteladas. O lobo, ensanguentado, escapou xunto ao raposo.

– Ben, irmán lobo, que tal che foi co home?

– Non imaxinaba así a forza do home! Primeiro colleu un pau, soprou por el e botoume algo na cara que m e produciu moito frío; logo volveu soprar co mesmo caxato e pareceume coma se recibise unha terrible descarga; e, cando estaba xunto a el, sacou do corpo unha brillante costela e deume tantas veces con ela que pouco me faltou para quedar morto alí mesmo.

– Xa ves o arrogante e mentecato que es! Botas a machada tan lonxe que logo non podes ir buscala.

*Iria Varela Rey, IES A Piringalla (Lugo), 3º de E.S.O.*

## **Carrapuchiña Vermella**

Era unha vez unha nena que vivía coa súa nai. Un día a nai da nena mandoulle levar uns doces á súa avoa nunha cestiña; para ir tiña que atravesar o campo e de camín encontrouse cun lobo que lle di:

– Ola Carrapuchiña, onde vas con eses doces?

– Voullos levar á miña avoíña.

E o lobo, con moi mala intención indicoulle por un camiño máis longo para que lle dese tempo a chegar el antes e papala.

Cando o lobo chegou meteu a avoa nun armario e puxo a súa roupa e meteuse na cama da avoa e fíxose pasar por ela.



Cando Carrapuchiña chegou dixo:

– Ai avoíña, que mans máis grandes tes!

– Son para collerte mellor.

– Ai avoíña, que ollos máis grandes tes!

– Son para verte mellor.

– E que boca máis grande tes!

– É para comerte mellor

– Entón o lobo saltou sobre a nena e comeuna.

Entón un cazador oíu os berros da avoa e rescatounas ás dúas. E foron todos moi felices.

*Sabela Espín Santín, IES A Piringalla (Lugo), 3º de E.S.O.*

## O gaiteiro e o lobo

Contoume meu pai o que a el lle contou o seu avó.

Era un día moi frío, indo de romaría un gaiteiro, daqueles que ían tocar polas festas, atopouse de súpeto cuns ollos verdes, rechamantes, brillando na escuridade...

Eran os ollos do lobo.

O lobo ía a carón do home, e el tiña tanto medo que sen querer apertou un pouquiño o fol da gaita, e esta comezou a soar e o lobo escapou correndo.

O gaiteiro deuse de conta de que se ía tocando todo o camiño, a música da gaita asustaba o lobo e a el facíalle perder o medo, Por iso, dende aquel día, os gaiteiros non só tocan para a xente, tamén tocan para escorrentar os lobos.

*Laura Gómez Trinidad, CEIP Paradai (Lugo), 4º de Educación Primaria.*

Era unha vez un pastor que un día berrou:

Que vén o lobo!

Todos os habitantes da vila acudiron axudalo pero..., cando chegaron non pasara nada e marcharon enfadados.

Despois de que pasara un tempo dicíndoo, un día veu o lobo de verdade e berrou:

Que vén o lobo!

E naide foi, porque ían axudalo pero eles pensaron que era outra broma, e ao final o lobo comeulle as ovellas e desde entón non volveu berrar.

Contoumo o meu avó.

*Amanda Fernández Pereiro, CEIP Manuel Mallo Mallo (Nadela), 5º de Educación Primaria.*

Conta a historia que cando Xesús andaba polo mundo, entre todas as súas viaxes, un día atopou un lobo e díxolle que o ía comer pero cando o lobo se lle ía botar derriba deulle unha patada e díxolle:



De todo comerás, menos ao home, que lle temerás.

E así foi, porque Xesús marchou polo seu lado e o lobo non lle volveu facer nada.

*Sandra Cobas Pena, IES Nosa Señora dos Ollos Grandes (Lugo), 3º de E.S.O.*

Esta historia contábama miña avoa.

Estaban dúas ovellas no monte e a filla díxolle á nai:

Mamá, e se vén o lobo?

Pace, miña filla, pace, que mañá choverá ou nevará, contestou a nai.

De pronto apareceu o lobo e díxolle a nai a el.

Lobo, déixame levar a miña filla á casa e volvo eu e despois xa me comes.

E así foi: as ovellas marcharon e o lobo ao ver que corrían tamén comezou a correr.

Chegaron ao cortello e metéronse dentro e pecharon. Dixo a nai:

Desde que son ovella vella, nunca tanto lle dei á carela.

E contestou o lobo:

Desde que son lobo lobeiro nunca tanto che corrín en vano.

*Lucía Mato López, IES Gregorio Fernández (Sarria), 4º de E.S.O.*

### **O lobo sen rabo**

Andaba un lobo esfameado buscando na comida e bateu con dous carneiros que aceptaron que os comese, pero antes tiña que lles axudar a partir o prado; cando el estaba no choio, aproveitaron para darlle una atopada na paíña e liscou arrabeado.

Atopou logo unha besta coa cría, que se deixaban comer se lles sacaba os picos dos cascos; cando llelos ía sacar a besta deulle tal couce que lle parteu a testa.

Nun forno, dúas cabuxas pedíronlle que antes de comelas lles cantase a Misa do Galo; cando ía comezar, botáronse a el, que por sorte escapou vivo.

Como se foi laiar ao pé dun carballo, un carpinteiro que estaba aserrando ao oílo deixou caer o machado e, sen querer querendo, cortoulle o rabo.

E fuxiu o lobo aínda máis enfadado, coa tripa baleira e por riba sen rabo.

*Silvia Fernanda Rodríguez Ardila, CEIP Paradai (Lugo), 5º de Educación Primaria.*



## BIOGRAFÍAS RELADORES

### JOSÉ LUIS GARROSA GUDE

*Non cabe dúbida de que a través do tempo, e sobre todo aquí na Galiza mal comunicada e con noites moi pouco iluminadas, o ouveo do lobo no inverno rural era o anuncio dunha arrepicante ameaza, dunha inquietante presenza. Unha presenza máis ou menos remota que a imaxinación humana chegou a metamorfosear incluso, instigada quizais polo medo, converténdoa nun ser moito máis sinistro, por ter conexión coa raza humana: o lobishome. Para falarnos destas inquietantes presenzas contamos con José Luis Garrosa Gude, que aínda que nado en Madrid hai moi poucos anos, ten notorios vínculos con Galiza.*

É profesor de Ensino Secundario de Lingua e Literatura Castelá. Licenciado en Filoloxía Alemá pola Complutense e en Dereito pola UNED, completando estudos doutras linguas. Nos seus cursos de doutoramento podemos ver títulos suxestivos e variados, pero por aquilo do vínculo con esta terra cítanse *Recursos literarios en la narrativa gallega contemporánea* e *Literaturas románicas comparadas: narrativa y escritoras peninsulares (siglos XIX y XX)*. Posúe ademais, malia a súa xuventude, experiencia como investigador coordinando varios proxectos no IES José Hierro de Xetafe, e como articulista é tan diversa a temática que toca, que tanto escribe sobre a narrativa galega de hoxe, como das metamorfoses postmodernas da lenda de La Llorona, das crenzas da parroquia de Franqueán, no Corgo, ou de Gabriel Bocángel e Amalia Bautista. Son numerosas tamén as súas recensións de libros publicados en toda a península; por citar algúns galegos vallan *O Son das Ondas* de Henrique Monteagudo ou *Madeira do meu canto* de Luís G. Tosar.

A súa constante actividade fai del un prolífico conferenciante, intervindo en localidades que van dende o seu Xetafe de residencia até Lugo, onde alá polo setembro de 2000, ano no que se celebraba o *Congreso de Léxico e Gramática*, falou do “Achegamento ao estudo comparativo dos nomes dos animais, das doenzas e doutros elementos relacionados coas crenzas en Galicia”. Outro dos lugares habituais para as súas intervencións orais é o Museo Etnográfico de Zamora, onde hai dous anos pronunciou unha conferencia baixo o tí-



tulo “El folklore del lobo: aproximación a cuentos, mitos y leyendas”, dentro do ciclo de conferencias “El lobo en la Península Ibérica”.

### ANTXON GOMEZ LORENTE

*Antxon Gomez Lorente achegounos o personaxe do lobo na tradición vasca: o lobo —animal real— e o lobo —ser do imaxinario colectivo—. Posiblemente é de entre os escritores vascos actuais quen mellor coñece o tema destas II Xornadas de Literatura de Tradición Oral, tanto pola súa faceta como escritor e investigador do mito como polo seu oficio de garda forestal, sempre en contacto coa natureza e cos animais.*

Naceu en Gasteiz (Álava) en 1964. Vive en Aia (Guipúscoa), e traballa como garda de montes no Parque Natural de Pagoeta, que ocupa 2.680 hectáreas dos concellos de Aia, Zarautz e Zestoa. Foi responsábel de Acción Nacionalista Vasca. É autor de numerosos artigos en prensa e en revistas e como autor de obra de creación ten publicadas dúas obras:

*Abere madarikatuak*, Editora Susa, 1997, un bestiario sobre animais malditos, con seis contos protagonizados por cadanseu animal (o oso, o porco teixo, o guepardo e tamén o lobo) e outro que aparece en todos os relatos, o voitre branco. Un magnífico libro no que a natureza e os animais, xunto coas crenzas e os mitos relacionados con eles son a columna vertebral da narración.

É autor tamén da obra *Azken dortoka (Ipuin berdeak)*, publicado en 1998 por Eguzki, e anuncia a publicación dunha novela titulada *Otsoaren Itzala [A sombra do lobo]*, que trata precisamente sobre o mito do lobo.

### XABIER P. DOCAMPO

*Lector empedernido, coñecedor da nosa literatura escrita e oral, da nosa terra, dos nosos medos e dos nosos misterios máis escuros.*

Xabier Puente DoCampo é un chairego que aínda que na idade adolescente marchou vivir a A Coruña, non quixo perder nunca o contacto coas súas raíces, tan ben regadas polo Miño e o seu manicho afluente o Lea, mantendo desa maneira viva a memoria da terra da infancia e mesmo acrecentando notabelmente o seu coñecemento sobre ela nas súas visitas, algo doadamente detectábel na súa dilatada obra como escritor, obra na que ten acadado distincións tan importantes como o premio Feira do Libro d’A Coruña —no 1989 polo conxunto da súa obra narrativa—, o Emilia Pardo Bazán do Ministerio de Educación, o Rañolas 1994, —á mellor obra de Literatura Infantil e Xuvenil en Galicia polo seu libro *Cando petan na porta pola noite*, obra que tamén foi distinguida no 1995 co Nacional de Literatura Infantil e Xuvenil e pola que foi incluído na Lista de Honor



do IBBY—, ademais de obter o The White Ravens, concedido no 1997 pola Jugendbibliothek de Munich.

Precisamente nesa obra tan xustamente premiada, aparece con todo o misterio propio desta terra a figura do lobo, tal e como a temos concibida dende sempre na nosa literatura oral e nos nosos clásicos.

Algunhas outras obras de éxito da súa extensa produción son: *O misterio das badaladas*, *Cun ollo aberto e outro sen cerrar*, *A chave das noces*, *O país durminte*, *Nube de neve*, *¿Víchela, víchela?* e o máis recente *O libro das viaxes imaxinarias*, publicado luxosamente en colaboración co ilustrador Xosé Cobas.

Xabier P. DoCampo é persoa polifacética que durante longo tempo traballou como mestre en varios colexios e no programa Preescolar na Casa; que no seu día pertenceu ao Consello de Redacción da *Revista Galega de Educación*; que escribiu hai tempo libros de texto para a escola e mesmo foi director e actor de teatro; que traballou en Radio Nacional de España en Galiza como guionista e que mesmo escribiu e dirixiu obras para vídeo e televisión. Por se o seu currículo non fose suficiente, cómpre dicir que debido ás súas excelentes dotes de contador, ten feito diferentes actividades de narración oral en distintos lugares de Galiza e fóra dela.

### **ALBERTE REBOREDA**

*Non é difícil atopar na nosa toponimia e sobre todo na nosa microtoponimia nomes de lugares como couso, foxo, lubián, loboso, lobeira ou lubiceira, nomes que ou ben suxiren ou poñen claramente de manifesto a existencia neles, pasada ou presente, deste animal. Alberte Reboreda Carreira, coa súa intervención titulada “Espazos lupinos de Galicia. Os foxos do lobo”, satisfizo as expectativas sobre o tema.*

Alberte Reboreda Carreira é Licenciado en Historia da Arte pola Universidade de Santiago de Compostela e Máster Universitario en Xestión Integral do Patrimonio Cultural na especialidade de Arqueoloxía pola USC–CSIC. Coursou diversos cursos de arqueoloxía e prehistoria en universidades como a Autónoma de Barcelona, UNED ou a Universidade do Porto (Portugal). Participou en distintas campañas nos castros de Alto do Padrão (Sto Tirso; Portugal), ou Castrolandín (Cuntis), así como en múltiples campañas de prospección arqueolóxica extensiva e intensiva (Camariñas, Vilardevós, Castrelo do Val, Verín, Rairiz de Veiga, Ribeira, O Rosal, A Pobra do Caramiñal, Allariz, Vigo, Vilanova de Arousa...) xunto con arqueólogos como César Parcero, Xoán Martínez Tamuxe, Álvaro Arizaga, ou Antonio de la Peña Santos.

É autor ou coautor de distintas publicacións sobre as pesqueiras do río Miño, a forxa hidráulica de Caaveiro, o patrimonio arqueolóxico e cultural de Ponte Sampaio (Pontevedra) así como de dous libros sobre a vinculación do Padre Sarmiento co patrimonio cultural da comarca de Pontevedra.





Foi responsable do proxecto de posta en valor das Mámoas da Armada (Queimadelos; Mondariz), que realizou xunto co artista gráfico Kiko Da Silva.

Nas campañas que tiveron lugar nos anos 2008 e 2009 participou nos traballos arqueolóxicos levados a cabo na Cruz do Castro (Carballedo; Cotobade) en calidade de Adxunto de Dirección do arqueólogo Ángel Concheiro. Xunto con el e a profesora da USC Raquel Casal redactou un artigo que será publicado en breve na revista Gallaecia sobre o primeiro pendente de ouro romano que viu a luz nunha campaña arqueolóxica científica no NW peninsular.



## BIOGRAFÍAS DOS COORDINADORES/MODERADORES

### ISIDRO NOVO

De ascendencia mariñá, Isidro Novo naceu en Lugo a mediados do século pasado. Agás parénteses, sempre viviu na súa cidade de nacemento, onde fixo estudos até onde o deixaron e onde realizou os máis diversos traballos: vendedor de libros, viaxante de produtos alimentarios, administrativo, taberneiro... O seu balbucir na escrita é no idioma castelán, pero cando toma conciencia da propia identidade, o galego convértese na súa única lingua voluntaria. *Teaza de brétema*, publicado na colección O Barco de Vapor no 1994 foi a súa primeira publicación individual nesta lingua. Seguiríalle o *wéstern* cómico *Por unha presa de machacantes* e no mesmo ano saíría do prelo tamén *Carne de Can*, un feixe de oito relatos de carácter dramático, e o libro de poemas *Dende unha nada núa*. Dous anos máis tarde, no 99, aparece *Antollos de Eimarmena*, tamén de narrativa curta, e logo dun espazo de catro anos sen publicar, saírán, consecutivamente, as novelas: *Súa de si*, *Rosa lenta* e *Un escuro rumor tralo silencio*. A súa última publicación até agora é o libro de poemas titulado *Esteiro de noites falecidas*, que saíu á luz no ano 2007. En tempos tamén fixo radio (*Gomorritas e novas criaturas*), ademais de publicar dúas guías para libar viño artesanal na súa cidade (*Guía do bebercio lugués*, 1992 e 1995).

### ANTONIO REIGOSA

Zoñán, Mondoñedo, 1958. Desde 1982 traballa no Museo Provincial de Lugo onde na actualidade é responsable de Comunicación e Xestión Cultural da Rede Museística da Deputación de Lugo. Escritor, conferenciante e investigador da mitoloxía e da literatura de tradición oral galega. Deseña programas e unidades didácticas, é coautor de guías e editor da web da Rede Museística. É autor de artigos de divulgación relacionados con estes e outros temas en diversos medios de comunicación e revistas especializadas. Co-fundador de “Chaira”, Grupo de Investigación Etnográfica (1992), xunto con Ofelia Carnero, Mercedes Salvador e Xoán R. Cuba. Creador e coordinador de contidos de Galicia



Encantada ([www.galiciaencantada.com](http://www.galiciaencantada.com)), Enciclopedia virtual da fantasía popular de Galicia. Coordinador das revistas orais *O pazo das musas*, editada polo Museo Provincial de Lugo, e *A voz dos carraos*, editada polo Museo Provincial do Mar. Creador e coordinador das Polafias, proxecto da Asociación de Escritores en Lingua Galega (AELG) que ten como obxectivo divulgar e poñer en valor en vivo, en vilas e pequenos núcleos, a literatura e a música tradicionais ([www.aelg.org](http://www.aelg.org)). Colaborador en programas de televisión e radio, como “O tren do serán”, da Radio Galega, coa sección “Galicia Encantada na Radio Galega”.

Entre os títulos publicados no eido literario destacan *Memorias dun raposo* (1998), *Resalgario* (2001), *Bacoriño* (2004), *A noite dos pesadelos* (2006), *A escola de Briador* (2006) e *O polimacho e outras criaturas* (2008). No eido da literatura oral é coautor xunto co resto de compoñentes do Equipo Chaira de *Polavila na Pontenova. Lendas, contos e romances* (1998) e *Da fala dos brañegos. Literatura oral do concello de Abadín* (2004). Xunto a Xoán R. Cuba e a Xosé Miranda publicou o *Diccionario dos seres míticos galegos* (1999), os 20 tomos con contos da tradición oral de Galicia baixo o título xeral de *Cabalo Buligán* (1998–2004), *Contos colorados. Narracións eróticas da tradición oral de Galicia* (2001), *Antoloxía do conto de tradición oral* (2002), e *Pequena mitoloxía de Galicia* (2001). Con Xosé Miranda é autor de *Cando os animais falaban. Cen historias daquel tempo* (2002); *Arrepíos e outros medos. Historias galegas de fantasmas e de terror* (2004) e *A flor da auga. Lendas galegas de encantos, mouras, serpes e cidades mergulladas*, (2006). A súa obra máis recente, unha recreación de contos do Antigo Exipto, leva por título *Os dous irmáns e outros contos populares do Antigo Exipto* (2008). Foi recoñecido con premios como o Certame Nacional de Artes e Tradicións Populares para Prensa, Radio e Televisión, Ministerio de Cultura (1987), Merlín (1998), Raíña Lupa (2000), Frei Martín Sarmiento (2003) e Premio de Comunicación da Asociación Cultural “María Castaña” (2006). O Equipo Chaira, do que forma parte, foi homenaxeado en 2007 nos XV Encontros na Terra Chá pola Asociación Cultural Xermolos.



## ÍNDICE

Programa das <i>II Xornadas de Literatura Oral</i>	11
<b>QUE VÉN O LOBO!</b> Xabier P. DoCampo	13
<b>O PERSONAXE DO LOBO NA TRADICIÓN VASCA. DE ANIMAL     TOTÉMICO A ANIMAL MALDITO</b> Antxon Gomez Lorente	25
<b>O LOBO, O MITO QUE FASCINA</b> Xabier P. DoCampo e Antxon Gomez Lorente	51
<b>ESPAZOS LUPINOS DE GALICIA. OS FOXOS DO LOBO</b> Alberte Reboreda	61
<b>UNHA INQUIETANTE PRESENZA: LOBOS E LOBISHOMES NO     IMAXINARIO GALEGO E UNIVERSAL</b> José Luis Garrosa Gude	113
<b>DO LOBO AO LOBISHOME</b> Alberte Reboreda e José Luis Garrosa Gude	145
<b>ANEXOS</b> Historias do lobo. Escolma	153
Datos biográficos dos intervenientes	157





ACTA DAS **II** XORNADAS DE LITERATURA ORAL

# O mito que fascina: do lobo ao lobishome

